



A obra narrativa en galego de Fortunato Cruces

Director do Proxecto
Modesto Hermida García

Edición, Introducción e Notas
María Vanesa Solís Cortizas

EDITA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

XESÚS VÁZQUEZ ÁBAD

SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

COORDINADOR CIENTÍFICO

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

DIRECTOR TÉCNICO DE LITERATURA

ANXO TARRÍO VARELA

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN

COGRAF COOPERATIVA GRÁFICA GALEGA

ISBN: 978-84-453-5091-1

DEP. LEGAL: C 1051-2013



FORTUNATO CRUCES ANGUEIRA

Achega biobibliográfica

Os datos biográficos fornecidos esculcámoslos en dicionarios e manuais sobre literatura galega. Con todo, cómpre subliñar que a maioría das fontes achen as mesmas noticias sobre a súa vida e obra¹ e que a escaseza de datos faise máis notábel sobre os anos previos a emigrar cara América. En calquera caso, para aclarar boa parte das pasaxes biográficas do noso prosista, botamos man da entrevista que lle fixo Avelino Díaz para a revista *Galicia Emigrante*, dirixida por Luís Seoane (Díaz: 1955, pp. 23-24). Do mesmo xeito, tivéronse moi en conta datos publicados nos números conservados de *Nova Galicia*² sobre a vida de Fortunato Cruces.

Naceu o 6 de xuño de 1870 ás dez da mañá, en Lestrove, e o mesmo día foi bautizado por Francisco de Pazos, párroco da igrexa de Santa María de Dodro. Os seus pais foron Gregorio Cruces e Rosario Angueira; os seus avós paternos, Ramón (difunto xa daquela) e María Campaña; os seus avós maternos foron Domingo Angueira e María Vicenta e os padriños José Romero e a súa nai Teresa de Vigo. Todos eran veciños de Lestrove³.

Dos seus anos da infancia, lembraba Fortunato Cruces que na primavera de 1880 foi elixido polo seu maestro, xunto con outros compañeiros de escola, para ir a visitar á escritora Rosalía de Castro, recén chegada á aldea natal co fin de pasar uns días co seu primo José de la Hermida y de Castro. Recórdaa así:

¹ Por orde cronolóxica: [CARRÉ ALDAO, 1911, p. 110, menciónao no apartado de “Los ausentes”: “Fortunato Cruces, autor de *Primeiras Follas*, con toda la malicia y socarrona ingenuidad de nuestros campesinos”]. [COUCEIRO FREJOMIL, 1951-1954, p. 322: “Nació en Lestrove (Padrón) hacia 1870. Emigró a la Argentina, donde se dedicó al periodismo. En Buenos Aires fundó y dirigió el semanario *Nova Galicia* que redactó casi exclusivamente hasta junio de 1940. Publicó: 1. *Primeiras follas. Contos e copras* (Buenos Aires, 1898); 2. *Almanaque de Galicia para 1909* (B. A., 1908); 3. *Castañolas. Contos. Cartas. Discursos. Cantares e outras cousas* (B. A. 1913). En prosa y verso, bilingüe; 4. *Cousas gallegas* (B. A., 1923)”]. [VILANOVA RODRÍGUEZ, 1966, pp. 1178-1179] [Gran Enciclopedia Gallega, Santiago-1974, Tomo 12, p. 254.] [CARBALLO CALERO, 1981, p. 510: “Fortunato Cruces, de Lestrove, é autor de *Primeiras follas. Cantos e copras* (Buenos Aires, 1898); *Castañolas. Contos. Cartas. Discursos. Cantares e outras cousas* (id., 1913); *Cousas Gallegas* (id., 1923)]. [NEIRA VILAS, 1993, p. D/5]. [HERMIDA GARCÍA, 1995, pp. 154-156]. [VILAVEDRA FERNÁNDEZ, 1995, p. 155]. [ACUÑA TRABAZO, ANA ET ALII, 2007, p. 368: “Cruces, Fortunato (Lestrove, Dodro, A Coruña 1870 – Bos Aires, 1961). Emigrou a Bos Aires, onde fundou, xunto con Idilio Pájar, o Centro Galaico de Barracas al Norte, institución galeguista que estableceu o galego como a súa lingua oficial. Tamén en Bos Aires funda o semanario *Nova Galicia*, e con Francisco Álvarez Novoa o xornal *La Voz de Galicia*. Autor de pequenas novelas de corte enxebrista que relatan o tema da emigración e a vida bonaerense”].

² Especialmente do número 1448 (14/XI/1928), onde se ofrecen unhas notas biobibliográficas de Fortunato Cruces, con motivo dunha homenaxe que se lle tributou no teatro Ideal Salón de Bos Aires. quen as asina é a “Redacción”, así que intuímos que pode ser o propio autor quen realizou o texto informativo.

³ A partida de bautismo de Fortunato Cruces atópase nos fondos do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, no Libro de Santa María de Dodro, nº 8, folia 184.

En la escuela a que yo concurría se leían poesías de ella dos días por semana y alguna vez me tocó a mi hacerlo. Ella solía concurrir de visitar a aquella escuela y yo creo que estoy un poco santificado por su mano que se posó sobre mi acariciándome, como a mis compañeros de clase.

Tal e como llo conta a Avelino Díaz, en setembro de 1885, logo de asistir ao enterro da poeta no cemiterio da Adina, Fortunato Cruces embarcou na Coruña, rumbo a Bos Aires. Alberto Vilanova sinala que foi o avogado padronés e xuíz de primeira Instancia, Joaquín González Seoane, quen o animou a emigrar.

Recén chegado á Arxentina, baixo a protección de José Ramón Vázquez, traballador de *El Correo Español*, desempeñou diversos oficios, como o de empregado de comercio na tenda de José Brañas, na vila do Pilar, ou pasante na escribanía dun gabinete de avogados. O seu primeiro contacto co mundo do xornalismo tívoo en 1888 nas oficinas do xornal *El Municipio*, de Rosario de Santa Fe, compaxinando este traballo co de empregado nos escritorios do almacén Ibérico. Nesta última cidade, tamén foi directivo da sociedade “Hijos de Rois”.

Voltou a Galicia en abril de 1890, aconsellado polo editor de *El Municipio*, Deolindo Muñoz, por temor a que lle sucedera algún contratempo, debido aos “rumores de revolución” que circulaban nese ano⁴. Regresou á Arxentina a finais de 1892⁵ e converteuse en Oficial de 1ª ao ano seguinte.

En Barracas al Norte viviu probabelmente até 1898, onde se encargou da dirección do xornal *La Justicia*, un semanario creado para defender os intereses locais do vecindario, e que Cruces dirixiu até o número vinte e seis. Traballou na escribanía que en Bos Aires tiña Leandro García e Jiménez de Cisneros até 1907, ano no que creou a súa propia procuraduría. Durante ese tempo, vémoloo dirixindo en 1893 *El Río Sar*, revista da que se descoñecen máis datos. Ademais, participou nese mesmo ano na fundación do efémero *Centro Galaico*⁶, xunto con outros rexionalistas coñecidos, como Idilio Pájaro Nieves e Antorio Paredes Rey, así como outras xentes notábeis da colectividade galega emigrante⁷. En abril de 1904 participou na fundación do Banco de Galicia.

⁴ Isto é o que se di nos datos biográficos da “Homenaje a Fortunato Cruces”, da que xa demos noticia. A tal revolución refírese, posibelmente, aos actos da primeira conmemoración da morte dos “Mártires de Chicago” o 1º de maio de 1890.

⁵ Sobre a data de regreso hai discrepancias: Fortunato Cruces afirmou que retornou a Bos Aires en 1891 (Díaz: 1955); en *NG* [“Homenaje...”] diuse que foi a finais de 1892, e que no tempo que permaneceu en Galicia empregouse no Xulgado de 1ª Instancia de Padrón.

⁶ Converteuse en 1903 na asociación *Unión Gallega de Socorros Mutuos*.

⁷ Vid. a carta de Idilio Pájaro Nieves dirixida a Cruces e reproducida en *Cousas Gallegas* (1923), pp. 36-37.

Dende principios de 1900 foi correspondente do semanario *Correo de Galicia*, que dirixía Juan González Montenegro, e que coincidiu co momento no que voltou a Galicia, por segunda vez, para visitar á familia durante seis meses. No nomeado xornal, publicou a súa primeira crónica co título “Desde Vigo”, nº 12 (22/IV/1900), onde ademais de dar datos da viaxe, comentaba que enviaría a súa segunda correspondencia cando se instalase na súa vila, “detallando de la mejor manera que me sea posible las impresiones de los pueblos que vaya visitando”. Tamén por estas mesmas datas, foi membro da comisión constituída para sufragar os gastos, mediante subscrición popular, do cruceiro “Río de la Plata”, con motivo da guerra entre España e Estados Unidos.

O 6 outubro de 1901 foi, case seguro, un dos días máis importantes da vida do noso escritor, por motivos da saída a lume do primeiro número do semanario *Nova Galicia*⁸. Só vinte días antes, infórmanos novamente Vilanova, o consello Nacional de Educación “en nota del Presidente Dr. José María Gutiérrez, tenido en cuenta sus condiciones morales, intelectuales y cívicas lo nombra comisario censor escolar de la capital federal, según decreto del 20 de septiembre de 1901, por cuya actuación se le otorgó mención honorífica el 31 de diciembre de este año”.

Xa que logo, malia as tarefas como procurador seren o seu principal sustento económico, o seu gran labor produciuse no eido xornalístico. Considerado un pioneiro da prensa galega de América, o seu proxecto máis ambicioso foi a fundación do citado xornal. *Nova Galicia* (de aquí en diante *NG*) botou a andar en 1901 e mantívose, sen interrupcións, até 1940⁹. Tal e como reza o lema de portada “O nome desta Revista nace desa ebullición que enriquece e rexenera a galleguíña rexión: Ten d’ouxeto esta Revista por Galicia aquí loitar y en todo canto se poida o seu nome levantar”. Concibiuse como unha plataforma dende a que ofrecer información aos emigrantes galegos, co fin de favorecer o seu asociacionismo e participación. Tal e como analizou Núñez Seixas (2010), puxo o seu órgano xornalístico a disposición das iniciativas que apoiaban a Solidaridad Gallega.

Por outro lado, en xullo de 1904, Fortunato Cruces promoveu a constitución do Ateneo Rosalía de Castro¹⁰, xunto con outros literatos e xornalistas galegos (Avelino Veloso, Manuel Nóvoa Costoya, Alejandro Fernández, Arturo Angueira Lapido e María de los Ángeles Vázquez) con obxectivos varios, como o de “ter un lugar de reunión”, “defender, alabar e propagar o santo nome de Galicia”, “sos-

⁸ A primeira editorial recolleuna no seu segundo libro *Castañolas* (1913), na sección de “Contos”.

⁹ Sairon algúns números en 1950 e 1951 por “motivos especiais” (Díaz: 1955).

¹⁰ O acto fundacional do Ateneo tivo lugar uns días despois, o 7 de agosto, tal e como se indica no número 38 de *NG*. A presentación dos estatutos pódese ver no nº 36 (17/VII/1904).

ter unha escola de aficeonado, no arte do teatro pra celebrarse cada tres meses unhafunción con obras gallegas”, realizar uns xogos florais e recaudar fondos para erixir un mausoleo á memoria da escritora padronesa.

No mesmo ano no que deixa a escribanía e se matricula como procurador, casa con María Arca Villar¹¹, no templo de San Ignacio (Bos Aires), o 9 de decembro de 1907. Sabemos que tivo, alomenos, un fillo: Ignacio, que naceu ao redor do ano 1894. A este coñécenselle textos que asinou en cabeceiras bonaerenses co pseudónimo MANUEL O COXO. No xornal do seu pai tivo unha sección en verso que levou por título “Palique”. Por outro lado, cremos que a súa nai non foi María Arca Villar, esposa de Cruces, pois Ignacio levou os apelidos “Cruces Mosquera” e casou con Isolina Arca Villar o 3 de agosto de 1918¹², coa que tivo un fillo, Adolfo Héctor, e faleceu prematuramente en 1935¹³. Na necrolóxica de *NG*, deuse conta dos asistentes ao enterro, entre as que se mencionan ás irmás de Fortunato Cruces: Rosa Cruces de Lorenzo e Sor Josefa Cruces de San Luís, tías do finado. Tamén se dá o nome doutra tía (posibelmente, materna): dona Josefa Mosquera de Boga.

O noso prosista anunciou os seus servizos nas páxinas de distintas publicacións. Entre eles, destacamos algún tirado de *NG*: “Fortunato Cruces. Se encarga de la tramitación de toda clase de asuntos judiciales, en los Juzgados Civiles Comerciales y de Paz. Estudio del Er. Gonzalo A. García. Chababuco, 19. Consultas gratis a los Gallegos en el domicilio particular. Piedras 766 de 7 á 9 p.m. de 7 á 8 a.m.” (1903). Publicitouse tamén na revista *Suevia*, como “Defensor Judicial y Director de «Nova Galicia»”, nas oficinas da rúa Catamarca, n° 934, en horario de 9 a 11 da mañá e de 7 a 9 da noite, e nas páxinas do xornal arxentino *La Voz de Galicia*, que fundou o propio Cruces, xunto con Francisco Álvarez de Nóvoa, ao redor de 1910: “F. Cruces. Escribanía, Consultas, Asuntos Judiciales, Testamentos, Defensas, Escrituras de Sociedades comerciales, Poderes y Compra-Venta para Galicia, Matriculas y Marcas de Comercio, Seguros de Incendio, Contratos de Compra de negocios, Protestos, Comisiones en General. Oficinas Talcahuano, 481. Bs. Aires” (n° 50, 18/IV/1914). Cómpre subliñar que esta última oficina será a mesma que tempos despois utilice para a redacción e administración de dous novos proxectos editoriais que, á par da andaina de *NG*, levaron o seu selo empresarial. Trátase de *La Colonia gallega* (1914-) e *Noticiero de Galicia*¹⁴ (1915).

¹¹ Os seus pais chamábanse José Arca e María Villar, naturais de Cuntis. Esta información puidémola tirar do xornal betanceiro *La Defensa* (*Órgano de las Asociaciones de Agricultores*), número 73 (22/XII/1907), p. 2.

¹² *NG*, n° 941 (28/VIII/1918).

¹³ A noticia da morte de Ignacio Cruces pódese ver no n° 1789 de *NG* (25/I/1935).

¹⁴ Cotexamos na hemeroteca da Real Academia Galega os escasos números que se conservan destas dúas publicacións. Ambas levaban o selo “Empresa Nova Galicia” nas súas portadas.

Apuntou Neira Vilas que Fortunato Cruces viviu “case toda a vida” nun apartamento da rúa General Urquiza, e que este xa debía ser o seu domicilio en 1898. Esta información cremos que non é de todo correcta, pois tal e como se pode ver polos anuncios do propio autor, Cruces atendía no domicilio particular da rúa Piedras, ao redor de 1903. En todo caso, o que si é certo é que no número 1380 desta rúa, ademais de ter a administración de *NG* (na década dos anos vinte) estaba ademais o Taller Arca, outro negocio familiar, da muller de Cruces ou dos parentes dela, e que tamén se anunciou nas páxinas do coñecido xornal¹⁵.

A todos os traballos mencionados, ademais dos tres libros que publicou Fortunato Cruces (*Primeiras Follas*, *Castañolas* e *Cousas Gallegas*) e que describiremos con detalle máis adiante, habería que engadir as súas colaboracións habituais en prensa do seu tempo, con textos, polo xeral, poéticos, e con artigos de opinión e/ou circunstancias. Dentro desa ampla nómina de publicacións están *Revista Gallega*, *Gaceta de Galicia*, *Galicia Moderna*, *El Eco de Galicia*, *Correo de Galicia*, *Galicia literaria*, *El Heraldo Gallego* e *Terra: órgano del Centro Gallego de Córdoba*. Destas colaboracións, cómpre destacar os numerosos pseudónimos baixo os que se agochou: CAÑOTO, F. CALVARIO, F. DAS †††, PELLEGRÍN, ESTRELLA, VETROLES CAÑIZA, F. C. DE VETROLES, VETROLES, VETROLIÑA, CARRAPUCHEIRIÑA, XAN DA CAÑIZA, F. CRUCES.

Na elite galaica emigrada gozou dunha grande estima, o que lle permitiu ser membro de varias asociacións. Esa popularidade foi debido, en parte, á súa actividade baseada no diálogo e na cercanía cos inmigrantes galegos na Arxentina¹⁶. Así, foi tesoureiro da Sociedad Pro-Galicia en 1907, ano no que a sociedade Unión Hispano-Americana Valle-Miñor conferiulle o labor de trasladarse a Montevideo, co fin de formar alí a sociedade filial. Entre as institucións ás que pertencen están “Hijos de Calo”, “Centro Ribadeo”, o Círculo de la Prensa de Buenos Aires, Comisión Protectora de la Biblioteca América, Liga de Acción Gallega, Casa de Galicia e Liga Patriótica Argentina, entre outras.

Fíxose socio activo do Círculo de la Prensa de Bos Aires en 1911 e participou tamén na constitución de “Hijos de Lestrove” en marzo de 1913, así como na asociación “Hijos del Distrito de Salceda”, dous anos máis tarde. Tribútaselle unha mostra de admiración na famosa velada no teatro do Orfeón Español en 1914, pero a que sen dúbida foi a gran homenaxe á súa persoa foi a celebrada o 24 de novembro de 1929 no Ideal Teatro, con motivo do 30º aniversario do semanario

¹⁵ “Taller Arca, bordados, vainillas, festones-plegados, trabajos de esmero y económicos. Para familias”.

¹⁶ Sobre o seu papel de líder étnico na colectividade galega inmigrante en Arxentina, véxase Núñez Seixas, 2010, pp. 273-305.

*NG*¹⁷. A festa, á que asistiron máis de dúascentas persoas, consistiu nun banquete popular, no que falaron, realizando a biografía de Cruces, os señores Julio de la Cuesta, José Ramón Lence, Joaquín Lema e un representante da Institución Juventud Hispano-Argentina. Tamén o homenaxeou a súa vila natal, Dodro, declarándoo fillo predilecto o 1 de setembro de 1949, ao tempo que se acordou dedicarlle unha rúa co seu nome, inaugurada o 1 de xaneiro de 1950.

Rebelouse tamén como un destacado orador nas veladas populares do asociacionismo galego. Nomeamos algúns discursos que recolleu nos seus dous últimos libros, con apartado de seu, malia existir, con seguridade, moitos outros: o 22 de outubro de 1905 no “Centro Gallego de Avellaneda”; o 8 de setembro de 1906, con motivo da apertura da función extraordinaria do “Orfeón Mindoniense”; o 22 de xuño de 1907, na velada do “Centro Orfeón Pontevedrés”; en 1909, con motivo da apertura da Sociedad Residentes de Calo, que tivo lugar nos salóns da “Casa Suiza” en Bos Aires.

No que respecta aos seus postulados ideolóxicos, unha pasaxe moi característica é a que se encontra no xornal *NG*, no número 131, do 5 de novembro de 1905, onde manifestaba:

...a grandeza da patria surxirá do progreso das súas rexións (...). Desfáise por eso a patria? Non. Sin autonomía, sin outra crás de goberno, pouco adiantamos na nosa melloría. Producido ese cambeo, con outras reformiñas que teñen de agregarse (...), entón os males terán remedeo (...); alí se percisan, retornamentos os máis dos ausentes (...). Queremos menos estorbos para que Galicia medre; algo novo pedimos, que do vello xa estamos moi cansos.

Defendeu un ideario político particularmente vinculado co agrarismo e o rexeneracionismo, que non abandonou incluso até ben entrado o século XX, e que se tornou cada vez máis conservador a partir da ditadura de Primo de Rivera, coincidindo coa chegada á Arxentina de galegos de novas xeracións culturais, que se distinguían polo seu marcado discurso nacionalista.

Ademais, o seu posicionamento fronte ó uso da lingua galega quedou claramente fixado no artigo “En contra dunha cousa i en favor doutra cousa”, que asinou en castelán o 25 de febreiro de 1920 en *NG*, onde manifestaba que en Ga-

¹⁷ A comisión organizadora deste acto foron as institucións “Mondoñedo y Distritos” e “Ribadeo y Distritos”, que dirixían Valentín González, Víctor Domenech, José Villar Fernández e José Rey Rodríguez, a primeira, e a segunda, Antonio Gallo e Juan López Conde.

licia debía reinar o “idioma español, que es el idioma de nuestra Patria y el que cada día se extiende más por el orbe”, e consideraba que os galegos que emigraran a América terían que falar o español, agás que desembarcaran en Brasil¹⁸. Opinaba así que a lingua galega só se debía conservar como un “segundo idioma local” e defendía o seu uso para o cultivo literario, pero sen “ir más lejos”.

Entre as semblanzas que fomos quen de encontrar sobre a súa persoa está a que fixo o propio Cruces no seu *Almanaque de Galicia* (1909)¹⁹, ofrecendo un peculiar autorretrato, baixo o título “Pastoral ou Bando melitar e cevil”:

F. C. de Lestrove, habitante do mundo pola gracia de quen son fillo, e por voluntá dunha forza máis poderosa ca dos homes; moi amigo de todos os que non me fagan falctruadas, e tamén de Dios e San Pedro os que viven en Buenos Aires; con moita vertú na calva e torto solasmentes no mirar e nos ringleiros pra esquirbir; Marqués sin rendas e cun escudo na punta do nariz por unha marca das vexigas; liliputiense san de conciencia, usando de certas atribucións que as buldas antigas me conceden, veño en derramar sobre vosoutros, non tinto, sinón a miña branca bendición pra que namentras habitedes neste valle de rosquillas amargas, sea a vosa vida o máis dulce posibre.

Dous anos antes, Andrés Martínez Morás no seu libro *Siluetas: primera serie* (1907), no que reunía biografías de persoeiros que a comezos do século XX “proyectan luz esplendorosa en el ceniciento círculo de la colectividad”, ademais de se referir á súa actuación xornalística, presentaba ao dodrense desta maneira:

(...) Fugaz, con nerviosidades de avispa y rapidez de luz, desliza su silueta por las populosas calles de la gran ciudad.

De baja estatura y cuerpo flexible, su mirada engañadora, vaga, perdiéndose en lo infinito de la duda. Su elegancia, la relega para los días festivos. Es de los que rinden culto al domingo. Al verlo, no diréis lo que es. Su aspecto no permite la menor impresión. Pasaría desapercibido, si la asiduidad de su recorrido callejero, fuera menor. Su fisonomía, ni atrae ni cautiva. Pero su verba, cual ilimitada estepa, es inmensamente enorme. Hace prodigios hablando. Su memoria le es fiel. Atenido a esa ventaja, su conversación desbórdase cual impetuoso torrente, inundando la paciencia del interlocutor.

¹⁸ “Allí es el idioma portugués y al hijo de Galicia no le será difícil entenderlo y a su vez el brasileiro entender el idioma gallego”.

¹⁹ O *Almanaque de Galicia* (1909), de Fortunato Cruces, foi recuperado, en edición facsímil, polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en 2008, baixo a dirección de Manuel Quintáns Suárez.

Sobre a calidade dos seus versos, Morás considera que “en su alma se anidó la poesía. Pero eran musas neuróticas, y lo inspiraban desacertadamente. Sus versos, casi todos en dialecto, son sonoros, muy sonoros, pero esencialmente faltos de espiritualidad” (p. 104).

Neira Vilas, no artigo que xa sinalamos, lembra a Fortunato Cruces xa vello, pouco antes de falecer na cidade bonaerense o 18 de xaneiro de 1961²⁰:

Foi da mao de Avelino²¹ que coñecín a Fortunato. Entramos no bar²², e alí estaba un velliño sentado lendo *Opinión Gallega* e ollando en veces o ir e vir da xente pola rúa. Avelino presentoumo. O velliño encartou o xornal, sentámonos con el e tivemos unha longa e amena conversa. Tiña uns ollos moi aleutos e un falar calmoso. Saborexaba cada palabra e sentía un gusto especial pola evocación de xentes e lugares.

²⁰ Os restos de quen en vida fora Fortunato Cruces ingresaron o día 19 de xaneiro de 1961 no Cemiterio da Chacarita. Así nolo fixeron saber dende o Departamento de Administración da Dirección do citado campo-santo.

²¹ Avelino Díaz y Díaz (Santa Comba de Orrea, Lugo, 1897 – Bos Aires, 1971).

²² Refírese ao bar Breogán, “porta con porta co Centro Galego de Buenos Aires, na Avenida Belgrano, esquina Pasco”.

Producción literaria

No tomo XXXI de *Galicia. Literatura*, considérase a Fortunato Cruces, ao lado de autores como Valentín Lamas Carvajal, Galo Salinas, Uxío Carré Aldao e Manuel Lugrís Freire, un dos “máis prolíficos autores de relatos”. De certo, Cruces comezou a publicar os seus primeiros contos con vinte e un anos. Son as pezas narrativas “O triunfo do xogo” e “De criado a señor”, ambas de 1891, que asinou no *Almanaque Gallego*, de Manuel Castro López. Pouco antes de publicar o seu primeiro libro, adiantou outros textos en publicacións periódicas, como foi o caso de “Conto”, en *El Eco de Galicia* da Habana (1897), “Por dúas galiñas e un galo”, en *Galicia Moderna* (1898), “Probes, pero patriotas” e “En Revixós”, en *El Eco de Galicia* de Bos Aires (1898).

En outono de 1898 saíron as súas PRIMEIRAS FOLLAS. CONTOS E COPRAS. Ricardo Carballo Calero (1981) informou que o título era *Primeiras Follas. Cantos e copras*, erro que se volve producir no tomo primeiro do *Diccionario de literatura galega: Autores* (1995). Este volume mixto sae da imprenta bonaerense El Imparcial e ábrese coa dedicatoria: “aos fillos de Galicia en América”, á que se seguen estas palabras, que deixan ben ás claras cal é a intención do autor:

As 16 follas que este libriño contén, non as fago imprimir coa esperanza de que a miña probe persoa medre, pois xa sei que non nacín de ricos en diñeiro nin sabencea, e teño que gañar a vida con traballos destintos ao destas follas, i o meu nome andará soilo co corpo, mentres que pro cimiterio non vaia.

Chámolle «Primeiras Follas» por salir deste xeito os contos e copras de pouco ou nengún méreto que aquí pubrico.

Elas salen a luz co intento de alentar a outros homes gallegos, de sabeduría, que eu sei hai nesta Amérecia. pra que nos dean a conocer os seus traballos nos que poden pintar con máis fondo e corrección, as moitas e vareadas riquezas e costumes de Galicia, que nos sirvan de ensino e consolo os que, por necesidá uns, por capricho outros, i os mais por engaño, tivemos a desgracea de alexarnos daquela terra.

De corazón vos desea salú, pra que logo volvades ao cháu gallego, no que sempre pensa

Fortunato Cruces

*Jorge, 750 – Barracas o Norte
Octubre de 1898*

En realidade, o libro non ten dezaseis follas, como indica o noso prosista, senón trinta e unha. Se contamos as páxinas nas que se insertan os relatos, efectivamente saen dezaseis. Este dato, que podería ser pura coincidencia, fainos pensar que posibelmente Cruces tería a intención de publicar a obra como un libro de relatos, e que no último momento, ocorreuselle introducir as “copras”, entre prosa e prosa. Sexa como for, os contos son: “En Santa Eulalia”, “Os folgos dun vello”, “En Revixós”, “Conto” e “Arrepentemento”. Logo do limiar, a obra iníciase coa composición “Picadas”, dedicada ao escritor Manuel Castro López, como agradecemento. A continuación, intercálanse os devanditos relatos con composicións: “En Santa Eulalia” (relato)> “Cantares” e “A meus pais” (poemas)> “Os folgos dun vello” (relato)> “E non oí” e “Pra as mozas de Lestrobe” (poemas)> “En Revixós” (relato)> “Recordos” (poema)> “Conto” (relato)> “A meu cuñado José Lorenzo Edreira” (poema)> “Arrepentemento” (relato)> “A Galicia” e “Cantares” (poemas). Todos os relatos de *Primeiras Follas* serán reproducidos no libro *Castañolas* co mesmo título, agás “En Revixós” e “Conto” que apareceron como “Ráíces e papas” e “Pau de ameneiro”, respectivamente.

Entrementres, en varios números de *Nova Galicia* (sección “Anuncios”) do ano 1903, publicitábase un seu novo libro, que estaba en preparación e que ía levar por título *Caraveles Gallegos. Contos e Copras*²³. Nada se sabe deste libro. É posíbel que fose unha edición aumentada de *Primeiras Follas*. *Contos e Copras*, ou ben, o título que inicialmente ía levar o segundo libro, pero que finalmente se chamou CASTAÑOLAS. CONTOS. CARTAS. DISCURSOS. CANTARES E OUTRAS COUSAS, tirado do prelo na Imprenta Latina, de Eugenio Péllaco, e que saíu en 1913²⁴.

Na portada deste segundo volume consta o nome do escritor co anagrama e pseudónimo ‘Vetroles–Cañiza’. Iníciase *Castañolas* cun interesantísimo prólogo en castelán a cargo de Francisco Álvarez de Nóvoa, no que apunta que a literatura rexional “no es otra, ni puede serlo, que la inspirada en los escarceos amorosos, en las malicias de los litigios, en el bullicio de las romerías, en la promiscuidad sexual de las faenas agrícolas, en la lucha con la pobreza y en la nostalgia del hogar perdido y de la aldea lejana”. Certo é que sobre estas palabras xa chamara Modesto Hermida a atención no seu estudo *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, pois non deixan de ser sorprendentes ao comparalas co que anos antes Álvarez de Nóvoa escribía no seu célebre limiar “Dous parrafeos”, ao *Pé das Burgas* (1896):

²³ “Caraveles Gallegos. Contos e Copras por Fortunato Cruces. Volumen de 200 páginas en preparación. Se reciben pedidos en Tacuari 191 y Piedras 766”.

²⁴ Xa no número 407 de *NG* (1/1/1903) anunciábase a súa saída en febreiro. Dous números despois (2/11/1903) afirmábase que o libro estaba en prensa.

—Ese conto non é galego— adoitan dici-los escasos escritores rexionais que fan prosa, algúns críticos *chuchumecos*, non tendo cousa mellor de que botar man. —¿Por que non é galego? —preguntádeslles vós; e eles por toda resposta diranvos: —Porque non, porque non é *enxebre*.

(...)

¿Queredes que volo eu diga? Pois eles pensan que o voso conto non é *galego*, porque non falades nel dunha esmorga, dunha lacoada, dunha vendima, dunha desfolla, dunha romaxe, dunha espadela, dunha malla, dunha muiñada, dunha rebolada: porque non falades do que vai para as Américas e chora no vapor e morre no extranxeiro, do que ten a casa sen tellas e sen colmo e sen latas e non ten pan nin abrigo; porque non chamades a berros por Breogán e compañía e non vos sentides bardos nin celtas, porque non pedides que Galicia fuxa da nai España; por iso o voso conto non é galego: se non se fai o conto por ese patrón vello, inservible, escalazado, cheo de mil remendos en forza de traelo e levalo, o voso escrito desaprégase da literatura rexional, e o voso conto é chatado de *exótico*.

Ademais deste limiar, mención á parte merece a “Pláteca-Introito”, asinada polo autor na que, entre outras cousas, explica como empezaron voando os seus “contos e cantares na América, ordinareos na feitura, pero mollada no pozo do meu corazón, e no cariño da terra, a pruma con que os esquirbín”. Nel informa tamén dos medios xornalísticos nos que foi publicando moitos dos seus relatos²⁵ e dá conta das “xentes maistras de letras” que o mencionaron nos seus traballos, entre os que están Uxío Carré Aldao, Mariano Miguel de Val e Andrés Martínez Morás²⁶. Por último, antes de dedicar o libro a seus pais e a Galicia, dirixe unha *captatio benevolentiae*, coa petición de que sexa “indulxente”, pois tan só desta maneira “heille de estimar mellor, que me arree paus, e onde vexa faltas mas condene pra eu correxirme o meterme noutros calzóns de trinta varas”.

O libro está xebrado en catro apartados: o primeiro, composto polas prosas narrativas; o segundo, “Discursos”, con corenta e dúas páxinas que recollen os pronunciamentos do autor na Arxentina con motivo da organización de veladas literarias, actos festivos de orfeóns ou sociedades varias; son os seguintes: “No Orfeón Mindoniense” (8/IX/1906); “A los hijos de Mondoñedo en Buenos Aires” (12/IX/1910); “No Orfeón Pontevedrés” (22/VI/1907); “Miñoranos”, publicado

²⁵ Cita as publicacións: “*El Eco de Galicia*, *Correo de Galicia*, e *Galicia Literaria* de Buenos Aires; *La Voz de Galicia* e *Revista Gallega* da Cruña; *Gaceta de Galicia* de Santiago; *El Miñor* de Bayona; *Galicia Moderna* de Pontevedra; *Heraldo Guardés* de La Guardia; *Follas Novas e Galicia* da Habana; *O Correo Gallego* de Río de Xaneiro; *La Tribuna Popular*, *El Correo Español* y *El Día* de Montevideo; en *Boletins* oficiais de destintos Centros; i en *Nova Galicia*”, p. 8.

²⁶ Cruces di erroneamente “M. Martínez Morás”, referíndose a Marcelino pero, en realidade, trátase do irmán deste, Andrés Martínez Morás, autor de *Siluetas*.

además no diario de Montevideo, *Tribuna Popular*, o 17/IX/1911; “En Avellaneda” (22/XI/1905); “Al Centro Gallego de Avellaneda”, “No Orfeón Coruñes”; “Na Federacéon de Teo” (2/II/1908); “Na Sociedad de Calo” (23/II/1908), e “Entre Arxentinos”. Todos en castelán agás o dirixido aos fillos de Mondoñedo en Bos Aires, que está en galego. O terceiro apartado son “Versos”, cun total de dezasete páxinas, nas que se inclúen dezaseis composicións poéticas. Na última epígrafe, “Cartas”, inclúense vinte e sete páxinas de “Cartas pra alá e respostas pra alá”; trátase de correspondencia ficticia entre galegos e galegas, que viven a experiencia da emigración e relatan aos seus seres queridos o que lles propicia a súa nova situación. Pecha o libro cuns “Cantares” e uns anuncios publicitarios. Non cabe dúbida que os “Contos” cobran maior protagonismo, ao ser cento e catorce páxinas en prosa, recolleitas entre a páxina 11 e a 146.

No número 1448 de *NG* (14/XI/1929) publicouse que Fortunato Cruces tiña reunidos outros orixinais para un novo libro, do que non se daba o título. Díciase que debido aos custes que supón tiralo do prelo “no se puede decidir a publicarlo por ahora”. Descoñécese se ese libro era o que tiña pensando publicar baixo o título *Saludiña*, pero o certo é que xa en abril de 1917 (*vid. NG*, nº 517), aproveitando o tirón do éxito de *Castañolas*, publicitara dous libros novos: *Castañolas de buxo* e *Acción de los gallegos en el Plata*, e que estarían preparados, presumiblemente, para o 25 de xaneiro de 1918. Dase o nome dos obradoiros tipográficos nos que se imprimirían os libros, os “talleres de los señores Abelardo, Cortizos y Hermanos”, engadindo ademais que os subscritores de *NG* serían obsequiados cun tomo de cada un.

COUSAS GALLEGAS é o terceiro libro, na mesma liña que o anterior, que publicou Fortunato Cruces en 1923 e que deu ao prelo a imprenta bonaerense La Iberia, situada na rúa San José, nº 236. Encontramos novamente unha miscelánea de textos, onde hai “Discursos”, “Poesías”, “Contos” e “Cartas”. Trátase dun volume de duascentas corenta e seis páxinas, onde cincuenta e dúas están ocupadas por prosa narrativa. Conforman este traballo dez relatos: “Un casamento”, “Cousas da aldea”, “Verdades e mentiras”, “Na Ponte Cesures”, “Na Avenida de Maio”, “Conversas de pillerías”, “Prencipeos do fin do mundo”, “Sempre contigo morena”, “Nacemento” e “Vinte e un cañonazos”. Entre os discursos que recolle destacamos os pronunciados na Sociedade Hijos de Mondoñedo, en memoria de Manuel Leiras Pulpeiro (20/XII/1913), no Centro Orfeón Coruñes (27/XII/1913), no festival da sociedade Hijos de la Guardia y del Rosal (3/I/1914), nunha festa do Orfeón Gallego (14/III/1914), nun acto teatral de oitenta e cinco sociedades galegas na honra de *NG* (16/V/1914) e nun banquete inaugurando o Palacio Social no Centro Gallego de Avellaneda (22/X/1916).

Dedícallo tamén aos galegos emigrados en América, e nas palabras preliminares, novamente cunha *captatio benevolentiae*, excúsase dos “defectos literarios” das súas producións e alude ao obxectivo que pretende acadar co libro, que non é outro que axudar á unión entre os emigrantes galegos, volvendo a vista a Galicia para defender a confraternidade coas nacións de hispano-américa. Desta vez manifesta que, dende que a publicación de *Castañolas*, dedicou os breves momentos de repouso diario a “pensar en Galicia, en cosas gratas de épocas huídas y en las amarguras del que sale peregrinando por el mundo”. Afirmar que “entre los recuerdos tristes también he dado expansión al alma, recreándola en risas y travesuras aldeanas” (pp. 5 e 6) e que foi desta maneira como xermolou *Cousas Gallegas*. Cómpre informar que na epígrafe final (p. 247) engade unhas “Advertencias”, nas que aclara, en liñas xerais, que os discursos, contos e cartas que van no libro foron feitos segundo “mi espíritu y asuntos, en distintas épocas, desde 1913 a 1923”. Volve a se dirixir ao lectorado para subsanar os posíbeis erros de imprenta e informa que *Cousas Gallegas* comezou a se editar o 15 de xullo e rematou o 30 de setembro de 1923.

Con respecto á data de publicación, cómpre sinalar que Fortunato Cruces declarou na entrevista que lle concedeu a Avelino Díaz que o libro saíra en 1923 e, dende logo, este é o ano que aparece na portada. Non obstante, a marca de imprenta dá a data de 1928. Couceiro Freijomil e Carballo Calero apuntaron a data de 1923 como a de saída do libro. Porén, Modesto Hermida (1995) considerou que estaría pensado para se publicar en 1923, pero que non saíu impresa até 1928. Nós inclinámonos, no contexto destas dúbidas, polo ano 1923, crendo que a data de 1928 puido ser un erro de imprenta.

Cómpre informar ao lectorado que o 24 de marzo de 1934 se lle deu anuncio en *Nova Galicia*, nº 1779, ao contrato que realizou Fortunato Cruces e a empresa editora madrileña ‘Salas, Gómez y cía.’ polo que se acordaba a nova impresión de cinco mil exemplares do libro *Castañolas* e doutros cinco mil de *Cousas Gallegas*. Neste mesmo contrato, a editorial aceptaba ademais a condición de abonar os gastos que importaban a impresión de cinco mil suplementos, en medio prego, de *NG*, tantas veces como fose necesario até chegar a trescentas páxinas en folletín, que contiña os contos, poesías, cartas aldeanas, romances e cantares, en galego e castelán, do novo libro de Cruces que se ía chamar *Saludiña*²⁷. A publicación deste Suplemento debería estar preparada na primeira quincena de maio, con saída dúas veces ao mes, pero o certo é que, ao non existir a colección

²⁷ As condicións do contrato reproducense, parcialmente, no número 1780 (28/IV/1934) de *NG*, onde se dicía que o señor Cruces, alén dos mencionados suplementos, non podía efectuar (nin autorizar a ningún) a impresión e venda do libro até o 31 de decembro de 1935. Só a empresa editora podía até entón vender os exemplares de *Saludiña*.

completa de *NG*²⁸, non foi posíbel saber se ese folletín chegou ou non a ver a luz. Todo parece indicar que non, á vista do que o propio Cruces lle contaba a Díaz en 1955: “Tengo ahora escritos e inéditos otros más: *Cousas Novas*, *Saludiña* e un libro de versos criollos”²⁹.

Para pór o peche a este percorrido pola obra de Fortunato Cruces, hai que complementalo con OUTROS RELATOS non recollidos en libro: “Medo”, publicado na *Revista Gallega*, e “Faladuría”, “Conto amañado” e “Eu... ¿serei eu?”, que así-nou en *Nova Galicia* nos números 4, 288 e 1400, respectivamente.

Recepción da obra de Fortunato Cruces

No número 8 da revista *Suevia*, o seu director Joaquín Pesqueira³⁰ publicou co pseudónimo habitual, ‘Conde de Cela’, a reseña “El libro de Fortunato Cruces. Castañolas”. Nela, felicita ao autor polas “agallas” de imprimir fóra de Galicia un libro en galego pois, ao seu modo de ver, “publicar libros en América no es ninguna heroicidad, si esos libros están escritos en castellano”. Noutras liñas, apunta:

Este libro es como su autor: enxebre y socarrón. Lleno de un intenso amor a la tierra feiteiceira. Lleno de toda suave malicia de nuestra raza, que yo estimo como una de sus más bellas virtudes. La obra de Cruces es como un dibujo de Lourido³¹ o de Castelao, rientes manifestaciones de una ironía finísima, o ingenuas manifestaciones de un punzante dolor sentimental.

Tamén comenta a existencia de “defectos”, que entendemos se refiren a erros gramaticais, posto que non dá argumentos a maiores. Continúa aludindo á espontaneidade que impregna toda a obra:

La mayor belleza de *Castañolas* está en la socarronería celta con que hablan los personajes de los cuentos que forman la obra y con la que habla también el autor. en casi toda la prosa del volumen ríe retozona la picardía campesina, el *retintín* ladinio de nuestros labriegos, admirable flor de malicia que forma lo más expresivo de la idiosincrasia galiciana...

²⁸ Números conservados na Real Academia Galega, dende 1934: n.1779-1781; 1935: n. 1789, 1792-1796; 1936: n. 1801-1802, 1802; 1951: n. 1829.

²⁹ Vilanova Rodríguez (1966) afirmou que este último libro de “Temas Camperos” o doou ao Círculo de la Prensa de Bos Aires.

³⁰ Xornalista pontevedrés que foi director do xornal *Suevia* e colaborou noutras cabeceiras de alén-mar, como *Labor Gallega*, da Habana, ou *Galicia Nueva*, de Montevideo.

³¹ Este artigo contén unha caricatura de Cruces, da autoría de Miguel Fernández Lourido.

Para rematar a reseña, repara noutras calidades, como a naturalidade das descrições e o realismo das escenas, e apunta que Fortunato Cruces “nos habla de lo que el conoce: de Galicia panteísta, alegre como unas castañas, frívola, reidora, dulce como el *melifluo sonar de la gaita* y que sabe pone en la sátira el agrio sabor de nuestro *bon vino*”. Sobre o prólogo do libro manifesta Pesqueira que non está conforme con certas apreciacións asinadas por Francisco Álvarez de Nóvoa, pero nada máis se argumenta.

Sobre as *Castañas* de Cruces, destacamos tamén a sección que se mantivo durante algún tempo no xornal *NG* e que levaba por título “Lo que se dice de Castañas”. Nela mencionábanse as cabeceiras galegas que daban as súas impresións sobre o libro e que, en moitos casos, agradecían o seu envío á redacción. Destacamos algunhas pasaxes:

Heraldo Guardés (26/VII/1913), da Guarda (Pontevedra): “Castañas es un quitapesares indispensable en todo hogar gallego, por el ingenio y entrañable amor a Galicia que derrocha el Sr. Cruces en todas sus páginas”. *Correo Gallego* (7/VII/1913), de Ferrol (A Coruña): “Con sumo gusto hemos leído las ingeniosas páginas del regocijado libro, escrito con picaresca malicia e intencionada socarronería”.

El Diario de Pontevedra (16/VII/1913): “En todo libro campea el ingenio, la soltura y el amor entrañable a Galicia que siempre han distinguido a este notable publicista que tan patriótica labor realiza en la República Argentina”.

El Eco de Marín (27/VII/1913): “Hallará en la nueva producción de Fortunato Cruces un fiel retrato de la vida regional, y un reflejo exacto de espíritu de nuestra raza”.

Outros xornais que recolleron a nova da publicación de *Castañas* foron *El Tea*, de Ponteareas, *La Voz de Galicia*, da Coruña, *O Tío Pepe*, da Fonsagrada, *La Defensa de Teo*, *La correspondencia militar*, entre outras³². Grazas a esta sección, tamén sabemos que formaron un gran volume as cartas que Cruces recibiu con gabanzas para o seu libro.

A primeira edición de *Castañas* esgótase en abril de 1913, pero xa hai unha segunda edición en outubro dese mesmo ano. A terceira anunciase ao ano seguinte, o 18 de abril de 1914, no número 433 de *NG*. Nas páxinas deste xornal, seguiu Cruces anunciando o éxito do seu libro e o 4 de outubro de 1917 (nº 517) afirmou que *Castañas* agotara os dez mil exemplares “entre compatriotas resi-

³² Vid. números 423, 424, 425, 426, 427, 429 de *NG*.

dentes en diversos lugares de Sudamérica”, onde tamén facía saber que: “73 diarios, revistas y semanarios se han ocupado de *Castañolas*, emitiendo juicios elogiosos; 2.944 cartas y tarjetas haciendo pedidos del mismo libro; 139 cartas de particulares y hombres literarios, con felicitaciones oficiales colectivas; y 66 notas de Instituciones regionales, también con felicitaciones oficiales colectivas”³³.

Con respecto ao último libro, *Cousas gallegas* (1923), encontramos que no seu interior, logo da noveliña “Un casamento de sóna”, reproducense dúas “maestras opiniones” sobre o conto que se acaba de ler. Trátase, en ambos casos, de cartas dirixidas a Cruces. Na primeira, de Avelino Rodríguez Elías, e datada o 23 de xaneiro de 1921, dise:

Mi querido amigo y distinguido colega:

Me ha conmovido, en verdad, la novelita que, con el título (*sic*) de “Un casamento de sóna” ha publicado usted en su “Nova Galicia” periódico por el cual siento cada día más afecto. Es tierna, está lógicamente desarrollada y ha sido escrita en un gallego castizo, sin los retorcimientos, modernismos y otras cosas que no emplearon nuestros grandes maestros.

Yo le felicito sinceramente por tan notable trabajo y siento que con ese asunto y con las facultades de usted no haya hecho una novela de verdad; no un boceto.

Reciba un afectuoso apretón de manos de su amigo y compañero. Avelino Rodríguez Elías.

A segunda carta, escrita por Enrique Labarta Pose, dátase en Barcelona, o día 5 de maio de 1921. Entre outras cousas, comenta:

Leí en el mismo número la nueva producción de usted, “Un casamento de sóna”, y me encantó. Es una novelita que en estilo festivo, pinta con más relieve y grandiosidad el espíritu gallego, que todos los trabajos serios y de pretensiones transcendentales que pudieran escribirse sobre la materia. Ese cuento de usted es un verdadero Himno a la Raza. Y “Juanito” (protagonista principal), es la representación sublime de todos nosotros. Soy yo; es usted; somos todos los gallegos, siempre alegres, siempre humildes, que nada nos amina, constantes, honrados, trabajadores, aventureros, que nos adaptamos siempre al medio en que vivimos. En la China somos chinos, en Inglaterra ingleses, en Cataluña catalanes; pero en cualquier parte

³³ Baixo estas liñas, dálle publicidade ao seus novos libros: *Castañolas de buxo* e *Acción de los gallegos en el Plata*.

del planeta en donde estemos, todos miramos hacia la tierra con ojos devotos, como las mezquitas miran hacia la Meca. ¡Ei, carafio! ¡Viva Galicia! Le felicito entusiasmado, por su hermosa “noveliña”. [...]. Enrique Labarta”.

Pois ben, esta ‘noveliña’, que fora xa publicada en *Nova Galicia*, o 30 de decembro de 1920, foi recuperada en 2007 no volume *Pontevedra Literaria* (pp. 151-152).

Análise da prosa narrativa

Carballo Calero na súa *Historia da literatura galega contemporánea* inclúe no capítulo que lle dedica a “Os epígonos”, isto é, aqueles autores que “continúan sen ningunha aportación esencial a obra dos mestres do século XIX” (1981: 471). O primeiro en achegar información dun xeito máis rigoroso sobre o labor narrativo de Fortunato Cruces foi Modesto Hermida no volume *Narrativa Galega: Tempo de Rexurdimento* (1995), que o recupera como autor do Rexurdimento e ofrece unha panorámica da súa produción creativa en lingua galega, ao tempo que informa dos relatos que se recollen en libro, así como doutros que se espallaron en xornais. Considera a Cruces con “algún acerto na súa obra narrativa” pero cunha “limitada capacidade como narrador” e salienta, ademais, a “anárquica actitude ante a edición dos seus traballos”. Sen dúbida, o propio Cruces era ben consciente das súas limitacións.

Á marxe da cuestionábel calidade da súa prosa, cómpre atender a certas características comúns aos escritores pertencentes ao grupo finisecular. Por unha banda, é necesario entender que é neste período onde se comeza a construír un sistema literario normalizado no que, alén do uso do galego escrito, vai parello a construción da singularidade rexio-nacional. Ademais, é importante subliñar que moitos dos autores de finais de século XIX estaban ao servizo do ideario rexionalista, como causa sociopolítica, na propia Galicia ou alén mar, e que, en liñas xerais, non superaban os moldes costumistas nin ruralizantes, pois vían no tratamento do ruralismo, da terra, dos costumes e dos tipos populares un esteo de diferencialidade. A obra de Cruces é un bo exemplo do que acabamos de afirmar.

Esta clara influencia do rexistro popular acciónase cunha recorrencia constante ao humor, como actitude, empregado dunha maneira simplista, procurando a gargallada. Os relatos alicérganse en estereotipos, en sinxelezas, que amosan unha etnografía dun tempo, de maneira que a representación de determinados tipos sociais, os seus usos e costumes, así como os seus oficios ou o seu hábitat, son polo xeral as características comúns a todos os relatos. A súa finalidade non é outra que a de fabricar un imaxinario do feito do ‘ser galego’, pois o seu obxectivo é soste o discurso antropolóxico, no que as imaxes se ordenan de tal maneira que se converten en “imaxe verdadeira” da existencia dun determinado grupo humano. Ese populismo rexeita, xa que logo, as compoñentes cosmopolitas, o cambio social, ao ter a mirada posta no pasado, como un exercicio de memoria, que é onde están os imaxinarios, case idílicos, personaxes, e as paisaxes do rural.

Deste xeito, os cadros de costumes achegan certo carácter pintoresco, superficial, que permiten coñecer unha determinada tipoloxía de xente rural e as súas formas de vida: casa, traballo, vecindade, familia, etc. Neste sentido, a tendencia do ‘enxebre’ amosa unha realidade do momento, procedendo á análise do propio, do local, o característico e diferenciador das persoas e os lugares, de tal maneira que a máxima atención do texto recae sobre a descrições e situacións da vida cotiá, no que se recollen fundamentalmente as particularidades, os hábitos e os costumes da aldea galega. Como é obvio, á hora de se referir a eses ambientes, a descrición da paisaxe e paisanaxe nunca vai ser obxectiva.

Non hai un esquema estrutural único para o conxunto dos contos, pero a maioría responden a uns trazos compositivos que se repiten con frecuencia e que responden ao tradicional esquema de presentación, anécdota e desenlace. Os finais das historias son simples, a sorpresa ausente, e algúns mesmo chegan a quedar en suspenso, inconclusos: “*non sei o que despois pasou, porque unha pedra que me caeu na testa deixoume desmaiado*” (‘En Santa Eulalia’); “*Agora non sei si o señor Abade despideu ó rapaz... porque nese intre salía eu daquela aldea pra xunto dun cuñado que estaba en Cáis*” (‘¡Xesús, que fillo!’). Algúns deles rematan con ironía e certa actitude crítica: “*Sin embargo, recaudos hai dabondo nos Destritos, pero diñeiro en mans de caciques non luce*” (‘O pote da Vila’); “*Ben, é verdá, que o patriotismo nada ten que ver ca falsa políteca*” (‘Probes, pero patriotas’); “*pra servir de mostra tes ós que creen que na Amérecia se vive mellor que en Galicia*” (‘Desengaños’).

Modalización narrativa.

O narrador por excelencia é o omnisciente en terceira persoa. A tónica habitual é compartir estas formas narrativas coas dialogadas, pois a conversa dos personaxes permítelle ao autor introducir unhas posibilidades expresivas que o texto narrado non ten, ao tempo que achega axilidade ao desenvolvemento dos relatos. Moitos son os textos que se constrúen unicamente de diálogos: ‘Na Ponte Cesures’, ‘¿E, non é moito, Señor?’, ‘Ca Forcada’, ‘Nunha casa consistoreal’, ‘Dáme o dedal’, etc.

Con todo, ás veces preséntase un *autor implícito*, que dá mensaxes para a interpretación da realidade que se quere transmitir. É unha forma de achegarse ao lectorado e entre os seus obxectivos está o de darlle credibilidade ao texto, en enunciados como “*Certa noite que fun polo pé da casa onde viven, oínlles decir estas palabras*” (‘Probes, pero patriotas’) nos que é posíbel detectar certo dote de

autoridade, malia ser sempre en ton de conversa familiar ou cotiá. En relación ao que acabamos de nos referir están as continuas chamadas ao lector: “*As trifulcas que encontrades no relato, non tiveron malina intención*”; “*dito esto, xa comprenderedes...*”; “*conocen vostedes o lugar de...?*”; “*traballo me costou xuntarvos, e agora si queredes escoitar o conto, tendes que...*”; “*vouvós a contar, lectores, un relato que non é conto...*”.

É frecuente ademais que o autor marque as simpatías persoais ou o rexeitamento cara actitudes de certos personaxes, do mesmo xeito que acostuma a dar a súa opinión ás claras sobre os sucesos, como ocorre nos seguintes exemplos: “*Ilusionouse con algúns embusteros contos que se falaban na parroquia, urdidos polos comisionados de compañías de vapores; e unha noite...*” (‘Arrepentemento’); “*Como nas aldeas nunca falta un mal veciño que nada ten que perder máis que o pelexo que non se lle pode lastimar polo medo ós fallos da xusticia, e nas vilas tampouco falta un percurador que dirixa o preito de embrollas que promova aquel veciño, pois os dous partirán as pesetas que no arreglo ganen, sucede que...*” (‘Raíces e papas’). Os comentarios valorativos do narrador están moitas veces postos en boca dos personaxes.

O autor implícito achega datos autobiográficos, que mesmo algúns teñen correspondencia coa realidade extraliteraria: “*eu que vivo sempre pensando nos soscritores de Nova Galicia...*” (‘Parola’). O propio Fortunato Cruces aparece referido en moitas páxinas (vid. ‘Sempre contigo morena’, ‘Noveliña’, ‘Contos de onte’, ‘Prencipeos do fin do mundo’, ‘Un cristo entre dous coches’, ...). Curioso é que a algúns personaxes coñecemos como lectores do seu libro *Castaños* (‘Na Pontecesures’, ‘Conversa de pillerías’). En ‘Os quinientos do loro’, por exemplo, o cura galego le o xornal *Nova Galicia*, que lle envía un feligrés dende Bos Aires. A esa subxectividade que expresa o narrador-autor, hai que engadir o feito de que algúns destes relatos comezan con divagacións que nada teñen que ver co desenvolvemento do conto e que polo xeral teñen lugar antes do comezo. Exemplos destes témolos en textos como ‘Un cristo entre dous coches’, onde o propio narrador excúsase despois: “*E basta de leria i entremos ó fondo do conto*”.

En menor medida, a modalización narrativa pode introducir unha voz en primeira persoa, converténdose en suxeito da enunciación do discurso. Trátase dun narrador testemuña, que asume o papel de coprotagonista na maioría dos casos (vid. ‘Unha picardía’ ou ‘O orixen dos apodos’). Por outro lado, un exemplo claro de eu-protagonista, rexistrámolo en ‘Medo’, onde o personaxe relata porque non quere vivir só.

Espazo narrativo.

Abundan as referencias espaciais, que se distribúen en lugares concretos a través de dous ámbitos: Galicia e Bos Aires. A primeira reflicte o microcosmos que constitúe a aldea, como *topos* rural de finais do século XIX, e dentro da cal se constitúen espazos propios para a comunicación: a taberna, a lareira, o adro da igrexa, etc.

Obsérvase un amplo número de nomes de aldeas e parroquias dos concellos galegos, facilmente identificabéis: San Xuan de Meaño (Meaño), Santa Eulalia de Chamín e Santo Tomé de Monteagudo (ambos de Arteixo); Moraña; Pastoriza; San Lourenzo de Torneiro (Pol), San Xuan Bautista e Santa María Madalena de Fanoi, Santo Tomé de Sorribas, San Antón de Lestido, Cortegada, Monterrei, e moitas outras. Hai algúns relatos nos que os acontecementos teñen lugar en espazos semi-urbanos, como é o caso de ‘Cumprir o testamento’, onde a historia sucede no barrio de Santa Margarita na Coruña; ‘Un cristo entre dous coches’ que nos conduce dende Lugo até Santiago de Compostela; e ‘Eu... ¿serei eu?’, onde se refiren a lugares compostelás, como o xardín da Ferradura, a rúa de San Pedro ou o convento de San Francisco.

Están moi presentes nos textos aqueles lugares próximos á aldea natal de Fortunato Cruces: a parroquia de Revixós en ‘Raíces e Papas’, Santa Arima de Ordod (Santa María de Dodro) e Troveles (Lestrove) en ‘Lindo rapaz’, San Xoán do Raio, Padrón (‘En Santa Eulalia’); Iria Flavia (‘Recordando a miña terra e a Rosalía’); ou San Xulián de Laíño (‘Unha diabrura’).

Pola contra, cando os relatos teñen a Bos Aires como marco situacional, as referencias á capital arxentina son moito menos ricas en detalles, pois noméase con consideración xeral, sen facer case apenas mencións ás rúas ou barrios. Este contraste da imaxe da cidade fronte ao espazo local do rural galego decimonónico faise patente en certas descricións, que teñen un claro vínculo co folclorismo, cando se refire, por exemplo, á exaltación das festas populares. Entre as accións que acontecen alén-mar está ‘O estreno’ ou ‘Conversas de pillerías’. Encontramos tamén que un mesmo relato pode presentar dobre espazo: en ‘Noveliña. Un casamento de sona’, primeiro, Porriño (Pontevedra), logo, Bos Aires; e do mesmo xeito, en ‘Probes, pero patriotas’ viaxamos dende Vilagarcía até Arxentina. Por outra banda, en ‘Os quinientos do loro’, o narrador-autor relátanos dende Bos Aires o que acontece en San Mamede de Cantoña, concello de Paderne. Aqueles que se caracterizan pola indeterminación espacial son os menos (*vid.* ‘Cousas da aldea’, ‘Centella que os coma’, ‘Por dúas galiñas e un galo’, ‘Os labradores’).

Tempo narrativo.

A linealidade temporal é característica no conxunto dos relatos, de modo que o emprego de analepses é moi limitado. Aplícase esta técnica de redución do tempo con carácter retrospectivo ou rememorativo, cando o narrador/protagonista evoca algúns recordos do pasado. Porén, a orde cronolóxica pode presentar saltos temporais. As elipses xorden para acelerar o ritmo narrativo, máis que para crear intriga nos sucesos da narración. A maioría indican a duración: (“*ó cabo dun mes*”, “*pasados catro meses*”, “*correron outros doce meses*”, “*así pasaron sete meses e medeo*”,...) pero poden ser tamén ‘indeterminada’: “*Iban correndo os meses*”. Non son moitas as referencias temporais. Hai contos nos que só se nos informa dun momento concreto, e son marcas do tipo: “*unha noite*”, “*vindo un día*”, “*un día de forte sol de Maio*”, “*convidárono unha noite (hai pouco que foi)*”, “*esa víspira, de noite*”, etc. Con todo, hai algúns, pero poucos, que precisan a localización temporal: ‘Volta prá aldea’ (abril de 1906); ‘Lindo rapaz’ (1873); ‘A misa do día dous’ (1808); ‘Un milagre das bombas’ (1875); ‘Probes, pero patriotas’ (novembro de 1889); e ‘Un cristo entre dous coches’ (1904).

Ocorre ás veces que antes da presentación da anécdota que inicia o relato, o narrador realiza unha serie de reflexións, nas que se recrea o marco e o ambiente no que se vai desenvolver a acción. O ritmo é lento e o seu principal obxectivo é a búsqueda de complicidade co lectorado, xusto no momento no que o narrador entra a presentar os feitos. Estas divagacións están presentes en relatos como ‘Parola’, ‘O orixen dos apodos’ e ‘Un cristo entre dous coches’. Esta ralentización asúmea o narrador no relato ‘Quen mal anda’ cando di: “(*Namentras que D. Ánxel vén montado nunha burra, corramos, leutor, máis lixeiros, pra saber o que falan no punto a onde se dirixe*)”. No relato ‘Meiga de alcume’, por exemplo, é a feiti-ceira a que detén o conto para falar cos seus interlocutores, aos que lles di cousas como “*Si non estades quietiños, non sigo o conto*”, “*¿Que vos parece o conto meus meniños? ¿Gústavos?*”.

Algunhas veces recórrase ao uso dos espazos entre liñas para conseguir avances temporais baleiros de acontecemento:

— Petan ó portal; corre, Farruco, vai ver quen é

— Meu pai, chámalo un señor a cabalo; non fala gallego e ten unha gorra parecida á dun carabineiro.

Personaxes.

Os personaxes que circulan polos relatos son, fundamentalmente, tipos populares e que, polo xeral, se enfrontan a determinadas circunstancias en situacións

diversas. Esa unidimensionalidade de personaxes fai que se propicie o uso da enxada, da pillería, da condena das falsas apariencias, a mentira, o engano, etc. A súa descrición física e psíquica non sempre está presente, porén, destaca nalgúns casos a maneira de nomear aos personaxes, a medio camiño entre o antropónimo e o alcume, coa finalidade paródica de achegar características prosopográficas e etopeicas dos mesmos.

Doutra banda, están presentes certas diferenzas de clase mediante o contraste entre as xentes das capas inferiores da sociedade e aqueles personaxes vinculados ao ámbito da administración de xustiza ou do clero. Estas posicións sociais matizan ou agravan o que sucede nos relatos, ambientados por tipos populares, con profesións como a de labrego, feirante, taberneiro, zoqueiro ou retellador, e polo outra banda, por avogados, procuradores, notarios, secretarios e alcaldes. Estes últimos personaxes fan de intermediarios nos conflitos de orde social, entre veciños e parentes, aínda que non sempre é así, pois ás veces son os que propician problemas, como é o caso do notario de Os folgos dun vello ou o interventor D. Ánxel Pelouro de Quen mal anda, que chega á parroquia e motiva as disputas no concello e entre o vecindario. Nalgún relato como “Na casa consistoreal” os protagonistas absolutos son o alcalde e os seus concelleiros.

Con respecto ás xentes da igrexa, os abades teñen tamén o seu papel preponderante nas aldeas ao influír na formación moral das familias. Vaian como exemplos relatos como Xesús, que fillo, Os quinientos do loro ou Soño de namorados. A presenza do clero en primeira plana, facendo un papel de asesor nos aconteceres cotiás das familias, non deixa de retratar unha realidade de modos de convivencia nas aldeas. Polo xeral, a imaxe é positiva, malia modificarse ocasionalmente cando se trata dun enfrontamento puntual entre os tipos rurais e os poderes eclesiásticos (*vid.* apartado ‘Na rifa’ de Contos de onte). Intervenien, como é obvio, durante certas celebracións relixiosas, ben sexa unha voda ou a festa da parroquia na honra dalgún santo.

Por outro lado, os emigrantes e a súa peripecia humana tamén están perfectamente considerados. Vémolos con oficios que nada teñen que ver coa realidade galega do rural galego decimonónico: repartidor de roupa, limpador, empregado nunha confiteiría, criado, etc.

Na lingua empregada polos personaxes encontramos certa vacilación con respecto aos usos idiomáticos, pois a tendencia habitual é que os personaxes de extracción social elevada (médicos, curas,...) falen a lingua castelá. Porén, exprésanse en galego xentes como o médico Don Benito de ¿E, non é moito, señor?, os gardas-civís en Un milagre das bombas, o cura de “Cousas da aldea” (moitos

outros abades aparecen nos relatos falando en galego), etc. Entendemos que este feito nada ten que ver cunha intención de normalización na escrita, optando por ignorar o uso do castelán nestas esferas, senón que cremos que está en sintonía co que é a representación da realidade, facendo referencia a persoas concretas non explicitadas.

Núcleos temáticos.

A prosa narrativa de Cruces é testemuña directa da emigración, en tanto que a súa propia experiencia vital como emigrante supón a expatriación dos seus costumes e da cultura na súa obra, na que encontramos a aventura dos galegos e galegas que se viron obrigados a desprazarse fóra do ámbito natal, fundamentalmente pola búsqueda dun benestar socioeconómico en países como Arxentina, principalmente, pero tamén outros como Brasil. A marcha supón a dor das xentes que se quedan, pensando nos sufrimentos dos que emigran, como vemos en ‘¡Que monada!’, no que un mozo se ve forzado polo pai a abandonar a terra nai, pois do contrario non lle dará consentimento para casar coa súa namorada. Poucos son os ‘retornados’ que encontramos polos relatos de Cruces, pero temos algúns exemplos, como o home de ‘Ca Forcada’ quen lle relata á muller uns peculiares males da emigración.

Encontramos ademais personaxes que nun momento determinado deciden emigrar pero que no último momento, quedan en Galicia. Tal é o caso dos mozos de ‘Volta pra aldea’, que prefiren traballar en terra e casar coas mozas, e de Paulos, o home de ‘Arrepentemento’ que volta á casa coa súa familia, avergoñado porque se ve incapaz de subir ao vapor. Tamén coñecemos a recién chegados á América, como os mozos de ‘Faladuría’ e ‘O estreno’ ou Juanito da noveliña ‘O casamento de sona’. Moitos son os que se refiren ao feito migratorio como unha equivocación: o abade de ‘Cousas da aldea’ enferma porque os feligreses marchan da parroquia “pensando que no Brasil atoparán mellores gananceas, mellore sosegos, e mellores alegrías”; as mozas de ‘Na Pontecesures’ piden a volta dos mozos para Galicia, etc. Neste rexeitamento da emigración pervive a idea de que o único sitio onde hai felicidade e saúde é na terra natal. Valídase só a marcha a América co-objectivo de gañar cartos (*vid.* ‘Na Avenida de Maio’). Para gañar diñeiro extra tamén viaxou ao estranxeiro Roque, o protagonista de ‘Os quinientos do loro’, e debido ás circunstancias nas que se viu mergullado, tivo que se empregar en Bahía (Arxentina) para poder pagar o billete de volta á Galicia. A vida cotiá do emigrante transmítese en relatos como ‘Conversa de pillerías’ e ‘Prencipeos do fin do mundo’.

Por outro lado, a estrutura tradicional da familia tamén queda reflectida ao longo dos relatos e son moitos os que retratan unha serie de comportamentos, usos e formas de vida que concernen ao matrimonio, e, por extensión, á unidade familiar. Asistimos a discusións de casados, como Andresiño e Taresa en ‘Barullo con festa’, ás argucias dos recién esposados, Daniel e Isabel, para quedar coa herdanza dos seus respectivos sogros en ‘Xogadas de sorte’; á lea familiar por estar o home mergullado en determinados asuntos políticos d’ ‘Un milagre das bombas’, ou ao tema dos ciúmes en ‘E, non é moito, Señor?’, etc. A violencia tamén está presente nalgúns deses relatos. En ‘Ca Forcada’, unha discusión que comeza por problemas económicos, remata coa morte do marido, ao descubrir que este lle foi infiel durante a súa estada en América; En ‘Un delito descuberto’ observamos un caso de violencia exercida sobre a muller, no que un home se delata diante do médico e no caso de culpabilizarse polo sucedido remata por dicir que ela ‘índa percisa outra tunda por faltarme o respecto ca ola do leite’. Eses conflitos conxugais están, polo xeral, moi en sintonía coas formas de control exercidas pola Igrexa Católica, e expostas á sanción da comunidade do vecindario, pois as relacións familiares non deixan de manter fortes vínculos de dependencia da comunidade, dentro dos lindes dunha sociedade tradicional.

Dunha maneira máis ou menos recorrente, outros dos temas que están presentes nos relatos son aqueles vencellados ao ámbito da xurisprudencia. Sen dúbida, a formación profesional de Cruces dá sentido a este núcleo. O interese por tratar este tipo de cuestións lévaos a inzar as páxinas de linguaxe administrativa e xurídica, no que os protagonistas teñen que lidiar con problemas de herdanzas, testamentos, así como dos abusos cometidos en contra dos intereses das xentes do rural. Malia ser o contido específico, acostuman ser simples anécdotas, que fuxen do carácter rigoroso deste tipo de temas. A denuncia do caciquismo por mor de quen fai as leis e o uso abusivo das mesmas está presente en relatos como ‘Quen mal anda’, ‘¡Que monada!’ ou “O pote da Vila”.

Corpus narrativo de Fortunato Cruces

Achegamos a continuación unha listaxe dos relatos por orde alfabética, ademais de informar en que libro(s) apareceu publicado cada un deles, así como da publicación e/ou reprodución en xornais e revistas, segundo o caso:

Título	Edición (libro)	Reedición (libro)	Publicacións e/ou reproducións en xornais e revistas
A misa do día dous	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>El Primitivo</i> , nº 30 (2/V/1908)
Arrepentemento	<i>Primeiras follas</i> (1898)	<i>Castañolas</i> (1913)	<i>Almanaque de Galicia</i> (1909) asinado coas iniciais F. C.
Barullo con festa	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 325 (6/II/1910), co título “Conto pasado”
Ca Forcada	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 22 (6/XII/1903) co título “Conto”
Centella que os coma	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 264 (6/XII/1908) coa sinatura C.T.V.
Conto amañado			<i>Nova Galicia</i> , nº 288 (23/V/1909)
Contos de onte. Verdades e mentiras	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		<i>Nova Galicia</i> , nº 931 (2/IV/1918)
Conversas de pillerías	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		<i>Nova Galicia</i> , nº 968 (5/XI/1919) coa sinatura Xan da Cañiza
Cousas da aldea	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		<i>Nova Galicia</i> , nº 960 (5/VII/1919)
Cumprir o testamento	<i>Castañolas</i> (1913)		
Dáme o dedal	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 8 (30/VIII/1903) e nº 237 (31/N/1908)
De criado a Señor	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 18 (8/XI/1903); <i>Almanaque de Galicia</i> (1909)
Desengaños	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Almanaque Gallego</i> (1899); <i>Revista Gallega</i> , nº 607 (4/XI/1906)
Dios e San Pedro	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Revista Gallega</i> , nº 202 (22/I/1899)
¿E, non é moito, Señor?	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , (5/I/1908) e nº 303 (5/IX/1909)
En Santa Eulalia	<i>Primeiras follas</i> (1898)	<i>Castañolas</i> (1913)	
Eu... ¿serei eu?			<i>Nova Galicia</i> , nº 1400 (28/III/1928)
Faladuría”			<i>Nova Galicia</i> , nº 4 (27/IX/1901)
La felicidad de Galicia	<i>Castañolas</i> (1913)		
Lindo rapaz	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 6 (10/X/1901) co título “Probe rapaz” (sinatura: Vetroles)
María Pita	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 143 (12/VIII/1906) coa sinatura F. D’AS †††
Medo			<i>Revista Gallega</i> , nº 277 (1/VII/1900)
Medos que pasaron	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 2 (13/X/1901) coa sinatura Vetroles; <i>Almanaque de Galicia</i> (1909)
Meiga de alcume	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 298 (1/VIII/1909) e nº 348 (18/IX/1910)
Miguel Medroso	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 16 (25/IX/1903), coa sinatura For-Cou, e nº 316 (5/XII/1909)
Na Avenida de Maio	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		<i>Nova Galicia</i> , nº 950 (4/I/1919) coa sinatura Xan da Cañiza
Na Ponte Cesures	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		<i>Nova Galicia</i> , nº 461 (6/V/1915) co título “No quinteiro”
Nacemento	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		
Nunha Casa Consistoreal	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 4 (2/VIII/1903) e nº 329 (6/III/1910), <i>Suevia</i> (Bos Aires), nº 2 (8/III/1913).

O estreno	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 190 (9/XII/1906) (sinatura: Vetroles)
O orixen dos apodos	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 142 (5/VIII/1906) coa sinatura F. C. de Vetroles
O pote da Vila	<i>Castañolas</i> (1913)		
O Rei do Araño	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 2 (12/VII/1903); <i>Almanaque de Galicia</i> (1909) co título “Por algo se empeza”.
Os folgos dun vello	<i>Primeiras follas</i> (1898)	<i>Castañolas</i> (1913)	
Os labradores	<i>Castañolas</i> (1913)		
Os quinientos do loro	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 227 (22/III/1908) co título “Os quinientos e pico”
Parola	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 214 (22/XII/1907)
Pau de ameneiro	<i>Primeiras follas</i> (1898) co título “Conto”	<i>Castañolas</i> (1913)	<i>El Eco de Galicia</i> , Habana, nº 766 (27/II/1897) co título “Conto”
Pintores e Poetas	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 6 (10/X/1901)
Pirmeiro... saca-lo demo!	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 157 (18/XI/1906); <i>Almanaque de Galicia</i> (1909)
Por dúas galiñas e un galo	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Galicia Moderna</i> , nº 24 (15/IV/1898)
Por estas +++	<i>Castañolas</i> (1913)		
Prencipeos do fin do mundo	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		
Primeiro amor, e último medo	<i>Castañolas</i> (1913)		
Probes, pero patriotas	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>El Eco de Galicia</i> , Bos Aires, nº 246 (20/VIII/1898) co título “Os probes”
¡Que monada!	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Almanaque de Galicia</i> (1909) coa sinatura F. Calvario
¡Que vale a perda!	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 8 (24/XI/1901) co anagrama Vetroles
¿Quen ganaría máis?	<i>Castañolas</i> (1913)		
Quen mal anda	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>El Eco de Galicia</i> (Bos Aires), nº 250 (30/IX/1898); <i>Nova Galicia</i> , nº 19 (15/XI/1903)
Raíces e papas	<i>Primeiras follas</i> (1898) co título “En Revixós”	<i>Castañolas</i> (1913)	<i>El Eco de Galicia</i> , Bos Aires, nº 247 (30/VIII/1898)
Recordando a miña terra e a Rosalía Castro	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 376 (19/XI/1911)
Sempre contigo morena	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		
Sermón a San Xuan	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 267 (27/XII/1908) co título “No días dos Inocentes”
Soño de namorados	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 351 (5/XI/1910)
Un casamento de sona	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		<i>Nova Galicia</i> , nº 995 (30/XII/1920)
Un cristo entre dous coches	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 311 (1/XI/1909)
Un delito descuberto	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 263 (29/IX/1908)
Un milagre das bombas	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 16 (25/IX/1903); título: “O milagre das bombas”
Unha desfeita	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 2 (13/XI/1901)
Unha diabrura	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Revista Gallega</i> , nº 275 (17/VI/1900)
Unha picardía	<i>Castañolas</i> (1913)		
Vinte e un cañonazos	<i>Cousas Gallegas</i> (1923)		<i>Nova Galicia</i> , nº 1 (6/X/1901)
Volta pra aldea	<i>Castañolas</i> (1913)		
¡Xesús, que fillo!	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Nova Galicia</i> , nº 7 (17/XI/1901) coa sinatura Vetroles; nº 129 (6/V/1906) e nº 272 (31/I/1909) coa sinatura F. C. de Vetroles
Xogadas con sorte	<i>Castañolas</i> (1913)		<i>Almanaque de Galicia</i> (1909) co título “O triunfo do xogo” (sinatura: F. D’As †††)

Criterios de edición

Esta edición de textos narrativos de Fortunato Cruces Angueira comprende todos os relatos de *Primeiras Follas* (1898), *Castañolas* (1913) e *Cousas Gallegas* (1923), así como aqueles que publicou de maneira illada nas diversas publicacións periódicas nas que colaborou.

Con respecto ós textos, a versión que se presenta é a da súa edición en libro. Os relatos de *Primeiras Follas* foron reproducidos en *Castañolas*, polo que os textos que son presentados son os “Contos” do segundo libro de Cruces. Deste modo, tómasse sempre como referencia a versión última da súa edición en libro. Con todo, comparamos as versións publicadas en volume coas reproducidas en diversas revistas e xornais, co fin de reflectir as variantes que presentan, e que son fundamentalmente ampliacións ou simplificacións do autor, opcións ortográficas, etc. As variantes existentes dánse a coñecer en nota a pé de páxina para que o lectorado dispoña da información íntegra, da mesma maneira que indicamos o lugar e a data de publicación, así como outros comentarios relevantes.

Así pois, reproducense todos os textos recollidos baixo os apartados “Contos”, dos libros *Castañolas* e *Cousas Gallegas* malia algúns deles non seren estritamente literarios, como é o caso de “21 cañonazos”, a primeira editorial de *Nova Galicia*, ou “Pintores e poetas”. Só quedou excluído, por estar escrito en castelán, un: “La felicidad de Galicia”. Do mesmo xeito, reproducimos o “Prólogo” e a “Pláteca-Introito” de *Castañolas*, así como o limiar de *Cousas Gallegas*, que levou o título de “A los gallegos emigrados de América”³⁴.

Segundo o criterio seguido por outras publicacións anteriores nesta colección, respectamos todas as variantes fonéticas, morfolóxicas, léxicas e sintácticas, mantendo as vacilacións do autor, posto que como outros casos do galego do século XIX, e principios do XX, amosa o máis fielmente posíbel a fala popular.

Mantivéronse ademais as particularidades morfosintácticas, como a indebida colocación dos pronomes persoais átonos, castelanismos, hiperenxebrismos, coloquialismos ou dialectalismos, pois a actitude contraria sería desvirtuar a lingua do autor e empobrecer a nosa edición. Indicamos ademais que debido á vacilación respecto ao uso das segundas formas do artigo tras a forma verbal, optouse por deixalas tal e como aparecen representadas nos textos, actualizando soamente a posición do trazo.

³⁴ O prólogo de *Primeiras Follas* está reproducido neste volume no apartado dedicado á produción literaria do autor.

Limitamos a nosa revisión ao nivel gráfico, seguindo a normativa oficial da lingua galega:

- Actualización do til en todas aquelas palabras agudas, graves e esdrúxulas que corresponda e eliminándoo naquelas que é impropcedente.

- Supresión do apóstrofo adoptando, segundo os casos, diferentes solucións. En contraccións ou en usos innecesarios, como nas contraccións das preposicións *con* e *de* co artigo, demostrativo, indefinido ou pronome persoal. O resultado da contracción da preposición *para* co artigo determinado é: *pró/prá, prós, prás*, de maneira que quedan así diferenciadas as parellas *pero/pro* de *pró*, e *para/pa* de *prá*. En formas nas que o apóstrofo indica unha elisión vocálica e aparece entre dúas palabras independentes, incorporamos a vogal ou a consoante, separando ambos termos.

- Eliminación do trazo nas contraccións: *n-un>nun, n-este>neste*; en palabras nas que tampouco se usa: *y-arredor>i arredor*, ou nos pronomes átonos enclíticos: *agardábas-me>agardábasme* e nos de terceira persoa en posición proclítica: *vel-o hai... val-o traballares...* Mantéñse o guión cando se fai a segunda forma do artigo, corrixindo sempre a posición do trazo.

- Actualización do uso de *b/v*; supresión ou recuperación de *h*. Ademais substituíronse as grafías inexistentes na lingua galega, que mudamos polo –i– latino.

- Adecuación do uso da acentuación: os acentos circunflexos e graves foron cambiados, nos casos, polo agudos, cando son prescriptivos, e suprimíronse cando foron innecesarios.

- Regularización dos signos de puntuación, de entoación (exclamación e interrogación), comiñas ou parénteses. Así mesmo, respectouse o uso das maiúsculas, así como aquelas palabras grafadas en cursiva.

Abreviaturas

AdG	<i>Almanaque de Galicia</i>
EdG	<i>El Eco de Galicia</i> (Habana)
EG	<i>El Eco de Galicia</i> (Bos Aires)
NG	<i>Nova Galicia</i>
RG	<i>Revista Gallega</i>
S	<i>Suevia</i>

Bibliografía

- Acuña Trabazo, Ana *et alii* (ed.). 2007. *Pontevedra literaria*, Pontevedra: Concello, Concellaría de Cultura; A Coruña: Fundación Caixagalicia, pp. 151-152.
- Álvarez de Nóvoa, Francisco. 1988. *Pé das Burgas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, introd. X. L. Méndez Ferrín, ed. e notas de Valentín Arias (1ª ed. 1896).
- Carballo Calero, Ricardo. 1981. *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Editorial Galaxia, 3ª edición.
- Carré Aldao, Uxío. 1911. *Literatura Gallega*. Barcelona: Casa Edit. Maucci.
- Couceiro Freijomil, Antonio. 1951. *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. 3 volumes, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Cruces, Fortunato. 1898. *Primeiras follas: contos e coplas*. Buenos Aires, Imp. El Imparcial.
- Cruces, Fortunato. 1913. *Castañolas: contos, cartas, discursos, cantares e outras cousas*. Buenos Aires, Imp. Latina de Eugenio Péllaco.
- Cruces, Fortunato. 1923. *Cousas gallegas*. Buenos Aires, Imp. La Iberia.
- Díaz, Avelino. 1955. “Don Fortunato Cruces, decano de los periodistas gallegos en Argentina: [Entrevista]”, en *Galicia emigrante*, ano 2, nº 14, pp. 23-24.
- Hermida García, Modesto. 1995. *Narrativa Galega: Tempo de Rexurdimento*. Vigo: Xerais, col. Xerais Universitaria.
- Hermida García, Modesto. 2000. “A prosa narrativa no tempo de Rexurdimento” e “A prensa e as institucións da emigración”, *Galicia. Literatura: Os Séculos Escuros. O Século XIX* (coord. A. Tarrío Varela). A Coruña: Hércules de Ediciones, tomo XXXI, pp. 411-461 e pp. 486-512.
- ILG/RAG. 2003. *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega, 18ª edición.
- Martínez Morás, Andrés. 1907. *Siluetas: primera serie*, Buenos Aires (Imp. A. Arias-Lantero), pp. 101-106.
- Neira Vilas, Xosé. 1988. *Índice da revista El Eco de Galicia: (A Habana, 1878-1901)*. Sada: Edición do Castro, col. Ensaio. Series bibliografías.
- Neira Vilas, Xosé. 1993. “Fortunato Cruces non volveu a Lestrove”, en *Faro de Vigo*, “Memoria da Emigración”, 14 marzo, p. D/5.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel. 2010. “Periodismo, patriotismo «regional» y estrategias de liderazgo: Fortunato Cruces, José R. Lence y los gallegos de Buenos Aires (1900-1936)” en *Patriotas entre naciones: Elites inmigrantes españolas en Argentina* (dir. M. García Sebastiani). Madrid: Editorial Complutense, pp. 273-305.

Peña Saavedra, Vicente (dir.). 1998. *Repertorio da prensa galega da emigración*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Pesqueira, Joaquín. 1913. “El libro de Fortunato Cruces: “Castañolas”, en *Suevia: revista gallega regionalista* (ed. facs.), nº 8, 1913, pp. 9-10.

Quintáns Suárez, Manuel (ed.). 2008. *Almanaque de Galicia*. Santiago de Compostela : Secretaría Xeral de Política Lingüística : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Santos Gayoso, Henrique. 1990. *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*. Sada: Edicións do Castro, col. Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 52.

Tarrio Varela, Anxo. 1994. *Literatura galega: aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Vilanova Rodríguez, Alberto. 1966. *Los Gallegos en la Argentina*. Buenos Aires: Edicións Galicia, 2 vols.

VV. AA. 2003-. *Gran Enciclopedia Galega-Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso; Pontevedra : El Diario de Pontevedra, Tomo 12, p. 254.

Publicacións periódicas consultadas

Acción Gallega (1920-1925, Bos Aires)
Almanaque de Galicia (Bos Aires)
Almanaque Gallego (Bos Aires)
Boletín oficial de la Sociedad Nueva Casa de Galicia (Bos Aires)
Boletín oficial del Centro Gallego (Avellaneda, Bos Aires)
Boletín Oficial del Centro Gallego de Buenos Aires (Bos Aires)
Correo de Galicia (1898-[19—], Bos Aires)
Correo de Galicia (1908-1945, Bos Aires)
El Correo Gallego (Río de Janeiro)
El Eco de Galicia (Bos Aires)
El Eco de Galicia (Habana)
El Heraldo Gallego (Bos Aires)
El Primitivo (Bos Aires)
Galicia Moderna (Pontevedra)
La Colonia Gallega (Bos Aires)
La Defensa (Betanzos)
La Voz de Galicia (1913, Bos Aires)
Noticiero de Galicia (Bos Aires)
Nova Galicia (Bos Aires)
Revista Gallega (A Coruña)
Suevia (1913, Bos Aires)
Umia y Lárez (Bos Aires)

Fontes hemerográficas

- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela
- Biblioteca da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela
- Biblioteca da Real Academia Galega
- Biblioteca do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela
- CSBG (Catálogo colectivo de prensa galega en bibliotecas do Sistema Bibliotecario Galego)

Castañas

FORTUNATO CRUCES

(alias VETROLES – CAÑIZA)

CASTAÑOLAS

*

**CONTOS, CARTAS
DESCURSOS, CANTARES
e outras cousas**

Buenos Aires
“Imprenta Latina” de Eugenio Péllaco
1913

PRÓLOGO

No me creo, lector, autorizado para encabezar con mi firma esta serie de páginas en las que un cerebro y una alma completamente identificados con los tuyos, te hablarán en el dulce y mimoso dialecto patrio, de cosas que te son queridas, y que del fondo de tu corazón resurgirán lozanas, evocadas por una pluma que sabe arrancarlas del natural con el vigor y la verdad de un naturalismo sano y fuerte.

Mejor que yo, conocéis todos vuestros el estilo y el fondo con que nuestro infatigable compatriota traslada al papel las escenas y las impresiones de la vida regional; y hace catorce años que en NOVA GALICIA buscáis con predilección sus cuentos y sus romances, sus inimitables cartas entre los ausentes, saturado todo ello de ese carácter simple, despretencioso y ameno, de un estilo en el cual su mayor encanto consiste en la carencia de todo efectismo dialéctico, de toda pirotecnia literaria, para impresionar el ánimo por la fuerza única y perdurable de la fidelidad, del realismo y de la sencillez.

Vosotros que tan bien lo conocéis, repito, y que tan lealmente os mantenéis a su lado, fieles a las viejas y nobles tradiciones de Galicia, al leer sus cuentos y sus romances y sus cartas, vais a vivir de nuevo algunas horas la bella vida de los campos gallegos, con sus gracejos sutiles y maliciosos, sus melancolías saudosas y tiernas, su naturalismo socarrón y pícaro.

*Fortunato Cruces, largos años ausente de la patria, ha conservado incólume en el fondo de su alma todo el sentimiento regional con una vida y un vigor que las rudas horas del destierro no han conseguido amortecer, y que los desencantos y las vilezas y las alevosías, no consiguieron tampoco debilitar ni aún en los amargos días de fieras y nobles campañas periodísticas, verdaderas cruzadas por el prestigio, por la honra y por el nombre de la patria gallega; y por eso en las páginas de **Castañolas**, tan luminosas y tan enxebres veréis resplandecer ese fulgor dulce y suave de las alboradas gallegas, retozonas o tristes, picarescas o melancólicas, que sintetizan de una manera inconfundible y definitiva, el carácter de la raza.*

En cualquiera de sus páginas habréis de encontrar una frase, una escena que os son completamente familiares, que todos vosotros habréis visto en vuestra aldea, que os habla en vuestro lenguaje, y que os arranca forzosamente una sonrisa del corazón o de los labios porque os dice en vuestro propio idioma todo aquello que vosotros mismos guardáis como un recuerdo o como un pensamiento imperminado en el fondo de vuestras almas.

*Esta verdad y esta sencillez constituyen, uno de los más raro méritos de **Castañolas** porque son la misma sencillez y la misma verdad de la vida aldeana, tan lejos de la vista y tan cerca del corazón, y os despierta con delicioso arrobamiento del sueño trágico y convulso en que duermen los sentimentalismos, en medio de la rectilínea aspereza de la vida americana.*

Fortunato Cruces, al transcribir la vida gallega, no ve ante sus ojos más que bellos cuadros del amor, del gracejo y de la romería, y raramente os evoca las figuras siniestras del cacique y del cura rural; es más propenso a la socarronería que al dolor, y más adaptable a las añoranzas melancólicas que a las tragedias.

*Y por eso precisamente que yo entiendo ver en **Castañolas** un libro genuinamente gallego, viva expresión y reflejo fiel del carácter regional, porque es preciso confesar, que todas las tentativas realizadas por los poetas gallegos, para hacer evolucionar nuestra literatura en sentido heroico y épico han fracasado completamente, no por falta de inspiración ni de mérito, sino por carencia de ambiente, por no adaptarse al carácter y al temperamento de la raza.*

Así hemos visto perderse sin fruto alguno, hermosas concepciones de Pondal, García Ferreiro, y otros buenos poetas, realmente inspiradas y vigorosas, mientras perduran y no se extinguirán jamás simples romances de Rosalía Castro, Curros Enríquez, Pérez Placer, Lamas Carvajal y otros tantos que tan maravillosamente han pintado cuadros campesinos de fascinadora realidad.

Es completamente inútil pretender que el carácter de una raza tan original como la gallega, pueda transformar sus íntimos sentimientos por el esfuerzo de algunos literatos.

El gallego será eternamente melancólico, socarrón, enamoradizo y apegado al terruño.

Si son caracteres de la raza no está muy claro ni muy fácil de definir; pero descontada la leyenda infantil del celticismo y de la vieja Suevia, parece más bien haberse adaptado al ambiente local, factor poderosísimo de la evolución de todas las razas, porque precisamente en las regiones europeas como Irlanda y Bretaña topográfica y climatológicamente idénticas a Galicia, predomina en la raza el mismo temperamento e igual sentimentalismo, sin que hayan sido suficientes a probar el primitivo y común origen la gaita de Galicia y de su Bretaña, la cornamusa irlandesa y los dólmene desparrramados por aquellas regiones.

Mas, dejando a un lado estas debatidas y embrolladas cuestiones históricas, parece evidente que bajo los robles centenarios y los pinares sombríos y los prados amarillentos y el celaje gris y el sol pálido, el alma se deja influir por esas emociones ligeramente tristes y profundamente reflexivas que forman las almas con una mezcla de austeridad y de sutileza que definen admirablemente el temperamento de los gallegos, de los irlandeses y de los bretones.

Por eso creo firmemente que la literatura regional no es otra, ni puede serlo, que la inspirada en los escarceos amorosos, en las malicias de los litigios,

en el bullicio de las romerías, en la promiscuidad sexual de las faenas agrícolas, en la lucha con la pobreza y en la nostalgia del hogar perdido y de la aldea lejana.

Cantando estos temas siempre reales y siempre nuevos, se han inmortalizado los precursores y se ha creado una literatura original y popular; que ha penetrado en el corazón del pueblo y le ha hecho sentir aquello que expresar no podía.

*Fortunato Cruces sigue por ese mismo camino y os presenta con una verdad y una sinceridad irreprochable, todas esas escenas que vosotros habéis vivido de los que habéis sido actores o testigos y al recorrer las páginas de **Castañolas** en la soledad de vuestra alcoba, se borrará de vuestros ojos el ingrato panorama de la urbe, se calmará la fiebre avara de vuestra frente, sonreirá alegremente vuestro corazón amargurado, y veréis vuestros bellos campos, os deleitaréis en la contemplación de vuestros mozas y viviréis algunas horas con todos aquellos que con vosotros han vivido y sentiréis dentro del alma toda la alegría y toda la luz de aquella encantadora tierra en la que tenemos nuestros corazón y nuestra alma y en la que por última vez quisiéramos anegar los ojos en la final palpitación de la vida.*

Francisco Á. de Nóvoa³⁵

³⁵ Francisco Álvarez de Nóvoa Ferrer (Granada, 1873-Ourense, 1936) instalouse ao redor de 1913 na capital arxentina, logo dunha estada en Río de Janeiro. En Bos Aires foi fundador, xunto con Fortunato Cruces, do xornal *La Voz de Galicia*, que botou o peche en 1915, ano no que rematou o periplo sudamericano e volveu a Galicia.

Pláteca – Introito

Miña eterna gratitú estámpoa en primeiro térmeno, en homenaxe dos señores anunciantes de negoceos que van o final deste libro, e os coales recomendo moi especealmente.

O AUTOR

Leutor que me entendes.

Alá polo mes de Outono de mil oitecentos noventa e oito, pubriquei en Buenos Aires un pequeno ensaio «*Primeiras Follas*» de contos e copras: ramiños de herbas silvestres conque nos minutos de folganza me enredaba gozoso, adorando un Sagrareo a Virxen Galicia e a casa do meu berce.

Ese libriño tuvo a virtù de estar feito no intre en que os dous «Orfeóns Gallegos», inda hoxe eisistentes nesta Ciudá, acudían ás romaxes españolas que nese caso se facían no Boulevard Iriarte, en Barracas o Norte. As Xuntas directivas que iban por cabeza, os animosos soceos que forman a porcesión de coro e músicas, as bandeiras i estandartes, os pandeiros e castañolas, quixeron honrar de camiño, a miña persona sempre amiga sinceiras das eles, e a cantarme viñeron na calle Xorxe 750.

Eu iñoraba aquelas grandes vesitas de dúas centas almas cada Orfeón: eu faciame Cruces pensando en que forma garimosa recibilas, de que xeito convidalas: faltábame diñeiro e tempo. Alí diante da porta escoitei dúas parrandas de groria. Estonces axeiteime nun tallo, e con bágoas de alegría repartínlles ducias de palabras de agradecemento misturadas con *Primeiras follas*, a cada irmán que facía número naquelas laureadas Sociedades.

Foi así como empezaron voando os meus contos e cantares na América, ordinareos na feitura, pero mollada no pozo do meu corazón, e no cariño da terra, a pruma con que os esquirbín.

Continuei **pra diante** nos mesmos enredos e funos espallando nas columnas de *El Eco de Galicia*, *Correo de Galicia*, e *Galicia Literaria* de Buenos Aires; *La Voz de Galicia* e *Revista Gallega* da Cruña; *Gaceta de Galicia* de Santiago; *El Miñor* de Bayona; *Galicia Moderna* de Pontevedra; *Heraldo Guardés* de La Guardia; *Follas Novas e Galicia* da Habana; *O Correo Gallego* de Rio de Xaneiro; *La Tribuna Popular*, *El Correo Español* y *El Día* de Montevideo; en *Boletins* oficiais de distintos Centros; i en *Nova Galicia* que enxendrei e vive conmigo, desde 1901. Firmei tódolos meus enredos, parte co meu nome propeo, e noutros poñendo o al-

cume de *F. C. de Vetroles*, ou *Xán d-a Cañiza*. Máis pereódecos, e xentes maiestras de letras, me alentaron a min e os duos ollos da miña cara Vetroles e Cañiza, con felicitaceóns e citas. Entre esas están o meritoso libro *La Literatura Gallega en el Siglo XIX* estampado na Cruña o ano 1903 polo esquiretor don Eugenio Carré Aldao, Sacretareo da «Academea Gallega»; tamén un artigo sobri-me do elustre Mariano Miguel de Val, publicado en «*El Mundo*» de Madrí e traducido no *Jornal do Brasil* o 22 de Outubro de 1905, baixo a epígrafe «Impressões da Hespanha» e igual nun libro «*Siluetas*» do correuto pereodista M. Martinez Morás, feito en Buenos Aires no ano 1907.

Eses aprausos e faladurías boas os meus tres nomes, fixéronme máis churruqueiro, e inventei e asistín a troulas gallegas con descursos e muiñeiras, fun a casamentos e bautismos e outras comedélas, o caso é, que, tantas séconas-tréconas, derónme «pau» dabondo pra facer este reste de **Castañolas**.

Van así bautizadas estas segundas follas en memorea da regueifa que bailei e ganín en Lestrove o ano 1893 en compañía dunha moza Taresa a Cuca, no casamento de José Varela Angueira con Ramona Lorenzo, da coal regueifa gardo aínda as «Castañolas» que garboso lucín o compás da rebeirana que maxistral tocou o señor Gergoreo da Trabanca.

Non quero que o leutor sexa indulxente connigo: heille de estimar mellor, que me arree paus, e onde vexa faltas mas condene pra eu correxirme o meterme noutros calzóns de trinta varas. Egoalmente agradecerei, pero moitísimo, de verdá, que cada leutor propague este libro entre cantos conocidos gallegos teña. Pois desa maneira verei alcanzados os meus deseios, que por agora calo.

Dedícolle este libros a meus vellos pais, e a Galicia; ca adevertencea especeal de que gardarei un reconocemento de gratitú eterna prós señores de quen van o final destas páxinas os anunceos dos seus destintos comerceos. A eles débollas o milagre do que **Castañolas** vexan a a luz do día; eles son os padriños desta roupaxe: sin eles seguiría eu preñado sin astreverme a parir por falta de «cadelos», pois os avisos ditos costean este enxamio de follas, e a utelidá de oito mil libros será deste «cura».

Posto que agora sabe o leutor que Vetroles e Cañiza, son eu mesmo, despídome de tan célebres compañeiros cun abrazo de cariño de pai, polo fortalecemento que deron o meu nome.

*Ogallá que estas mil cousas
«rádium» teñan, «imán» leven
que os emigrados dén forzas
e a Galicia os arrecheguen.*

Fortunato Cruces
Buenos Aires, Febrero de 1913

CONTOS

Recordando a miña terra e a Rosalía Castro

Feixes de olivo e loureiros
non chegan pra coronar
a fronte desa poeta
que tan ben soupo cantar.

O libro de Follas Novas
faina pra sempre inmortal:
merece esmaltarse en ouro
e pórse nun pedestal.

F. CRUCES

Na provincia da Cruña e pretiño da Vila de Padrón, hai unha aldea que lle chaman Lestrove, que anque pequena, é moi bonita i alegre; e Dios, así como hermosteou Galicia enteira con destintas riquezas, marabillas, encantos e pinturas, tampouco apartou os ollos daquel lugar, facendo nacer unha fror en cada palmo de terra.

Alí os veciños, teceláns e labradores, probes pro moi risoños e cheos de robustez, teñen ó lado dos seus casuchos, xerdíns de verduras e figueiras³⁶, e por calquer camiño que se atrevese, non sealcontran sinón mozas graceosas, rapaces divertidos e vellos con cara de salú.

Empezan as faenas dos traballos ó sentirse chiar os eixes dos carros que pasan pola carreteira real con leña prás vilas, e millo prós mercados, ou cando se oí a crara voz dun compoñedor de cestos que vai pregoando seu oficeo polas tortas calles, ó mesmo tempo que os raios do sol aparecen por cima dos montes e os melros redobran nas ponlas de carballos e bieiteiros.

Á man dereita, mirando ó Sur, e no alto do lugar, xunto duns muíños, está unha antiga casa, xa un pouco desfeita polas ducias de anos que pesan nela, e noméase «Torre dos Hermidas», tendo na fachada dous escudos de nobreza.

Arrimado a ese castillo, hai unha longa eira de chan lousado e ó seu redor uns ringreiros de naranxos, noceiras, granadas, olivos e loureiros.

Estar alí sentado é unha delicea, non soilo por ver tantas crás de frutales, tantas follas verdes, rosas e caraveles, sinón tamén mirando como unha fonte solta auga por tres caños, que se esparrama por uns regueiros pra refrescar as herbas dunhas anchas campías: volvo a decir, alí éncense de sangue as venas que están sequiñas, e os corpos enfermos crían forza, porque o aire que se respira vén dun bosque de pinos mansos, e oise o baralluso canto dos gorreóns mesturado co dos laverco e pardillos: vense as veigas traballadas e galeóns que andan de pesca por xunto das «Torres do Este» entre a Puebla e Rianxo.

³⁶ 'e frutales' (NG)

Pois ben; na dita eira virou os meus ollos, unha muller notabre, sobriña dos Hermidas, que foi alí algunhas ocaseóns, buscando alivio ós males de que se queixaba, e anque triste, esquirbía versos tan dulces e sentimentales, que perduran no corazón dos gallegos.

¡Pobre!... Morreu cando máis precisa era na rexión a súa existencia, e a Suiza de España e a biblioteca gallega perderon unha grorea.

Fuxín da escola pra ir ó enterro desa señora, e sempre que ós meus oídos chegaron os toques do esquilón de Iria-Flavia, me caían bagullas, pois anque rapaz pequeno, xa sabía sentir, i ese esquilón nubroume a ialma cando a esa santa poeta metían na cova dentro daquel solitario cimitero.

Mentras que alí estivo enterrada, cando lle poñían uns faroles de aceite alcendidos o día de defuntos, as miñas mans cravaban nos terróns da sepultura un manxiño de follas de olivo e loureiro, levadas da eira dos Hermidas.

Agora ese corpo querido dorme nun sepulcro dentro do Convento de Santo Domingo en Compostela, por máis que os deseios de autora de «Cantares gallegos» e «Follas Novas» eran de que non a sacasen do adro de Santa María.

Pra recordo eterno desa autora, falta unha cousa: que no paseo do Espolón da Vila de Macías, se levante unha estatua do corpo de Rosalía Castro de Murguía.

Os gallegos sempre patreotas, debían facer esa obra³⁷.

³⁷ En *NG* informa ao final que este conto é “De un libro empezado”.

Primeiro amor, e último medo

A ver, señor Nicomedes, díganos un contiño de algo que lle pasase cando era mozo.

—Moi ben; irse sentando ó redor desta mesiña, baixarlle un pouco a luz ó quinqué, poñédelle os ferrollos á porta, quedade caladiños namentres vos falo, e... anque sintades rasguñar no tellado, non asustarse.

—Cando tiña eu dezasete anos, empezoume a sangue a bulir no corpo, como as augas da marola da Cruña; xa me gustaban as meiguiñas mozas no falar, churrusqueiras no vestir, e donairosas no camiñar. Ónlle decir a meu tío algunhas veces que en Arteixo e Guillarei vira rapazas de moito mimo, guapiñas, bah!... pro eu xúrovos polo raio dun callo que o zoco me fixo, que no lugar de Miñortos... ¡virxen da Pastora!... alí son verdadeiras mazáns de Turquía, panales de mel, frores de Galicia.

¿I ese é o conto Señor Nicomedes?

—Calma, que tamén eu a tuven cando apurado quería conseguir os meus deseios, e Dios doume pacencia unha vez que xoguei seis reás á lotería e non tuven premeo. De sentemento quixen arrincar a patilla, pro medítei que non tiña culpa a miña barba.

—Atenceón, pois xa sinto os espíritos no faiado.

—¡Asús! Señor Nicomedes; fálenos de cousas alegres.

—Agora veñen... pro, non vos acheguedes tanto a min... ¡que medrosos!... Un víspra do Apóstol, salimos de Lousame uns cantos mozos i alá nos fomos a ver os fogos a Santiago. Cando botaron o grobo grande, tropezamos cunhas cantas mozas, e como a boca non é de pau, faleille á que me pareceu máis bonita, contestoume con boa cara, fíxena rir, deixei marchar ós meus compañeiros, e... ¡que-deime cas de Miñortos! Aquí empezou a miña vida de galán.

—Tuvemos aquela noite por pousada as calles e paseo de Compostela. Todos tocaban e cantaban: Consuelo e mais eu, en medea hora de conversa nos queríamos: xa pasamos da Manchuria pra Cuba, ou sea do frío pró calor. Non facíamos caso nin de luminacións nin de música; falaba eu e a rapaza respirada pró seu peito as miñas tenras palabras: contestábame ela, e... ¡zas! enchíase o meu estómago como si fora de dulces e almendras.

—E ti, ¿que oficeo tes? me preguntou a rapaza. Sonche barbeiro en Louzame, lle repriquei. Sin máis trastes que un tallo, unha botella de auga, un anaco de xabón, unha barreña de lata, unha manga de camisa, i a navalla, gano cada domingo, antes da misa parroqueal, vinte pezas do can pequenas ¡catro reás! i en xunto fago no mes, sete pesetas e medea.

Pola somana dou algunhas leucións de fruta, i ademais, sei medir leiras pra escrarecer estremas ou lindeiros... e... teño connigo un bo choio, i estou del moi gárboso; non son palanquín nin pachorra, o coal dame dereito a pretenderte.

E ti... Consueliño... ¿que fas en Miñortos?... Chambras e mantillas, me respondeu: sonche custureira, e sei facer tamén os traballos percisos da casa; i algúns outros que inda pola miña man non pasaron e que debe adeprender unha muller pra casarse, mal será que non me queden na cabeza despois que os pergunte e mos ensenén unha vez. Falas con acerto, lle dixen. Con esto quedamos en palabra de ir a visitala i alá me fun o primeiro sábado.... ¡primeira noite de tuna fóra da miña aldea!...

Pasín dúas horas en Miñortos ó lado de Consuelo... ¡horas de gloria! falamos nese pouco tempo o que outros inda non falan en seis meses. Si nostro Señor dera a remolacha tan lixeiramente, podían collerse doce ceifas no vrán.

—Como vosoutros sabedes, temos a costume os vellos de contar cousas que nos decían os antigos, de mortos e trasnos. Cando eu fun pra Miñortos non me viñeron á mamoria semellantes andromenas... Pro... meus amiguiños, despois que salín da casa de Consuelo, ó pillar camiño de volta pra Lousame, por antre campías e carballeiras, sendo as once da noite, escura como as prumas de corvo, acordeime desa tal compañía, das figuras dos demos con cornos e rabo...¡uh!... eu xemía como si trouxese unha pipa de viño ó lombo... Quería dar pasos miúdos i as pernas se encollían: quería seguir dereito i a cabeza me levaba prós lados: cando cheguei á congostra do cruceiro... ¡ai... San Felipe de Noia!! alí meus amiguiños vin o inferno; astra o reló quedou parado co medo... Quixen botar un atruxo e xa non tiña folgos: quixen empuñar o pau de moca, tampouco tiña forza...

—¿E que vía diante de vosté, señor Nicomedes?

Unha pantasma: luces que se achegaban a min e fuxían... outra cousa que quería collerme... Pro no intre, acordeime da frauta, entornilleina, puxen o buxeiro no labio, soprei, repinicaban meus dedos co medo, e da repinicadura saleu unha desas muiñeiras que eu sabía tocar pra melloría dos enfermos, e salvoume a min o mesmo, pois sin pensar cheguei ó soto. Así e todo, cando me metín na casa me parece que do lado de fóra facían forza, costándome traballo poñer a tranca.

—Agora vouvos a preguntar.

—¿Que debía facer eu pra poder salir da aldea a onde quixera ir de troula, especealmente a Miñortos?

—Levar consigo compañeiros.

—Sería unha vergonza.

—Dormir nos lugares onde houbese ruada e virse ó amanecer.

—Eso daría lugar a conversacións en perxuicio do meu crédito e fama das mozas con quen falase.

—Imposible, pois ós dezasete anos non se pode un contentar con unha soila rapaza.

—¿E logo como se arregrou?

Enchín a cabeza de xenio e metín coraxe nos ollos... ¿quedarme por medroso na aldea? ¡¡que me sailan ó camiño pantasma, trasnos, defuntos, e cantas

bruxerías encerre a escuridá da noite! ¡que me sailan tamén peitos valentes a poñerme estorbos nas cancelas dos lugares! ¿pra que teño a man dereita? ¿pra que gasto pistola? Todo eso decía eu, e con firmeza salín do grado de rapaz, entrei no dos mozos i o medo perdín.

—Conque, aporveitade a vosa mocedad e teredes que contar de vellos cousas moi chocantes.

Os folgos dun vello

Unha mañán, como de costume, xicaba Alberto da horta das verduras ós paxaros e galiñas que nas follas iban peteirar, cando no instante o chamou un curmán, pedíndolle de favor que fose á vila buscar ó Notareo pra facerlle o testamento do pai, que, según decía o ciruxano, a vida del estaba presa dun fio.

—E ti, meu curmán— (lle contestou Alberto) —¿sabes si teu pai está disposto a firmar ese papel?

—Como o médeco dixo que non sanda, preguntámoslle Celestina, Delores, Andrés e mais eu, si quería repartir en vida as leiras, casa e gando pra que entre nós non haxa pelesas e preitos na hora da morte del: non lle gustou moito a pregunta, pro dixo que trouxesen ó Escribano hoxe mesmo.

—¡E non se había de enfadar teu pai, meu curmán! ¡Cantarlle eses responsos en vida, e matar un corpo máis axiña!

Ó meterse o sol, entraba na casa do enfermo o Señor Notareo, e os fillos daquel levárono á cucuña pra decirlle —Mire señor, o agriño da fonte que me toque a min— Escoite, a leira da cancela poña no meu nome. —Señor, héille de estimar que nesta casa non me perteneza polo vendaval, mellor pró norte.

—Pero vaya, un laberinto en el que yo me encuentro; (falaba o Notareo) ¿y ustedes se creen que estas cosas se pueden hacer tan informales? Un testamento no es freír patatas; vamos al lado del enfermo y si a mi juicio tiene la capacidad legal para el caso, se consignará en la escritura la voluntad del testador; en otro caso, mi pluma no dará fe.

Xa ó lado da cama do señor Patriceo, que ben pudiera oír as pretenseóns dos fillos, preguntoulle ó notareo á vista de moitos veciños e parentes que alí se xuntaran, polos apellidos, cantos anos tiña, como se chamaran os pais, cantos fillos tuvera, de que maneira lle habían de facer o enterro e de que xeito dispoñía dos bens.

—Pra contestarlle, señor escribano, (dixo o vello), teño que na cama sentarme, e quero me traian a vara de aguillón que tantas veces me acompañou ás feiras pra apoiarme nela.

Feito así, levantouse o señor Patriceo, como por encanto, i enfurecido de rabea, aguilloadas dun lado i aguilloadas doutro, todos fuxiron do sobrado cheos de medo.

E ninguén quixo crer que aquilo fora malicea, sinón que lle botaban a culpa ó díaño.

O Rei do Araño

I

Feliberto Papías era un mozo de dez e nove anos, aínda sin bigote, e sin espranzas de telo, porque no labeo de xunto a nariz tivera unha escaldadura de marca maior.

Tiña por oficio barbeiro e sacamoas os Domingos; sancristán da capilla anexa da parroquia todas as mañáns da semana: xornaleiro pra calquer traballo nas demais horas do día; pois tanto remendaba pantalóns, como facía cestos; o mesmo lle daba move-la terra co legón, ou serrar pinos, como podar figueiras e ir pescar troitas.

Da comida nunca se queixaba, gustáballe a que facían os pais e tamén a que lle daban en casa allea: «Filiberto, lle decía súa nai: hoxe o caldo non che ten máis que berzas; mentellas non quedan sinón medeo ferrado pra a semente: leite non convén sacarllo a vaca pra que mañán teña bo ubre na feira: xurelos non viñeron á praza: ovos, xa ves que as galiñas andan todas chocas; se queres fágóche na tixola unhas pataquiñas cunha cebola...» ¿Pro acaso lle pido compango? Tras dunha cunca, veña outra de caldo, e verá como a barriga medra...» Filiberto, lle decían cando iba ó xornal; imoche dar de cea uns poucos belberechos asados na casola cunha copíña de augardente...

—Xa sabedes que meus pais non me criaron comprementeiro; dádeme auga con azucre ou con tona e bolo do pote, e xa estou satisfeito...

Por ser tan serviceal o mozo, sin ergullo, nin soberbeo, era aprecheado de tódolos veciños. Ademais de eso, déralle nostro señor sabencea que moitos cubizaban.

Filiberto era o axudante do Sacretareo do Xusgado de paz, pra facer as citaceóns e autas dos xuícios. Filiberto era o que desde o altar, os días de festa, na mitá da misa, dirixíalle unha plátaca ó pobo, pois o cura non sabía espricarse e tateaba de vergonza. Filiberto, escribía cartas a patacón, facía escrituras verbales de hortas que se vendían, e cartos que se daban a rédetos. Filiberto, era gaceta de novidades na barbeiría, e anque afeitaba coa man esquerda, todos tiñan confianza nel, e outro non había tan nomeado en cincuenta e tres lugares do partido xudiceal. Das quintas librara por ter o pai sesenta e un anos.

E... non soilo eran amigos de Filiberto, aldeanos probes; tamén se lle ofrecían ricos das vilas, e, astra uns Deputados foron desde Lugo³⁸ a visitalo.

—Estes agarimos teñen rabo, decía prós seus adentros. Viren a dar-me a man homes de tal tinta: entraren nesta chouza terreña, sentarse ó pé do forno, e consentir levar na levita e no sombreiro de copa unha parte das teas de araña que

³⁸ 'Ourens' (*AdG*)

eu gardo pra as cortadas... cheirame a corno queimado... Seguro queren aproveitar as miñas relaceóns, pra recoller votos entre os labradores... ¡non ten volta!...

—Mira meu fillo, sigue o rumbo que astra agora trouxeste; lévate ben con todos; arrímate á xente franca traballadora, e fuxe dos que queren gobernar mentras non o fagan dereita o honradamente: dicho teu pai, que ten bastante esprenza.

.....
.....
.....

³⁹E Feliberto chegou a ser padriño de ochenta criaturas da parroquia; o home máis feliz do Araño: non se casou porque as mesmas comadres o enredaban.

³⁹ En AdG o texto divídese en dúas partes. A segunda comeza e remata desta maneira:

“Eu, e tamén vosoutros leutores, que tanta prata levamos gastada xogando á lotería ca eluseón dos millóns e nunca con eles fomos agraecados, debido quizais a que o diñeiro non a todos quer amar; i en cambeo Filiberto Papiás sin nunca empregar un real nese moíño que tanto pan dos probes desgasta, tocoulle a gorda: unha herencea que un tío solteiro lle deixou en testamento ó morrer en Santa Ana do Brasil... ¡Quen tivera tios desa cras...! ¡Xesús, cubiza fóra!... ¡Ben merecedor era dunha fortuna, Feliberto! Ogallá lle cadrasen os tres millóns de Madrí!”

O texto de Nova Galicia engade ademais unha terceira parte:

“III. Leutor ¿quer facer o favor de esperar astra Domingo que vén, e contareille que cantidá recibeu Feliberto i en que a empreou? Agora estou tembrando de frío e o cobertor chama polo meu corpo. Dánme ganas de non lle facer oidas, pró teño medo que se enfade... e despois...”

Barullo con festa

—Pero home, por esa soila cousa, ¡decir que te has de enfadar! ¡Asús, que enormedá! ¿queres enlouquecerme?... enloitarme? mesmo paresces un neno, con semellantes enrabuxadas!

—Xa che dixen o bastante, i entendedeiras non che faltan, Taresa.

—E si fora teu pai como é meu ¿non volverías por el? ¿que queres, Andrés, dun vello? ¡duns anceanos que nos adouran e que seremos deles seus únecos herdeiros! ¡máis caletre, Andrés; máis cariño, home, e máis dolzura, pra quen me criou pra ti! di, ¿non é certo que me amas?

—Astra morrer.

—¿Non che demostro que pra min non hai ánxel no mundo egoal que ti?

—Así o creio i así o vexo.

—¿Xuraste quererme e nunca dar-me sentementos?

—Inda hoxe volvo a xuralo.

—¡Mintira! ¡palabras focas, que non che salen da ialma! ¿por que eschaste a cigarreira de vidro que che regalei ó siguiente día daquela enfouladura no muíño, comenzo dos nosos tratos de casamento? ¿non me dixeste que era o mellor recordo que gardarías toda a vida? ¿por que non cambeas así o bon derroteiro que me premetestes e viñas cumprindo?

—Taresa!... estou que ardo, non de rabea, que xa me pasou, sinón de pena. Ademito a represeón que escoito de ti, tan soilo por este xuramento que me recordas, e pola edá de teu pai, anque a razón i o dereito non me faltan. Si fora unha perda, inda pasaba,... ¡pero catro! ¡arrenegado sea o feitizo! ¡e todas elas de utelédá! Eu estou conforme en que teus pais pasen unha vellez tranquiliña, que se volvan enmocecidos, que disfruten do que ganaron, que durman, que esta horta sea pra eles unha grorea, que coman e beban; que nosoutros, corpos rebustos, traballemos; mais é perciso que desfeitas cal as que onte fixo teu pai, non as repita, namentres que un xusto motivo non haxa. El está san, túa nai contenta, no forno hai pan, touciño no baño... ¿pra que matou, estonces, o galo mellor do curral i os dous conexos grandes que eu máis estimaba? ¿que necesidá tiña de abrir o barril de viño do ano pasado, e sin pedirnos consello, todo con certo misterio, mercar ese montón de gorxonadas que levou pró cuarto de arriba?

—Mira que ten setenta e tres anos!

—¿E por eso lle imos consentir esas meniñadas que perxudican? ¡Aguantaralas ti; eu irei pra Amérecá!

—Así, Andrés, así: mete espiñas no meu peito, faime chorar sangue, recordándome aquela terra a onde foi meu irmán forte cal unha pedra, con cen duros no peto, e dou volta ós cinco anos, calviño da cabeza con tres mil reás ganados, pro con tan poucos folgos, que os dous meses de chegada encargouse a terra do cimiterio de consumirllle a pouca carne que trouxo pegada ós ósos.

—Pero, ¿por que fixo esas louquerías? quero sabelo; ¿onde meteu o galego i os conexos? ¿a quen llos regalou?

—Ogallá que as faga moitos anos; pouca perda fará na vida.

—O día menos pensado, si todo llo consentimos, soltará o melro da xaula polo antoxo de mirar si voa... e despois... ¡vaino pillar, Andrés!

—Gran cousa: oíralo cantar o mesmo, encima das cirexeiras na horta.

*

Namentres que este barullo tiñan na alcoba, ó levantarse da cama; os vellos señores Pepe e Cepriana, escoitaban escachando de risa, poñendo as mans na boca pra que non sintisen a filla nin ó xerno.

—Pétalle, Pepe.

—Estáte queda, Cepriana: canto máis berren, namentres que non haxa cachetes, mellor alegrón lles damos con esta sabrosa mistela.

—Non quero; ¿Andresño! ¡Taresa!

—Que quer miña madre!

—Vinde meus filliños, abride: ¡santos días: unha copiña que vos trae voso pai; que fixo onte catro barbaridás! pra festexar hoxe o cumpreanos do voso casamento.

—¿Xa non recordades?

—O traballo, meu sogro, fai olvidar estas endrómenas.

—Pois non ten que ser así: eu no voso tempo de pichón, cheguei a ter unha ducia de mozas engañadiñas, i o meu regalo nunca lles faltaba cando era o santo delas; o prenóstico era un libro que andaba sempre sempre na miña faltriqueira: tres anos había que me casara con esta Ceprianiña, i unha rapaza de Caldas inda me consideraba solteiro.... ¡canto troulei, sin deixar de traballar! Hoxe, pois, comida de cregos, carne de polo e de conexos, viño do vello, dulces e caramelos! ¡todo por vosoutros! nosos bons compañeiros, almas de bendicións...

—¿Que quer o criado que está chamando?...

*

—Señor Pepe ¡¡Andrés!!

—¿Que che doi, rapaz?

—Veñan lixeiros cun legón i a machada, pra tocarlles chamando un enxameo de abellas novas que escapou do cortizo!!!

—Viva a fartura, alá imos!

Volta prá aldea

¿Conocen vostedes o lugar de Parada, preto de Piñeiros, raiando co anexo de Grandío, entre Oia e Freire? Pois son cinco currunchos daquela rexión que todos debemos recordar; daquela terra nosa que pintou a natureza cos mellores caprichos da man maestra facéndoa bonita.

E, ben: a ese pacífico e laboreo lugar, tamén por desgracea chegou esa guerra negra, ou Sarillo condanado, que levan de parroquea en parroquea estranxeiras compañías de vapores, facendo revolucionar ós veciños pra que deixen o sosegado e firme chan, e vaian pra outro que non ten pra todos, nin a paz do esprito, nin a tranquilidá do corpo, e ten si, en cambeo, máis espiñas feras que as máis feras dos montes virxens.

Sucedu no mes de Abril do 1906, os catro millores mozos do dito lugar de Parada, os catro rapaces máis traballadores e rebuldeiros da comarca, idearon irse pra América, deixando a seus pais, xa vellos, o peso das faenas do mes de Maio; dorido de pena o peito das súas noveas; e triste, moi triste, deixando aqueles contornos.

Pra despedida, contrataron os catro mozos un gaiteiro que tocase no souto, víspra da marcha deles, que era un domingo, pois no luns embarcarían na Cruña. Mercaron moletes pra repartir en anacos entre a xuventú; e a gaita i o pantrigo chegaron na tarde dese domingo á eira de Parada.

Mais... ¿quen foi ó convite e á troula?...

—Ningúen.

Sin saberse como, nin de que maneira, púxose a tarde nubrada; as campanas ó chamar polos veciños pra ir ás cruces, tocaban máis roncadas que de costume; nas enramadas dos enxidros non xogaban os paxaros, nin brincaba cos trompos polos camiños os nenos da escola; as rapazas cheas de calado sentimento, non salían das portas dos seus casuchos; non se escoitaba o paspallar nas campías, nin o cuco nas carballeiras; as mariposas e as frores dos pexegueiros non ensenaban a súa bonitura; oíanse sospiros das nais dos mozos; o gaiteiro non tiña forzas pra soprar, e salían do fol máis pingueiras de bagullas que soadas de consolo; nas pedras, á sombra das viñas, non aparecían sentados os vellos coma sempre pra contar contos; as augas parece que tamén corrían descoloridas polo regueiro da aldea.

Vendo os catro mozos esa vareación, trocándose en purgatoreo o que antes era gorea, sintiron certa angustea, e dixeron: «nada de despedidas nin de aguardar a mañán; marchemos xa camiño da Cruña, antes que tamén dea volta a nosa idea.»

Tiñan que pasar pola braña do campo santo e cruzar un río nunha lancha, pra despois torcer a man dereita e pillar carreteira arriba, sin baúles, soilo ca roupa que levaban posta.

Cando chegaron ó muíño da Revolta e se dispoñían pra cruzar o río, viron agachadas detrás duns codesos, súas noveas, que axexaran a marcha deles e correran lixeiras polo atallo pra decirlles adiós deste xeito.

*Que triste queda esta aldea
sin os mozos que se van,
raio fenda ós que consellan
se deixe o gallego chan
Marchan os peitos mellores
queda a parroquea valdeira,
non habrá festas nin labranzas
nin alegrías na feira.
Xa non hai quen semente millo
nin quen coide das ovellas,
temos que vestir de loito
tanto os vellos como as nenas.*

—¡Adiós corpos robustos!; ¡ogallá vos sea tan dulce a vida na terra a onde ides, como a que deixades!

¡Adiós! ¡Como goza e ri a América ca boa sangue que nos rouba! E... nestas aldeas, cantas almiñas van pró cimiterio, pensando nos seus fillos ausentes, que viven sin sosego cheos de sudor. (Así decían as mozas).

—¿Pero, pra que vindes estorbarnos o noso viaxe? dixéronlle os mozos. E as rapazas turrándolle das chaquetas, lle reprecaban.

—¿E por que vos ides cabezas tolas? ¿Que bichoco se vos meteu na moleira pra ir gastar as forzas i os anos alá a onde non veredes o ceo gallego, nin estas vosas mozas que tanto vos queren e adoran?

¿Si un cento mellora en riqueza, cantos miles viven en diarias amarguras? E anque xuntedes uns aforros en seis anos, ¡que! ¿estaredes libres de morrer sin desfrutalos? ¡Ai inmigrantes, que lixeiros vos metedes no mar das desdichas! ¡Adiós!

I os mozos decían: que desconsoladas quedan ¡como choran! que pena dá o deixalas: ¡adiós rulas! logo volveremos!

Tal foi a despedida.

Ás dez da noite chegaron á Cruña e foron parar a unha pousada na rúa de San Andrés.

Mallaban as doce, nun reló, e inda os catro mozos daban voltas nas camas e xemían, cal si estiveran en loita.

—¿Inda non durmes Anxelo? preguntou José.

—Meus amiguiños, dixo Anxelo: eu voume a levantar e volvo a Parada que se me olvidou o esqueiro, e faime moita falla en Buenos Aires, pois alí disque non chega a soldada dun día pra mercar os mistos que gasta no mes un fumador.

—¿Sabedes unha cousa? falou Ramón.

—¿Que che pasa?

—Que tamén eu me olvidei da carta de recomendación do noso cura, prós frades do Convento de San Francisco, que, anque todos eses gremios din que están de capa caída, sin embargo inda van tendo fortes relacións cas señoras de máis valimento.

—Ai, sin esas letras non podemos embarcar, repriman todos; e os catro mozos dun pullo fuxiron das camas e tomaron camiño de volta pra Parada, a onde chegaron ás catro e medea da mañán do luns.

—¡Compañeiros! falou Francisco; xa podo respirar; xa pensaba de nunca máis atravesar por estas leiras; e vouvos a decir unha cousa.

—¿Que?

—Anque me digan que fóra hei de ser millonareo; anque me conten que polas américas están formadas outras Novas Galicias, eu quero quedarme nesta vella: ¡canto non estarán sufrindo as nosa familias nestes instantes!

—Moi ben falado; responderon os outros; somos da túa opineón. Si este mundo é pra deixar nun sopro cando menos o pensemos ¿pra que andar de peregrinos buscando regalías que pra nós aquí as temos, e non habrá mellores fóra de España? ¡nada! ¡nada! ¡a sementar millo, liñaza, trigo e patacas; a coidar os frutales i as viñas; regar os prados e a manter as vacas; a atender os enxameos, a mel i a cera; a alegrar ós vellos i a casarnos cas noveas, a loitar pola grandeza desta rexión algo dormida, e facenos feras contra que nos queira tapar o camiño da instrución e do progreso.

Cantémoslle ó sol que asoma polo monte espallando vida; e pra que se alegren as rosas i os arbres, pra que gocen os páxaros i os veciños, pra que os vellos brinquen de alegría i as mozas se farten de contento, anunciémoslle a nosa volta:

... Alá... os catro a un tempo...

¡Ei... gi gi gi gi!!

I entraron na aldea cantando estas copras.

*Vinde gallegos ausentes
volvede pró voso chan,
Galicia quervos con ela
Galicia nos dará pan.
A descentralizaceón
todos temos que pedir;
i entonces nos nosos pueblos
ben habemos de vivir:*

E as mozas desde as ventanas respondían co ai la-la-laaa.

En Santa Eulalia

Estaba de quinto na Cruña Silvestre Tente Dereito, i ó cumprir o tempo do seu serviceo, en vez de irse pra San Xuan de Meaño, a onde pertencía, foise cun compañeiro pra Santa Eulalia de Chamín porque xa levaba traballo seguro de retellador, pois nin naquela parroquia, nin na de Santo Tomé de Monteagudo, non había ningún home que fixese aquel oficeo, según o amigo lle aseguraba.

Meu dito meu feito: chegaron a Santa Eulalia un víspra de San Xuan do Raio e, vellos, vellas, mozas e rapaces se xuntaron nun quinteiro medea noite ó redor dos dous soldados, pra oír as cousas que pasan nos cuarteles i os demais percances da vida dos meletares; preguntas que son costumes nas aldeas, non soilo os quintos, sinón tamén os que chegan do Brasil, Montevideu, ou Buenos Aires.

Silvestre arrendou unha choza i empezou a ter traballo a eito, porque aqueles tellados estaban cheos de herbas, garabullos e tellas partidas, tanto, que non había casa onde non chovese, i as oitocentas que naqueles contornos se alcontraban, era preciso compolas.

A proba de que ganaba moitos cartiños, era velo os Domingos, cunha tira ancha pranchada, posta no poscozo, branca, dura, que brillaba de lexos, revirichadas as dúas puntas xunto á forma da camisa, cousa que, nin o maistro de escola usaba na aldea.

Catro boas condicións, decían as rapazas que tiña Silvestre; guapo, bailador, con bo oficeo, e dono dalgúns reás; así era que nas festas, todas o mimaban, dándolle caraveles, unhas, e outras, ponliñas de espregue.

Silvestre conocendo que de certo o querían, e por tal home morrían, nin o deixaban en paz, ideou enganalas deste xeito: unha semana antes da romaría á nostra Señora da Estrella, foise a cas de moitas mozas, e díxolles a cada unha, con encargo de que non contasen o conto a outras, que no monte ao pé da capilla da Santa o esperasen o día da festa pois el andaría toda a tarde na compañía delas: ¡Quen tal lles dixo! Quedaban contentas como rulas: ningunha quixo comprometerse con outros, e fono tan sacretas como o prometeran.

Pro Silvestre de camiño que facía aquel engaño apuraba tamén os propagativos pra casarse con María Benita, a costureira, pois xa tiña dispensa e consentimento de facelo na mesma tarde, na mesma festa, e na mesma igrexa da Estrella: noveos, xues e cura, tiñan solasmentes conocimiento de tal cirimonia.

Chegou o día da romaxe i alá por entre as carballeiras iba o gaitero tocando, e atrás del a mocedá, deseosos uns de bailar, e outras, chegas de garbo porque un bo mozo as esperaba.

Fóronse xuntando no lugar da cita unha ducia de mozas, i ó veren entrar na capilla ó retellador, elas tamén fono pra dentro; pro cando viron que Silvestre xunto coa costureira María Benita, se poñían de rodillas diante do altar e o crego lía nun libro e facía os requisitos de casalos, levantánonse as doce mozas e sin res-

petar santos nin Abade, deron en berrar contra o retellador, mallando nel como tolas, i asta a mesma rapaza que iba ser de Silvestre créndose tamén enganada pidía venganza pra aquel home: non foi posibre calmar as mulleres que avergonzadas da bulra, alborotaban a festa, i os demais mozos sin querer entrar no sarillo, falaban o conto nos currunchos do monte. Pro de alí a un pouco saleu Silvestre de onde se agachara, e co pau de moca colgado na man, sentouse tocando a frauta ó pé dunha rosquilleira.

*

Non sei o que despois pasou, porque unha pedra que me caeu na testa deixoume desmaiado.

Un delito descuberto

Nunha aldea da Cruña vivía un matrimonio que non canxeaban no xenio. Entre a muller e o home tiñan tódalas noites unhas agarradas fortes nas que rompían calzoncillos del i o pelo dela andaba polo chan.

Un víspra de San Xequín colleu a muller unha ola de leite preso e botoulla encima da cabeza do home i el tanto se enrrabechou que lle levantou a mantela e doulle tan cristianas azoutas cun pau de xesta que a deixou con frebe pra trinta días. Ó ver Xulián de que a súa muller, de verdá ou de pillería non se levantaba da cama, foi en busca do médico, pero antes díxolle á parenta deste xeito:

«Si me descubre de que che peguei, consinto dir preso pra Santoña, pero métoche a forcada na gorxa astra espetarcha na barriga.»

Chegou o médeco; tomoulle o pulso; apalpoulle as pantorrillas; soproulle nos ollos; escoitoulle o roncar dos pulmóns; apartouse do pé da enferma, chamou ó home a un curruncha da cucuña, e díxolle.

—Veo cierta gravedad en su mujer: tiene una fuerte *fiebre palúdica*. No puedo precisar ahora si el desenlace puede o no ser feliz. Por lo pronto yo debo denunciar a la Autoridad el caso.

E Xulián, arrodillándose e chorando baixiño, respondeu deste xeito.

—Siñor: xa que Dios ou o demo o atentou a certar, e perdóneme que xa toleo da miña cabeza, fágame o favor de non dar parte por esta vez; prometo de non zurrarlle máis a esa condenada parenta: consinto de fuxir para Mouramia antes de caer en segundo pecado. Si vosté vivira con ela xa vería que xenio tan enrivesado ten.

—Pero, ¿qué me dice usted?

—Siñor, solo lle peguei catro ou cinco azoutas, co puño: é certo que estalaban forte, dínllas ben dadas, pero non pensei de facerlle tanto mal: non dea parte, siñor... Lle xuro i ela tamén pode decilo que non usei pau pra pegarlle: por estas ††† lle decraro que lle din coa man. Mire, siñor, eu non quero sobornalo, pero heille de regalar unha moneda antiga, con tal que quede tapada esta cousa *palúdica*.

—Pero hombre, Vd. me descubre lo que yo ignoraba. Su mujer padece una fiebre muy usual que no tiene nada que ver con la paliza de las azoutas.

—¡Recoiro!...

—El remordimiento de conciencia lo descubrió, ¿verdad?

—Certamente, pero lle garanto que inda percisa outra tunda por faltarme o respeto ca ola do leite.

Xogadas con sorte

—¿Non cho dixeran eu Danieliño? ¿non te acordas dos meus pensamentos, das miñas adiviñanzas? Alá van dous meses de casados, todo foi mel astra hoxe, sesenta días de puro xogo cal pichóns, sin máis sentido que o de peiterarnos un a outro con dolzura, recreándonos nunha vida que xa nos parecía ser de felicidade pra sempre... ¿e agora?... ¡fomos enfriando!... ti, sin tabaco e con fame: eu sin cartos pra gobernar a vida: os dous cheos de viceo do ben pasar e da folganza na casa de nosos pais, e hoxe así casados contra o gusto de eles, sufrindo a túa e a miña calaveirada.

—Polo santo do teu nome, Isabeliña, non me poñas o caño da gorxa máis dorido! ¡cala! ¡déixame maxinar, que anque pasemos unha pouca vergonza han de poñer os pródicos a hestorea do nos matremoneo!

—¿Pensas fuxir pra Buenos Aires? ¿queres quizais matarte? ¡Virxen dos Afrixidos, protéxenos!

—¡Non chores i escoita, Isabel... Isabeliña...!

—¿Que...que... queres?

—Pero non sospires dese xeito, muller; ¡asús que meniños somos! atende.

—Dáme un bico...

—Non quero: é perciso ter máis xenio. Dez e sete anos teus con vintedous meus, suman trinta e nove, e algún xuicio estamos obrigados a demostrar pra que outros rapaces máis pequenos, de nós non se rían.

—¿Que querías decirme?

—Temos que conquistar de novo a amizade dos nosos pais, reconceliarnos con eles... ¡ti cos meus, eu cos teus! a maraña hai que saber facela; todo pra que non nos escomulguen, pra que non nos deshereden; pra que nos vaian dando alimentos, xa que tiveron tanta pacencia pra traballar e aforrar: pra que lles entre amor e cariño por min ós teus, e pra que de igual maneira che queiran a ti os meus. Si trunfamos, seremos gobernadores do que non sudamos.

—Pon atenceón.

.....
.....

Así feito sin descarrilar, conseguiremos a nosa felicidade.

—Pero Danieliño: vánse a rir os veciños.

—¿Que nos importa? conque a comenazar o pran: astra máis tarde que nos vexamos.

E cada un tomou camiño dereito á casa dos seus sogros.

.....
.....

—Tun, tun.

—¿Quen está?

—A desgraceada súa nora.

—(¿Que virá buscar esa menecra parleira?)

—Ábrelle a porta muller... ¿non sintes que vén chorando i está chovendo?

—Bo...as.... noi...tes meus so...gros.

—¡Arrenégote o pecado! ¿que vos pasa, muller?

—Fuxeume o seu fi...llo: pegou...me. Díxome que non me quería... máis..., e que lle iba contar pes...tes de min a meus pa...pais.

—¡Mirade o larpeiro, o galupín! xa nosoutros maliciabamos que non servía aínda pra casarse por faltarlle caletre.

—Ta...mén me dixo que si eu con vostedes o mormuraba nos aforcaría a todos unha noite.

—¡Santa Cristina! ¿Estará tolo?

—Eu ve...ño de petarlle a porta de meus pais e non me fixe...ron caso. A vostedes veño pedirllas amparo i aquí me teñen inocente.

—Cala, Isabel, non teñas pena... ¿tes fame? vaite alí á cociña e fai unha boa tixelada de talladas do baño. ¡Anda, e que rabee Daniel e teus pais i os veciños! toma tamén as chaves da hucha, pois ti serás agora a santa desta casa.

.....
.....
—Tun, tun.

—¿Quen peta?

—Abra señor Xacinto, que son seu xenro.

—(Carafio... ¿que novidades traerá por aquí ese titiriteiro, ese estudante da sopa boba?)

—¡Miña sogra! por favor atendan.

—¿Que se che ofrece?

—Queixarme ante vostedes da miña desgracea: este meu braciño vén morto dun golpe que me dou a súa filla co testo do pote: quer facer outros vestidos de garda: quer tomar as mañáns unha copa de anís; fala mal de vostedes; quixen reprimela e fuxeu pra casa de meus pais a contarlles falsedás contra min.

—¡Que che parece aquela mosquiña da nosa rapaza!

—Eu agora non teño a quen pedir consello e auxilio sinón a vostedes i aquí me teñen de rodillas, suplicando de paso perdón polas faltas que lles teño cometido.

—¡Érguete do chan, rapaz, e cala que seremos teus segundos pais: mando tes nesta casa, coida eses bois e administra nosas leiras; atruxa e canta pra que

rabeen teus pais, nosa filla i o mundo enteiro: eí tes as chaves do noso aforro, e bota viño, Paula, nesta xerra!

.....

.....

Estes sucesos ocurridos nunha mesma noite causaron mermuraceóns na aldea, pero ós oitos días xa ninguén se ocupaba do conto.

Namentras, os catro sogros i os dous parrulos onde se alcontraban facían caretas uns a outros, regañaban os dentes i así pasaron sete meses e medeo.

Algunhas veces ó calor do lume preguntábanlle os sogros a Isabel, e os sogros a Daniel, si non se acordaban un a outro, mais os tales parrulos contestaban que non.

Non sabían os velliños que Daniel salía en altas horas da noite figurando ir regar ás campías ou ó muíño, e iba xuntarse un pouco con Isabel que lle abría a ventana baixa do pallal.

Por fin a moza trouxo ó mundo un Sagrado Corazón de Xesús, e os sogros creendo (moi certo) que era un cargo de concencia seguir aqueles mozos i eles enfuciñados, concertaron unha festa i as paces se fixeron con dúas empanadas de troitas, un pipote de viño branco, e catro abrazos e dous bicos... e as riquezas dos vellos pasadas ós fillos.

.....

—Que lixeiro se acabou o conto, dixeron once miniños que escoitaban: ¿non sigue por outro carreiriño adiante?

—Non poder ser: o que falta por decir é un sacreto.

—¡Triunfaron no xogo!

—Ide, nenos, pra escola, non seades revolteeiros, nin enfadedes a un torto.

—¿Pero, logo, non triunfaron?

—Certamente.

Un cristo entre dous coches⁴⁰

Como non sempre está un corpo pra séconas-tréconas, do mesmo xeito que non tódolos días do ano andan poñedeiras as galiñas, nin tampouco pode chamarse mel o cargo de adeministrador dunha Sociedá de Secorros si é que se toma co empeño de cumprilo con reutitú, así como tamén non decotealcontran os homes ás súas maridas con risa nos ollos, nin se repiten festas parroquiales sinón unha vez cada doce meses, e os rapaces non decote fan xogos nin andrómenas nas eiras nin cóchegas ás mozas nos moíños tódalas noites, pois as cousas ditas requiren as distintas ocaseóns, con tempo e pacencia, de egoal maneira que non hai leite si non temos vaca, e non enche a ubre si lle dan palla seca; como así o decrarou o defuntiño⁴¹ Ventosela⁴² que non podía tocar escollidos e amorosos fandangos si lle faltaba un mar de tinto onde poidese afogar a súa palleta; velaí que pra poñerlle pés fortes e lúcidos a un banco onde se poidan sentar seguros e limpos algúns labradores, é perciso que derixan a obra carpinteiros de oficeo pra que o tallo non chegue a renguear ó pouco tempo de estrenalo; e, velaí tamén que pra amañar contos ten que ter o argallante uns minutos de sosego; mais socede, que moitos chámano pra ser padriño de casamentos urdidos no Paseo Gallego, búscano pra decir o credo cando se lle molla a cabeza ós meniños na pía do bautismo, e os trafegos que por soparado o teñen en triqui-traque son estorbos que lle privan de facer cada semana un conto de mil reviravoltas.

Pero... calma, que tódalas cousas veñen co seu tempo, como há de chegar-lles a morte máis apurada os que non queiran probar o «Xarabe de +++». E basta de lería i entremos ó fondo do conto.

Cando empezaba alumbrando o ano mil e novecentos con catro, había na Cibdá de Lugo unha empresa de coches chamada «A Carrilana» que facían o servico de levar pasaxeiros de alí astra Ribadeu, e guizo con berzas, é decir, «vice-versa», ou dito máis craro, de Ribadeu pra Lugo, e de alá pra acá.

Como non había outra crás de compañía, estaba chea de gozo «A Carrilana» ganando bos cartos: así pasa con tódalas cousas novas; tamén no principio que naceron os fonógrafos custaban un diñeiral, e hoxe xa llos meten a un na casa por cinco mil centavos e astra pagadeiros nunha ducia de meses. O mesmo, agora, por exemplo, val o frasquiño do «Xarabe» dito, algo máis do que se cobrará cando chegue o fin do mundo, porque pra estonces ninguén quererá gastar en «paliativos» en vista de que non servirán de salvaceón: tembrará o mundo e caeremos en mon-tóns por un barranco abaixo mezcrados os corpos cos cacharros de Xarabe e cos fonógrafos.

⁴⁰ En *Nova Galicia* o relato vai dedicado “Ó meu entrañable amigo Valentín González e González”.

⁴¹ ‘vello’ (NG)

⁴² Refírese ao músico Juan Míguez González, máis coñecido como “O gaitero de Ventosela”.

Pois ben: cobraba «A Carrilana» por viaxe quince pesetas a cada dúas pernas.

Soñando nas mesmas utilidás formouse outra compañía de carruaxes chamada «A Uneón», e puxeron de preceo de Lugo a Ribadeu, ou volta que dálle, de atrás prá diante, é decir, de Ribadeu pra Lugo, cincoenta réas por cada dous ollos.

Imprantada esa competencia, e creendo o dono da Carrilana que Cruces tiña unha vertú de Santo e que lle serviría de bo conselleiro na costión, fíxome un telegrama pra que lle dixese como tiña que combatir o enemigo posto en frente do seu negocio.

Xuntei sin tardanza ós meus compañeiros dos Viernes⁴³, e formamos consello, acordando contestar da seguinte maneira: «Carrilana—Lugo. Aconsello rebaxe a corenta réas precio pasaxe, unéca recontra».

Foi aceptada esta idea, e nos vidros dos coches púxose o letreiro respectivo.

Vendo eso «A Uneón», (e non conoscendo as consultas da Carrilana) tamén pensou poñerme outro parte por considerarme rei dos milagres, pedíndome o parecer.

As leises impoñen pena ó Avogado que dea opinións a dúas partes contrarias que teñan litixio; si atende a unha non debe escoitar a outra, pero neste caso da «Carrilana» ca «Uneón» ben se podía consultar ás dúas: había que meter un Cristo no medeo de dous coches.

E a remposta foi así: «Uneón—Lugo—Maneira de arrecadar máis xente será fixar os billetes ó coste dun duro e medeo».

«A Uneón» prantou lixeiramente unha bandeira no mesón da parada anunciando a trinta por ida e a trinta por volta.

—Ai porra!, dixo o patrón da Carrilana. Desta vez inda non me amola a Uneón: e rebaxou a vinte réas.

—Mala centella queime a Carrilana! dixeron os da Uneón, e pregonaron o viaxe con «viceversa», de ida e volta, por cincoenta perras chicas, e con dereito a unha copa de augardente prós homes, de escarchado prás mulleres, e unha rosquilla prós nenos no intre de tomar coche.

Arremuiñáronselle os pelos ó da Carrilana e mandoume outra pregunta urxente por alambre, e respondínlle.

—¡A Roma por todo! Ademita viaxeiros de balde «i con chocolate gratis en Baamonde»; algún gomitará de cheo ou rebentará cas perdas.

Posto esto en práctica fixo efeuto: chegouse a este final que me causou satisfauceón.

⁴³ «ós meus compañeiros dos Viernes, Cucufate, Valentín González, Xan da Cañiza, Vetroles, Agustín Diéguez, Antón Viaxante, Fuquiño, O cuco do Pazo y Espérame na Eira» (NG)

«Entre las empresas de transportes ‘La Carrilana’ y ‘La Unión’, se declara concluída su guerra de tarifas y se establece Sociedad y Amistad, que debe observarse esta última hasta por conductores y caballos. Se acuerda carruaje gratis a Fortunato Cruces cuando a Galicia venga, por su ocurrente y feliz intervención».

¿Non foi, acaso, un milagre o que fixo este Cristo entre dous Coches?

¿E, non é moito, Señor?

—Boas tardes, don Benito.

—¡Ola, Lourenzo! ¿como che vai? ¿hai algunha novedá?

—Unha ben gorda me fai vir a xunto de vosté, i é perciso que en cambeo dos máis grandes favores que poida facerlle, me conceda vosté, don Benitiño, un soilo, pola ialma daquela xoia que o criou i en grorea estea.

—Xa me asustas! ¿E de tanta gravedá o mal? ¿pasa na túa casa ou na dalgún veciño?... Este mundo non cho entendo: onte fun a Moraña visitar Andrés o Quencho, e o probe, cumprido e amabre, reconecendo tan peligroso viaxe meu i o xeito que teño de dar alento, meteume na man dúas pesetas pola consulta e... xa ves, coidou os pexegos da horta pra outros...

—Si, señor: oín falar que mañán se lle fai o enterro.

—Velaí tes ti o que somos: un grobo no aire que cae cando a mecha se lle apaga... ¡E ti pensas, Lourenzo, que ando contento con ser un médeco entendido!... Calquer contaxio vai a levarme á cama.

—Volvo a rogarlle, don Benito, que sin tardanza veña ver a miña Pilara: será vosté ben pago.

—Ti, toleas!...! luns pasado tan colorada apañando herba no agro da Rula, gorda, cunha papeira que daba xeneo... ¡Asús que medo teño do esterco que somos!

—¿Vosté veuna?

—Vin, home vin; inda me fixo rir, porque escorrentei unha lebre dos ramaxes da fonte, e pasou rente de Pilara tocándolle na saia i ela mirou pra atrás, como unha chispa, pensando que era eu que lle facía monadas...

—Pois hoxe está moi mala, i o prencipeo xa veu desde fai catro meses: sempre lle pregunto ¿que tes? ¿onde che doi? nada me responde: cumpro tódolos meus deberes i ela non demostra alegría: meus pais lle suprican que conte o que lle pasa, e Pilara non di efe nin ka: eu creio que entrou nalgún grado da tirizia.

—Estonces, déixame poñer as polainas e imos alá: ti quedarás un pouco na cucina namentres eu no cuarto lle tiro polo esprito e busco o fio desa gravedá. Estas cousas teñen que ser entre o médeco e o enfermo pra que non haxa vergonza; despois direiche o resultado.

—Pro, coide de non asustala, e déalle bos consellos...

—Si te pos con tanta lerea, non me fagas subir ó cabalo.

—Non lle pareza mal, don Benito, élle miña muller e dóime...

—¿Imos ou non?

—Correndo, señor, voando.

*

**

—Dios i a salú entren nesta vivenda.

—E tamén a vosté o acompañen.

—¿Como te alcontras Pilara?

—Dun xeito que non sei espricar.

—Os males curan, muller, na mocedad, sempre que haxa paz, e fe nas medecinas... A ver, bota a lengüiña fóra... fai así ca gorxa... a... a... a... a... a... Bueno: agora afroxa o xustillo e aparta un pouco a camisa pra escoitarche os pulmóns i o peito.

—Mire don Benito; eu quixera pedirlle un favor, pola ialma de quen mellor quixo no mundo.

—Si é pra curarche, pide.

—Vosté non há de descurbirme.

—Filliña, sin baixarche a camisa ¿como ques que escoite os funcionamentos do teu pulmón? Teño forzosamente que poñer a orella rente do pelexo.

—Non me opoño a eso, don Benito; eu quero decirlle o que teño sin que pase máis traballos.

—Vai decindo.

—Lourenzo antes de casarse conmigo, facía caixas pra fábrica de almidón: despois de casado non quixo seguir ese oficeo e meteuse de chalán. É certo que xunta máis cartos, pro eu morro dun nó que se me puxo aquí onde tomo alento... ¡morro de celeos!... ¿vosté pensa que nas feiras se tantean solasmente gandos?...

—¿Sabes que tes, Pilara, un mal deficultoso de curarcho?

—Pois cun consello que vosté lle dea a Lourenzo, xa está... ¿entende o que eu quero? Heille de agradecer esa molestea, siquiera sea cos primeiros ovos que poñan as nosas galiñas na primaveira.

—Cálmate muller: ogallá sea esa boa medeciña; voume a xunto del que está choroso na cucuña.

*

**

—¿Que novedá alcontra en Pilara, Señor?

—Mireina, de arriba pra baixo: os organismos penso que non andan de todo mal: o que si, ouservo nela, que ten a imaxinación posta nunha cousa que non esprica: sin máis voltas, entendo que debes distraela moitismo e presto.

—I as feiras, don Benito, que nos dan de comer ¿como hei de deixalas?

—Tes que levala na túa compañía: ese trafego percisamente lle convén, i o mesmo tempo faiche axuda.

—Xa o creio, Señor, ¿e vosté pensa que Pilara será conforme? ¡ai si viñera! ¡que sorte! ¡padecería en menos de celos, que... téñolle moitos, sin desconfiar dela!

Ademais... ¡cantas veces perdo de mercar unha xuvenca onde vexo ganancea segura, por non ter quen machaque pedindo rebaixa, namentres eu olleo outro choio.

—¿E por que na levas contigo desde que te casaste?

—Por non degustala, don Benitiño; porque non sufro os males de camiñar, i o sol e a chuvia; todo por ben querela.

—Loquerías túas; a muller nunca vai triste cabo dun home, i a túa anda nun chan falso:

—¿Que me quer decir con eso?

—Que che morre si non fas por distraela: vamos ó cuarto.

*

**

—Bueno, Pilara: tes que ir ás feiras con Lourenzo: anque polo día pasedes fame, hai que cear ben de noite; coidade de non enoxar un a outro: como fagades según vos digo, iredes pra terra ó cumprir veintetrés mil setecentos noventa días máis, encima dos que levades nas costas: pro tamén vos aseguro, que si empezades coas endrómenas dos celos... ¡ai daquela!... San Fortunato vos colla en estado de gracia e vos ampare⁴⁴! Que as miñas recetas non farán efeuto!

—Desde mañán, señor, comenzaremos a facer o que vosté dispón.

—O porveito será voso por longo tempo: pra min, soilo son dez pesetas desta consulta, xa que non me preguntades canto cobro.

—¡Don Benito!

—Dempois dos cartos.

—¿E non é moito, señor?

—Ben valen ese diñeiro os meus servicios de médico e desfacedor de celos... ¡acaso eso non é un mal pior cun meigallo! veña, pois un duro por cabeza, anque noutra ocaseón que cadre, consulte de balde a Pilara.

⁴⁴ ‘San Agustín Diéguez, avogado dos planchados vos ampare’ (NG)

Nunha Casa Consistoreal⁴⁵

O Alcalde. — «Sñores concexales: queda aberta esta seseón extraordinaria, e o señor sacretareo vainos a ler un oficeo que chegou hoxe polo tren rápido de Pontevedra».

—Pido a palabra.

—Pode falar o señor Concexal.

—É perciso ler primeiro a iauta do martes⁴⁶ pasado, según acordos estrabrecidos.

Dáse leutura e apróbase coa úneca ouservaceón de que non se fagan polo sacretareo ningunha crás de raspaduras nos libros, baixo pena de colgalo dunha cadea catro horas no cruceiro que hai na carreteira.

—Tamén é necesareo, dixo outro concexal, que se lle mande avisar ó sacretareo do Xusgado de Paz, que corte antes de ventecatro horas as uñas de tres centímetros de largo que ten nos dedos das mans, pois estes días oín queixas contra el, porque asusta a moitos veciños cando hai xuicios de faltas.

O Alcalde. — Señor Concexal, nosoutros non podemos discutir esas cousas, porque o Xusgado de Paz está baixo as ordens do de primeira istancea, e da Audencea Territorial.

Fala outro: —As leises teñen forzosamente que reformarse; os muncipeos han de ser rexidos pola úneca autoridá das Alcaldías, elas mellor que as de fóra, saben o que convén pra os que viven dentro da comarca; a nosa ligadura coa Deputaceón provincial tense que romper e limitarse a darlles conta das nosas ‘funceóns’...

O Alcalde. —Respeito a esa última palabra non estou conforme, pois como vostedes saben, tócame este ano costear a misa cantada a San Bitulareo Mártir, con gaita e foguetes, e non é propeo nin vén ó caso, mandar un prego á Diputaceón decíndolle o que fixen e o que comín con motivo de funceón.

—Pero entenda, señor Alcalde: eu chámolle funceóns ós nosos acordos, o que tratemos aquí xuntos por maioría de votos, despois de poñer a man na concencea: pois iba decindo; que aquí debemos gobernar o dereito en ben das aldeas, rompendo os compromisos con Xan da Vila e con Pedro da Cibdá.

—Si, señor Alcalde, repiteu outro; que coste na iauta de hoxe, que de eiquí en diante non contén en Madri nin en Pontevedra coa nosa axuda pra falsificar eleuceóns: hánse de facer con limpeza, pois ningún de nosoutros gana pra tabaco con esas endrómenas; o legón e o cesto seguimos levando na man e na cabeza; as nosas condicións non melloran, e a veiga e o monte son os nosos paseos.

⁴⁵ O texto reproducido en *Suevia* anuncia: “Del precioso libro *Castañolas*, escrito en gallego, original de nuestro compañero Fortunato Cruces, director de *Nova Galicia*, que aparecerá dentro de pocos días”.

⁴⁶ ‘luns’ (NG)

—¡Moi ben!.. dixeron todos: o dito prestamos o noso apoio, e queremos se faga saber á Diputaceón ou ó Rei que os nosos ollos están máis abertos e que non pensen en xogar máis coas nosas persoas.

¿Pra que nos queren?... Si nos persentamos diante deses grandes señores en cartos e bo vestir, fuxen de andar ó noso lado porque somos agricultores... ordinareos... de maneira que solo nos piden votos e que amolemos ó pueblo...

O Secretareo. —Señor Alcalde y señores Concejales. Lo manifestado por ustedes entiendo no debe hacerse constar en acta y menos participarlo por nota a la superioridad, pues originará un grave conflicto.

O Alcalde. —Pois si o señor sacretareo non quer entrar neste fregado, agora mesmo pode presentar renuncea e vaiase pra Burgos, que aquí pra traballar legalmente e comer tranquilos, bastan os gallegos.

Todos a un tempo: —Que deixe o cargo ou que xure cumprir os nosos acordos.

O Alcalde. —Bueno, Señores Concexales: a sesión vai resultando larga e tratemos do oficeo que lles anunciei. Lea sacretareo.

«Por la presente comunico a Vd., que esta Corporación Provincial acordó imponerle la multa de 250 pesetas siempre que en el improrrogable plazo de 8 días, a contar desde la fecha, no satisfaga ese Ayuntamiento las cantidades que adeuda por déficit, consignadas como cargas en el presupuesto adicional del año último.

«Lo que comunico a Vd. como apercibimiento de la referida multa, de la que queda usted conminado.

«Dios guarde a Vd. muchos años. —Pontevedra, Agosto 2 de 1903⁴⁷.—El Vice-Presidente.

Señor Alcalde de Fornelos.»

.....

O Alcalde. —Conque, ¿que lles parece compañeiros? Este caldo sin sal, non é pra min solo que é pra todos. Eu entendo que non deben mandarse eses cartos a onde menos falta fan: o que o vecindareo dá, debe envertirse na súa mesma melloría e ventaxas do pueblo. Hai quince anos que se percisa unha fonte e tamén compoñe-la corredeira da braña; agora hai que dar algunha limosna ós probes o día de difuntos: convén rebaixar a paga dos consumos; retellar a escola, e poñer nela de maistro a don Serapeo, que é noso veciño e ten máis méretos que ese portugués que por relaceóns conseguiu o emprego, pois pra ser ensinados os nosos fillos por un estraño, mellor era fose un ingrés, que ademais das contas, tamén espricaría cousas de máqenas. Espero estonces a vosa opineón.

⁴⁷ '1902' (S)

—Nosoutros, señor Alcalde, somos unha sola vontade; pode contar que nos ten metidos no seu peito, e canto fale a súa lingua é como si o pronuncieara a nosa. Xa que asta agora non houbo concexales independentes i enérxicos, convén que nosoutros fagamos un exemplo de sana libértá. Polo mesmo, canto se falou tense que esquirbir, e sacar copea que sirva de contestaceón a quen quer tomarnos como nenos sin caletre...

—Señor Alcalde y Señores Concejales. Vuelvo a insinuarles que no debe procederse de la manera que piensan. Atropellar leyes y desconocer órdenes superiores, traerán como consecuencia la llegada de un comisionado especial, de apremio, acompañado de fuerza pública, se trabará embargo y remate de bienes particulares de ustedes y el final de fiesta será peor... 3 años de presidio!

Yo, por mi parte, caso de no atenderse estas indicaciones, renunciaré al cargo de secretario que desempeño y expondré los motivos en Pontevedra.»

—Naturalmente din todos: vosté que ten paga, convénlle respetar a falsa políteca. A renuncea queda acentada.

Alcalde. —¿E logo Concexales que resolvemos?...

—Conservarnos sereos e firmes no dito; chamar ós veciños ó adro da igresea e decirlles o que pasa e o que vai a suceder...

Alcalde. —Certamente, porque o sol xa se nubra e adiviña tempo de paus, contra tiros e baionetas. Aquí na Casa Consistoreal aínda cabemos trescentos valentes e mil forçadas... ¿Estamos conformes cos males que nos veñen? ¿Todos aproban tan grave seseón? ¿Hai máis de que tratar? ¡Que nostra señora das Neves nos acompañe no trance!⁴⁸

Levántese a seseón e péguese na porta o aquí acordado, con redobre de tambor.

⁴⁸ O conto en NG continúa da seguinte maneira:

—Nesta forma queda levantada a sesión, sendo as doce do día, encargándose o escribente de sacar copea pra pór na porta, e axexar dando veña algún guardia civil.

—E canto me van a dar polo meu traballo.

—Un traxe pra navidá, coa condiceón que abra ben o ollo dereito para mirar lonxe, pois xa sabes a revolución que imos a ter.

— (¡Que abra ben o ollo dereito, e por desgracea teño cego (non se aclara moi ben no orixinal)! ¡que me darán polo meu traballo un traxe pró mes de navidá, cando o posto xa ten peteirada!)

—Pró non importa; unha vez conseguida a autonomía ou descentralizaceón adeministrativa xa me darán, anque non sea máis, o emprego de gardador do criadeiro de melros.

O que che espera.

¡Probe Cruces!

Un milagre das bombas

Bueno: traballo me costou xuntarvos, e agora si queredes escoitar o conto, tendes que estar, tan caladiños como as abeláns cando dormen. Pois veredes... Cando era pequeniño, que inda choraba pola teta, e acórdome porque foi de noite i estaba desperto, alcontrábame por casualidá na casa do Alcalde don Xacobo Raiola, no colo da filla; a nai, de camiño que sopraba no lume que morría, falaba deste modo.

¡Dios mío, que home teño! ¡que pai tes Encarnacionsiña! tan entremetido en cousa que non lle importan, en costións que non lle producen pan... ¡Como he hei de ver de hoxe en diante, soliña con estes piqueriños, chea de negrura e quizais con fame anque traballe noite e día... I el, o que non sufrirá ó verse lonxe da casa, e preso... ¡canto non lle pesará de non haber feito caso ós meus consellos!

A rapaciña, anque con pouco entendemento, tamén choraba i arrimábase á nai pra consolala. E ieu andaba rindo no colo dela espuesto a caer entre un montón de toxos que había no chan, ou o que o xugo dos becerros que estaba colgado xunto o forno, me dese un bico no miolo da miña terna cabeciña...¡Ai! cada vez que me acordo, tembro... En que mans estaba o meu corpiño! si daquela levo un golpe mortal, sigurismo que hoxe estou trinta e nove millóns de leguas desviado de Galicia.

Conque... xa veredes. Nese instante entrou polo porta o señor Xacobo i ó chegar a xunto o pote, díxolle a muller.

—Que tes, Amalea: saca esas mans da cara e dime porque choras... ¿to-mástedes algún medo? ¡fala... contesta meu altar, meu sagrario!

—Deixame desafoxar a miña pena.

—¿Pro que diantres de pena é iesa? —¡Inda me preguntas Xenaro! Inda me ves con eses mimiños a crucificarme máis, ... ¿que sarillos fixestes no auntamento? ¿que documentos firmastes contra o goberno? ¿ti sabes con quen te meteste? ¡que ganas, Xenaro, que ganas!

—En cousas do monicipio non deben meterse as mulleres; vosoutras sodes pra lavar, remendar, axudar na casa, facer comida, e coida-los meniños cando os hai. Si chegades a ter voto nos negocioes públicos, estonces xa quedarei na casa fiando, e darémolles os nosos lugares ás mulleres.

—Atende o meu consello, Xenaro! mira que moitas veces temos o xuício máis asentado que o dos homes... e valemos!

—Xa o creio que valedes; o mundo tería pouco méreto si nel houbese gai-teiro e faltase a gaita, por exemplo: mais, namentres que a lei non se reforme, seguiremos os homes andando por encima das mulleres.

Así falaban, e ieu sempre no colo da filla, escoitando sin querer durmir, que anque alí non era a miña casa, esa noite iban meus pais no moíño, e deixáranme en pode de tan bos veciños.

Nesto sintonouse chamar desde a cancela da eira... ¡Compadre! ¡Compadre! veña lixeiro!... E a señora Amalea colgouse na chaqueta do home, decíndolle... ¡Xenariño! atende ós meus rogos, por San Lucas cho pido... non sailas esta noite... os goardias civís queren prenderte.

—Vamos, Amalea, sóségate; deixame cumprir os meus deberes de Alcalde, deixame defender os dereitos do pueblo, deixa que me prendan, que me aforquen tamén si queren.

Con estas revolturas nin ceiron eles, nin a nena, nin eu... I o señor Xacobo saleu pró curral, e nosoutros pra ventana.

Volví a poñer atención ó que falaban fóra, i o Alcalde decíalle ós conce-xais que o viñan buscar.

—¿Houbo novidade?

—Si, Don Xenaro; agora levan preso ó alguacil: van tres parexas con el.

—Logo, resisteu-se.

—Luchou como un gato: si non lle atan as mans desfai en anacos ós civís.

—Fíxeron ben: cantos máis atropellos, dobre razóns nos quedan pra revolucionarnos. É preciso, correndo, avisar ós mellores veciños pra xuntarnos no Auntamento i esta mesma noite acordar o que debemos facer. Sin réplica de ningunha crás se foron voando.

A señora Amalea, amiga de morrer xunto ó seu home, colleu a filla nun brazo e a min no outro, i os tres nos puxemos acurruchados baixo unha porta fronte á do Auntamento. Eu sempre deserto, rindo, coa orella destapada.

Cando xa todos estaban alí reunidos, oíuse a voz de don Xenaro que decía... «Amados compañeiros i estimados veciños. Podedes ter a compreta seguridá que a miña man non poñerá firma en cousas que poidan perxudicar estas parroqueas. Estou conforme, que con algo temos que arranxar os gastos xenerais de patrea, pro ten que ser con regra, tendo en conta as riquezas de cada persona e de cada aldea. Supoño que xa sabedes, que xentes doutras alturas (non do reino das estrelas) queren que os repartos de consumos se aumenten; queren que nas eleucións enchamos as urnas con papeletas de votantes, que uns xa morreron i outros están no Perú e Buenos Aires; queren darnos Albaceas gaduñeiros pra Galicia, que non son nacidos nesta rexión; queren que nos balances poñamos máis gastos por xestas, branqueos e roupas pró Aguacil; queren que o maestro, Secretario e serenos, lles deamos mitá do xornal, e que poñan o recibo como si o cobraran todo. I os deputados, señores, nada nos melloran; i os Albaceas estraños, nos chupan a sangue; e xestas non se mercan máis que catro no ano; o branqueo da escola faise de trinta en trinta meses, i o alguacil nunca puxo traxe de uniforme. Todos eses cartos que resultan empregados, sin ser certo, i as mitades do xornal de quen vos dien, que tamén se dan por pagadas... ¿quen as come? Eu non volo sei, pero si que son repartidas entre confrades mandóns».

... ¡E queren que seamos obedentes e calados! ¡Imposible!

Vistas estas marañadas, nosoutros dixemos — ¿Somos Xusticia? Si. ¿Somos os que pagamos? tamén. Somos homes...? Pois a gobernar en lei i en conciencia: rebaixemos as cargas; que se acaben as porquerías contra tan probes e traballadores veciños, e...

Neste momento entraron no consistoreo dez goardeas ceviles, e catro señores moi ben vestidos, con camisa pranchada, e cadea que relucía colgada no chaleque.

A postura deles, era de soberbea, de xente de granvaler, i a xusgar pola voz que saía de adentro, falaban dun xeito asustadizo pros aldeanos, decindo. — «Señores: orden terminante tenemos de arresto contra ustedes en virtud de hallarse procesados por desacato a superior autoridad y conspiración contra el régimen actual. El señor Comisionado especial, aquí presente, os invita rendición, que no opongáis resistencia alguna y nos acompañéis hasta el camino carretero para seguir en las galeras que nos esperan, hasta la cárcel de León».

—Eu ó sentir tan graves palabras, ben quixera despertar á Señora Amalea, pero ¿como facelo? ¡mal pocadiño! era no ano setenta e cinco, tendo eu dez e oito meses ¡graceas que o oído non me faltaba!

Mentras que arriba discutían todos, baixaron dous homes: eran o fogueiteiro i un xenro do xues de Paz: traían un cesto, e foron poñendo no chan un reste de mazáns envoltas en papeles: a cada unha encendéronlle súa luciña pequena: eu tiña ganas de fuxir do colo pra poder xogar con aquelas cousas, ¡fíxome Dios mil bens ó non conseguilo!

De alí a un pouco aquelas mazáns estalaban como bombas, pois bombas eran en verdá. Nesto despertou a rapaza, i a nai, pensando que aquilo era polo triunfo dos concexales, i en vez de asustarse, decía alto... ¡Viva o Auntamento de Pastoriza! ¡Fóra os gobernos comilóns!... Outros berraban arriba. —¡Dios mío, somos perdidos!... as mulleres do pueblo i aldea cercanas chegaron a saber estas cousas i están esperando a saída destes señores pra facer con eles un esterco... ¡pun! ¡pun! pun...

I o comisionado i os ceviles escramaban encollidos de medo.

«¡Vivan os aumontos honrados! ¡Morrán os que non teñen door dos pobres!».

«Recto Alcalde, legales miembros, decid a esas esposas se alejen; que cese el tiroteo, que nos permitan retirarnos y sabremos presentar un informe a la superioridad que os favorezca, porque lo merecéis; nosotros, al menos, nos excluimos desde hoy en admitir comisiones de tal género; comprendemos vuestras razones; humildemente os pedimos salvéis vuestras vidas!... ».

I o Alcalde choscándolle o ollo ós demais compañeiros, saleu á ventana dixo:

*Ide mulleres prás casas
xa non hai revoluceón
vosos homes treunfaron
per ten bon posto o calzón.
Estas xentes forasteiras
vanse sólo pra León,
deixando esquirta unha iauta
polo que nos dan razón.*

*

**

Sin tardanza foron salindo pra fóra; o comeseonado iba chorando temendo que inda lle fixesen algún dibuxo na cara: os ceviles camiñaban sin carabíns, deixándoa en sinal de paz no consistoreo, i alá se foron informar ó goberno que era un crime perseguir de tal xeito ós aldeanos gallegos.

Cando a señora Amalea se pudo achegar ó seu Xenaro, apertouno, bicouno, e díxolle:

—Que inxeneo tendes os homes! i el reprecoulle! Canto valeron as bombas: mira como fuxiron eses raposos co rabo entre as pernas.

O estreno

Oito días antes do casoreo, preparou Xacinto a súa casa con tódolos cachivaches que se percisan para esa crás de andrómenas.

—¿Falta alguna cosa? díxolle a novea.

—La cocinera y el sirviente; respondió Jacinto.

—Pues te vas al Hotel de inmigrantes y eliges un mocito que sea gallego, que son amables, listos, honrados, pronto se ponen prácticos, muy ocurrentes y alegres y se conforman con poco sueldo. La cocinera se pide por *La Prensa*.

Y allá se fué Jacinto a cumprir el encargo de su Manola, y al estar próximo a un grupo, le dijo a un paisano.

—Tu, el de la faja colorada, ven acá.

—A min me chama.

—Si.

—¡Que pouca educación ten vosté!

—¿Porque dices eso?

—Porque eu non son «tu» que soy pasajero y nacido en Villanueva de los Infantes, partido municipal de Celanova, que ogallá non houbera salido de alí.

—Bueno: así me gustan los mozos de la Galicia. Yo te preciso.

—Pro, antes de nada, ten que sacar o sombreiro.

—¿Y porqué?

—Falou da miña patrea e ten que saludala, que tamén eu fixen o mesmo cando entrei na Aduana e vin o escudo arxentino.

—¿Quieres venir de sirviente para mi casa?

—¿E ti xa tes casa, e sin bigote?

—No quiero perder tiempo ¿quieres o no?

—¿Canto me vai pagar de soldada?

—Veinticinco pesos.

—¿E cama tamén?

—Y con comida.

—E tabaco, ¿non?

—Basta de preguntas.

—¿Que teño que facer?

—Ya te diremos.

—Pero xa lle aviso con tempo: non me faga subir moitas escaleiras; non quero andar ó sol; non me gusta andar con augas internas; quero que me dea tempo pra afeitarme pola miña man; non quero oír barullos cando me deito; e dígame unha cousa ¿a cantos teño que servir?

—A mí y a mi señora, que me caso el sábado.

—¡Arre corno!... non lle me gusta nada o lerio...

—¿Aceptas venir o no?

—Mire, “teño medo de perderme”... e, mentras non tomo mellor os rumbos das calles, non me decido a ir pra casa de vosté: outro día será.

—Pero la cocinera le dará las direcciones cuando tenga que hacer recados.

—¡Tamén hai cociñeira! Mire, non vou con vosté; estou esperando unha colocación de xardineiro.

—También yo tengo jardín y le daré cinco pesos más.

—Non sea tan cargoso, reconcho. Non quero empezar de sirvente nunha casa de mimosos, de chú, chú, chú, e chí, chí, chí, e séconas tréconas ca cociñeira, que ao millor tamén me perdo... en canto non sei as calles.

—Es una lástima que no te vengas conmigo.

—Pois nada, salga o sol por Maside ou por Silleda: estou ás súas ordes. Pero escoite unha cousa: a paga ten que ser fixa: tamén lle dou un consello, que non quero ver pelear por chú, chú, chú; ou chí, chí, chí, porque sinón armo un Cristo máis grande que o que ten a igrexa de San Pedro de Oza.

I o rapaz despideuse dos compañeiros pra ir dar comenzo ás faenas novas⁴⁹.

Díxome onte unha prima que a cociñeira resultou ser de Camposancos, e de cada guiso dálle lambetada ó sirvente.

⁴⁹ En *NG* o conto remata así: “*Todo cando lle suceda, xa volo contará*”.

Ca Forcada

—Xuana... Xuana!...

—Que queres, Andrés: Asús, que fastidioso te pós cando te enfermias por calquera cousa...

—Pero muller, ¿a quen queres que chame? Fai ti o mesmo si chegas a verte descomposta, que acudirei lixeiro ó teu chamado, e dareiche o meu alento, si o percisas.

—Non penses que te abandono, Andresiño; xa sabes que antes de casarnos te quería, soilo que, a cada minuto, non podo atenderte, porque a tea atrásase, e pra sábado fan falla os vinte catro reás, que, si ben o penso, son máis que tola traballar como unha besta por ter man da vida, i aforrar, pra que non chegue o día de vender ningunha das casas túas nin tampouco dos agros meus.

—Non che pese Xuana.

—Xa o creio que me pesa, porque désteme mil palabras de apartarte do xogo, e i eu por querer conservar o nome de muller non me volvo home; e ti non traballas por culpa dos achaques que trouxeste da Amérecas...

—Xa traballín e fixen riqueza...

—Si, gráceas a esta boa muller que cha conserva en pé: mentras tanto, se eu non traballo nin aforro, hoxe estarías sufrindo a vergonza de vir rico e volverte probe por culpa do teu maldecido xogo.

—Non maldigas, Xuana...

—Xa sufro e calo... e xuntarei pesetas a costa de privacións...

—Pero tamén che veño demostrando dende hai moitos anos que non hai muller na terra a quen mellor estime... en proba, inda tes na ucha cartas que eu che mandaba con bicos e abrazos, i eso que me alcontraba nunha terra de moitos peligros.....

—Neso non teño queixas, e podes levantar as mans ó ceo, que tuveras e que teñas esa virtù, pois si ademais de xogador sin gananceas foses un home que non me fixeses festas... hai daquela, dígocho con franqueza, fuxiría do teu lado e quedarías soilo entre catro paredes.

—E pra onde foses ¿que ibas a facer?

—Non me faltaría outro Andrés que lle dese méreto ó meu corpo.

—E a min tampouco non me faltaría outra Xuana.

—Das que andan polas silveiras... e basta de lérea... vou pró tear pois a enfermédá que agora tes, inda non é de morte...

—Espera, tes que facerme un remedeo, pois, eiquí no peito doime moito.

—Non comeras onte tantos pementos asados.

—E ti, aquela vez que che fixo mal o cabazo... ¿non me chamabas? ¿non te poñías mimosa? ¿non che fixen ducias de piperetadas? ¿por que mas negas a min hoxe?

—¿Queres logo que vaia buscar o ciruxano?

—Non, muller, non; bástame unha cataprasma como as que ti sabes com-
poñer, que me sandan ás poucas horas:

—Así me gusta, que me decrares que teño unha man santa pra ti... ¡ai si
non foras xogador, que compreta sería a nosa felicidade!

—Mira, Xuaniña,... séntate eiquí na beira da cama... quéroche decir unha
novedá que che vai a causar moito sentimento... teño medo de morrer e convén
que a seipas, pois inda pode ser che de estimaceón o mal feito... o descarrilamento
por min cometido.

—Arrenégote diaño! ¿que crase de falta é i esa que tes que decirme?

—Xúroche, Xuana, non volver a caer noutra i espero me has de perdonar.

—Conta lixeiro, centellas. Seguro que tes xogadas as casas...

—Non...

—¿E logo?...

—Cando cheguei de Buenos Aires, ¿non te acordas que fraco viña?

—Si.

—¿Non sabes que che dixen que me mareara moito nas costas do Brasil?

—¿E que ques decirme con eso, despois de dazaoito anos que pasaron?

—Escoita, Xuaniña: estuwen catro días e medeo na cama, ninguén me acu-
deu cun caldo; os guisos me aborrescían; os cartos viñan todos en letra... ¿e sabes
quen se doieu de min? unha rapaza que tamén daba volta de Montevideu.

—Falas ti, ou a túa frebe?

—Atende muller,... ¿quen neste mundo non resbala?... tróuxome tés, che-
colate i outras cousas que pra min pedía en primeira crase: sandei, e supriqueille
cando desembarcamos me dese a direuceón dela, pra pagarlle aqueles serviceos
algún día; así foi... ¿non sabes cando che dixen que tiña que ir a Mondariz tomar
augas quince días?

—Acordo.

—Pois engañeite: fun ver aquela moza; pensou que era solteiro, fíxome
caso, e agora... non che pareza mal... dende hai seis anos que aparento ser xogador,
e non son...

—Mantés esa boa lamprea⁵⁰, raio que te fenda...

—Non... costéolle o estudo...

—Nunca Dios me dera... que maltratada son. Eu, lexítima, sudando, pra
que estudie unha ilexítima!... mellor che valera non contarmo!...

—Agoarda, Xuaniña,... ese estudo... págallo a un neno que hoxe ten doce
anos; ela, a nai, que me salvou do mareo, vive das mans do home lexítimo que
ten, e que iñora o sucedido.

⁵⁰ 'muller' (NG)

—Di, Andrés, ¿que pago ti mereces da miña parte? derrochar o que temos... non traballar... que che volva o mareo e que ninguén che socorra... Pero antes, has de saber pra que serve a forcada, i o conto fareino chegar ó xues, ó cura i ós veciños todos!...

—Perdóname, muller, que xa son vello, e si morro e ti quedas, ese rapaz será bó pra ti: máis fillos non hai... ben chega o que temos pra ti e pra el...

—Pero o que fixeste, non o manda a lei de Dios...

—Non farei máis... perdóname....

—Despois que porbes a forcada, xa o pensarei.

Quen mal anda

Polo medo de morrer dun susto, ou dunha aperta treidora, solicitou o traslado de San Simón de Cacheiras, D. Ánxel Pelouro, que exercía alí o emprego de sacretareo do auntamento e mais o de meter en fonduras a quen collía millo e mentellas pró ano.

A vida de D. Ánxel estaba naquela comarca tan mal asegurada como un pucheiro de leite nas mans dun neno de dous anos. Era tan trafulleiro, que xa tivera que fuxir de San Lourenzo de Torneiros, San Xuan Bautista de Leíño e Santa María Madalena de Fanoi, onde funcionara de executor das cédulas atrasadas.

Consiguen por cambeo, e graceas á enfluenza dun compadre que estaba de porteiro nunha casa de baños en Caldas, que lle desen a credenceal de come-seonado enterventor na parroquia de Santo Tomé de Sorribas, pois o vecindareo recramara esa intervenceón pra poñer en estado de paz aquelas aldeas trastornadas polos que querían manexar os tesouros das caixas do munecipeo.

Pois ben: cobrou D. Ánxel uns picos que lle debían en Cacheiras, untou de tinta as manchas dun sombreiro de copa e dunha levita, mandou os poucos trastes por un carreteiro pró novo lugar, e puxo no correo un oficeo dirixido ao señor abade de Sorribas, úneco que, como ministro da igrexa, era legal alí, anunciándolle que a seguinte mañán tería o gusto de tomar checolate na súa compañía... (Namentras que D. Ánxel vén montando nunha burra, corramos, leutor, máis lixeiros, pra saber o que falan no punto a onde se dirixe).

Bastou o sancristán de Sorribas pra esparramar a noticia de que o come-seonado logo chegaría. Esa víspra, de noite, había unha espadela na casa de Xan o Trasno, que por certo estaba moi animada con moitos mozos e mozas, faladurías, risas, cantos e bailes; pro máis adentro, i encima da lareira, ó redor dun montón de ascuas, o amo da casa, que facía cribos, discutía con outros que picaban castañas que asaban pra servir de cea ó finar a festa.

Con precauceón me arrecheguei a eles, e decía Xan o Trasno:

—Eu son capaz de encher a noria de papeletas cando Ventura lle tire cun puñado de terra os ollos do enterventor, e as eleucións ganas D. Patriceo.

—Bendito quen che dou tan aprobeado apellido, dixo rindo un das patillas, que sigún oín, era o pretendente alcalde.

—É decir, falou outro, que si o comeseonado apoio ó bando contrareo, nós farémoslle a trampa...

¡Pum!... Ascuas e castañas saltaron polo aire; desfíxose o fandango que bailaban os mozos; o cribeiro caeu do tallo; e a outros que tiñan a camisa desabrochada da cintura ó pescozo, entráronlle muxicas que lle chamuscaron no peito.

Verdád é, que na casa do trasno non pode haber cousa boa, pro quen tivera culpa, foi outro que escoitaba, sobriño dun rexidor dos que aínda mandaban, pois,

sin ningún procatarse, meteu unhas castañas enteiras de casca no medeo do lume, e casou o tremendo estalo.

No outro día tocaban as campanas, como si chegase un arzobispo. Era o enterventor que entraba no adro da igrexa pra poñer un bando en que decraraba ser el a úneca xusticia en Santo Tomé de Sorribas, tódolos empregados que había quedaban en suspenso; el nombraría ós que fosen do seu xeito; el formaría ós expedientes pra encausar a quen quixese; el gobernaría na parroquia en canto lle dese a gana; e namentras que outra orde non publicase solo el era xues, alcalde, sacretareo e recaudador: e todos tiñan obrigación de respetar os seus mandamentos, baixo penas e multas que impoñería ós que as desconocesen e serían atados ó muíño de Xan Varela os que mormurasen os seus autos.

Causou tal medo nos veciños, que ningún se astrevía chiar, pro na casa de Xan o Trasno, lle preparaban unha trasnada.

Consigueteu aquel facerse moi amigo do enterventor, e dous días antes das eleuceóns, convidouno pra que fose cear a casa del.

—*Mira, Juan, acepto y voy, confiando en la buena amistad que me profesas; pero es condición que tú ocultarás mi salida y me acompañarás al regreso, pues como tengo tantos enemigos debido a mi cargo aquí...*

—Descoide, D. Ánxel, eso corre pola miña conta.

Cando estaban no cuarto xunto ás fillas, petaron á porta do Trasno, e díxolle este ó enterventor:

—D. Ánxel lévao o demo si non veñen os noveos destas rapazas: pónase un pouco detrás desa porta.

.....

—¡Valerme! ¡Maldito tras...!

.....

—¡Meu padre, (decían as fillas) veña lixeiro, que D. Ánxel caeu pola trapa dentro da corte entre os cornos das vacas!

—¡Arrenegado sea o trasno!!...

I os veciños cando souperon o sucedido, levaron en porcesión o comesionado astra despedilo na carrilana, decíndolle:

—Que vosté se mellore das fridas que leva; mais non volva, porque acá non queremos home luxados.

Unha picardía

O dous de Febreiro, día de nosa Señora da Candelaria, en que os paxariños se xuntan en parexas e comenzan a facer entre valos e ramaxes, as súas chouzas de lama, palla e fíos, pra botar seis meses de casados, era tamén o día sinalado pra recibiren a bendición do matrimonio os mozos Froilán Picafollas con Cepriana a Chasca, na aldea de San Antón de Lestido, onde non houbera casamento ningún pasaba de tres anos e medeo.

Cuatro semanas antes de esa festa, andaba de boca en boca tal noticia, e os amigos e amigas dos noveos levaban ás casas de xastres e custureiras xéneros de diferentes crases pra facer o vestido que habían de estrenar, así como camisolas e faldras que debían ser pranchadas. Os demais rapaces descurrían a maneira de bailar ou cantar a regueifa, e moitas solteironas falaban cheas de envidea contos contra os ditos noveos.

Na víspra de Candelaria trouxeron pra casa do pai de Froilán, un carro cheo de moletes, outro con dúas medeas pipas de viños, e matouse no quinteiro unha becerra.

Ó amañecer do día dous, cando aínda o sol non esparramara a luz polas corredoiras da aldea, xa o gaiteiro acompañado de bombo e tamboril, tocaba unha bonita alborada de porta en porta, facendo despertar ós veciños.

Ás oito da mañán, saleu Froilán atado a Cepriana cunha trenza, e seguíalle un reste de trinta e dúas personas. Ó chegaren á igrexa espicoulles o capellán as leixes dos casados, e despois de feita esa cirimonia, oíron a misa e todos deron volta pra casa, onde encontraron unha larga mesa na cucuña cuberta con sábanas, e nela posta a comida e algúns xerros de viño.

Cando estaban repartindo os postres, que consintían as torradas de leite, noces e figos pasos, empezaron uns cantos convidados a tocar frautas, castañas e pandeiros.

Enseguida, o pai de Froilán, colgou o canizo no cortello, subeu os cestos da herba a encima do forno, meteu a pedra de afiar debaixo da lareira, e puxo os legóns no poleiro das galiñas, de maneira que o chan quedou sin estorbos, e douse prencipeo ó baile que durou asta as tres da tarde, en que se fono pra gaita que estaba na eira de Pardal rechamando ás xentes pra regueifa, que foi bailada por un rapaz de Carcacia con puntos e contrapasos que ningún outro lle puido igualar.

Ás seis da tarde desfíxose a fuliada, e os novios foron acompañados polos mesmos amigos e amigas, pra despedirse da festa cunha boa cea na casa dos pais de Cepriana.

Esta segunda comida non era do agrado de Froilán nin da nova muller, pro non podían escusarse dela porque era costume no lugar. Estaban pesarosos porquen tiñan que dar comemento ós convidados, e non privarlles de bailar anque fose toda a noite. Na cara se lles conecía ós novios que querían prencipiar a nova vida...

Eu era un dos presentes, e comprendín a picardía urdida no medeo da cea, polos novos casados, que a levaron a cabo. ¿Sabedes cal foi?

Froilán empezou a queixarse do peito, e Cepriana da barriga... Estonces cada un foise pra súa casa, e os novios quedaron na deles.

Salimos pra fóra os convidados sin poder gozar da troula conque aquela noite debía despedirse, e ó estar xa na calle, despois de oír poñerlle o tarabelo á porta, non faltou un que dixo con sorna: — ¡Quen me dera verme no caso dos novios!...

Cumprir o testamento

A eso das doce e medea da noite do día vinteseis do mes de Santos e cando máis tranquila estaba dormindo unha familia no barrio de Santa Margarita na Cruña, despertou o home falándolle deste xeito á muller:

—Ponte queda, Vicenta; non me turres polas orellas...

—Ti deliras Domingos!...

—¡Que deliro! encende o quinqué, e verás como me fixeste inchar a orella do lado dereito.

—Dáme acá logo a caixa dos mistos, que puxeste debaixo da cabeceira...

—¡Ai, caráspita! pro non me deas beliscos muller...

—¡Se eu non che toco Domingos!

—Estonces éche o demo; i aquí os mistos non alcontro; mira si están encima da mesa.

—Baixa ti, home; ¿ou tes medo?

—E que sei que o temos os dous, Vicenta; eu vou; pro ti vén tamén, tras de min.

—Anda, entonces: pón os pés no chan...

—¡Asús, Dios mío!

—Pro non seas medroso, home; parece que te volves un neno.

—¡E si non podo camiñar! que o chan está cheo de vidros...

—Pois recemos unha salve á virxen dos Cristales...

Fóronse home e muller decindo aquela oración cara a outro cuarto en busca dos mistos, tembrando como as corres, i os pés pasesiño, arrastro, pra non crabarse nas areas do sobrado.

—Aquí está a caixa; graceas a Dios...

—¡Que gana tes de lería Vicenta! ¿pra que me sopras o misto, muller?

—¡Ai, Dominguiños, eu non che fun; encende lixeiro outro, pois co resprandor do pirmeiro vin a cara do señor Antón colgada na parede: anda sinón berro... ¡astra a cama se *move de seu*! ¡meiga fóra! Invoca, Dominguiños, ó ceo...

—De parte de Dios, San Pedro e San Paulos, ¿quen anda nesta casa?

—Son Antón Soneira; respondeu unha voz agachada.

—¿Que percisa de nós, ou deste mundo, señor?

—Que non disfrutes esta casa, nin outros bens dos meus... ¿Non sabedes que os testamentos son sagrados, i hai que cumprilos? ¿non deixei disposto, que un gaiteiro con tambor o bombo fose tocando as mellores gallegadas detrás do meu cadavre, cando me levasen pra enterrar? ¡a falta dise requisito me ten moi enfadado...!

—Pro o gaiteiro foi, señor Antón, e bebeu en cantas tabernas alcontrou.

—Mais ¿que tocou Domingos? unha medea rebeirana ó meterme na cova, e polo camiño foi calado... Esto no consinto.

—E si a autoredá non deixou ¿que culpa nós lle tuvemos?

—Pois non habendo nesta terra lei que tal condiceón prive e rechace, che encargo que entabres no meu nome unha demanda por perxuicios, contra quen maltratou a miña voluntá. Cando o Notareo fixo costar no testamento o que eu lle mandín, sinal de que se podía facer; si me enganou, hai que castigalo; por eso quero que non perdas tempo, e sigue o preito astra que o xues falle. Si non queres que o meu espírito te desperte, fai o que che mando: hai que desenterrarme, volverme a esta casa, e ir de novo pró cimiterio co gaiteiro tocando, pero que non se repitan as cuncas do viño.

—¿E non se podía arregrar doutro xeito, señor Antón, pois recelo que o arcebispo acorde eso?

—Si non se fai, ningún pode disfrutar dos meus bens; fíxate no testamento que di *condición sine qua non*, non tocou a gaita, tampouco hai manda. Adiós; xa virei por acá un destes días.

—Pro veña con mellores modos; sinón farei un milagre coa subela...

Meiga de alcume

Bueno, meus meniños: acurruchádevos no chan i escoitade caladiños, que vos vou a empezar o conto.

—¡Así nos gusta! ¡Ai que boa é a señora Manoela! Conte aquel de cando un arreeiro demandou a un médeco por darlle un té con pementón picante eiqui-vocado, ou o daquel defuntiño que andaba pola aldea roubando nenas, e sinón aquel outro dos mozos na taberna de Miranda⁵¹.

—Todos virán o seu tempo; si vos poñedes con séconas-tréconas, daquela deixovos quedar, e non conto ningún.

—Ten razón, dixeron os máis: probe velliña! espique os que sean bonitiños, ou os que lle acorden.

—Bueno. Unha vez había en Rianxo⁵² un mozo, goapo como un cuco, e dereito como un eucalito⁵³, anque sin outras riquezas: era solíño, morreran os pais, e non tiña nin pizca de tíos; sigún el contaba, había un primo alá pola Arzúa.

Entre as moitas e graceosas rapazas da vila, había unha, riquiña e con máis salero e bonitura naquel corpo, cal si fora un deses paxariños que alegran as nosas hortas. A cara dela, mesmo parecía a dunha desas reinas que din que hai nos petouts e tamén nos prados metidas nos encantos.

De tal muller estaba namorado ese mozo Xacobo. Unha vez camiñaba por preto de min ca ala do sombreiro baixa sobre os ollos, moi tristón... ¡Adiós, señora Manoela!, me dixo.

—¿Que che pasa Xacobiño?

—Un pouco de frebe, propea dos vintedous anos.

—¿E que vas facer á braña?

—Apracar o calor, subíndome as ponlas dun ameneiro.

—Sei que che salen mal as conta, ¿non é verdá, meu fillo?

—Ten razón: fai tres meses ¡noventa e dúas noites seguidas! que lle colgo na ventana de Maripepa ramos de espregue con caraveles, sin ter coraxe pra poñerlle nun deles catro letras, porque letras da miña ialma eran os ramos, mais ela inda non quixo entendelas, e sigue dándolle conversa ó mintireiro inglés que sempre lle fai a espera na praza⁵⁴.

—Si fas o que che eu mande, poida ser que consigas, Xacobiño, os teus deseios. ¿Ti quela por ben?

—Certamente, señora, e déame luces velliña, do que hei de facer.

—Déitaste, faste o enfermo, chamas o Notareo pra que che vaia facer o testamento i el levará consigo os testigos que sempre usa, que entre eles está o

⁵¹ 'na taberna de Don Modesto Pinzás' (NG: 1909); 'na eira de Ravelisa' (NG: 1910)

⁵² 'Dodro' (NG: 1910)

⁵³ 'como un fuso' (NG: 1909 e 1910).

⁵⁴ 'ó mintireiro portugués que sempre lle fai a espera na corredoira' (NG: 1910)

pai da Maripepa, moi amigo de botar firmas de saber o que deixan os que queren morrer.

—Ai, Dios mío, eu a tanto non me astrevo.

—Non seas toliño! atende que salirás ben. Cando che pergunte o Escribano que crás de bens tes e a quen llos deixas, ti contestas: «a miña fortuna consiste en sesenta e un mil réas que teño eiquí metidos no xergón; os mil son pra mercar o hábito, o nicho, e facerme o enterro con acompañamento de responsos e órgano; i os sesenta mil enteiros, son pra que os recolla como regalo, á mellor moza da aldea que queira poñerse ó meu lado dendes de hoxe, astra que me chegue o último minuto en que me vexa facer as caretas da morte».

—Asús, señora Manoela, xa me asusto.

—Fai o que che digo, i escoita: dempois de concruído o papel, pides que che adeministren os santos sacramentos i a estrema-unceón.

—Ai... eso non o fago, porque podo morrer de verdá, e daríame moita pena.

—Non seas bobeón, toma o meu consello. (Os rapaces, que caladiños escoitaban, escacharon ca risa neste intre).

—Si non estades quietiños, non sigo o conto.

—Rímonos, (responderon) porque vosté, seguro que preparaba unha pille-ría, facendo de casamenteira.

—¡Arrenegado sexa o trasno! que maliceosos se van criando estes pequerrechos da actualidá.

—E sigo o conto, e viva Reanxo⁵⁵, e vivan todos, e viva eu, e viva o lume, e que nostro señorío lles pete no corazón dos gallegos (dos soscritores, pra que cada un consiga outro novo, amén: e viva “Nova Galicia”, amén), pra que todos volvan pró seu lugar, amén.

—Pois díxenlle eu a Xacobo: non seas bobo e toma o meu consello; os testigos i o Notareo, han de ser os mesmos que esparramarán a novedá pola vila, i as fillas deles serán as pirmeiras que che han de ofrecer a súa compañía.

—¿E si morro de certo⁵⁶, e non aparecen os sesenta mil réas no xergón?... ¡que tunda vou a levar!

—Atende, recoiro! cando teñas diante de ti as mozas, estonces elixes en Maripepa.

—¿E vosté pensa que se vai a quedar soila conmigo?

—Faladurías non pode haber: dirán que se fai unha caridá contigo.

—¡Porrá! ¡caridá pola esperanza de herdar tres mil duros! Dios me perdone, que si acuden mozas, valía a pena morrer por unha hora e mirar como tiraban no sobrado co meu corpo, e como remexerían as pallas da cama buscando as rolas.

⁵⁵ ‘Canalexas’ (NG:1910)

⁵⁶ ‘de verás’ (NG: 1909 e 1910)

—Conque, mans á obra.

—¿Pro quen se encarga de tantos requesitos i andrómenas?

—Aquí estou eu, demo de medroso.

—¡Que meiguiña santa! ¿e si chego a casarme con Maripepa, canto teño que pagarlle a vosté de comiseón?

—Darédesme de comer mentras teñades, e repararedes por min cando me enferme: ben pouco pido, caráspita.

—¿E si por casoalidá morro na cirimonea da estremaunceón?

—Pides a Dios por min.

—O demo, dirá vosté, porque o ceo estará fechado pra esta alma condenada.

—Inferno non hai, e déixate de pagüelerías.

(Volta a rirse os rapaces).

—¿Que vos parece o conto meus meniños? ¿gústavos? agora sigamos a espricaceón da doutrina nova, pra que cando seades maores teñades idea do que vos convén: os gobernos centrais chupan a sangue das provinceas: as rexións si queren mellorar teñen que gobernarse con certa autonomía na súa adeministración: España paga por soste catedrales⁵⁷ unha dobre cantidá do que gasta en escolas: e unha xudía enfamea cerrarlle o camiño do progreso o pueblo que fai grande a patrea.

¡Moi ben polo sermón da señora Manoela! Agora acabe o conto.

—Boeno: pois meu dito meu feito: fun con Xacobo pró seu pallal: deitouse, veu o ciruxano, recetou unha lavativa con zume de limón: avisei o Notareo que acudeu lixeiro con tódolos aparatos de papel tinteiro de corno, libro da lei, e testigos: fíxose o testamento i ó fálarse dos sesenta mil, astra puxo axemada a cara o mesmo Escribano; chamouse o Abade, confesouse Xacobo, e apricáronlle os Santos Sacramentos, i a Estremaunceón. ¡Estaba medroso! cada minuto, máis branco se poñía dos ollos; vinte veces me chamou pra decirme á orella “¡en que fonduras me meteu, seique morro!”.

¡Anémo! lle respondía eu: mira cantos caraveles tes diante de ti.

Naturalmente o conto correra de boca en boca i alí chegaban as rapazas a vesitar o compañeiro das gaitas... ¡a tomarlle o arrecendor os sesenta mil réas! Unhas mozas cochábanlle os pés de Xacobo: outras dábanlle un caldiño, i en fin, de moitas maneiras o consolaban. É costume ir vendo un entermo, pero pouquiño tempo: i alí as mozas non se marchaban.

Estonces eu fun buscando xeito de que se fosen, deixando a Maripepa atrás, turrándolle da saia. Así que quedamos os tres soliños, animei a ela, animei a el, e tal que sei eu...

⁵⁷‘por soste ós cregos, que non fan falla’ (NG: 1910)

—Chosqueillo o ollo a Xacobo, e díxenlle: meniño, aquí tes a Maripepa a filla de José o Mameco, ¿non a conoces? ofreceuse a Santa Ana, de poñerlle luz de aceite oito días si te sanda: nostro Señor é moi grande, quizais te salve nesta ocaseón, mais si morres non leves sentimento do teu sudor que deixas aforrado, queda nas mans de Maripepa que che rezaará pola ialma, e tódolos anos te vesitará no campo santo.

—¡Raio! ¡decía prós seus adentros o mozo; a broma vou a pagala ca morte!

—¿E... vos... te vais... se nes... tes... amar... gos menutos?

—Teño que ir a Noía cobrar unha letriña que me mandou de Buenos Aires, o meu Antón, ó cabo de tanto tempo. Xa che traerei noses e dulces, si.

.....
.....

—¿E dempois que socedeu señora Manoela? dixeron os nenos que escoitaban.

—O que pasou son cousas que están en sacreto.

—¿Pro, el morreu?

—¡Cá... oito días finxeu o enfermo: oito días estuvo alí Maripepa; sandou, que malo xa non estaba, correu a loia dun milagre: casáronse os dous.

—¿E que lle regalaron polas súas delixencias?

—¡Puxéronme de alcume, meiga!

¡Que monada!

Alcontráronse, xa dacordo, na fonte das Penas, Andrés e Xuliana, unha mañán cediño: puxeran os cestos un encima do outro; sentáronse no mesmo chan os mozos, e dixo ela.

—Andresíño ¿que queres contarme?

—Mira que soaviña cae do caño a i auga, Xuliana.

—Xa vexo: tamén che fan así as bagullas dos meus ollos que en vez de correrme pola cara, van por outro camiño, e, soaviñas as condenadas, caen no corazón.

—Moi mal sitio eliximos pra nosa conversa, Xuliana, nesta fonte das Penas, que inda nos recordan máis ós nosos pesares.

—¿E ti sofres, Andresíño?

—Como queres que non padezca si teu pai me dixo onte que namentras non vou a Buenos Aires e non volvo con cinco mil pesetas, non dará consentimento pra que te cases connigo.

—Ti toleas.

—Dende hoxe poida ser que empece.

—¿Pro non vez que che quero?

—Ti falas ben Xuliana, mais o día de Reises está preto, i o do noso casamento está lonxe.

—¿E non sabes Andrés, que hai unha lei que obriga ós pais a consentir unións diante do altar? ¡Irte ti pra Buenos Aires. Sería perderte, tolear de veras, morrer!...

—Eu tamén digo o mesmo... inmigrar a terra estraña en busca de diñeiro que non hai tirado, cando pra vivir tranquilo teño un corpo de ferro pra ganar eiquí o sustento... ¡Mintireiros un cento de veces os que din que en Galicia se morre de fame!...¡Mintireiros os que din que nas nosas aldeas falta traballo!... Soilo percisamos máis escolas... unha revoluceón que faga caer os envenenadores da nosa España; que a liberalidá⁵⁸ esparrame luz no pueblo, i entónce eiquí temos américa gallega, américa andaluza, américa catalana, américa...

—¿Como sabes tantas cousas Andresíño?

—¿Acaso os labregos temos cabeza de pedra? ¿Acaso non sabemos pensar? Eu conozco a lei de que me falas pro non quería falarche dela por temor que non quixeras facer chamar a teu pai a diante do Xues de Paz.

—Cala Andrés: tres meses faltan pra Reises, a tempo sabemos a idea do meu pai: o día seis de Xaneiro, seremos matrimoneo: toma esa fror de toxo, ela nos di que mortificando as mans, e conservando paz, teremos paz e alegría, e meu pai virá dimpois ó rego.

⁵⁸ 'República' (*AdG*)

—Xuliana, non sei que decirche pra que creas máis no amor que che teño; serás feliz sin que os mares eu cruze. Unha soila vez fuxirei do teu lado...

—Cando morras.

—Probe Galicia si non é antes.

—Non me nubres a ialma.

Fuxirei cando sinta berrar... ¡Abaixo os foros! ¡Abaixo caciques!⁵⁹... estonces o fouciño é i eu volveremos pró pallal, cando as endustreas, os traballos todos, i as escolas, sean ben protexidas i administradas con tanto intrés, autividá, e honradez como dirixen os casados a vida que forman.

—Daquela inda non quedarei soila, pois irei contigo cas tixeiras.

—Bravo: abracémosnos⁶⁰.

⁵⁹ “¡Viva a República!” (*AdG*)

⁶⁰ En *AdG* a conversa remata así:

“—¿En que quedamos?

—Vernos mañán no Xusgado.”

De criado a señor⁶¹

Xequín o Rulo, era un rapaz mui guapo, que tendo soilo dezasete anos, xa lle ganaba en sabeduría corpo e forza ós demais da súa aldea. Vindo un día o señor Anxelo de Hortas, rico labrego do lugar de Roeiro, do levar a Cruña oito parexas de bois que lle compraran uns ingleses, encontrou o dito rapaz sentado encima dun montón de morrillo na carreteira, vendendo mazás e ambruiños. Parouse o señor Anxelo, fixo un cigarro, e mercoulle un real daquela fruta, que comeu alí cun pedazo de pan de millo que traía na faltriqueira. Os dous empezaron a falar de certas cousas, astra que o señor Anxelo lle dixo o mozo si quería ir de criado pra casa del. Xequín acetou, e foise correndo ó pé dos pais, contoulle o conto, entregoulle a cesta da fruta con cinco pesetiñas que xa lle adiantara o amo e díxolle adiós a todos, astra calquera domingo que iría dar unha volta ó lugar, despois que pasasen catro meses de serviceo.

Veuse co Labrador moi contento e chegaron a casa do señor Anxelo ás nove da noite, no momento en que rezaban o rosario a muller e mais a úneca filla, como de quince anos. Así que entraron prá cucuña suspendeuse o rezo e cearon todos ó redor dunha tarteira chea de lacóns de touciño, orella, pernas e costelas dos bos porquiños que se mataban na casa. A Xequín vendo tanta fartura conociaselle alegría na cara, e de camiño que turraba pola freba botáballe de vez en cando unha ollada á filla de seu amo.

Antes dir pra deitarse, o señor Anxelo enseñoulle ó rapaz tódolos currunchos da casa e os da horta, e tamén lle espicou os labores que tiña que facer.

Ó outro día ergueuse Xequín ás catro da mañán, encendeu o lume, foi á fonte buscar cinco caldeiros de auga, quentouna con fariña, doulla ós bois e ás vacas, muxeou a marela, fixo as papas, lavou as cuncas, barreu o chan, e afiou os fouciños pra ir a herba. Así que se ergueron os amos, levantaban as mans a Dios ó veren tanta cousas ben feitas polo criado novo. Foise o señor Anxelo cara a el, que estaba sentado nun tallo remendándolle uns zapatóns, e díxolle:

—Xequínsiño—¿e afaste con nós?

—E non me hei de afacer meu amo... o forno está aberto e cheo de pan; habendo que comer élle o prencepal.

—Bueno home, bueno, anque non é ben que eu cho diga, xa che dou galardón polo que fixeste...

—Mire, meu amo; hei de cumprir cada vez mellor; de min non há de ter queixa, e vosté, hoxe ou mañán, consultará a súa concencea e daramo o que eu mereza.

—Deixa Xequín, deixa; por agora tes veinte réas ó mes, heiche de dar roupas, come canto queiras, fuma do meu tabaco, tomarás como nós un trago de viño,

⁶¹ O texto publicado en *Nova Galicia* vai dedicado “Ao meu amigo Don José Adrio”.

o sábado de noite dareiche larganza para ir ás ruadas, as tardes dos días de festa serán libres tamén pra ti, e máis adiante... xa veremos...

O rapaz oíndo esto brincaba de contento; e tan pronto coñeceu a aldea toda, el era o rei nos muíños, nas fuliadas e nas romerías: tódalas rapazas estaban cegas e loucas pola charla e diversións de Xequín; namentras que os mozos facíanlle a espera pra mallalo a paus, pro non podían con el porque era un diablo.

Ó cabo de dous anos, cumprindo homilde, leixeiro e ben na casa do señor Anxelo, non se falaba outra cousa na aldea sinón de que aquel rapaz se iba casar ca filla do amo, e os mozos desfaciáanse de envidea; porque Maruxa a do señor Anxelo, ademais de ser bonita era a primeira rica da parroquia. Había algunhas tecelanas que tamén andaban tristes, porque Xequín as divertía de moitas maneiras, e aquilo tería fin.

Iban correndo os meses, e chegaba o día de sortear a Xequín pró servizo do rei, i ó ir pra feira unha mañán díxolle o señor Anxelo:

—Bueno, Xequínsiño: repasín a concencia, e mereces ser meu xenro... Eí tes a nosa filla, cástate con ela; canto temos de riqueza todo é voso, menos seis mil réas que hoxe mesmo hei dir pagar ó Auntamento, pra librarte das quintas. ¿Estás conforme?

—¿E non hei de estar, meu amo? vosté dame a filla e dame a riqueza... ¿Que máis hei de querer?

—Pois mira; cando volvamos pra casa, vas ó cuarto, e diante do escarapate de Santa Ana, dáslle un abrazo forte a Maruxa, outro a túa ama i enseguidiña iremos a cas do señor abade pra que se lean as monestacións.

—Meu amo, e ademais do abrazo a Maruxa ¿pódolle dar tamén un bico?

—Dá, home, dá, que ela tamén morre por darcho...

Xequín deliraba de alegría...

Por fin, celebrouse o casamento: ó seguinte día da noite de novios, Xequín xa non puxo man a traballo ningún e buscou outro criado pra casa; e el, ca súa roupa de garda, chelina e bastón, paseaba por todas partes. Fixo pintar o cuarto que estaba cheo de teas de araña, apoderouse da bolsa dos cartos, e desfecía e manexaba canto había nas huchas e almareos.

O sogro, coñecendo que a vida non iba a seguir ben daquela maneira, chamou o xenro, e lle dixo:

—¡Ai! Xequín; a túa concencea non a tua concencea non é limpa como a miña; ¿que rumbo pensas levar co mando que che din?

—Comer e vestir ben, descansar mellor, querer a vostedes, e a súa filla moito máis, e no vrán ir de paseo a ver as vilas e cibdades.

—Pero, Xequín, háche de pesar...

—Deixe, meu sogro, namentras cante o melro, adiante...

—¡Pero Xequínsiño!...

—Non entendo...

O orixen dos apodos

Micael o Frauteiro

Tan calvo estou⁶² con que supoñades verdadeiro o conto que vou a decir, como que o pensedes feito nun sentiamén falsificado. Debedes de comprender que nada irei ganando (hoxe polo menos) no caso de semexante mentira, a non ser o título de mentireiro, que ogallá esa vertú tivera, pois sería unha alhaxa máis apreçada que a de ser xeneral⁶³; unha condecoración en fin, que pouco alcanzan, porque é un oficeo o de mentir, algo defícel, anque creades vosoutros ou adiviñedes que é o mesmo que soprar cunha cana en auga de xabrón e facer grobos. Bah, bah... verdades días un tódolos minutos, porque as verdades... ¡ai, as verdades! están de moda (o rivés), mais o decir mentiras (gache mico de aí) é cousa nova, anque parece vella. Hoxe en día, un bo enventor de mentiras, en canto lle salan ben, pode gañar tanto como un piloto, que mentras o animal de madeira non rompe a ialma nunhas pedras ou non mete o fuciño astra o inferno, o tal piloto vai na grorea; o mesmo o mentireiro, mentras non se lle descubren, andará ca cabeza sin que ninguén lla escache en tres anacos. Esto a min non me asusta porque nos meus 36 anos de vida non me acordo de haber dito mentiras (non gumites, Pepito).

E pois ben: vamos ó conto que intresa máis que nada: é decir, intrés a según os gustos de cada veciño, porque moitos han de querer mellor escoitar as opineóns dos astrómonos, si viron polo catalexos antre as nubes, algo que din ben a escachar o mundo⁶⁴; outros rinse cas endrómenas dos destintos partidos polítecos de España⁶⁵, mentras que eu, pola mañán cedo, nin contos, nin endrómenas, nin partes: soilo me conviña un checolatiño gallego: aí eso sí. A salú, i o alimento do corpo, primeiro⁶⁶.

Pro volvamos ó conto.

Unha vez chegoume un de Sta. Marta⁶⁷ a facer unha consulta.

—Boas noites, Señor que asusto ó trasno.

—Felices e crar pra ir ás uvas, respondín.

—Perciso unha consulta de vosté.

—Séntese cos pés pra diante e fale.

⁶² 'hei de quedar' (NG)

⁶³ 'zar de Rusia' (NG)

⁶⁴ 'algo que logo sea un Príncipe de Galicia, ou Princesa das Canareas' (NG)

⁶⁵ 'cas endrómenas dos republicanos que desfán o partido sin piedade' (NG)

⁶⁶ No texto de NG engádese:

¿Que vai unha rapaza correndo pra ver como se afoga un turco? Deixarse estar quieto. ¿Que caeu un campanareo aprastando un tranvía do Anglo Valdeiro? Que o leven mil demos pois outros corpos de carne botou el antes ó Valle de Josafá. ¿Que algún estraño atrevido fala mal de Galicia ou dos gallegos? Ai... daquela, a cunha de checolate por moi sabroso que sea, botáselle quente nos mesmos ollos pra deixalo cego, e inda se lle arrima un peitugazo.

⁶⁷ 'un portugués' (NG)

—Pra sábado penso casarme, pero quixera soprimir a trangallada do baile que me marea, faime gastar cartos e teño medo de que me traia outros compremios. En Galicia, con gaita, regueifa, molete e reparto de bolos ós mozos, xa se cumpre: mais aquí hai enventados unha chea de firuletes en costión de casamento que sacan as ganas de casarse. Conque, ¿que me aconsella que farei?

—É decir que neste caso, ¿quer que non haxa trangallada de baile?

—Si.

—¿Que cada persona se volva prá súa casa despois que o acompañen á igrexa?

—Si.

—¿Que os novios queden en paz?

—É certo.

—¿Aforrar tamén o que costa á orquestra barulleira?

—Con razón.

—Bueno: ¿como che chamaban de apodo na túa aldea? (Perdona que nos tratemos de chés)

—Cachete.

—¿Quizais polos moitos que pegabas?

—Por un forte que me deron nun moíño.

—E dime ¿terás recelo en que che poñan outro segundo mote desde a noite de casado?

—Pouco, nin nada me importará.

—¿Xa contratastes orquestilla?

—Inda non.

—¿Cantas parexas crees que irán?

—A miña noeva invitou a vintenove amigas, e mozos virán sin envitar unha recoa deles, máis polo baile que por min.

—¿Mercastes viños e dulces?

—¿Inda non, pro terei que mercalos?

—Boeno, atende o meu consello. Vas o almacén de algún fillo de Galicia⁶⁸, e compras un neto de viño gordo dulce, do que levanta as panetillas; e vas tamén á Confitería dun gallego⁶⁹ e mercas unha bandexa de merengues. Esas cousas son pra solvelas, eu e ti, cando quede desfeita a trangallada.

—¿E como se vai a soprimir o baile i o convite?

—Fas así: Mercas egualmente⁷⁰ unha frauta; cando cheguesdes da igresea encérraste connmigo na cucuña; alí pos a miña man dereita o viño dulce i os merengues, e ti ca frauta tocas sigún eu che diga un “Pas descanse”.

⁶⁸ ‘Vas a casa de García Hermanos e Carballo’ (NG)

⁶⁹ ‘e vas tamén á casa do Tren Misto de Ramos’ (NG)

⁷⁰ Engade ‘na casa de Núñez’ (NG)

—Vanme a chamar sin vergonza.

—Danche un titolo que non costa prata.

—Como salga ben deste sarillo, serás ti o meu preferido promeiro compadre.

—Douche graceas, pro xa me comprometín con Jasús o Cuco⁷¹ e non podo dar segunda palabra.

Chegou o día i así como foi ideado fixemos. A xuventude viña famenta pra bailar, fôronse sentando no pateo, Micael choscoume a nariz, eu chosquinlle as orellas, entramos na cucuña, e falín eu deste xeito pola butifarra; —Siñoritas, vai a dar comenzo a orquesta con un “Pas decanse”, peza nova que inventou o maestro don Consello de Aforro.

Eu rosmando ca boca i el pío, pío, na frauta, aquilo era trangallada. Si deixo salir a Micael da cucuña, quedaba esa mesma noite viuda a súa muller.

Resultado:

—A novea desmaiouse.

(Ora por nobis).

—Aforrou 150 pesos Micael.

(Misere de nobis).

—A xente marchou feita lume.

(Ora por nobis).

—E a Micael puxéronlle de mote “O Frauteiro”⁷².

Velaí os apodos.

⁷¹ ‘Menelike’ (NG)

⁷² En NG engade:

(Que bo porveito lle faga)

Agora pésalle do feito.

(Eu non tuven a culpa).

O pote da Vila

Alá polos tempos en que Faca chegou a ter cinco mil veciños dentro do seu Auntamento, ideiou o Sacretareo que Faca tiña que chamarse outra cousa máis, e convocou a seseón extraordinarea o Alcalde e concexales pra espricarlles o seu pensamento de certa urxencia.

Cando xa estaban todos xuntos, díxolles o Sacretareo. Señores: o outro día vindo eu pola congostra de Caizal, subín arriba dun pino para mirar desde o alto que bonito era o noso pueblo; e veume o caletre de propoñerlles a vostedes que se pida ó goberno de Madrí nos conceda o título de Vila pra Santiago de Faca.

—Home, contestaron os concexales; e si o goberno non quer dar ese nome, que tan pouco lle custa, arrimámosllo nosoutros, e si alguén sofre con elo perxucio, que faga os recramos de lei.

—Escoiten compañeiros, repuxo o Alcalde: este Auntamento non pode, por súa vontade, alterar as *monografías* dos pueblos, sinón imos prá calle.

—¿Prá calle...? ¡Porras! (dixo un dos concexales) fai un frío que esfola: agora no tocante a *monos*, sómolo de certo.

—Deixémonos de andrómenas, respondeu o Sacretareo, ¿acórdase ou non, pedir o título de Vila pra Faca?

—Aporbado que se recrame por conduto do Deputado do destrito.

Ó cabo de tres colleitas de millo, esparramouse a noticia de que salira de Madrí o título supricado.

Sin perda de horas celebraron seseón no Auntamento e acordouse gastar oito mil réas en festavas pra recibir o documento ca firma de Alfonso, lacrada.

Señalouse o día fixo en que chegaría a caixa de cartón co envoltorio dentro: anduveron dez rapaces dando aviso con cascabeles polas parroqueas e aldeas. Contratouse un cego gaitero por 3 pesetas; un salmista por 5 pesetas pra cantar o Tedeum; mercáronse vinte cuartillos de viño e cinco ducias de rosquillas pra un “lunch” na Alcaldía, empreándose nestas lambetadas 6 pesetas; o fogueteiro armou doce das de palenque por 3 pesetas; adornouse cas sábenas dos concexales o faiado e as paredes da Sala Consistoreal; e deste xeito foi recibido o título da Vila pra Faca.

Compoñían a comitiva tódalas autoridades maiores e menores do Partido, e os veciños que puderon deixar ese día os seus tráfgos do mar, da veiga, do monte, e das feiras.

O Sacretareo dixéralle o gaitero que cando lle metese unha palla na orella, que era a sinal de que entraba nas mans do Alcalde o sagrado título, e que tocase a marcha real española: que cando fosen camiñando pra igrexa tocase unha carballeirada; e que cando lle arrimasen a boca unha cunca de viño na porta do Auntamento, que tocase aquilo de “¡ai...ai...ai... cáscalle alí!”.

E resultou que o probe cego, cobrou primeiro as 3 pesetas; non entendía de marchas reales, e cando o Sacretareo lle meteu a palla no oído tocou as de Villadiego.

Graceas que quedou na porcesión o neno do tambor que facía redobres de cando en vez.

A misa e o convite foron solemnes. Os veciños na calle decían ¡Viva a nosa Vila!! mais a eles non chegaron as rosquillas. E fôronse mermurando de que era imposible que os oito mil réas se consumisen naquela troula, pois nin siquera se veu alí escoba nova pra barrer frangullas; astra a carpeta da mesa era de Gacetas de Madrí.

Sin embargo, recaudos hai dabondo nos Destritos, pero diñeiro en mans de caciques non luce.

Sermón a San Xuan

Era costume na parroquia, de non facer festa de ningunha crás máis que unha vez ó ano, ó divino e milagroso San Xuan dos tres meniños.

E decire, ¡outra que costume!, a necesidá, a falta de cartos e a falta de alegrías eran as que impedían os veciños facer troula un día por mes siquera; así que gardaban todo o bon humor, as cousas que podían, i os aforros que xuntaban, pra facer festa compreta o día do Patrón, San Xuan dos tres meniños, o mesmo día dos Santos Inocentes, o vinteoito do mes de Nadal en cada ano.

Chamábanlle ó santo, o dos tres meniños, porque houbera un labrador alí no ano mil setecentos trinta e catro que tivera a un mesmo tempo tres fillos cas vexigas negras, e os tres tiñan por nome Xans, porque naceran dun parto ¡Asús, María y Gosé! i os padriños foran Xan Cruces, Xan Mosquera, e Xan Angueira. Era unha peste de Xans.

Ofrecérase o tal veciño a facerlle unha festa a San Xuan cos cartos de dous becerros, sempre que San Xuan obrase milagrosamente desde o paraxe en que se alcontraba, curándolle os tres pequenos Xans.

E a frebe de corenta e cinco grados foi baixando nos enfermos, secaron as vexigas, e sansiños fuxiron da cama, poñendo os pés no chan o día vinteseite de Nadal.

Lixeiro como un lostro o pai dos Xans pequenos, que tamén era zoqueiro, chamou os tres Xans compadres, e díxolles.

—De vostedes espero axuda: mañán quero festa na parroquia; contraten por conta miña, gaita, foguetes, rosquillas, castañas, viño, augardente, misa cantada, redobre de campanas, e un crego que bote un sermón á peseta por cada palabra de Xan que pernuncie alabando ese Santo que curou os nosos tres meniños. Eu mentras tanto, co mellor tronco de ameneiro que teño pra zocos, vou a facer ó meu modo o corpo de San Xuan pra estrenalo na porcesión.

E fixo o que podía facer: un mal labrado corpo con tres figuriñas ó seu lado. O mal maestro escultor tiña sin embargo boas intencións.

E houbo festa pra todos, e quedou estabrewcida do mesmo xeito prós siguientes anos; e da capilla non se sacou e inda está alí, aquela reliquea de ameneiro San Xuan dos tres meniños.

Pois ben: como o predicador do sermón non podía cobrar, según a carta fundamental da festa, máis que unha peseta por cada palabra que nomease a San Xuán dos tres meniños, todos foran facendo aquela cirimonia sin queixarse, pero chegara un cura novo que, non sabía aquela costume, e cando un ano lle foron pagar tres pesetas, contestou ós confrades.

—Pero veciños, ¿non merezco un pouco máis polo meu sermón? ¿non vistesdes como me esmerei que asta choraban as louzas de pedra da Igresia cas miñas palabras que se espetaban nos vosos peitos?

—Si, señor, ten razón; pero acá queremoslle outro xeito de predicaduras nesta festa unéca do ano; ten que ter o sermón unha parte de semellanza cas alegrías do pueblo; e axustarse o que debe rezas nos libros que se conservan no arquivo da Sancristía: unha peseta por cada vez que o predicador diga “Xan” no sermón. Fíxese con vagar nese documento e... pra outro ano, si vive, en vosté está o aumentar as pesetas. O que si lle supricamos no nome de tódolos veciños, que pinte ou compoña mellor a San Caralampio, a Santa Eldruvigis, e o can de San Roque; pero a San Xuan dos tres meniños non lle toque, nin lle saque, nin lle poña; hai que veneralo como vimos venerándoo desde o día de Inocentes do ano mil setecentos trinta e catro.

—Pero, feligreses... ¿non vedes que parece un mamarracho, e astra me da vergonza telo no altar?

—Mamarracho e todo, el curou ós tres rapaces do Señor Pepe Broula. Siga vosté cos gustos dos veciños e vivirá contento e amigo con todos.

—Pero... estamos en tempos de adiantos, de modernismo, de...

—Deixese de cousas novas: siga vosté as costumes vellas: o modernismo sólo sirve pra estropear as xuventudes; as eletricidades, por exemplo, fan miles de mortes por día... ¡Bó!!

—Boeno meus fillos; estonces o que veña atrás que aréee: e pró ano que vén xa vos agradarei mellor no sermón.

*

Chegou en paz i en gracea de Dios, a festa do siguiente ano; ninguén morrerá na aldea, (alabadas sean las devinas cruces) de maneira que os potes estaban atestadiños de carne e arroz, e o señor Abade animado e disposto a ganar en boa loita trescentas pesetas polo seu sermón.

No medeo da misa cantada, sentáronse os cregos, calou o crarinete que tocaba no coro, acomodouse a xente que enchía a igrexa, e apareceu don Nicolás no púlpeto.

Debaixo do tal púlpeto estaba á vista de todos, encima dun tallo, o sancristán, cunha cana grande de alcender as velas pra facer nela o que era costume facer tódolos anos, unha cortada cunha navalla da barba por cada palabra de *Xan* que pernunciase o predicador, pra despois pagarlle unha peseta por cortada, e anque o sancristán quixera roubar algo en combinación co crego non podía, pois dous cofrades miraban e escoitaban, porque un ano chegaron as coartadas a once e houbera descuseóns de si o do sermón dixera catro ou once veces *Xan*.

E o Abade empezou:

—Querido irmáns en San *Xan* dos tres meniños *Xans*, afillados dos antigos veciños *Xan* Cruces, *Xan* Mosquera, e *Xan* Angueira... É pra min hoxe un pracer dirixirvos outra vez a palabra neste día tan memorabre de San *Xan* patrón da pa-

roquia... Ese San *Xan* milagroso que aí está de corpo presente na andia; as campanas tocando parece que din Xán! vides a honrar a San *Xan*; a hestorea deste San *Xan* vou a repitila, pois tanto vosoutros come eu, temos o gusto de recordar a San *Xan*, pero antes axúdademe a improrar de San *Xan* o auxilio e ispiraceón necesaria: a ti devino San *Xan* acudimos pra que nos concedas a gracea espiritual... che pedimos que non consintas San *Xan* bendito, peste nesta aldea; que lles deas alegrías e forza ós veciños: escoita estes rogos San *Xan* dos tres meniños *Xans*; ti San *Xan*, San *Xuanciño*, meu San *Xan*...

—¡Basta señor Abade, non chegue ós vinte *Xans* porque na caixa da confradería xa non alcanza tampouco a vinte pesetas (dixo un dos persentes).

E agregou o sancristán: —Eu xa me canso tamén de facer cortadas na cana, con tanto *Xan* e tanta porra...

E nesto comenzou unha risa xeneral, tuciron os homes, tocou o crarinete, douse fin á misa i aquel día de Inocentes sempre se recorda con gracea o tempo de xantar os veciños⁷³.

⁷³ En *NG* engade: '*¡Que troulada!*'.

Soño de namorados

—¡Probe de min, Vicentiño! ¿que mal fixen eu no mundo pra ser tan martirizado? Señor que estás no ceo, mira cara abaixo e compadécete desta ialma que inda non debe estar esquirta nos libros das picardías dos homes. ¡Sácame, fillo de San Pepe, a pedra que aprasta o peito deste Vicente! Ti, Dios das alturas, que todo ves i en todas partes estás, dame un pouco de amparo ou de xuício máis frío que apraque as quenturas da miña cabeza. Non consintas meniño de Belén, que me priven de rir cos paxaros e falar cas frores: ando namorado dunha moza que non podo adequerir pra min. Non me fagas chorar, señor do Calvario, e siquera infruye dendes o teu reino pra que Andresa sea miña. ¿Porque se han de opoñer meus pais ó casamento con ese caravel, i os dela porque tamén non han de consentir que se xunte connigo? ¿Porque nos habemos de afogar, xa que non podemos casarnos? ¡Santiños da parroquea! ¿que facedes? ¿non escoitades as queixas de quen tanto vos ten rezado, e tantas espigas de millos vos ten metidas no buche pola man do Abade? ¿ou non volas entregou? ¿ou non chegaron as oracións ós vosos oídos? ¿non queredes pedir ó voso maestro me socorra nestas amarguras? ¿consentides que me mate eu i Andrea dentro de poucos días? ¿sodes de madeira sin máis méretos? ¡Agora chegou, recoiro, a hora do voso milagre! ¡Facédevos ver, sinón con este martelo quedaranvos señales desta miña vesita! ¿Respondedes ou non? ¡Xa se me revolve a sangre na testa!...

.....

.....

—Vicentiño!!!! ¡Vicente!...

—Asús, Andrea. ¿Que ves a buscar a estas horas da noite ó adro da igrexa?

—Soñei contigo como sempre: escoitei os teus doridos lamentos, e paseño escapei do leito, deixando ós vellos, pra vir acompañarche a ti; os teus sufrimentos a min me matan, como os meus a ti che lllagan o corazón.

Se ti non te salvas, egoalmente morre esta Andresa.

—¿Queres que loqueemos?

—Como ti dispoñas.

—Afogarnos non será ben, verdá muller...

—Hai penas que non poden aguantarse: mais, afogarnos tan novos, é un cargo de conciencia tamén: dime ¿non ten a lei un dereito que nos favoreza i obri-gue a nosos pais consintan o casamento?

—Mellor será buscala, porque os santos non lles tocan no peito.

—Que cega estou por ti, Vicentiño; anque me premeteran un príncipe do Japón a ti non te trocaba.

—Pois eu tampouco cambeo, o sol da túa cara, polos que teña na caixa o Banco do Perú.

.....

Nesto chegou alí o sancristán pra tocar o día; asustouse de ver no adro a Vicente en canzolcillos, i Andresa en camisa: eles despertaron do sono sonámbulo que alí os levara; fuxiron avergonzados, i o Cura sin conocer os impedimentos que os pais daquela parexa lles poñían, chamounos, espricoulles o suceso, i as tres somanas fíxose o casamento.

—¿Sabes que dou bo resultado o noso sonambolismo? Lle decía el a ela, dempois da ceremonea.

—¿Non sería ese un milagre, que che condeceron os santos por terche medo? Respondeu Andresa.

Por estas †††

—Buenas tardes Señor Rosendo.

—Felices nolas dea Dios, Don Anacreto... casoalmente, en vosté lle estaba pensando... xa coidaba que non viñese, e... si tarda tres minutos máis, toparía coa porta fechada.

—Como de ayer quedamos en tener hoy la conferencia que deseo, y no fijamos hora exacta, me pareció buena cualquiera de esta tarde.

—Eso non é certo: acórdese que dixemos as dúas: si vosté ten a súa vida recolleita, a miña estalle sin recoller... e o tempo élle ouro.

—Entonces lamento el olvido y disculpe usted, Don Rosendo.

—Pois entre e non se estrañe desta revoluceón de trastes, úneas prendas de riqueza dun labrador... pase amodiño por antre estes cestos, e non se luxe nesa gadaña.

—Gracias, Don Rosendo, por sus agasajos, no mueva nada de su lugar, pues ya le dije a usted que uno de los principales encargos que se me han hecho al salir de la Redacción de «El Averigüador» de Madrid, es cerciorarme de cuales y como son las insignias del trabajo: penetrar en esta morada, tocar, oler y colocarme en lugar de usted una hora siquiera para darme exacta cuenta de su posición, costumbres, modo de vivir y demás regalías de un aldeano.

—¡Carafio, coas súas pretenseóns! Quen sabe si llas podrei consentir todas...

—¿Y usted cree difícil mi misión? Verá, verá, que pronto estudio su vida interna y externa, sus ideas políticas, siempre que no tenga inconveniente en darme sus opiniones sobre los males que sufre el obrero y campesino y como podrían remediarse... De manera que podemos ir *al grano*.

—Son tantas as barbaridás que vosté solta por esa boca...

—Pero entendámonos, señor Rosendo; ayer me daba usted palabra de atenderme: hoy quiere esquivarse.

—Si moito me amola, vosté é o que vai salir esquilado.

—Es decir que rehuye complacerme... pues le soy franco...

—Si me fala de franqueza, a este meu peito non hai quen lle gane...

—Perdone, Don Rosendo, que le diga, que los labradores como usted, son muy tercios y en su vista me retiraré.

—Agora leve a proba... da miña terquedá...

E Don Rosendo sin máis tardanza, botou encima de Don Anacreto, a capa vella de xuncos, un tallo, o cesto de herba, dous sachos, un manoxo de zocos, un cribo de bosta, unha ola de leite, o xugo dos becerros e un mantelo rachado da filla.

Foron tantos os berros do que afogaba, que acudeu o alcalde pedaneo. O ferido coas costillas masadas foi levado ó hespital e o señor Rosendo a diante do xués da vila.

—¿Por qué cometió Vd. semejante atropello con ese señor?

—Porque coas súas hestoreas quería ser averigüador da miña vida; quería palpar o que houbese nas miñas uchás; o que tuvese nos bolsillos do pantalón; poñerse ó lado da miña muller unha hora siquera, e moitas cousas máis... ¿A vosté, señor xués, gustaríalle que viñese un calquera a meterse dese xeito na súa casa e na súa vida?...

—Y Vd. tiene medios con que probar esos hechos.

—Nunca dude vosté dun gallego, cando xure que di verdá por estas... †††

¡Xesús, que fillo!

No pintoresco Valle de Monterrei, vivía un homilde matrimoneo Roque Peituga e Conceuceón Roldán, que a costa de traballar uns cantos ferrados de terra a bacelos de ricas uvas, podían sosterse. Coas poucas uteledades de oito anos xa eran donos dunha casaña baixa, sin sobrado i ademais, tiñan, unha heredade, propea de Conceuceón, que lla regalara unha tía, por manda, ó meterse de monxa nun convento de Redondela⁷⁴.

Naquela vivenda había pois, paz i alegría, mais os trece anos de casados, esa paz i esa alegría convirteuse en penas y amarguras. ¿Sabedes quen llas causaba? ¡Un fillo!

Un fillo Dios lle dera, a quen querían como a meñina dos ollos; deranlle moitos mimos e consintíranlle moitos gustos.

A cantos santos e santas hai na grorea, lle tiñan feito ofertas pra que mellorasen as condicións daquel fillo, mais non deron resultado.

—¿Non te acordas, Roque, (lle decía Conceuceón) dunha abelán branquiña como o papel en que me escribías as cartas cando solteiro estabas de quinto en Ourense⁷⁵?... Daquela mariposiña que tanto roldaba no sobrado ó nacer o noso fillo?...

—Si, muller, si, ben me acorda; esa abelán branca resultou ser do color do manto da virxen que sal na porcesión de Viernes Santo...

—Alá ben o señor Abade pola devesa... Hai que decirlle todo canto pasa.

—Boas tarde, Roque.

—Felices llas dea Dios, señor Abade.

—¿E logo, que socede co rapaz?

—¿Quer colgar o sombreiro no cravo do candil?

—Home, hoxe non me descubro porque estou algo costipado, e teño medo de empeorarme... O que che agradecería, era de que lle digas a Conceuceón que revolve tres xemas de ovo nunha cunca de viño, cun pouco azucre, pois encóntrome algo débel...

—Xa sabe que pode pedir o que vosté queira en cousas que eu poida servirle...

—Conceuceón! Fai eso que di o señor Abade, e traille tamén un trapo pra que non se luxe e poida limpar os labeos.

—Conque... vamos ó conto. Oín falar o que sofres con Remualdo... Eu creio que o mal ten cura... Esprícame o que fai.

—Espere un pouco...

—Cóntalle, Conceuceón, as maldades do rapaz.

⁷⁴ 'Caldas de Reis' (NG)

⁷⁵ 'Pontevedra' (NG); 'Lugo' (NG: 1909)

—Dillas ti, Roque, que as sabes como eu.

—Pois oia: como vosté sabe, non aprendeu unha soila letra na escola; i escuso decirlle... pizarras e silabareos estragou máis de vinte: ¿non se acorda vosté daquel laverco tan cantor que eu tiña? Pois rompeume a xaula o rapaz, i alá se foi o paxaro... ¿sabe canto perdín...? ¡nove duros! que mos daba un amerecano de Ribadeu cando volvía pra Buenos Aires: tiñamos unha vaca mansiña, i o condenado de Remualdo aprendeuna a trucar ¡hai que fera se puxo! ¡si vosté a vira!... Ninguén se atrevía a meterse na corte pra atala... tuvemos que venderlla a un chalán de Cordeiro perdendo setenta e cinco réas: un can que era o gardador desta horta tiña o atado ó pé do lagar, je non mo matou, señor, chuzando cunha vara de aguillón!: inda máis... ó gato do meu compadre, meteuno vivo dentro do pote do caldo, e púxolle ó testó e alí afogou... ¡vosté non pasma! Dúas restas de chourizos que estaban no fumeiro, foinas cambear por unha caixa de agullas e siscounas polas aberturas do xergón onde eu e Conceuceón dormimos... ¡veu trasnada egoal!... ¡inda lle podo ensinar as picadas que levei!... je non furou os pratos do alzadoiro cun ferro quente!: fíxese neste refaixo de Conceuceón, non o ve, cheo de buratiños feitos coa tixeira polo rapaz! Mire tamén estes meus zapatóns novos, rachados sin poder mercar outros pra festa! ¿Quer que lle conte máis novidades? Sería cousa de non acabar. Busque xeito, señor Abade, pra escorrentar as meigas desta casa.

—¿I esas cousas son as que che causan pena, Roque?

—Son, si señor.

—Pois non che vexo os motivos das túas queixas.

—¿Quer vosté, señor Abade, levalo pra súa igrexa de sancristán e criado, a ver si Dios fai algún milagre?

—Si, home si; eu entendo que tódolos rapaces xogan de pequenos i esas ocorrencias debían causarche risa, en vez de tantos choros.

—Os santos queiran, señor Abade, que vosté non teña que despedilo antes de dous días...

Levado que foi Remualdo pra cas do Cura os primeiros días cumpría as obrigaceóns, mais despois namentras que o señor Abade fora a un enterro a Valdeorras⁷⁶, é imposible contar os cambeos e trastornos que fixo na igrexa; e ultimamente, colleu as caixas da limosna a San Antonio e Santa Susana, puxo o sombreiro de canal do crego, e saleu repartindo aqueles cartos ós probes⁷⁷.

Agora non sei si o señor Abade despideu ó rapaz por terco, ou si o pai o meteu nunha casa de correuceón de pequenos, porque nese intre salía eu daquela aldea pra xunto dun cuñado que estaba en Cáis⁷⁸.

⁷⁶ 'a Noia' (NG: 1909)

⁷⁷ 'e saleu pedindo dunha porta noutra' (NG)

⁷⁸ Na versión de 1909 o conto remata: '...nunha casa de correuceón de pequenos. Velai o resultado de darlle mimos ós meneces' (NG).

¡Que vale a perda!

Unha mañán do día sete do mes de agosto, no auntamento de Ponteceso, cuna dos elustres Pondales, repenicaban na igrexa de San Félix de Aullóns as súas cérebres campanas, i o seu sonido avivaba á xente nas alegres veiga i aldeas veciñas, porque anunceaban o comenzo da novena a San Roque, a quen lle fan unha romaxe de moito tono, con grandes bailes na hora da casa parroqueal.

Había tempo que se falaba no lugar de que o rico Labrador Lourenzo Farela, tiña intención de facer poxas pra tomar os ramos do milagroso Santos, en auceón de graceas porque sandara da picada que un arcánxel lle dera no intre en que sacaba a entena duns cortizos de abellas que tiña na eira.

I o conto era certo, pois Don Lourenzo dispuxo que a súa filla Vicenta, fose á feira de Silvarredonda pra vender un par das boas parexas de vacas⁷⁹ que criaba, namentras que el dirixía a malla do trigo no campo do Curro, pra quedar libre de apuros nos días da festa.

O par de machas era necesareo dispoñer delas, pois, anque tiña sona de ser moi rico o señor Lourenzo, era en bens; mais os cartos! non abundaban, e pra o ouxeto que se acercaba, conviña ter dispostos mil réas siquera.

Xa Vicenta na feira, non faltaron compradores pra parexa de vacas, e con pouco traballo vendeunas, ganando, ademais do coste, vintedous duros e medeo⁸⁰.

O negocio non fora de todo malo, e a rapaza volveu pra casa moi contenta, porque sabía que algo lle tocaría a ela, cun refaixo novo que lle ofrecera seu pai.

—Eí vén, a filla, carafio; ¡e logo, Vicenta! ¿que tal trato fixeches, muller?

—Regular, meu pai; vintedous e medeo de ganancea...

—¡E non é bo rapaza!... ¿Contaste ben os cartos? Ponos eiquí sobre a mesa pra repasalos.. vaite a buscar a machada ó pallal pra tintina-los duros... nela.

—¿Sabes que este de Amadeu, non me gusta?... éche falso... ¡i este outro tamén!... ¡Dios me salve!... ¿é a maior parte destas monedas tocan o choco?... ¿Ti que cartos colleste, Vicenta?...

—¡Margarita!... mira que perda nos causou a filla! Que che parece! Non quixestes ir con ela, por non salir de entre as cazoas da cucina ¡lambereteira!...

—¡E que tódalas perdas veñen dese xeito, e San roque non as mande peores!...

—Naturalmente, ti nada sintes... pois xa que esto sucede non hai festa.

—Festa ten que habela; manda cargar trinta ferrados de millo a dez de fabas, e lixeiro con eles ó mercado... con eso non faltarán cartos... e... non seas terco, Lourenziño... que haxa festas, pra que non te mormuren de probe...

⁷⁹ En *NG* muda as 'vacas' polos 'bois' (*NG*)

⁸⁰ 'corenta e tres duros' (*NG*)

—Daquela, vaite ti Margaritiña que conoces os cartos, pra non sufrir outra perda...

—Primeiro vamos xantar, que xa arrecende o guiso de arroz; despois iremos xuntos, ti e mais eu; e á volta xa se poden tragner no carro os foguetes i as demais cousas.

—Certamente, muller... ¡A perda a un lado! ¿non é verdá?

—Si, home, si, e vivan as festas, que, si morremos, outros se gozarán co noso.

—¡Vicenta! non chores, terás refaixo... os duros son váledos... non teñas pena... e ti Margarita, caldo nas cuncas.

—¡E viño na xerra! ¡dixo á filla!

Parola

Agora xa sabedes que hai cafés, onde os mozos non queren recibir a propina, eu, abofé, non tiña coñecemento de que estaba prohibida esa andrómena, e causoume certa aquela sabelo o outro día de calor cando entrei a tomar unha copa de espuma en compañía dos meus amigos Fidel Mein e Manoel Méndez⁸¹, percuradores en Bos Aires. Naturalmente, eu que vivo sempre pensando nos socios de «Nova Galicia», en calquer parte que tome unha limonada, ou un pouco de moscatel, sempre brindo ante tódalas cousas, por eles, polos socios que me acompañaron nesta vida, e que según palabra formal de San Pedro, han de estar todos á miña man dereita no Valle de Josefá o día do Xuicio final. E coidadiño que Dios se equivoque e que mande turrar do chaleque dalgún pra que o leven o inferno: ¡Asú! Ogallá que eso non soceda, que son capaz de tolear e facer alí unha zaragatada que desfaga o Xuicio e non poida ser final. Ai eso si, probe do lombo de quen non respete as miñas Cruces, que teñen a virtú de enviolables, según reza o documento que me firmaron as once mil vírxenes do meu Harén na Grorea, a quen penso presentar ós meus amigos e darei permiso pra que bailen e xoguen con elas. Eu son así: do que eu coma no reino de arriba darei parte os que vaian subindo de abaixo. Pois ben: entramos nun café, e non sei porque, saíu esta conversa que vos veu a contar.

Unha vez estaban de vacacións os estudantes de Santiago aburridos de facer fume e de comer fillores, e de decir mentiras: saliron de paseo astra Conxo uns coarenta xuntos e viron vir un home cun conexo pra vender no mercado, e dixeron ¿fagamos tolear ese home? I astra os que estudiaban pra crego aceptaron entrar na falcatruada.

Puxéronse de dous e de tres en certas distancias do camiño, figurando que iban e viñan, falando, ou lendo a Gaceta⁸² pra dar comezo ó convenio entre eles.

Chegou o home ó primeiro encontro, e díxeronlle:

—¿Sei que hai moitos polos na aldea?

—Haille máis que conexas.

—Vale máis poucos e bos: ese que vosté leva debía ser cantador.

—Este costume traballo collelo: estiven dous días axexando no burato do tubo, e cunha pistola acerteille no peito.

—¿Tamén se crían polos no monte?

—¡Pro rapaces! ¿non vedes que este é un conexo?

—Vosté búrase de nós: ese é un pobo.

Sigueu máis adiante e dínlle outros.

—¿Canto quer polo polo, señor?

⁸¹ 'que vive cheo de salú colorada na calle Bolívar, 685' (NG)

⁸² 'de Fernández Tafall' (NG)

—Volta co polo: este é un conexo.
 —Seique ten belida nos ollos, e non ve que é un polo.
 —Non, recoiro, ¿onde ten as prumas, as dúas patas, i a cresta?
 —Ha, ha, ha; e pensa que leva un conexo, sendo un polo.
 Un pouquiño máis adiante salíronlle o alcontro outros tres.
 —Eí, home dos Ánxeles, ¿quer vender o polo sin chegar a vila?
 —Mal raio bos fenda: eu vendo este conexo.
 —¡Que cousa! Vaian unhas entendedeiras: leva colgado un polo e pensa que é un conexo.

Sigueu pra adiante o pobre paisano, levando nos pés unha rabia de pe-
 mentos e na cabeza un delirio como si houbera tomado oito netos, e alá un pouco
 máis arriba dinlle.

—¡Que lindo polo leva, velliño!
 —E dálle co polo, respondeu o home: non queren ver que é un conexo:
 hai que meterllo ó pé dos ollos.

—¿Canto quer polo polo?
 —Unha centella.
 —¿E que crás de moneda é esa?

Eu vendo este conexo, que non é polo, ¿queren apalpalo?

E volta que dálle, si era polo e non era conexo, o conto é que xa iba medeo
 tatexo e alterado das orellas o home aquel, e cansado de tanto responder que era
 conexo e non polo, díxolle a outros.

—¿Vostedes pensan que é polo? Pois así sea, ou raio que vos envenene,
 ¿canto me dades polo polo xa que non queredes que sea conexo?

—Un real.

—Aceuto: veña o real, porque este conexo ou polo, que xa non sei o que
 é, debe ter o demo na gorxa, no cu, na punta do rabo, ou no espiñazo. Nin que mo
 deran guisado con arroz, nin tomates, ¡Dios me aparte de comer del!

—I o vello dou volta pra os Ánxeles co real no peto: perdeu no camiño
 tres perraschicas, entrou na casa e cuspeulle á criada, contoulle un conto, matou
 ó verdadeiro galo que tiña na eira, pegoulle unha patada á becerra, e a probe da
 muller vendo tolo ó seu home e antes que lle pegase lume á palla da cama, saleu
 á porta berrando ¡auga veciños, auga! acudindo o Señor Abade astra co caldeiro
 de auga bendita que gracias ás cruces que facía co izopo, acabouse aquel lerio e
 soupouse a marañada dos estudantes⁸³.

⁸³ Amplíase o final en NG:

—Oiga mozo: ¿Cuánto es esto?

—Setenta centavos.

—Tenga ochenta.

—No puedo admitir propina.

—Vaia: de hoxe dun ano: sei que foi por escoitar o conto de Méndez, ou de quen sea de si aquilo
 era polo ou conexo.

Lindo rapaz

As tres e medea da mañán do día once de xunio do ano mil oitocentos setenta e tres⁸⁴, naceu na parroquia de Santa Arima de Ordod⁸⁵, lugar de Troveles⁸⁶ un meniño, que de bonito, parecía unha bóla de neve.

Os pais xa tiñan compadre buscado i este xa tiña tamén elixido o nome pra poñerlle ó afillado.

Depois do medeo día, foron prá igrexa, i o Señor Cura xunto a pía da auga bendita, preguntou.

—¿Que nome le van a poner al niño?

—Fortunato, contestou o padriño.

—No puede ser: tal santo no lo cita el calendario.

—Moito me espanta que o señor Abade me conteste dese xeito: non terá vosté a imaxe do santo, mais no prenóstico zaragozano reza no día de hoxe «San Bernabé e San Fortunato, mártires».

—Siendo así, manos a la obra y empiece el credo sin equivocarse, para que la criatura no sea en el mundo tan mártir como fue el santo.

—¿E logo sufriu moito... señor?

—¡Oh! La vida de San Fortunato es una corona de espinas, por eso alcanzó la gloria.

—E... pois... ¡San Silvestre!... vosté faga a cirimonia con tódolos requisitos...

Concruído o bautizo deron volta pró lugar, e no camiño real, xunto Cuchiño, dou unha cotelada á moza que levaba ó neno, caéndolle no chan.

—¡Válgate Dios! Dixo o padriño: que cedo empeza meu afillado a levar golpes: pois o credo díxeno direito: ¡Probe rapaz, si ten que pasar no mundo os martireos do outro que dixo o cura!

—¡Meiga fóra, Pepe! contestou a madriña; un percance destes a calquera lle pasa.

Chegaron a cas dos pais, meteron o neno xunto a nai na cama, e de alí a tres días houbolle de afogar debaixo do cobertor por querer telo moi cochadiño.

—Fágame o favor, comadre (lle dixo o padriño cando acudeu ó suceso) de coidar ben ó nacido, pois é o primeiro afillado que teño, e non quero... ¡Asús... que haxa unha novedá triste...!

—Pola mesma razón compadre, é o primeiro miniño que Dios me concede e tanto me gusta e lle quero, que penso me morre de frío ó sentir chover no tellado.

⁸⁴ 'mil oitocentos setenta' (NG)

⁸⁵ Santa María de Dodro.

⁸⁶ Lestrove.

—Mire comadre, póñalle ó pescozo colgado un allo, pois recelo que o neno dea moito que facer.

I así foi: ó cabo dun mes, soñou de noite a nai do neno que llo roubaba un gitano, e co susto ó revolveuse na cama, tirou co seu home e co meniño, que caeron contra a esquina dunha hucha no chan.

Pasados catro meses, tiñan ó nacido dentro dun cesto, e un gato fartouse de rabuñarlle as manciñas.

Cando tiña ano e medeo caeu das escaleiras e rompeu o dedo máis grande do pé esquerdo.

Ó cumprir trinta meses estaba o rapaciño comendo un pouco pantrigo que lle regalara á muller do Sacretareo, e como as galiñas nunca viran daquela crás de pan fino, empezaron a peteiradas pra sacarllo da boca asta que lle puxeron os labios feitos unha frida.

Entrando o neno nos cinco anos, o xarampón fixo no seu corpiño canto quixo.

Ós seis anos e medeo, caeulle ó dito neno encima da cabeza o reló da escola, e tuvo que darlle dúas puntadas o ciruxano no lugar da lastimadura.

Cando facía once anos mandoulle San Rafael Arcánxel unha capa de vexigas que deixaron ó probe neno cego do ollo dereito.

Contaba trece anos e foi agraceado cunha frebe tifoidea que o deixou sequiño e reservou por milagre de San Salustiano.

Despois foi mordido por un raposo; houbo de ser morto da patada dun cabalo na Pascua en Padrón; perdeulle ó pai ventitrés cartos ó ir pagarlle os consumos; nunha fiada en Bastavales queimáronlle a chaqueta; escordou unha perna ó caer dun pino manso onde fora a sacar un niño de corvo.

I a úneca sorte quealcontrou no seu lugar foi un ichavo dos que pagara Marruecos a España por perxuicios...

Despois quixo ir de quinto, mais non o ademitiron porque soilo daba de talla ¡un metro con tres centímetros!...

Sin embargo, convén decrarar que ese mozo, con tanta contraredades e chatas, tiña un gran méreto, i era que⁸⁷ sin saber como, xuntaba ó seu redor cantas mozas se lle antoxaban.

⁸⁷ A partir de aquí, o texto publicado en NG continúa así:

i era que, as rapazas nunca lles fixo mal.

Agora, según din, anda o probiño nesta Amérecia, tamén con sorte, pero conservando como prenda de ouro, o apellido honrado que reciben de seu pai.

Si o vedes pola calle, é fácil conocele: contesta a calquer nome, sempre que non lle chamen afortunado nin enventos.

Medos que pasaron

Anunceaban na Europa eses homes sabeos que entenden do sol, da luna, e de cantas outras revolucións ocorren entre as nubes, que no día vinte e oito de Maio do ano mil novecentos ás dúas e medea da tarde, tería lugar unha novedá, poucas veces vista, en todos os currunchos de España, ou sea unha cris, facendo do día noite.

Antes do vinte e oito xa nas vilas vendían hestoreas ós cegos, nas que se espicaba aquilo, mais ninguén, ou poucos, lle prestaban fe, pois moitos ríanse de tales astrucias.

Unha semana antes, xa non se falaba outro conto, e a noticia correra dun punto a outro; nos mal creídos, xa non había dadas.

Deron as once da mañán do dito día, empezou a escurecerse o sol e a enfriar o tempo cal si anoitecera.

Os campesinos de comer non tiñan ganas e todos estaban afrixidos; as vacas, galiñas e cans, iban prós cobertos e poleiros. Cada minuto que pasaba era unha picada no corazón dos probes labradores, un desmaio no alento das mulleres i unha bagulla en ollos de rapaces.

No reló de don Jesús, en Ponteceso, tocaban as dúas da tarde; o tremendo istante chegaba, soilo as estrelas se vían no cielo, i as xentes metidas nos pallales encamiñábanse pra ben morrer.

Pedro Caroca quixo ser compañeiro coa súa novea a filla do Reiseñor nesa fatal hora, e, un a outro dixerón:

—Os vellos van na feira, alá morrerán, e nosoutros xa que tan ben nos amamos e casar non pode ser nesta vida, porque hoxe ten seu fin: aquí, nosoutros, debaixo do pano de oito puntas, debemos de morrer xuntiños.

Feito así, taparon as cabezas, e de vez en cando preguntábanse os dous.

¿Pedro... inda non morreste?

—Eu non, Baltazara, pro xa se me empeza a ir o sentido... ¿e ti?

—Eu tamén xa afogo de calor...

—¡Petan á porta!.... ¡ai Pedro xa o sol alomea outra vez, e o mundo non se acaba...!

Centella que os coma

Un día de forte sol de Maio canso de mover terra na veiga, cheíño de fame e sede, doulle un vaído a Fermín Necreques i uns veciños trouxérono pró lugar, soprándolle pra que siquera non morrese por falta de alento.

Un meniño, fillo de Fermín, de dez anos, viña arrimado ós homes que traían ó pai.

Unha moza adiantouse lixeira de pernas pra chamar ó médico novo que había na parroquia.

Tan presto chegaron á casa de Fermín, puxérono na súa espida cama, i o ciruxano dixo, despois de dez minutos de estudo.

—Está tan débil su organismo que precisa mucho descanso y buena alimentación.

E respondeu o rapaciño, fillo do enfermo.

—Si non padece outro mal, eso xa o sabía mi padre; inda dixo fai unha semana que calquera día caería de traballo e de fame. ¡bah, bah!... ¡caciques e médicos, centella que os coma!!

Pirmeiro... saca-lo demo!⁸⁸

—¿Ti pensas, Andrés, que non é un cargo de concencia tardar máis tempo sin levar o rapaz á primeira confesión? ¡Anda home, anímate, consella ben ó noso fillo, ofrécelle unha cadea de promo pra lucila nas páscoas colgada do terceiro botón do chaleque, cal fan os demais mozos, anque non teñan reló!

Faille comprender que o Señor Abade tamén regala panciños de chocolate crú, do que lle gusta a el e a ti roer, cando as raras ocaseóns de enfermédá se persentan.

—Pois ti, Manoela, no teu carauter de nai mimosa como todas sodes, estás máis obrigada de meterlle na cachola ó noso fillo esas santas séconas-tréconas, porque eu xa teño a pacencia perdida nesa loita, i o día menos pensado, doulle volta á casa cos cementos pra riba, queimo os cabaletes da cama, fago tocar a fogo tódalas campanas do Partido Xudicial, métote a ti e ó fillo no forno, e dempois veremos quen leva as culpas de tanta xudiada.

—Irás pra cárcele, Andrés.

—Irá ó obispo, e ieu pró manicomeo. ¿Non che lin as istanceas que lle esquirbín, dempois de facer as mesmas súplicas ó cura? ¿Non me vistes pagarlle quince reás por tres desconxuros que veu facer de noite a esta casa, apricándollos polas narices ó noso fillo cando durmía? ¡Contesta, centella viva!

¿Que resultado deron as istanceas e os desconxuros? ¡O mesmo que si soprarse polo cu dunha botella!

—Soségate Andresiño! ¡Quieto cas mans!

¡Che pido polos martireos de San Calros, que non lle deas volta á casa! ¡Asús! ¡Pensa, home, nos grandes traballiños que nos custou xuntar estes trastes e levantar estas paredes froxas!

—Douche Dios boa gracea pra carameleira.

—Pois ben: haxa paz entre nós, e guerra en Cuba contra os yankes. Chamemos por Anxelo pra ver si podemos traelo a bo camiño.

—¡Anxelo! ¡meñino!

—Aquí estou.

—Mañán cedo, temos que ir todos a confesión: de camiño, habemos de mercar pra ti unhas cousiñas na Vila.

—¿Vostedes queren matarme?

—¡Mira que a confesión promeira non dáña, pois ó contrareo, deixa quedar na ialma unha satisfauceón dulce!

—Eu non me opoño, pro teñan por certo que vou a perder a chaveta e non respondo do que lle pasará ó dentado do altar.

—Pero, Anxeliño, esprícanos contra quen tes esa mala ideia.

⁸⁸ Dedicalle o conto ao seu amigo Jesús Couto Fernández, en *Nova Galicia* e no *Almanaque de Galicia* (1909).

—Contra o demo que está regañando os dentes debaixo dos pés de San Miguel. Si o cura non saca de alí ese mequetrefe, eu non entro na igrexa, e si me fan ir por forza, xa verán vostedes que teatro se armará. Esperen agora un pouquiño, que vexo que caeu na gaiola outro laverco: xa volvo lixeiro.

*

**

—¡Que che parece, Andrés!

—¡Que che parece, Manoela!

—¡O rapaz non fala torto!

—¡O neno fala dereito!

—Verdadeiramente que na igrexa está mal que se vexa no altar un demo.

—¿Certamente...? ¿e será por terlle medo?

—¡Non te acordas do que soña! ¡Ai, Andresiño, suspendamos o dito, e fagamos que o Abade saque da igrexa o demo!

—E si no saca el, eu me encargo de rompelo en anacos. Ó fin chegamos a saber o mal do noso fillo. Non quer ver demos.

—Eu teño medo que te prenda.

—¡A min! Andrés Cosquete ten peito de bronce pra cen demoneos. Antes de sete días fará o noso fillo a primeira comunión: dempois darémollle bos consellos, i el que tome máis tarde o camiño que mellor lle guste.

—¿E como vas facer pra saca-lo demo?

—Xa dixen bastante; si o Cura no saca por ben, rómpolle o altar enteiro: que veña dempois o Obispo a recramar perxuicios... ¡Anxelo, Anxeliño!...

¡Agora vou... que collín tres pardillos dunha gaiolada sola...!

Arrepentemento

Cando se dispuxo meu compadre Paulos a salir de Galicia, pra ir a un mundo novo que lle chaman da fortuna, non adiviñaba as tristeszas que o seu corpo había de sentir.

Ilusionouse con algúns embusteros contos que se falaban na parroquia, urdidos polos comisionados de compañías de vapores⁸⁹; e unha noite estando como de costume ca muller e cos fillos ó redor da lareira, sacou Paulos a conversación de ter ganas de ir ó Brasil⁹⁰ por dous anos siquera, a ver si conseguía coas ganancias, poñerlle sobrado a súa casa e quedarse co gando propeo; mais era preciso hipoteca-la choza onde vivían, pra poder pagar os trinta e oito duros que o pasaxe custaba⁹¹.

A muller, obediente ós desexos do seu home, non fixo reparos ó pensamento⁹².

Chegou o día da despedida, e Paulos⁹³ que nunca salira dunha legoa en redondo do seu puebo, ó ver corgálselle ó pescozo os seus pequenos fillos, que non o deixaban salir da casa; sinteu unha forte picada no corazón que lle fixo botar bagullas, e desimulándoas díxolle á muller⁹⁴ que tamén estaba angusteadá:

*Non chores miña Marcela⁹⁵
faí calar este meniños,
e roga a Dios me dea sorte
pra mandarche uns realiños.*

Na porta de Paulos xuntáranse unha chea de veciños, cousa que nestes sucesos pasa sempre, e mentras que algunhas mulleres entretiñan a de meu compadre⁹⁶; este⁹⁷ colleu o baúl⁹⁸ ó lombo e saleu moi paseniño pola porta da eira, marchando cuns amigos que o acompañaban pra tomar o tren que o levaría pró Carril.

⁸⁹ 'polos comisionados de embarcar ós mozos que non queren ir ás quintas, ou por algúns aburridos que non poden ir alá, e mandan cartas con mentiras a centos' (PF)

⁹⁰ 'a Buenos Aires' (PF) (AdG)

⁹¹ 'por dous anos, e acordano hipotecala casa pra xuntar mil réas pró pasaxe' (PF)

⁹² Este parágrafo non está en PF.

⁹³ 'o probe do home' (PF)

⁹⁴ 'á miña comadre' (PF)

⁹⁵ 'miña muller' (PF)

⁹⁶ 'pra que non tomase pena' (PF)

⁹⁷ 'aquele' (PF)

⁹⁸ 'arca' (PF)

Camiñaba o probe de Paulos coa vista cravada no chan, sin poñer atención ó que falaban seus amigos, mais cando da aldea xa se iba alexando, sinteu tocar as campanas pra misa, e volvendo a cara pra atrás escramou⁹⁹:

*Adiós campanas da igreia:
Asús!... que pena me dades;
tocade por min a morto
pois recelo que o meu corpo¹⁰⁰
atrase vivo os mares¹⁰¹,
cando xa un pouco me alcontro¹⁰²
enfermo de soedades¹⁰³.*

—Coraxe, Paulos, coraxe!... lle dixeron os compañeiros, i ó chegaren ó tren, despedírono cun abrazo, poñéndose meu compadre na ventaniña do vagón enxurgando os ollos coa manga da camisa¹⁰⁴.

Xa no Carril, tuvo que un día parar nunha pousada en espera do vapor¹⁰⁵.
No mesón algo conócían que aquel pasaxeiro andaba moi abatido.

Chegada que foi a hora do embarque pola sinal que fixo o vapor co seu forte asubío, Paulos camiñou cara ó muelle i alí se puxo sentado encima do baúl cantando e repetindo estas copras¹⁰⁶:

⁹⁹ 'Iba mui pensativo, non daba un chí; pro así que sinteu toca-las campanas a misa na aldea, volveu a cara e dixo' (PF)

¹⁰⁰ 'porque comeza o meu corpo' (PF)

¹⁰¹ 'chegue vivo a Buenos Aires' (AdG)

¹⁰² Este verso e o anterior non están en PF.

¹⁰³ 'a enfermar de soidades' (PF)

¹⁰⁴ 'Esta copra fixo chorar ós compañeiros, e ó chegaren ó tren, abrazounos Paulos, e púxose na ventaniña do vagón, tamén enxurgando os ollos cun pano' (PF)

¹⁰⁵ 'No Carril andaba medeo tolo, polos miles de pensamentos que lle viñan á memoria' (PF)

¹⁰⁶ Este parágrafo e o anterior aparecen destoutra maneira en *Primeiras Follas*: 'No mesón onde paraba, xa lle habían conecido que andaba abatido; e ó estar embarcando os pasaxeiros no vapor, Paulos non facía caso, e sentando encima do baúl, no mesmo muelle, chamaba a atención da xente que alí pasaba, porque cantaba esta copra'

*Alegrías que tivemos
 en tempos da mocedá
 levounas o vento a lonxe
 xa ningunha volverá.
 Xa te vexo sepultura
 no fondo dese gran mar;
 adiós parenta, adiós fillos
 a pena vaime a matar¹⁰⁷.*

Un goardea monicipal que correu lixeiro ó montón de xente que escoitaba a meu compadre, supoñendo que perdera o xuício, levouno a diante do señor Alcalde, e sin tardanza foi chamado o médeco forense, que certificou non podía embarcar ese home, i enseguidiña saleu un parte pra que miña comadre fose buscalo¹⁰⁸.

Cando Marcela apareceu no Carril diante de Paulos, este lle dixo: ¡que che parece, muller! eu non poden remedear este trance; a casa está hipotecada; os fillos con fame... ¡que vergonza volverme prá aldea!¹⁰⁹

—Cala, Paulos; ¡Inda non sabes que alegría me causas por non cruzares o mar! ¡vergonza non teñas, nin dor do gastado! ¿que mellor regalo que a veiga i o monte? ¡teñamos salú, e teremos que comer!... mais, cóntame Paulos, ¿que che pasou?¹¹⁰

—Xa cho direi á noite cando nos deitemos.

¹⁰⁷ Os últimos catro versos non están en *PF*.

¹⁰⁸ En *PF*: ‘Un guardia municipal, creendo que aquel home perdera o xuício, levouno a diante do señor Alcalde, e un médeco comprobou a enfermidade, e ordenouse chamar á muller de Paulos, pra levalo pra súa casa’.

¹⁰⁹ ‘Ó ver meu compadre a Marcela diante de si, lle dixo: ¡Que che parece muller! A casa hipotecada, os cartos gastados, os fillos con fame, e eu volvo pra aldea deste xeito’ (*PF*)

¹¹⁰ ‘Cala, home, cala, replicoulle Marcela; xa pagarás a quen debes, hánche de sobrar cartos, non teñas pena, que ca nosa probeza habemos de vivir; ningún morreu de fame; pero dime, Paulos, ¿que foi o que che pasou?...’ (*PF*)

Unha desfeita

—¿Quen diaños poñería na fechadura da porta este ramo de frores?

¿Quer dirá este papel que está atado con elas?

—A ver... Bastián, leme eiquí o escrito desta carta.

«Amada Teresa: Hoy te prometo cumprir lo ofrecido; iré a ver a tu padre a las 6, creo que no me negará tu mano y entonces no tardarás en ser mi esposa: ya verás que tierra tan bonita la de Buenos Aires: ya verás con que lujo has de vivir a mi lado; ya verás cuantas *pesetiñas* pondré en tus manos todos los meses. Guarda ese ramillete de pensamientos de tu.... Facundo».

.....

—¡Ola! conquere Taresa xa ten rapaz.

¿Quen verá miña filla de morceguíns en vez de zocos; con pesetas en lugar de ichavos! ¡Carrascos con Facundo cantas cousas premete!

*

**

—¡Don Rosendo....! ¿Cómo está usted?

—Aquí estou, Facundiño, axufrando as uvas; vamos prá cociña...

—Yo vengo a verlo, señor, por un asunto de importancia.

—Espera: si se trata de cousas do Auntamento, non podrei facer nada porque boteime fóra de concexal.

—Nada de eso señor; se trata exclusivamente de suplicarle la mano de su hija Teresa, deseo casarme con ella dentro de 6 meses: como usted sabrá soy comerciante en Buenos Aires, mi fortuna actual consiste en seis leguas de campo en el Chaco, y 60.000 pesos argentino; en fin¹¹ de año apartaré a mi socio comandante y me quedará yo sólo con la casa y con la ganancia.

—¿E cas perdas?...

—Pérdidas, no suele haberlas en casas bien administradas como la mía.

Escuso decirle que su hija hallará en mi persona, un buen marido y será también protector de usted.

—De min non te ocupes porque teño rendas seguras, e as túas están espostas, pois tódolos días me le o señor Abade, de os negocios que se desfan a miúdo alá nesa terra. Pero eso non é motivo pra que che diga que si Taresa quer por miña parte ten consentemento —con esta sola condición— que nunca ma fagas enfermar.

—Doy a usted mi formal palabra de cuidarla como si fuera una valiosa

¹¹¹ 'en primero' (NG)

joya y por compañera de toda la vida la recibiré. Queda, pues, convenido que yo mandaré el poder para contraerse el matrimonio acá, dentro de 6 meses.

—Vamos falar coa rapaza.

.....

Todo convenido.

¡Pobre de mí! El poder llegando a España; se celebrará mi matrimonio; vendrá mi esposa; me halla fundido; me mirará con desprecio; ya no soy patrón y solo dependiente; ¿qué hacer? Nada, nada, un telegrama de que suspendan, y lloraré solo mis penas.

*

**

—D. Rosendo Cordiola.

¿Que hai carteiro...?

—Aquí le traigo un telegrama que llega de Buenos Aires; póngame el recibo.

—Eso sí que non: eu non firmo sin primeiro contar o que veña adentro.

—¿Cree Vd. que es dinero?

—Así supoño—; a ver, que trae?

—«Teresa Cordiola; suspendan casamiento: me han quebrado. —Facundo.»

*

**

¡Solteira! — ¡Ai mi padre! canto teño que chorar... ¡pobre Facundo! ¡Inda Dios condene a quen o fireu... ou a quen o crebou!

—*Cala tonta... podes rirte. El crebou polos malos negoceos, e ti non... os bens meus son teus... ¿Falo mal?*

¡Podes alabarte de non entrases ti neses cartafolios... amerecanos!

Desengaños

Estando Perucho Caldeirete aburrido de camiñar por vilas e aldeas, ás que tiña que ir, con seu pai, home cego, pra vender hestoreas e pronóstecos, de todo o que sacaban centos de penas e vergonzas e poucas ducias de espigas e pezas do can pra levalas de mes en mes a Vilouchada, lugar en que a probe nai vivía; dispúxose a vir a Buenos Aires.

—Recibe, meu fillo, a bendiceón de teu pai, (decía o cego no día da despedida); queira Dios que alcontres tan bos aires de salú como os que deixas, e unha casa onde che queiran como eu; non soñes con fortunas; que sea legal canto poidas aforrar; non olvides esta terra, que, anque probe, te mantuvo vintedous anos; e... de min e de túa nai ¿que ques que che diga? enúteles e velliños nos deixas, e cando recibas carta de loito... rezarás, si, Perucho, pola nosa ialma.

—Sinto moito, meu pai, deixalos; pro da maneira que a guerra puxo a patrea, é imposible sosterse eiquí; e quero ver si dende América, anque non faga sorte, lles podó mandar o pouquiño que xunte.

—O mal da guerra, meu fillo, aparte dos que morren, ben podía remediarse; si os nosos deputados non fosen a Madrí solamente pra lucirse nos cafés e no palaceo do goberno.

—Pacencia, meu pai, pacencia; non olvidarei, mentras teña alento, os sans consellos que vosté me dá; voume, pois está chegando miña nai, e non quero vela sufrir, que tamén a min o corazón se me aperta.

Catro¹¹² meses estuvo Perucho en Buenos Aires sin alcontrar traballo, e a pesar de que as recomendaciós o levaron polos catro ventos da ciudá; despois de mil calamidás entrou de *mucamo*, tendo ó mes que deixar a casa, porque a comida era pouca, e a barriga de baldeira fai como unha máquena sin lume.

Empreouse logo de porteiro; e ó cabo de nove meses, durante os que non pudo saber canto ganaba, vendo que o tendeiro e a lavandeira iban cobrar picos atrasados e marchaban sin cartos, e un escribano fora levantar unha portesta por unha deuda do coche da casa, Perucho enfermaba de sentemento, e nin as churuscadas que lle facía a cociñeira o alegraban.

—Siñora, (lle dixo Perucho á ama); quero que hoxe mesmo me fagan a conta; mañán embarcarei pra miña terra.

—*Tiene que esperar por el patrón, quién como es senador, anda sumamente ocupado por la cuestión política*¹¹³.

—¿E cantas medias horas teño que esperar?

—Yo no le puedo decir, porque anda de La Plata a Córdoba¹¹⁴.

¹¹² ‘Dous’ (AG) (RG)

¹¹³ ‘como es senador, la cuestión de Chile tiene sumamente ocupado’ (AG) (RG)

¹¹⁴ ‘porque las sesiones son largas y muy interesantes’ (AG) (RG)

—Pois sendo máis interesante que me dea os cartos que aquí ganei, demandareino pra que mos pague¹¹⁵, e si me arregaña o fuciño do modo que o tendeiro lle fixo, arráncolle a sopapos cantos pelos ten na cabeza; eu quero o que é meu.

—¡Qué imprudentes son los mucamos! escramou a señora.

—¡Como lle gusta ós ricos roubarlle o sudor ós probes!¹¹⁶

Cansado Perucho de vivir por acá¹¹⁷, e antes de que se lle consumise a pouca prata cobrada, volveuse pra xunto os seus pais, levando como recordo este libro¹¹⁸ cheo de contos con moitas verdades, e o pantalón rachado, pra servir de mostra ós que creen que na Amérecas se vive mellor que en Galicia.

¹¹⁵ ‘voume alá, ó Congreso, pra que mos pague’ (AG) (RG)

¹¹⁶ Séguese: ‘Ansi que o senador foi avisado de que o buscaban no Congreso, saleu á porta; e, oíndo as craras queixas do probe mozo, pagoulle a deuda’ (AG) (RG)

¹¹⁷ ‘Cansado Perucho de Buenos Aires’ (RG)

¹¹⁸ ‘un Calendareo’ (RG)

A misa do día dous

Colaboración en la Revista
del «Orfeón Gallego Primitivo» en 2 de Mayo de 1908

Esa, si, que fue sonada y salió su eco como diez millas marinas más afuera de los muros de la parroquia. *Os máis vellos* que sobre si llevaban de 70 a 90 años, no recordaban cosa igual: ¡Pobrecitos! nunca en sus venas se había formado un *fervente rebullicio* de sangre, loco y entusiasta, como el producido aquella mañana.

Cuando la campana llamó por primera vez a misa, se alzaba el sol por entre los *Penedos*, más *garboso* que otras veces: los inquietos gorriones *non armaban* riñas sobre los tejados como tenían por costumbre y sus chillidos de algaraza eran más melódicos: el millo principiaba a brotar, verdoso y pujante, en varios puntos de la *veiga*: el agua al correr mansita y silenciosa *polo río* despedía un sencillo humo especie de incienso que se eleva hasta el trono de los ángeles en los altares religiosos: las *churras* *cacarexaban* alegres al pie de sus nidos, y, con doble contento las mujeres alababan aquel *ben de Dios*, el aumento de los blancos huevos que luego se convertirían en el mercado de los *ñeños* en monedas de cinco céntimos *pra mercar unto pró caldo e tabaco prós maridos*: los *rapaces* dejaban la cama con nuevo humor; y todo, todo en fin, amanecía variable en hermosuras y satisfacciones.

*

**

La única fiesta anual que se celebraba en aquel pueblo de Dodro, humilde y sin *compangos*, era cada cinco de Agosto a la *Virxen das Neves*. Nunca el cura se había preocupado de otra clase de festividades y sólo pensaba, aunque la conciencia le remordía, en que aumentasen los cobres *na caixa das ánemas* y que le encargasen muchos responsos de *real e medeo* los 2 de Noviembre.

*

**

¡Como escapan los días de Abril!, decía el párroco; ¡como se derrite el cirio de mi aliento! ahora si que también veo se aproxima para mí la hora de la extinción. ¡Pobres mis feligreses! ¡Que sumisos a los traviesos actos de la política! ¡Que pacíficos, honrados y risueños ante sus amargas labores y ante sus pobreza metálicas! El modernismo por todas partes y aquí la inocencia antigua. Ningún vecino conoce la hoja impresa con noticias y opiniones, ni la bandera patria, ni

los episodios nacionales. Es un crimen cooperar a que así tengan opaco los cerebros. No, no quiero morir sin despejarlos: mi plática del día 2 de Mayo les dará la luz que yo hasta ahora ayudé a quitarles. El padre está en la obligación de enseñar a sus hijos. ¿Y porqué no he de instruir yo a mis almas? Perdonadme Dios mío; perdonadme patria hispana, por el error y pecado cometidos en mi carrera de pasividad: duren mis fuerzas hasta el 2 que quiero sembrar unos granos que dejen recuerdo y honesta altivez.

*

**

Y la aurora del 2 de Mayo de 1900 apareció majestuosa con los vibrantes sonidos *da campana*, con el sol garboso por *entre os penedos*, con la dulce algazara de los gorriones por los *tellados*, con el nacimiento fresco y verdoso *do millo nas veigas*, con el río despidiendo *fume* agradable cual incienso, con las *churras* cantantes y las *mulleres* gozosas y los chicos *brincando* de contentos y con todo, en fin, nuevo en la aldea, llena de hermosura en su conjunto de casas *vellas*, *camiños* torcidos y las *silveiras* cuajadas de flores.

Hasta parece que Dios y la Patria habían penetrado más ese día en los corazones del vecindario, pues habían preferido la misa del lugar tempranito y no las de la villa al mediodía.

Los mozos, rapazas, viejos y ancianas se daban saludos recíprocos a la puerta de la iglesia de un modo que no usaban siempre, complacidos y amorosos.

Y admiración, sorpresa, contento y *moitos contos* al oído, originó también la inesperada asistencia del Sr. Juez de Paz, del Maestro de escuela, del Alcalde y del Cirujano que acompañaban al Sr. Cura.

«*Hoxe a misa vai a ser dobre*», decían los hombres unos a otros por entre dientes. «*Esto xa pasa de novedá.*»!

Tiró de la cuerda el sacristán y la campana dió el tercer toque: en cuatro *tallos* forrados de papel de globo se sentaron las autoridades del pueblo en ambos lados del altar mayor: sin toser entraron los feligreses al templo y muy apretados se arrodillaron: fueron encendidas todas las velas y las candilejas de aceite como si fuese la festividad de la *Virxen das Neves*, y el ancianito Señor *Abade* concluyó el vestimiento de las prendas del acto y empezó con su ayudante el «in nómine patri.»

Al llegar el momento en que debía «alzarse» el cáliz, se dió vuelta mirando al público y dijo el párroco:

«Queridos e amados feligreses: non vos asustedes polo xeito e maneira que hoxe fago esta misa: eu condenaríame si este grato momento non chegase: ides a recibir antes que eu ausorba a sangre do Redentor do mundo, un pano que fixen mercar pra cada un de vosoutros, ca prata que levades botada na caixa das

ánemas: ese pano que ides a ver e recibir, adorádeo como unha reliquea moi santa, porque é o símbolo desta grandeosa patrea nosa: nos momentos das vosas peores tristezas acudide, meus fillos, a ese pano que el enxugará vosas bagullas xuntamente ca man de Dios: ese pano iluminará o voso escurecido entendemento: pensade sempre no sinificado dos seus cores; si coñecedes que estas autoridades presentes vos fan caprichosos xuicio, aumentos de consumos, falas recetas, e apolladas ensenanzas, erguede ese pano e veredes afuciñar os treidores caciques das aldeas: lede libros e lede pródicos. E vosoutros, señores da autoredá, deixade que os veciños suban pola carreteira da sabeduría.

E xa que estas xentes foron sempre somisas, quero que neste instante, sendo testigo o Rei dos Ceos, seades vosoutros, señores da autoredá, os que con respecto e agarimos entreguedes eses panos.»

Y el Alcalde, el Médico, el Juez y el Maestro, abrieron un paquete que les dió el *Abade* y empezaron con santa paciencia cumpliendo el mandato, repartiendo aquellos pañuelos de *bandera española*.

Y desde el coro, dieron principio los *buxeiros* de una gaita a tocar la melodiosa alborada; repiqueteó la campana; levantó el cáliz el sacerdote; y el monaguillo esparció suave incienso.

«Altísimo Señor, pronunció el Abade: sea inmortal el nombre del Alcalde de Móstoloes, de Daoiz, de Velarde y Méndez Núñez, y demás patricios; sea inmortal y siempre la bandera de España, y quede grabada en mis feligreses la doble fecha del 2 de Mayo de 1808 y 1866».

Dáme o dedal

—¿Fabián...?

—¿Que che doi, rapaza?

—Di o señor Abade que vaias un pouco a xunto del, pero lixeiriño...

—¿Non che dixo pra que me percisa?

—Seique te quer levar mañán a Requeixo, sigún lle oín falar cando lle dei hoxe o desaiuno. Viñeron onte de noite a contratalo por sesenta e cinco réas pra ir cantar a misa de Santa Ana, e terás que dirixirlle a burra polo camiño... ¡poste pensando!... ¡machacas!... ¡enfádaste... se outros compromisos tes, dílo craro, pois xa sabes lle sobran rapaces que brincan de alegría cando na súa compañía os leva!

—¡Ti coa lengoa corres moito, Pepiña...! seguro que si te soltan, andar aprésa que o automóbel do Marqués de Calvareo... dime, ¿non che gusta ter o corpo san?... cando a comida se che pon agreea no peito, ¿non é certo que sofres? ¿non é verdá que na casa allea é feo desprecear o que den e hai que porbar de todo un pouco?

—Non che falta razón, pero ¿que me ques espricar con eso?

—Que á enfermédá que teño causóuchema o Cura.

—¡Ai home!: si que non cho creio, anque cen veces poñas a man na cruz: nos anos que con el estou servindo, maldá pra ninguén non lla coñocín: meigallos, inda os saca; o que dá, faino de bo corazón: xuramentos non se lle oen: e sobre outras loias na aldeia nunca faltan... nin el, nin eu, facemos caso, porque a con-ceaa témola limpa...

—Eu culpo ó señor Abade da miña enfermédá, non porque sea malo, sinón por ser demaseado bo: lévame a tódalas festas i enterros; faime comer destintas cousas, callos con arroz, grelos con bacalau, empanadas, chuletas, natillas con viño e mistela, e veño, Pepita, como ti podes supoñer... sin centurón, teso da barriga¹¹⁹, non podo durmir nunha noite, nin traballar en dez horas; o outro día xa me dixo meu pai, que cando menos o pense: rabento!... ¡que che parece!... Cando me salte o bandullo para fóra do corpo... ¿que reloxeiro será capaz de poñer estas máquenas no seu lugar?

—¿E ti pra que eres tan gorrón?

—Pero, muller, ¿non acabo de decirche, que non se pode desprecear en casa allea o que me dean, e hai que porbar de todo un pouco? eu porbo... ¡pero son tantas cousas! ¡e algunhas son tan sabrosas!... nada, o mellor dos dados é non xogalos: non me convén dar eses paseos.

—Se eu fora home, Fabián, esas ocaseóns non perdería!... e dime... porque outras veces corías cando meu amo te chamaba?

¹¹⁹ ‘do pelexo’ (NG)

—Mira, Pepiña, non ves este dedal de prata...? regaloumo a filla do perito de Gomesende por ensinarlle a bailar unha regueifa: pois ben, si acertas ti, porque eu corría lixeiro cando o señor abade me avisaba, douche este dedal.

—Polo checolate que manda facer enseguida pra ti.

—Non.

—Pola auga de colonea que che bota xunto ós botóns do chaleque.

—Tampouco.

—Pola belisca que xogades con tanto afán antes de saír da casa.

—Inda vas mal.

—Polos cartos que che presta cando ques mercar faixa ou chelina.

—Ga, ga, ga! que pouco pensas!

—E pois, dío ti Fabián.

—Pero non ganas o dedal.

—Non importa.

—Pois mira, paloma mansa; escoita carabel da china, vou lixeiro por verme contigo na cucuña... ¡fásme tantos requesitos!... ¡das tantas voltas ó redor de min!... ¡fálasme tan suaviña!... ¡tesme tolo, Pepiña, e agora dígocho craro, pra que fagas por remedear esta necesidá; pra que non consintas que no manecomeo de Conxo entre Fabián... este Fabiansiño que te quer millor que as comidas de festas e de enterros...!

—Ai Dios mío! alí vén meu amo porque lle tardo... dame o dedal...

—Dime ti se me queres.

—Esta noite espérote xunto ó adro da igresea: descúlpatе co señor cura...¹²⁰
¿hasme de dar o dedal?

¹²⁰ O texto publicado en *NG* engade para rematar: *Bueno, amigos míos, en que quedamos? Oír misa el día 8 y almorzar al aire libre en los bosques de Lalín, digo de Palermo!*

Os quinientos do loro

As cousas deben contarse craras, pois si se din con reviravolta, son malas de entenderse e non se pautan negocios. ¡Cá!... Dios nos aparte de irlle ó bufete dun ingrés con moita prosa que despacha a calquera con catro palabras sin repetir—«*Hoy estar muy ocupado*»— E ten moita razón, porque o tempo é ouro neste Buenos Aires de tolos, que nin pra machacar cos dentes hai descanso dabondo; así é, que as peores enfermédas nacen no estómago e hai que acudir lixeiros ás curativas augas de Galicia¹²¹, pra poder regular o reló da nosa dixestión. Naturalmente, ¿quen pode facela? Se inda ben non empeza un a comer ás doce do día un anaquiño de carne dura, medea pataca, e tres follas de repolo, xa ten que pensar a nosa molleira en ganar dez reás que fan falla pra mercar outros tristes manxares que sirvan de cear á noite... ¡mala centella fenda a este purgatoreo!

Pois escoitade: requiloqueos a un lado, e contarei o conto dos quinientos e pico. Mesmo se me enche a boca de auga e se me debilita o corpo falando de cartos, porque os tales quinientos e pico non se pense que sean cangrexos ou moscas. ¡Imos a falar dos verdadeiros que tintinean!

Socedeu o prencipeo do conto no lugar de Castellada, parroquea de San Mamede de Cantoña, Auntamento de Paderne, partido xudicial de Allariz, provincia de Ourense.

Alí vivía un matrimoneo tan contento ca súa probeza como de alegre canta o cuco no máis alto pino do bosque de Hermida no meu inolvidable Lestrove.

O tal matrimoneo por consellos e dirección que lles dera o Cura de San Mamede de Cantoña, en auecón de graceas polas moitas espigas de leite que lle levaban de regalo pra comelas asadas, recollía no vrán cestas de amoras polas silveiras desde Castellada astra San Salvador de Mourisco, e con elas facían un certo dulce que se lambían os dedos, indo dempois polas feiras vendendo rabanadas de pan de millo untado daquel mel de amoras.

A ese matrimoneo nacéralles unha nena, e tan bonita era cando tiña catro anos que quizais o mellor pintor ou escultor do mundo non houberan feito tan adrede unha cara reselada como a da meniña.

O cura da parroquea dempois de misar e de ler o capítulo trinta e sete no libro privado, tomaba unha fonda escudilla de chocolate; iba mirar cantos ovos puxeran as galiñas no pallal; contaba os cartos a ver si baixaban ou subían; daba ordes á criada do que tiña que facer, e sentábase no balcón de pedra cara o sol repasando a «Nova Galicia» que tódalas semanas lle remetía un feligrés desde Buenos Aires. Todo eso eran labores de mañán; e pola tarde adormiñábase na fresca sancristía encima dunha manta de trapos feita pola mellor tecelana de Pontecesu-res, sendo pra el un aburrimiento o resto do día; porque como non sabía pescar

¹²¹ En NG muda 'Agua mineral gallega' por 'Cabreiroá', en todo o texto.

troitas, nin manexar a escopeta pra cazar conexos, xa estaba cansado de ir por veigas e montes a parolar cos veciños.

Mais como tódalas cousas teñen fin, tamén o tuvo o tempo perdido do Cura (gracias al Señor, decía el) cando a nena do matrimoneo frabricante do dulce de amoras, cumprira os catro anos, pois non solo tiña unha cara de ánxel, sinón que facía máis monadas (fôra ialma) como un gatiño pequeno que xoga con calquera garabullo e fai rir os máis calados pantalóns. Un día díxolle o Abade o dulceiro.

—Roque: escusades de pasar traballo levando a nena con vosoutros a tódolos trafegos: Si ma trouxerades pra alá moito ben a coidaría, e xa que cadra tamén me entreteño; será un dobre favor que che deberei.

E Roque i a súa muller non contradeciron os rogos daquel amigo servi-ceal.

*

Ó pouco tempo chegara alí un feligrés americano; e ó volver a marcharse dempois de troular na festa de San Mamede, regaloulle o Señor Cura un loro novo: deprendeuse ese paxaro verde a chorar oíndo as mulleres cando enterraban algún morto no adro da igrexa; tamén aturuxaba porque de noite sentía as parrandas dos mozos; falaba moitas palabras en latín; chamaba pola criada ¡Aureliña!... quero a sopa! e o señor abade decíalle ¡papá!

—¡Alabado sexa el Rey de los Cielos! rosmaba don Cosme: agora que son vello teño entretemento de sobra; a pequeniña non se despega de min e astra xogando me vai rompendo dúas sotanas; e por outro lado ese animalíño que fai cada andrómena! ¡asús!

O feligrés seguía mandando pra o señor abade, pródicos de Buenos Aires, e nunha folla leeu este orixinal aviso—«*El que presente en nuestra casa un loro que exprese la palabra 'Agua mineral gallega' se le regalarán 500 pesos*¹²²».

—¡Recoiro! dixeron a un tempo o Cura e Roque que se alcontraba presente.

—¿Que che parece, Roque? 500 pesos non son de perder: este loro xa me ten a cabeza demasiado alborada; si queres regálocho, axudareiche eu e mais a criada pra que deprenda aquela cousa, e préstoches os vinte duros pró viaxe i en dous meses estás de volta cos quinientos, e poderás darlle a túa fábrica outro empulso de grandeza.

—Aceutado Señor Abade. ¡Que tódolos serafíns o abracen na grorea cando este mundo deixe a súa boa almiña!

—Bueno: estonces imos a repartir o traballo pra darlle escola ó loro: o tempo e ouro.

¹²² Engade 'Echegaray y Hermanos y Compañía – Victoria y Buen Orden' (NG)

—Eu enséñolle a decir — Agua.
—Ti repíteslle a palabra — mineral.
—E a criada que lle diga — gallega.

Durante oito días non recolleu amoras Roque, nin misou o cura, e a criada non lavou roupa; e deste xeito tiveron que seguir quince días máis. Ó cabo, falou crariño o loro!

‘*Agua mineral gallega*’.

Enseguida dispuxo Roque o viaxe co lorito na xaula, quedando a muller moi contenta.

Foi o cura despedilo a Estación do tren, dándolle consellos e decíndolle; cando te marees chupas deses limóns da miña horta: así que recibas os 500, retornas no primeiro barco, solo che suprico que me traías como recordo de Buenos Aires o libro de contos de Cruces¹²³; dálle por alá memoreas a cantos por min che pergunten, e si ves o amigo Veloso mételle unha aperta e dille cando pensa volver pra Santiago.

Cando o vapor atrevosou a *linea* no mar, morreu de repente o loro, e Roque co sentimento houbo de tolear. Xa perdidos os 500, cavilou e apeouse en Bahía pra ver de ganar alí os ichavos da volta. Non contou a ninguén o socedido e perseguntouse en busca de traballo na sociedade española, e no mesmo día¹²⁴ apareceu un emprego pra corredor das augas de Galicia nun comercio que as pregoaba por alí.

—Dios mío, decía Roque: a sorte quizais me acompañe, e xa que non xuntei dun golpe os quinientos, poida ser que os recolla cun pouquiño de pacencia con este outro río¹²⁵ que se me ofrece.

Empezou as súas faenas de propaganda e corretaxe; esquirbeulle o cura canto lle ocorrira, e a nova salvación que lle aparecera.

Vendeu moitas ducias de queixóns daquela auga en seis meses; xuntou de ganancia nas comiseóns uns quinientos e pico de rodas das vintereás, e con elas apareceu unha tarde en Castellada.

Aquel día cearon todos xuntos na casa parroqueal: o cura, a criada, Roque, e a súa muller, i a linda nena.

Oíndo o Abade as disgraceas e tristezas que lle pasaran a Roque vendo que a muller lle caían as bagullas, e a meniña bicaba no pai e na nai como unha mariposa bica nas frores, tuvo un arranque de entuseasmo e díxolle:

—Vamos, fóra penas! xa estás libre dese charco; non quero que me devolvas as cen pesetas que che emprestei pró viaxe, e ademais, pola miña conta, quero facer unha novena ó santo da túa devoción.

¹²³ ‘un par de botíns dunha gran zapateiría que teñen uns Señores López na calle das Piedras esquina de Venezucla’ (NG)

¹²⁴ ‘no mesmo día (alabadas sexan en todo tempo e lugar as devinas Cruces)’ (NG)

¹²⁵ ‘Cabreiroá’ (NG)

—Da miña salvaceón, dirá vosté.

—É o mesmo, dime cal é?

—Santo Galicia¹²⁶, Avogada dos tristes, e dos que padecen males do estómago, e sospiros do seu chan¹²⁷.

—Pro esa santa non reza no prenóstico católeco e pode sacarme o curato ó arcebispo.

—Non teñas medo, que polo de hoxe mando eu máis na parroquia que o arcebispo, e anque el se enfade tamén quero eu ese novenareo, porcesión, festa do guisado con mentellas¹²⁸, gaita¹²⁹, e baile debaixo dos castañeiros, e torradas con mel de amoras.

—Carai! —falou o Abade, —como roncas Roque cos quinientos e pico.

—Viva Galicia, Don Cosme!

¹²⁶ ‘Cabreiroá’ (NG)

¹²⁷ ‘e doutras que certificou Ramón y Cajal, lumbreira da medicina’ (NG)

¹²⁸ ‘e arroz’ (NG)

¹²⁹ ‘e foguetes’ (NG)

Miguel Medroso

Unha vez fun de noite con outro compañeiro a unha festa da Cortegada. El inda era novo en cousas da tuna, pois nunca salira de Arnoia. Eu xa tiña mellor práctica: a miña figura ben torneada xa ma viran as nenas de Bande e Celanova.

Chegamos a xunto dun regueiro que había que atravesar. Eu brinquei como un becerriño fóra alma: O compañeira nunca daba o salto tremendo de non alcanzar a beira.

—Anda lixeiro, Miguel, que nestas ruadas o que chega primeiro escolle nas frores.

—Pro... teño recelo...

—Ai home!... desperta os teus folgos... arrechégate atrás... tapa os ollos... e pega un forte pullo...

—E si me caio no regueiro...

Gran cousa... anque te enfríes coa molladura, ¡xa verás despois como has de sudar entre as mozas!... Vaia... brincas, ou non.

—Seique dou voltas pra a aldea...

—Tontiño, si souperas que sabrosa é a mel das abellas, saltarías este regueiro e outros máis grandes por ter a boca dulce... Estonces, adiós... Miguel Medroso.

—Espera, a ver se me arrisco...

—Na ruada...

Probes, pero patriotas

No mes de difuntos do ano 1889, embarcaban en Villagarcía nun vapor alemán, home e muller cun neno de vinte e seis meses: este matremoneo fuxía dunha aldea da provincia da Coruña, pra esta terra amercana, en busca de mellor tranquilidá, pois os probes xa non podían aguantar tantas crases de contribucións que de un lado lles impoñía o mal goberno de Madrí, por outro o auntamento de Negreira, e ademais uns tercos e cubizosos repartidores de consumos do lugar.

Aquel honrado xornaleiro chegara da feira o sete do mes dito, decíndolle á muller:

—¡Que che parece! astra o señor xues está de morros e cheo de maldade contra min.

—E logo ¿que foi?

—Chamoume e díxome que contaba co meu voto pra eleixir Alcalde ó fillo de don Paulos: eu contesteille que estaba comprometido con o noso amo que nos presta os cartos dos becerros á ganancia... ¡e se viras, muller, cantas amenazas me botou!

—Sonche, meu home, as políticas ruíns desta desgraceada terra. Si che convén vamos pra Buenos Aires.

*

O vintecatro de Navidad, desembarcaban home, muller e fillo na dársena desta capital arxentina: o hotel de inmigrantes foi a pousada deles aquela noite: a noite de Navidá, na que se derrocha diñeiro a montóns por quen o ten, e alegría por quen pode rirse, aquel matremoneo tamén derrochou bagullas. ¡Canto darían por volver á chouza que deixaran!...

*

Aí viven nun homilde cuarto, nun arrabal da cibdá de Buenos Aires; a probeza os persigue; as soedades os matan; el, traballando máis que nunca, con malas roupas, mal mantido e mal pagado o seu sudor; ela con dúas criaturíñas, ponse preto dunhas fábricas pra vender uns boliños a peóns, e caixas de mistos, pra ganar ben poucos centavos.

*

Certa noite que fun polo pé da casa onde viven, oínlles decir estas palabras:

—¿Onde estará a man de Dios que non castiga ós ricos e polítecós ingratos, e non protexe ós probes aflixidos como nós? ¿Por que non se abrirá o inferno prós primeiros, e a gloria prós últimos?

E a muller lle contestaba:

—Cala, home; que me dás pena.

*

E a pesar destas cousas, aínda sacou tres pesiños da comida¹³⁰ pró coste dese cruceiro chamado *Río de la Plata*. Ben, é verdá, que o patriotismo nada ten que ver ca falsa políteca.

¹³⁰ En *EG* segue: ‘pra dalos pra esa guerra que se acaba cun borrón pra hestoria de España’. Séguenlle os versos do propio autor: “Por culpa dun mal goberno/ hai que desfacer un prano./ pra borra del unhas islas/ que a nosa patrea roubaron”.

Dios e San Pedro

O ano 84—houbo un caso raro
—que vos foi tan certo— coma
vou contalo. —Si o leutor non o
cree— pode perguntalo.

(Á porta dun comercio na calle Ribadavia, esquina Buen Orden).

—Tun... tun...

—¿Quen está...?

—Ánxel Fertuna; contestou o que chamaba.

—¡Ben chegado el i ela sean! ¿que novedá traen por eiquí?

—Eu, señor, veño rogarlle si poden emprear nesta casa a Dios e a San Pedro.

—¿Pro digan, Ánxel e Fertuna: eses grandes homes percisan máis riquezas que a que teñen no ceo?

—Ai, señor! nunca aquel reino viron eles, nin eu, por máis que o mundo católeco o diga e o crea: andamos mui cerca, si, pois estamos no purgatorio; e tan logo purguemos algunhas faltas cuns poucos anos de sufrimentos, privaceóns e pacencia, abriranse pra nós as portas da gloria.

—¿Como é, estonces, que o evanxelio esprica que Dios é o Soberano que goberna nesas alturas; San Pedro, o porteiro dese notabre palaceo, i os ánxeles son os criados?

—Esas cousas, señor, eu non podó discutilas: vosté quizais soña: desperte, oia i enténdame. Eu non son chegado das rexións celestiales, nacín na terra de Ruis Pons, i hoxe teño unha pequena tenda onde vendo xéneros dos que a vosté lle compro: si a colleita vén boa¹³¹ penso dobrar o capital; despois teño en vista outro negocio, e ¡zas! serei rentista. Velaí ten vosté como pra ser Ánxel, tuven que pasar polo infierno; agora estou no purgatorio, e logo pasarei á grorea, é decir, si as escaleiras, por onde suba non dan volta e caío, como pode suceder. E pola mesma razón, teño eses dous paisanos, Dios e San Pedro, mozos traballadores de limpa conduta, que espero velos de patróns.

—Ah!: agora si que me enterei. Espere un pouco, que vou consultar o punto co meu soceo.....

—Ahí está el cliente Ángel de la Fortuna; suplica trabajo para dos jóvenes llamados Dios y San Pedro... ¿Qué te parece?

¹³¹ 'si o ouro baixa' (RG)

—¿Cómo que me parece? ¿Quieres tú mejor personal, tan bien recomendado? ¡Adelante!

I aquela casa medrou, i os mozos tamén, a forza de moitos desvelos i amarguras.

¿Quen ganaría máis?

Tendo Marica vinte anos quedara sola neste mundo, porque lle morreran os pais, e unha prima chamada Xuana, que estaba de doncella na casa do señor Alcalde de barrio, aconsellouna un día dista maneira:

—Éche millor, Marica, que te poñas de criada como eu; con eso pasarás o tempo máis alegre: o día do Santo dos amos hánche de regalar algunha saia ou mandil; xuntas algúns cartos, e poida ser que te cases *logo*, como eu penso facelo, pois mozos onde escoller non faltan; porque nas fontes e veigas, muíños e fuliadas, falan e xogan e bailan, antes de outras, cas criadas. Isto dígocho porque che quero ben, e tomaría moita pena si chegases a un traballo con qualquera deses rapaces que non sirven pra manter muller.

—Miña prima, contestoulle Marica; agradézoche o consello, pro da casa non saílo. Traballando hei de desbotar de min as tristeszas; o día do meu santo, ou antes si podo, hei de regalarme a min mesma, xustillo, pano de seda, saia e pendientes; o rapaz que me queira virame falar á porta, e eu non me hei de deixar caer como a ti che parece.

—Xa te arreprintirás, replicoulle Xuana.

—Ou ti, primeiro que eu, lle dixo Marica, pois por teres moitos duros xuntos de sete anos que levas na cas do alcalde, e teres tamén moitos mozos que te cubizan, ten coidado, non botes soberbias.

Desde estonces non se falaron máis as dúas primas.

Naqueles días empezou Marica a traballar desta maneira: ó amanecer, collía a cesta e ibase a poñer ó camiño real fiando, ca roca espetada na cintura e o fuso bailando na man, e de paso compraba ás xentes que pasaban pra as vilas, ovos, limóns, mentellas e bolos de manteiga, e logo ela revendía esas cousas e marañas de estopa, nos mercados de Santiago, Caldas e Pontevedra. Ó cabo dun ano, cas ganancias do seu trato, Marica axustaba a uns canteiros a feitura dunah casa na carreteira.

Neses días marchárase da aldea a prima Xuana, acompañada dun rapaz que iba de mariñeiro pra Ponte Cesures, onde pensaban casarse, como así foi, según noticeas que Marica recibeu dun afillado que coidaba os pementos na veiga de Herbón.

Despois desto, correron outros doce meses sin saber nada da prima, nin ter máis carta do afillado; e unha noite chegoulle petando á porta unha muller flaca, mal vestida, chorando, e decíndolle:

—¡Ai, prima Marica, como me eu vexo!

—¿E quen che tuvo culpa, Xuana, dos teus traballos?

—Tuveche razón, Marica; escollín mozo, e agora estou probe e veuda.

—Non te aflixas, lle dixo Marica, vivirás connigo; pro dime ¿por que te ves probe e sin home?

—¡Ai! non me fogas contar moitas veces sinón loqueo. Quixemos eu e Chuco ir a Santa Margarita, fixemos unha empanada de xurelos; el empeñouse en irmos embarcados os dous na lancha astra as Maias; Chuco puxo ó pescozo a bolsa dos cartos, temendo que nolos fosen roubar á casa, e ó atravesar o río do Sar, cerca de Estramunde, en vez de remar, púxose escoitando o cantar dun cuco que estaba no alto dun ameneiro; chamínlle pasmón, e tanto se enfadou, que lle deu volta á lancha, e os dous fomos a fondo: eu agarreime a unha pedra, subín á beira do río, e el veu enganchado á miña roupa: berramos como cans e despedímonos pra sempre... esto foi o que pasou.

—Sonche cousas deste mundo.

Raíces e papas

Como nas aldeas nunca falta un mal veciño que nada ten que perder máis que o pelexo que non se lle pode lastimar polo medo ós fallos da xusticia, e nas vilas tampouco falta un percurador que dirixa o preito de embrollas que promova aquel veciño, pois os dous partirán as pesetas que no arreglo ganen, sucedeu que no lugar de Revixós vivía o señor Miguel Funguiños, moi contento na súa propea casa, e como sabía manter ben o seu gando, e os compradores castellanos¹³², sempre que ó lugar iban, era a el a quen primeiro visitaban, velaí tendes como a envidia dun veciño deixou ó señor Miguel sin casa e gando, cunha demanda que lle entrou por unhas raíces dun castaño que tiña na porta Funguiños e disque chegaban a xunto o forno, dentro da casa do preiteante.

Cando o señor Miguel tuvo coñecemento da costión, xa se emprearan nove pregos de papel da tres reás, mais unhas estampañas de dous patacóns cada unha que se lle pegaban os pregos por imposto de guerra, sin contar as firmas dun avogado en dous escritos que habían de costar tres ou catro duros, e os dereitos do percurador, escribano, alguacil, e outras herbas.

—¡Asús, Díos mío! ¿e quen há de cargar con eses gastos? —decía o señor Miguel.

—Quen ten, meu pai— lle contestaba o fillo, —pois as leises xa vosté sabe que se cumpren ó rivés, porque si non fora así, hoxe estaría en Ceuta o sobriño de Marica a Ganecha, que ten Don, polos bens que sin dereito disfruta hai tantos anos, e andan en coiros e con fame en verdadeiros donos.

—¿E estonces, ese mal veciño e percurador, porque non defenderán a eses probes herdeiros, que moi gustantes lles darían partillas no que recuperasen?

—Vosté fala ben, meu pai; pro non recorda que o sobriño de Marica ten un deputado por cuña.

—Petan ó portal; corre, Farruco, vai ver quen é.

.....
—Meu pai, chámao un señor a cabalo; non fala gallego¹³³ e ten unha gorra parecida á dun carabineiro.

—¡Caráspita! toma, rapaz, agacha estes cartos nun burato; vou ver que me quer, e si trata de levarme preso, soltas o can, lixeiro...

—Boas tardes, señor.

—Muy buenas— dixo o Alguacil do partido. —Vengo, don Miguel, a citarle a Vd. para que mañana, a las 9, comparezca al Juzgado de 1.ª instancia para «absolver» un pliego de posiciones a petición de la parte actora en la demanda que Vd. conoce.

¹³² 'portuxeses' (PF)

¹³³ 'castallano' (PF)

—Pois inda non me pide poco o Xués... ¿E quen é el, nin ninguén, pra facerme *comer* ese prego?: eu *ausolvo* ovos cando os teño, a das *posesións* solo entendendo ter a que desfruto nesta casa.

—Que a poco le llegará, y no tome Vd. la cosa en broma.

—E que non hei de tomar nada, porque o meu fillo, que algo entender, di que non hai lei pra eso.

—¿Y aquí en el lugar hay escuelas?

—¿Escola? ¡Ai! Señor; nin hai escola, nin maestro, nin libros.

—Y entonces, ¿cómo le enseñaron a su hijo lo que sabe?

—Porque o chamaron a Cruña, pra ir á guerra; estubo alí tres meses, e agora dénonlle licencea porque o goberno disque fixo chanchullos e non percisa soldados; pro veulle cos ollos máis abertos o meu rapaz¹³⁴.

—¿Usted sabe lo que dice?

—¿E non hei de saber señor?, borracho non lle estou.

—Pues sepa que yo, como miembro de la Justicia, tengo la obligación de denunciar lo que Vd. dice contra nuestro gobierno; pues la censura prohíbe y castiga tales manifestaciones.

—Mire, señor, fágame o favor de marcharse, porque teño moito que facer; e si non sabe o camiño, teño un bo can que llo pode ensinar a mordiscóns.

—Pues cónstele a Vd. lo siguiente: que las *posiciones* se le darán por ab-sue-ltas si no concurre; despoés vendrá el embargo contra Vd. y, luego, se decretará su prisión por criticar los actos del gobierno¹³⁵ y faltar a mi respecto como funcionario público.

—Todo canto dixo non lle me asusta; *ausolva* vosté por min esas posesións, e si pode, trague tamén a ese goberno¹³⁶, que si o tivera aquí, metio de cabeza no pote das papas; e adiós que lle vou comer unha cunquiña delas...

—E o vello cerrou o portal e foise pra dentro cantando:

Sácame as papas, Farruco;
arrenegado sen o demo,
que xuncras leve ó veciño,
ó Alguacil e ó goberno.

¹³⁴ ‘disque vende as islas a onte tiña que ir pelear e vénlle cos ollos máis abertos’ (PF)

¹³⁵ ‘gobierno que preside el Sr. Sagasta’ (PF)

¹³⁶ ‘tal Sagasta’ (PF)

Pintores e Poetas

Ramón Couto Fernández

Non sei se alguén o dixo; de calquer maneira, direi eu que o país gallego fíxoos Díos con mellor maestría que as outras rexións de España, entendendo como entendo que esta é unha verdade das que non teñen volta.

Pintores e poetas! Si facemos un resume dos que nasceron e se criaron na nosa Patrea, e siguro que Galicia foi decote a que maior contixente de fillos produxo pra tan subrimos artes. Así sucedeu e seguirá ocorrendo porque o chan gallego é o privilexiado dos poetas e pintores.

Os altos e baixos montes con carballeiras de pinos i eucaliptos; os tortos ríos e rigueiros que atravesan as longas veigas cubertas de millo, centeo e liño, verdes herbas e destintas frores; os altos campanareos e casas branqueadas nas vilas; os casuchos vellos de achocolatadas tellas nas pequenas parroqueas, con corredoiras de hedras e silvas; as romaxes i as merendas nos venturrillos, nos prados e nas eiras; os rechamantes traxes de garridas mozas e fortes galáns que alegres bailan ó son da pandeireta ou da gaita, que ó repinicar, meigosa, fai estremece-las cordas da ialma; os traballos dos labrexos que caban a terra, podan os arbres i axufran as viñas; os paxaros que brincan dunha noutra ponla, confundindo os seus gorxeos coa escachada risa dos rapaces que troulan e corren polos camiños e soutos; i en fin o ceo cuberto de purismo roupaxe azul; todo esto, e aínda máis, en conxunto, constitúen os ditos privilexios que o xardín gallego encerra i ofrece ós pintores e poetas.

Si; homes e mulleres que en Galicia nascen coa virtú desa idea, abren os ollos ós feitizos que a man devina puxo naquela adourada rexión, da que pintan e cantan súas moitas marabillas. I eses xenios é perciso respetalos e querelos en vida, como dempois de mortos hai que venerar seu nome cal santa reliquea.

Fai un ano que na Atenas gallega, na cibdá do Apóstolo Santiago, morreu Ramón Couto Fernández, artista ispirado que, con máxico pincel, soupo reproducir-la natureza en obras que son de todos conocidas na terriña; el foi como poucos un talento de verdá; Galicia brindaralle os seus dons, mais as xentes, en cambeo, non o alentaron o que merescía e necesitaba para continuar-la carreira que emprendera; a hestoria marcará uns poucos *extranxeiros*, larpáns e cobizosos, cheos de envexa que, valéndose de medeos tan negros como o trasno, percuraron, ¡treidores! cortarlle as áas, no frolido da xuventude, a aquel que era unha lexítima espranza do nobre arte da pintura, porque con el, espírito de ferro, que os despreceaba, non podían, de ningunha maneira, en boa loita, a campo descuberto.

Galicia! se eres xusticieira, reconosce os méretos, virtudes e sabencia de teus garimosos fillos, e non esquezas traslada-los fríos restos do escrarecido pin-

tor Ramón Couto ó Panteón de gallegos ilustres que se pensa construír en Compostela, sin perxuicio de adicarlle por soparado o recordo que xusgues máis dino pra gardar, polos sigros dos sigros, á memoria de quen moito sufreu e tanto te amou!

Noviembre 6 de 1901¹³⁷

¹³⁷ Engádese no texto unha nota que di “Por súplicas de *Nova Galicia* el Excmo. Ayuntamiento de Santiago, trasladó solemnemente los restos del pintor Couto, en 29 de Octubre de 1907 al nicho n° 93, cedido a perpetuidad en el Cementerio de Compostela. Pero aún esperamos se realice algo más por Couto, por Rosalía, por Brañas, Carvajal y otros gallegos ilustres”.

Os labradores

Mirádeos, como cediño deixan o vello e duro leito no que pouco durmiron e mal descansaron.

Mirádeos, como apracan os desexos de comer cuns pedaciños de pan de millo, e con ese desauno, vanse prá súas amargas faenas, co legón ó lombo, o cesto na cabeza, i a forcada nas mans.

Mirádeos, como agoantan a forte calor no vrán i os fríos no inverno, como xantan sentados na terra unhas cuncas de caldo con verzas i uns tragos de auga dos ríos.

Mirádeos, como volven prás vivendas cando o día se acaba, coa remendada camisa mollada de sudor; e cansadiños, volver pra o vello e duro leito.

Pensando nas tristuras desa homilde xente, a sangre se revolve, i o pelo se arremuíña.

.....

Levantade gallegos
a vosa gadaña,
verés como fuxen
os maulas de España.
Pedide gallegos
con forte enerxía,
vos deixen vivir
con máis alegría.
Facede gallegos
protestas nos adros,
armade barullo
facédevos malos.
Pois veredes
dese xeito
que o goberno
irá dereito.

Unha diabrura

Vouvos a contar, leutores, un relato que non é conto, pois, foi tan certo como é que as estrigas pican, os pantalóns son prós homes, e tamén que o que non sabe nadar, vai pró fondo e ten que afogar.

Na parroquia de San Xulián de Laiño tiña unha taberna a señá Maripepa dos Puchos, e como era unha muller que fiaba algúns cuarteróns, e sempre falaba alegre, era alí a xunta de tódolos tunantes da aldea.

Unha noite, de isas que astra os cans non se atreven a bota-lo fuciño fóra do cocho co medo de que lle caia nel algunha pingueira de neve, tamén chegaran ó mesón dito os mozos Chuco Canelos, Bernaldo Queixoto, Ambrosio das Rodas, Felipe o Petete e Ramón das Xaulas. Ó estaren tomando as copas de anís, entrou na taberna o señor Vicente o sancristán, pidindo un misto pra encende-lo farol, porque iba á igrexa a tocar ás oito, e os rapaces que deixo espicados, deron en facer bulra do vello, decíndolle que o auntamento tiña orden da Cruña de premialos traballos sufridos dinde que era tal sancristán, dándolle en premio o nombramento de comisionado pra ir a buscar os trastes do Cuco, no primeiro vrán. Estonces o señor Vicente contestoulles:

—Xa vexo que sodes mozos i en algo tendes que pasa-lo tempo; pro non debiades de rirvos de min, pois eu, cando era do voso tempo, sempre respetei ós que parecían meus avós.

—Pois ben, non se enfade, lle dixeron os mozos; tome polo dito unha copa coma nós, tras dela tome outra, e xoguemos unha belisca, que con vosté somos seis.

—¿E a campana, meus fillos, cando a vou tocar?

—Cale, home, cale; hoxe os veciños non fan caso ás oito; uns están ó pé das ascuas e outros cochados con mantelas e cobertores.

—Non xoguemos, reprecou o vello, porque cas copas que bebín non vou a conocer os triunfos, nin saberei facer señas das cartas que á man me veñan; de maneira que, xa que me queredes pró xogo, tamén podo ser voso compañeiro pra unha cousa que vos vou decir, e divertirémonos millor, e fartaremos a barriga.

—¡Mirade ó sancristán, como aínda lle gusta a troula! decía a taberneira.

Saliron pra fóra os seis, arrimáronse a un carro, e o señor Vicente falou mui baixo, diste modo:

—Na cas de Paula a Rabela están cociñando un pote de caldo con morcillas e bolos: Paula está facendo canelas e as tres fillas están nos teares pra ver de acabar as teas alá polas once da noite; si vosoutros aceutades o que eu diga, comémoslle os bolos quentes cas morcillas; a broma vai a ser grande, e elas van a pensar que as bruxas entraron á casa cando alcontren o pote baldeiro.

—Nós estamos ó que vosté dispoña; o caso é facer o negocio ben.

—Bueno, dixo o vello: Chuco, Bernaldo e Ambrosio ides petar á porta;

así que entredes, dádeslle conversa alta e a todos xeitos: un de vós tenlle que decir á señá Paula se fai o favor de deixalo ir á cucuña a encender o cigarro, e nese intre, que lle saque o tarabelo á porta da eira, que estonces xa habemos de estar á espera Felipe, Ramón e eu, que entraremos astra a lareira, sacámoslle o testó ó pote, e botamos na vasía os bolos e morcillas, e fuximos prá horta do Vio-Vau, que dinde alí asubiaremos por vosoutros; pro antes de despedirvos das tecelanas ten que volver a ir outro de vós á cucuña a buscar lume, pra pórllle o tarabelo á porta como o tiña, e despois de eso podeades saír aturuxando.

O tal consello gustoulle a todos, e levárono a cabo da maneira que o discurreu o sancristán.

Cando se xuntaron na horta do Vio-Vau, escachaban coa risa, e deron en repartir o que do pote levaran. A festa non era mala pro Ambrosio quixo sentarse nun cortizo de abellas que alí había, e alborotándose os animalíños que estaban dentro, empezaron a fungar ó redor das caras dos tunantes, que deron en facer barullo, e causou que o dono da horta oíse; saleu á ventana e tiroulles dous tiros con sal, dos que todos saliron feridos, e deixaron parte do delito na mesma eira. Ó tempo que eso sucedía, tamén barullaban as tecelanas, sin saber a quen botarlle a culpa do mal que alcontraran feito na cucuña, e as probes asta nin caldo quixeron cear ca desconfianza de que tuvese algún feitizo.

No outro día a aldea estaba revolta co conto descuberto, e falaban as xentes nas fontes, brañas e quinteiros: «Disque os mozos non farían esa diabrura si non fora o sancristán». O vello bótalle a culpa ó Ambrosio, que si non se sentara no cortizo das abellas, non tería volta o conto.

María Pita

Tódolos anos no comenzo do mes de Agosto, arde como se di, a Cruña en troula, honrando a memorea de María Pita.

I os tales homenaxes son de xusticia, e faranse namentres o mundo role, porque o recordo do espírito daquela defensora, será imperecedeiro.

Nunha crara mañán dos primeiros días de Agosto do ano 1589, unha potente escuadra ingresa, asomouse por detrás da Torre de Hércules no porto da Cruña: entrou chea de folgos cubizosos por xunto o Castillo de San Antón, i empezou un bombardeo brutal cás intencións de apoderarse da Cibdá.

A dita escuadra iba mandada polo almirante Norris, e cos seus barcos, e catorce mil soldados que levaba, sitiou uns días a praza. Despois determinou asal-tala, desembarcando as tropas o mando dun xeneral, irmán de Norris o almirante.

As murallas i as calles da Cruña, estaban cheas de cadavres, de feridos e de derrumbes de casas. Os que inda sans defendían o noso chan, xa non podían máis de tanto loitar¹³⁸.

Pro cando os ingleses invasores pensaban que tiñan o trompo na uña, ou a tallada na boca, apareceu do medeo da xente unha muller remangada dos brazos, e collendo a nosa Santa Bandeira i un coitelo ben afiado, gritou *¡Seguídeme, valentes, non consintamos semexante ultraxe! ¡Fóra os asaltantes!* Era María Pita.

Contan as hestoreas que aquilo despertou ós caídos, encendeuse a rabea xusta nos peitos dos coruñeses i a sangue dos ingleses facía regos nas murallas e no mar.

O primeiro que morreu pola man daquela heroica gallega, foi o irmán de Norris. Seguiron caendo cabezas, e por final de contas, tuvo que fuxir a escuadra levando sete mil feridos e deixando en terra e no mar, catro mil douscentos trinta mortos, e dúas bandeiras.

Tan logo que se lle avisou a Felipe II en Madrí o trunfo da Cruña polo arroxio dunha muller, mandou darlle o grado de Alférez maor dos terceiros, ca paga correspondente.

O día dezaioito de Agosto, tódolos anos tocan as bandas a marcha real española e as tropas presentan as armas diante do retrato daquela muller¹³⁹.

¡Irmanciños! Nunca deixes de defender a Galicia, de recordala sempre i alabar as almas tan grandes que nos honran!

¹³⁸ Engádese: 'e tamén xa non tiñan armas dabondo' (NG)

¹³⁹ 'patricia' (NG)

Pau de ameneiro

Unha tarde iba pró Porriño, Xan¹⁴⁰ das Cunchas, zoqueiro de oficeo, que levaba un queixón daquel calzado, pra vendelo de feira en feira.

Xan tiña a costume de andar sempre asubiando; pro ese día non lle era posible move-la lingua porque estaba seca.

Pasou por xunto dunha casaña, feita no medeo dunha eira que era un xerdín de ramaxes de hedras e silvas, enredadas cas ponlas duns verdes pexegueiros, e viu un letreiro na cancela da entrada, que decía: «Parade aquí viaxantes, antes de seguir camiño; por un real hai filloas, e un neto de bon viño»

Entrou Xan na taberna, e unha moza bonita, que oíeu falar se chamaba Piligrina, era a que facía as filloas; e os pais atendían os pedidos da moita xente que entraba a comer e beber. Sentouse o zoqueiro, e pídeu medea ducia das azucreadas e un cuartillo tinto do Ribeiro. Ó acabar de comer, limpou os labeos, e ofreceu calzado aos que alí había, e todos llo compraron, sin deixarlle ningún.

Dinde que Xan entrara na eira, en el estuvo fixándose Piligrina, e cando o tal rapaz mandou vir outra remesa de filloas e viño, foi ela pra servilo, e díxolle con moita gracia:

—¿Quéresme toma-la medida duns zocos, e facermos prá festa do San Bartolomeu?

—Con moito gusto, lle reprecou Xan; pón encima da miña rodilla o teu pé dereito.

Así que o zoqueiro terminou o seu traballo de tomarlle a medida, ó querer soltarlle a perna, doulle nela un bico, apertándolla cas mans... Piligrina púxose a rir, e perguntoulle:

—¿Cando mos vas a traer, e canto che hei de pagar?

—Pau de ameneiro, xa o traigo connigo; se aquí me dades pousada, fágochos esta noite, e o coste deles... tratarei contigo que quede na casa.

—Voullou preguntar á miña nai; espera un pouco.

¹⁴⁰ O protagonista chámase Benito na edición de *Primeiras Follas*.

Por dúas galiñas e un galo

¿Non sabe unha cousa Señora Pepa?

—E que é Lucas...

—Hoxe funlle ó xusgado a dar unha decraración na causa da pelea de Antón o Cuncheiro, e vínlle ao alguacil que lle decía a outro enseñándolle un papel— «este mandamento é un choio; para viernes hei dir citar a Malpica á Señora Pepa a Chouza, pra que veña ó xuício que lle entabrou o percurador de don Baldumero o tendeiro das menecras».

—Alégrocheme ben, Lucas, ó saber eso, é douche as gracias por mo contares.

—E logo, señora Pepa, ¿que foi o que tuvo con ese don Baldumero?

—Mira, home; o dintres do tal tendeiro, encargoume que lle collese e lle levase á casa un par de arañas, outro de morcegos, outro de saltóns, outro de arrans, outro de grilos, outro de lagartos, outro de moscas, e outro de cascudiñas pequenas.

—¡Alabado sea Dios! ¿e ese señor pra que quer tantas crases de bichos, señora Pepa?

—Valénchelle moitos cartos, Lucas: pois son pra mandalos¹⁴¹ en botellóns de augardente pra Tuledo, onde o goberno xunta unha colección de animais mortos... pro escoita o conto... eu pedínlle a don Baldumero trinta reás adiantados, mais eu non cumprín con levarlle os lagartos¹⁴², pois volvéronme tola ó redor dunhas laxes e ningún poden coller¹⁴³. Agora o tendeiro de enfadado, porque un comisionado de goberno llos recrama, presentará contra min, a demanda e terá idea de embargarme o adrezo e a cofia de puntilla de ouro, pro anque chovan guardias civiles a hucha ningún ma tocará¹⁴⁴.

—¡Oi señora Pepa, non se meta en xusticias, porque comen a camisa! Con esto se foi Lucas.

No jueves¹⁴⁵ chegoulle á porta o alguacil, e a vella que varría na eira lle dixo.

—¿Que trae de novo por esta aldea?

—Vosté chámase Pepa a Chouza.

—Si señor, pra servir a Dios e a quen me favoreza.

¹⁴⁰ O protagonista chámase Benito na edición de *Primeiras Follas*.

¹⁴¹ 'pois disque os manda' (GM).

¹⁴² 'os morcegos' (GM).

¹⁴³ 'porque despois de tres noites andando polas congostras ó escuro, mallando cunha correa non poden coller ningún, e en cambeo enchín os dedos de coteladas' (GM).

¹⁴⁴ 'presentará non sei que probas baixo falsos fundamentos, e terá idea de embargarme anque sea a garmalleira, pró comigo non há de poder' (GM).

¹⁴⁵ 'No viernes' (GM).

—Pois mañán ás once tense que presentar diante do señor Xues pra facerse o xuicio con don Baldumero Ronchas, por uns ichavos que lle recrama.

—¡Ichavos! mal pocado. En rimposta, dígalle señor ó Xues, e ó tendeiro das menecras, que eu son reina nesta miña casa, e si queren, que veñan acá facer ese xuicio, pois lume pra quentalos non faltará¹⁴⁶.

—E que usté será castigada por rebeldía, sinón acuda ó chamado que se lle fai¹⁴⁷.

—Eso... xa veremos; dixo a vella.

Vendo o xusgado que aquela muller non comparecía, dempois de tres notificacións, saliron da vila unha mañán, xues, escribano, alguacil e mandante co rolo de papeles cara a aldea da demandada, pra levar a cabo o xuicio¹⁴⁸.

Cando a señora Pepa veu chegar ó barrio aquela comitiva, fechou a porta da calle e saleu pola da eira, con dúas galiñas e un galo debaixo do mandil. Entrou na vila, deixou as churras na casa do xues¹⁴⁹ e o bonito polo¹⁵⁰ na do Percurador de don Baldumero.

A autoridade dou volta prá cabeza do partido; agradánolle os presentes que alcontraron; o tendeiro gastou noventa pesetas; e a señora Pepa non se cansa de rir.

Por dúas galiñas e un galo
teño¹⁵¹ o xuicio archivado.

¹⁴⁶ 'que aquí me alcontran na casa a calquer hora, si queren facer ese falso xuicio contra min' (GM).

¹⁴⁷ 'por dobre delito sinon acude ó chamado que lle fago' (GM).

¹⁴⁸ 'ordenouse ir o Xues, o Escribano, Alguacil e o demandante cas probas, ó lugar da Señora Pepa porque alegaba de estar enferma' (GM).

¹⁴⁹ 'Señor Xues' (GM).

¹⁵⁰ 'galo' (GM).

¹⁵¹ 'está' (GM).

Cousas Gallegas

Cousas Gallegas

Contos – Poesías-Cantares. Descursos e Cartas aldeanas

Imp. La Iberia – San José, 236
Buenos Aires

A los gallegos emigrados en América

Hermanos: Desde mi anterior libro “Castañolas”, año 1913, los breves momentos de reposo diario los dediqué a pensar en Galicia, en cosas gratas de épocas huidas y en las amarguras del que sale peregrinando por el mundo. Entre los recuerdos tristes también he dado expansión al alma, recreándola en risas y travesuras aldeanas. Y de las dos maneras mi pluma fue pasando al papel de los cantares, oraciones, cartas y demás lectura que incluyo en este tomo.

A los emigrados como yo, dedico tales producciones mías, muy modestas, llenas de defectos literarios. Mas, llevan la católica intención de que puedan semejar al “imán” para unión y paz entre hermanos ausentes de la tierra; mirar por el bien de Galicia; volver a los pueblos de nacimiento; y propender a la confraternidad con las naciones de hispano-américa.

Después de leerse “Cousas Gallegas” y dejando a un lado todos los pecados de menor y mayor cuantía que tienen mis escritos, yo espero que han de producir buena parte del efecto que me propuse.

Confieso que estos enriedos me prolongan la vida y no renuncio a continuarlos.

Sirva esta introducción para saludar de paso a todos mis paisanos y amigos, deseándoles la misma salud y felicidad que para mí a Dios pido.

Fortunato Cruces
Buenos Aires, Julio 15 de 1923
Calle Junín, 1638.

Contos

Noveliña

Un casamento de sona

Juanito, era o maior dos tres fillos dun matrimoneo do Porriño; Andrés de Montaos e Marica Cedeira.

Juanito cumprira quince anos: xa non gastaba pantalón curto, nin iba á escola; mais sabía ler os pródicos i empezaba a fumar barba de millo.

Nesa edá, andaba co pai de feira en mercado, traficando en venda de noces, abelláns, mentellas, e outros miúdos comestíbles. As dúas irmáns de 11 e 13 anos, tamén traballaban ca nai, nunha frábica de tapóns de corcho que había na Vila de Porriño. Cada vinte días xuntábase toda esta familia pra facer as contas do que se ganaba, e darlle ós corpos un privilexio de pantrigo e viño. Mentras os pais apartaban a calderilla das pesetas e falaban de adequerir unha casaña con horta, os tres fillos cheos de gozo, por ver os vellos do mesmo xeto decían adeviñanzas.

Juanito era moi espabilado, tanto que un día cadroulles ir á botica de Don Perfeuto Feixóo¹⁵², en Pontevedra, pra sacar o señor Andrés un lixo que se lle metera nun ollo, e cando se marchaban díxerlle Don Perfeuto: “¿Sabe onde ten seu fillo aberto un porvir de fortuna?” —¿Onde? (respondeu o home do Porriño). — Pois en Buenos Aires; (repuxo o boticario).

Juanito escoitou aquel lerio moi atento; e na primeira ocaseón que se alcontraron pais e fillos xuntos na casa, falou el así: “Boeno: eu non quixera que as quintas me collan acá. Eu puxen idea en irme ó novo mundo... espelirme... correr a boa ou mala ventura... que non é de rapaces, en prenos dez e oito anos temerlle ó mar nin ás loitas da vida.

—¿Que? ¿Xa non che gusta o Porriño, nin o entretenemento dos mercados? (Díxolle o pai). ¡Pra fóra! ¡Ai, si souperas cantas penas lle morden ós que se van! ¿Non ves que Dios nos acompaña dándonos salú e traballo que nos mantén?

—Mira Andrés (falou a nai), non atallemos os desexos de Juanito. Déixao ir. Algunha ialma de ben o espera. Hai unha Providencea que derixe os destinos da humanidade.

—Juanitiño (díxeronlle as irmáns), ¿non te has de olvidar da casa, non? ¿E has de mandarnos un regalo prá festa do Cristo? ¿I has de esquirbir tódolos meses, si?

¹⁵² Perfecto Feijóo Poncet naceu en Pontevedra o 25 de agosto de 1858. Despois de se licenciar en Farmacia na Universidade de Santiago de Compostela en 1877, marchou unha temporada a Madrid onde exerceu a profesión. Volveu á cidade natal en 1880 e rexentou botica propia na praza da Peregrina, que se converteu en lugar de reunión de persoeiros destacados da sociedade intelectual pontevedresa. Traballou ademais pola recuperación do folclore musical galego, sobre os que publicou algúns traballos.

—Eu meus pais, non perciso que vostedes gasten un carto connigo. Creio que o mesmo boticareo de Pontevedra há de facer algo por min, pois é amigo de donos de barcos e ten en Buenos Aires ducias de amigos... Así como estou... logo volvo...

—Ñor Perfeuto. ¿Non me coñece?

—Si, muchacho. Tu eres aquel que viñestes con tu padre cando lle saquín o lixo do ollo. ¿Que andas facendo por Pontevedra?

—Percisamente, aquilo que vosté dixo de que eu podía ter un bon porvir na Arxentina, cravóuseme na cabeza; e... de vosté veño pedir amparo. Alá no Porriño deixei meus pais e irmáns tristeiros. Non teño baúl, nin roupas, nin cartos. Eles, probiños, botan contas de mercar unha casiña cos amargos aforros... Búsqueme, Don Perfeuto, buratiño nunha cociña de barco. Nada máis.

—Pero muchacho; imos a tardar días en conseguilo. Vólvetes ó Porriño, e avisarei a teu pai cando eu teña na man a seguridá de embarcarte.

—¡Cá, ñor! Xa me despedín unha vez. Aquí na súa botica pasarei o tempo necesareo. Vosté é home bo, cheo de nobreza... Déixeme limparlle a xaula ó loro¹⁵³. Déame unha xesta pra varrer a solaina da porta. Mándeme a recados, que non me perdo. Dispoña de min, que sei tocar a frauta, e... con ver algo do que fai vosté na trastenda, eu adeprendo enseguidiña, e alíviolle as faenas de amañar medicinas.

E Don Perfeuto encantado de Juanito levouno pra dentro, mandou que lle desen potaxe de castañas maias, tres ovos estrellados i unha cunca de xampán da Ramallosa. “Come con calma”, e despois, entretente no que poidas. Vas a durmir aquí, pero non te arrimes a estes polvos de veneno, nin ó peteiro do loro. Poida ser que te embarque neste sábado, según me contesten de Vilagarcía. ¿Tu has de ser home honrado, eh? ¿Tu non has de esquencerte de teus pais, nin de Galicia, eh?

—Así o xuro... e tampouco de vosté.

Telegrama. —

“Perfeuto Feixóo. —Pontevedra.—Seus rogos teñen cabida mande monada rapás pra seguir viaxe a Buenos Aires no “Wenceslao”; luns de mañán Vilagarcía. —González Garra”.

¹⁵³ Perfecto Feijóo foi propietario, a partir de 1891, do célebre loro Ravachol, que á súa morte se converteu nun símbolo do Entroido pontevedrés, logo de pasar boa parte da súa vida na botica da praza da Peregrina.

—Juanito, ¡Juanito!

—Siñor.

—Mañán, Domingo, vas a confesarte, comulgas e oies misa, pois luns embarcas. Eí tes esa roupiña i ese baúl: tamén estas cincoenta pesetas i estas dúas cartas de recomendación. Pensa sempre nos consellos que che din.

—Ai, Don Perfeito. ¡Ogallá que os Coros de ángeles do Ceo o reciban a vosté, cando morra, co mesmo cariño como lle fixeron en Galicia i en cantas terras anduvo! ¡Gracias, señor!

E no luns, quedou Juanito metido na barriga do vapor “Wenceslao”, a onde Don Perfeito o acompañou suplicándolle ó capitán, Don Paco Galván, que coidasen ben o rapás. Este puxera ó pescozo un escapulario de Santa Isabel, feito polas monxas xustinianas de Redondela, regalo que lle fixo o Siñor González Garra no intre que lle entregou os papeles que marca a lei.

Durante o viaxe, Juanito foi un axudador de moitas cousas: aceptaba nas máquenas; facíalle as camas ós oficiais; remendaba as bandeiras do tilégrafo marítimo; e lía no libro que ten as probas de que Colón naceu en Pontevedra; e derretíase co afán de axecitar a rebeirana nunha gaita que lle metera no baúl Don Perfeito o boticario, agachadamente.

Cando o vapor arrimou a Buenos Aires, en agosto de mil novecentos dez e oito, mercou Juanito “A Prensa”, porque xa en Galicia tivera oído que salía chea de ringleiros de avisos polos que se colocaban centos de personas en destintos oficios.

“Xoven, necesítase pra mucamo: que teña bos informes. Calle Santa Fe, esquina Libertá”.

—Don Paco (díxolle ó Capitán). Penso que atopei traballo. No meu peito vai o agradecemento imperecedeiro por tantas ialmas que me protexeron. A Virxen do Carmen o saque a vosté de tropezos nas costas do Brasil, nas de Cáis, e nas de Currubedo.

—Que sexas feliz.

Alá se foi Juanito dereixido por un “changador” astra a casa do destino, onde apertou o timbre da porta, e apareceu unha criada con branco vestido.

—Bos días: eiquí veño pra servir según reza a noticea que traie “A Prensa”.

—Suba.

—¡Bon amanecer, Señora!

—¿Tu ves pra mucamo?

—Sí, señora

—¿Prauticastes o oficeo?

—Non, señora, pro non há de ter queixas.

—¿Tes certificado de san conduta?

—Si, señora: este escapulario de Santa Isabel: amañárono Relixiosas da miña terra, que eu chego agora de Galicia, e pasoumo pra min un home todo virtú e todo bondá, porque me coñeceu cristiano. Supoño que a Señora, vivindo en Santa Fé, ha de ter egoal fe no que lle decraro.

—Con moito pracer. Aquí queremos un mucamo que dure: que sea limpo; lixeiro, homilde. Que nunca o tente o deño a facer mal. Que atenda coidadoso ó que se lle ordene. Vou a persentarte o Señor e a Señorita pra que te coñozcan.

—Tiña aquela casa, rexio mueblaxe; decoradas habitaceóns; amprio comedor; pequena capilla; xerdín; autocoché; canraposo; cociñeira; ama de chaves; e outra mucama. Os viernes eran de vesitas. A comida corría pró primeiro piso por un tren desde o “sótano”. Acodían os cartos pra tantos gastos, de fincas en arrendo i estanceas de que era dono o patrón.

Isabel se chamaba a reina da morada, a úneca filla daquela rica vivenda; bonita de dez e nove anos.

A primeira noite, ás once, retirouse Juanito ó coarto que lle deron. Puxo polas paredes, colgadas con alfileres, a tapa da Revista “Vida Gallega”, de Vigo; un rosareo; os retratos de Concepción Arenal, e de Rosalía Castro, e Pascal Veiga, i o Catecismo labrego do cego de Ourense. Sobre unha táboa, a xeito de estante, pousou uns libríños que xuntara nas súas andanzas de feira en mercado “Dereito de xentes”, “Orillas do Sar”, “Saudades gallegas”, “Fume de palla”, “Soazes dun vello”, “Montañesas”, todos de autores gallegos; e decía: “Paiciños meus, ¿como estaredes? Dios vos garde na xuntanza de miñas irmáns. Da grorea caian bendicións pra Don Perfeito e pra Don González Garra. Santa Isabel me curba co seu manto ios paxariños da sorte me turren pra esta casa”. Con esta oración se deitaba o emigrante do Porriño.

—Dime, Amalea: ¿queixas non hai do novo mucamo, verdá? ¡Doce meses xa cumpreu ó noso lado! ¿Que lle podrei regalar nestas festas Patreas? ¿Pórtase ben, non é certo?...

—Señora: vosté mesma debe darse conta do que val Juanito. Desde que entrou, tódolos días é un reló: ás catro e medea da mañán, toma mate e rega as prantas. Ás nove xa ten branqueados os mármoles; barridas as alfombras; cepillada a roupa do Señor; acomodadas as cousas nos aparadores... ¡fai milagres co primeiro! ¡os zapatos da Señorita Isabel paresce que viñeran cada día da caixa da

tenda!. El come que dá gusto. Anda contento. Non escacha copas nin pratos. Sube e baixa escaleiras como si tivera o corpo de papel. O comedor é un espello. A mesa, cuberta, ten semexanza á dos reises, ¡con froes frescas ó xantar e á cea! ¿E non repara vosté que ramiños elexidos lle pon na servilleta da Señorita Isabel? Á vista del nunca se levanta airada. Por todos ten respecto. E... ¡que fino! ¡que gra-ceoso! Aporveita o vagar en ler libros de estronómia, de xurisprudencia, de polí-teca; outros de Alberdi, de Mitre, de Coronado... Sabe de memórea o hino arxentino... na letra e no canto.

—Déixasme pasmada. Vaite ó esqirtoreo do Señor, e cóntalle todo eso que me dixestes.

—Señora... ¡quen mellor que vosté!

—Non importa, anda... ¿E Isabel está enteirada?

—Ai, Señora; ¿ia Señorita, acaso non ten ollos pra ver os méretos de Juanito? Olvidábame dun defeuto, que non me atrevo a calar.

—¡Coal!

—Creio que é sonámbulo. Fai unhas noites sentímolo saír do cuarto. E axexamos. E vai dereito á capilla, encende as luces, arrodíllase, reza nomeando a Galicia e dálle bicos a un escapulario que saca do pescozo.

—Boeno. Deixádeo. Non o despertedes, que din que se asustan os sonám-bulos cando de pé andan dormindo.

—Tamén parece que mete papeliños por debaixo da porta da alcoba da Señorita Isabel.

—Han de ser visións túas.

—Mal non din, as palabras que levan esqirtas.

—E tu, ¿como sabes eso, muchacha?

—Pergúntelle a Isabel.

Unha tarde paseiaban o Señor e a Señora nas barrancas de Belgrano... Sara, ¿quen pintou os monogramas nos pocillos do té? ¿E nas vidreiras da sala, aqueles paisaxes verdosos, con arboredas e ribeiras de mar?

—Pois éche o noso mucamo Juanito. Este mozo debías de recomendalo pra algún emprego nacional, pois dá delor que pola falta dunha axuda non chegue a onde merescen as súas condicións e intelixencia. El esqírbeche as cartas a máquina; el non quere verte triste, e tu xa te acostumbrastes a oír esa doce música que toca a estilo da súa terra, el faiche xustas entregas dos diñeiros que lle mandas cobrar; os nosos vesitantes demostran envidea do mucamo que temos. Pra nosou-tros mesmos sería un honor si ca túa proteuceón o chegásemos a ver de Secretareo do Ministro de Istruceón Prúbica.

—E si pode ser Secretareo meu, ¿pra que llo hei de dar a outro?

—Ti verás o que che conveña.

Enfermárase en Buenos Aires, o patrón de Juanito, nos comezos do ano vinte, autoal, en ocaseón dunhas delixencias por venda de cen mil libras de lan. A familia veraneaba en Cacheuta.

Juanito xa era un amanoense de confianza, i—aquí se alcontraba co patrón.

Avisado o Doutor Goemes, non opinou moi favorable as doencias do pai de Isabel. Tiña “bronco—neumónea”. Retornaron a Buenos Aires, muller e filla, e servidumbre.

Non quixo o enfermo ó seu lado, pra coidalo, xente estraña, sinón a Juanito.

Juanito poñíalle o termómetro cada tempo pra apuntar os grados da frebe; tomáballe as pulsaceóns dun minuto. Juanito era pontual en facerlle tomar as culleradas de bebida, recetadas. Juanito apriçáballo as inyeuceóns, as ventosas e cataprasmas. Juanito era un axudante impagabre. Non salía de xunto a cabeceira do amo, nin fechaba os ollos de noite.

O enfermo empeorara. Naquela casa había penas e bagullas.

—Caso perdido, filliña.

—¿Quen dixo eso, Señora?

—¡Os Doutores! Juanitiño.

—Pero eu, inda non o dixen. I en canto eu non perdo a espranza, sinal boa.

—¡Dios te escoite!!

Juanito tuvo un arranque de valentía e fe, nos máis peligrosos días da enfermédá do patrón, que xa percisaba oxígeno pra respirar.

Ás escondidas, púxolle o seu escapulario (que lle servira de certificado de san conduta), no pescozo do amo; e dáballo, en chopos, xarabe composto por si mesmo, de augardente da Coruña con mel de abella. A resureuceón foi sendo milagrosa, con asombro do Doutor Goemes; e lixeiramente sandou, anque gardando pausada convalecéncea por prescrición e rogos de Juanito. Estaba o patrón sentado

nunha hamaca, tomando baño de sol na galería da casa, xogando un dominó co leal mocamo, e botando, adentro e afóra da boca, o esquesito fume dun habano, e falou o rapaz.

—¿Veu vosté o que somos na vida, Señor? Tuvo vosté a morte preto; o espírito quería fuxirille do corpo; mais á hora final quedou pra outra vez; está no poder de Dios. É verdá, que o augardente gallego i a mel arxentina de Jojuy, reviviron as súas forzas...

—Razón tes, Juanito... Agora teño que devolverche o teu escapulario... de moitísima virtù...

—Non Señor: está ben no seu peito. É como si estuvera no meu. A ver si o anima a vosté, a ir visitar Galicia, “Paraíso de España”.

—Encantáronme: certamente, as páxinas descritivas que publicou “A Prensa”. Vaia, en premeo á túa costancea, i—ó empeño en deprender; i—ós galardóns que che adornan, ¿queres ir seis meses á túa terra, por conta miña, e volves?

—Ai, non Señor. A min túrrame “por acá” unha pedra imán. Eu iría ca pedra, mais inda está por diante un espazo longo. O meu corazón i—a pedra, é como si foran dous astros. Vense, xiran un ó lado do outro. Quizais, quizais, se xunten...

—Interésame que me sigas espricando, despois da sesta.

Ó estarse recostando o patrón, atopou encima da almohada unha poesía, i unha peza de música pra piano. Títulos “A salú de tu padre”; “A tí, Isabel”.

—¡Sara! ¡Sara!

—Que.

—¿I esto?

—Fun eu, Señores, (dixo Juanito, saíndo de presa de entre uns cortinados de felpa). Non se ofendan do meu atrevemento. Amo a Isabel. Ela, tamén adiviño que me ama. Non se opoñan, que a sociedade non ha de botar sobre a nombradía de vostedes, ningún reproche. Non miren en min, un xenro de pobreza. A paz dunha familia, unha vida de grorea, non están aseguradas nas roupas que se visten. Din que os xiruxanos Doctores Gutiérrez, teñen suprema maestría para abrir peitos, e fechalos de novo, sin peligros. ¡Que corten, pois, no meu corpo! Si non me alcontran altar de purezas que me deixen morrer. Mais si aparecen alí, as probas da miña virtude, que volva a coserme o Doutor Gutiérrez con puntadas de ouro, e deixen vostedes que se xunten as sangres nobres da Argentina i España. Un poeta de Vigo, Rodríguez Elías, esquirbeu este letrado... “¿Cásome, ou non me caso?”... Eu repito a palabra. Non me despidan, por favor.

—Papaciños!! (apareceu correndo Isabel). ¡Por favor, non despidan a Juanito! Nel están as dolzuras de esta casa. Van correndo dous anos que poño vestidos de seda i—alhaxas, sin humor. Que me levan a Mar do Prata i—a treatos, e non sinto ambeceón nas xuventudes que me cortexan. Sailo, e o meu pensamento sempre queda neste corazón santo. A miña felicidade será con el. Está disposta pola Providéncia. ¡I—a Providencea, non minte!

Foron aqueles uns instantes solenes. Juanito retirouse pró seu coarto. Os patróns, e a filla, quedaron en consulta sacreta. De alí a un pouco, foi chamado o rapaz, e díxolle o Señor:

“O fallo está dado en teu favor. Esperamos desfrutar completa felicidade ca incorporación túa, na nosa vida e familea. Encarga traxes a teu agrado. Envita amigos que teñas. Gasta do importe deste “cheque”. E señalemos, como día de vodas, o víspra desa “Semana Gallega”, garimosa dos teus paisanos.

—Señor: eu pincho, si vosté quer, unha vena, pra firmar ca miña sangue un xuramento de harmonía.

—Non dudo: xa sabemos que tes i—alma daquela raza celta, que val todos os tesouros do mundo.

—Estonces quero que, por meus testigos, veñan os presidentes das Sociedades Gallegas de Buenos Aires, e por cronista de todos estos acontecementos, o Director de “Nova Galicia”.

—Si, home, si: aquí no comedor caben douscentos. Teño satisfauceón en que te luzcas.

Foi aquel un casamento de sona, na parroqueal de San Nicolás. Juanito iña de verdadeiro diplomático usando cuello marca “Tres V. V. V.”. Os coches de benzina estaban en restes nas catro calles. A moi alta sociedade porteña, soupo ademirar e apraudir a hestorea que motivara o enlace. Isabel, semellaba a Purísima Concepción de Murillo.

Os noveos están en luna de mel en propea casa de campo, en Olavarría. E polo mar van regalos prá familea de Juanito e prós proteutores que o embarcaron no “Wenceslao”.

Juanito é agora o adeministrador tesouro, do sogro. Debaixo das ramas de un ombú na estancia, fan os prans de ir todos ó Porriño a bautizar o primeiro fruto que veña, pra demostrar que os trunfos están na honradez dos homes, e pra que sigan os veñideiros sementando na fraternal vinculaceón dos dous pue-blos.

Os baixos oficeos non denigran. Grandes e pequenos na fortuna deben que-
rerse. E ante todo, as uneóns hai que deixalas fundir por propeo cariño, fuxindo
das convenencias soceales, por eitiqeta, que estas traen, ó fin, penas e divorceos.

Veleiqué unha real leenda agachada.

¿Parecerá o relato, ideoloxía ou magia?

Todo é verdá desde o principio ó remate. Moitos que estiveron comigo
na casa de Santa Fé e Libertá, na noite dos bicos, poden decilo.

¡Pregareas de nai!... ¡Que grandeza teñen! Ben decía ela:

Vas de España pra Arxentina:

¡a estrela do Sur te guíe

e sexas persoa dina!

Diciembre 30|1920

Cousas da aldea
(Pasatempo de costumes gallegas)

PERSONAJES

MENDRELLAS, usará traxe de sancristán.

Hombre como de unos 26 años.

Vellos, mozos y rapazas del pueblo.

Escena. —Casa blanca, con puerta al foro, una mesa de pino colocada en uno de los laterales del foro: sobre ella algunos papeles. Unas sillas.

Época actual.

En la escena, la mesa a cualquier rincón y en ella sentado Mendrellas.

Entran varios hombres y mujeres y se sientan sobre sus propios pies, y otros en las sillas.

Mendrellas. —Meus amigos: ¿queredes saber o por que vos xuntei aquí?

Todos. —Si.

Mendrellas. —¿Tendes frío?

Todos. —Non.

Mendrellas. —¿Xa acomodástedes as roupas dentro dos baúles?

Todos. —Xa.

Mendrellas. —Pois ben: o señor Abade enfermouse onte de noite. Chamoume con urxencia pra que fose xunto del. E ieu dixen pra os meus adentros... ¡bah!... poida ser que como non ten familia e os mellores arrimados con quen abre o corazón pra contarlle os seus sacretos, son eu e maila súa ama... e... quen sabe... acordándose que está cumprindo ochenta e sete anos... quizais, quizais, ándalle na cabeza o proieuto do testamento en favor noso: porque unha vez xa me dixo, sentados na veiga entre o centeo (Mendrellas, ti déixate ir andando de sancristán conmigo, que non che há de pesar). De outra ocaseón, estando eu preparándolle o viño na sancristía, para el misar, recordeille que a botella estaba baldeira; i estonces o señor Abade pasándome os dedos gordos da súa man, en son de cóchegas pola miña cara, faloume deste xeito. “Vaite arriba e dille a Ufrasia que che encha o caliz do branco que ten o barril pequeno; e ti, toma un trago... i encariñate, Mendrellas, encariñate ca miña ama, a ver si eu vos boto a bendiceón de casados; anda, arríscate...”.

Eu torcín os labeos... ¡cá!... non quixen descubirille que entre ela e mais eu xa tuveramos unha loita nas escaleiras do campanareo; que de aquela pouco faltaba pra que eu turrase da corda... a fuego... en vez de ser prá novena de San Benito na somana da gripe...

É unha muller que non me gusta... gasta calzóns... fuma habanos... ten moita roda de cintura... e sempre anda co pañoelo apertado ó pescozo por facerme rabear... porque sabe que a min me entoseasman as mozas cando se presentan no adro ensinando algo a brancura da caixa do peito, locindo os adrezos da antigüidade...

Bueno. Volvamos ó caso. Fun ó pé da cama do señor Abade: encontréino branco: os ollos caídos; medeo ronco. Quixo que me arrimase ben a el, e asusteime... Jasús, Señor... eu me mareo. ¿Quer que lle abra as ventáns pra que se airee o coarto? Non, Mendrellas, non. É que untei a cabeza, de vinagre, pra ver si os delores me pasan. Escoita: onte confesei moitos veciños... ¡Probes!... que almas tan puras teñen... dinlles a comunión a eses ánxeles, chorando, porque se van de esta parroquia pensando que no Brasil atoparán mellores ganancias, mellores sogos, e mellores alegrías. Non levan consigo outro pecado, sinón esa manía, esa equivocación... Nada menos que pró Brasil... Eu non poden convencelos. Mañán salen prá Cruña. I esa perda de veciños enfermoume. Eu non sinto os dereitos que se me poidan mermar pola falta de casamentos, bautizos i enterros. Non. Eu, doíome, Mendrellas, como pai espiritual, do que eles han de doerse cando teñan o mar cruzado. Eu adiviño as bagullas que han de verter cando o barco se menee deixando atrás a Torre de Hércules... Por eso te chamín, pra que xuntes esa xente i os despidas no meu nome. Dilles, Mendrellas, o que dixo Curros:

“... que prós seus lares
tornen axiña...
.....
... que de eles apartada
Galicia chora...”

Dilles da miña parte, que xa que non queren meditar nas moitas cousas que lles espriquei no confesionareo... en fin... que Dios os protexa... que a Virxen dos Desamparados os aparte de disgraceas... que defendan en todo tempo esta bonita e rica terra... e que si alá teñen fillos, os acostumen a ter afeutos pra Galicia... que se amen uns irmáns cos outros... e que fagan, como en Buenos Aires, xuntanzas de veciños en Sociedades de axudas mutuas, e sacadeiras de penas... Dilles que eu xa non os verei máis... que a cova turra polo meu corpo. Pero dilles tamén, que si por un acaso tuveran un troque na ideia, e non se fosen, eu inda repartiría con eles o viño vello da bodega i os anacos de freba que atestan dúas artesas na cociña parroquial... e faríamos tres días de festas pró Corpus, con música de Negreira, lominación no Souto, i unha enchenta de arroz con callos. Todo pola miña conta, cos aforros de corenta anos que levo de Cura...

Corre lixeiro, Mendrellas, a ver si podes cambearlles as mentiras que eses veciños teñen cravadas no pensamento... A ver si me traes unha santa noticia que

me repoña de este quebranto, que pouquiño a pouco, me quita o alento... (Todos fan que choran).

Uno. —Non salimos do arado.

Outro. —Sempre caldo con patacas.

Outro. —Non hai diñeiro pra roupas.

Outro. —Pra outros, mantemos vacas.

Mendrellas. —Así é, meus amigos. Pero eu vos pregunto... ¿Ides cas espranzas de que no Brasil vos espera unha gloria sin traballar, ou non traballo en que todo gardedes? Évos moi negra a peregrinación polo mundo.

Co dito xa cumprín o que me ordenou o Abade... ¿Queredes que mañán o enterren?

Todos. —Non.

Mendrellas. —Estonces non deixedes este frorido chan gallego, no que ninguén morre de fame, i a vida é máis longa... Haxa festa o día do Corpus...

Todos. —Si, pero...

Mendrellas. —Os peros a un lado, e as craridades a outro... ¿En que consiste ese pero?

Uno (con arranque). —Si os importes dos pasaxes inda estiveran nas nosas mans, desfaciamos o trato. Pensando agora con máis xuício, é unha loucura deixar a terra onde un nace.

(Entra otro con rapidez en escena y dice):

Mendrellas. O Cura manda decir que volvas lixeiro.

Mendrellas. —Dille que non agunie por uns minutos... (Sigue hablando a los otros). O señor Abade devólveros os cartos gastados. El mesmo me ensinou os pucheiros cheos de onzas e de duros.

Todos. —Viva o noso Cura... Quedamos na aldea.

Mendrellas. —Viva Galicia... (Salen todos).

Telón rápido.

Contos de onte Verdades e mentiras

6 de maio 1890 —

Era día de San Xuan do Raio, en Padrón. Pola mañán houbera unha porcesión, bonita e longa, estilo de tódolos anos, en auceón de graceas o milagreiro santiño que se garda con venerable estima na Casa Consistoreal.

As gaitas da Trabanca había salido cedo, cheas de garbo, co fol cuberto de novo pano amarelo, e con bolrras e frecos de seda encarnada no roncón. Aqueles foles, alma da nosa ialma, garimosamente apertados por Gregoreo e Manoel, espallaran brisas polo Río Sar; fixeran abrir nas hortas os cogollos dos caraveles; i enverdecer nas veigas as pequerrechas follas do nacente millo; e contentar ós pa-xáros que aniñaban nos álamos; e saír as abellas e mariposas a bicar nas herbas arrecendentes e nas frores das silveiras.

¡Que mañáns tan amorosas hai na terra galiciana!

Despois das gaitas, recorrera as calles padronesas a banda musical de Ánxel Balado: cornetíns, ocarinas, frautas, bombas, campanas a vuelo: finos mantóns e colchas bordadas eran adorno nas ventanas e galerías. Alfombrado o chan con hortensias, espadanas, romeu e malva olorosa. ¡Padrón estaba convertido nun xardín!

Aquela porcesión facía tres anos que non a vira. Tres anos que xa levaba de ausencea, enfermo por soedades moitas légoas mar afora, oíndo con rábea en-sultos e despreceos pra os nacidos en Galicia. Porque inda era brava a cristiandá de Sur-América. Lastimaduras que eu xurara vengalas, na parte que poidese, cando máis home fose.

A dita porcesión, ¡que consolos, e que alentos espetaba nos corpos!

Como era. —

Alegre e respetuosa empezou saíndo pola porta grande da Igresia. Dous pendóns: catros estandartes: os cirios de prata: San Brás, San Antonio, San Benito, San Amaro, Santa Lucía, Santa Bárbara, a Virxen do Carmen levada polos mariñeiros de Cesures, O Espírito Santo baixado do Convento de Domenicos, e San Xuanciño do Raio, con traxe do trinque de terciopelo violeta e cenefas douradas. Detrás da pequena imaxen iba o Pálio cos cregos i a Sagrada Hostia, facéndolle cortexo de honor catro Guardias Ceviles i un Cabo; o Coronel e outros melitares do Cuadro da Reserva da Vila; o Auntamento en preno cos Maceiros; os vinte músicos de Balado, i o pueblo. Desde os balcóns ciscaban rosas desfeitas, que pares-cía chuvia de cores desprendida do Ceo.

Anduvera a porcesión desde a Praza do Pan seguindo a calle do Reló, dando volta na rúa do Villar, indo por Gasset y Artime, astra Fondo de Vila e á praza do Fiado, parando diante do Consistoreo.

Alí subeuse e baixouse tres veces a bandeira española; Xequín o Bella, con casaca e tricornio, tocou un repiqueteo no tambor municipal dos Bandos, i os crarinetes e requintos de Balado soltaron os aires a Marcha Real de España, mezcra da co fume do incensareo. A xente arredillada, cuberta polo Sol de Maio, lucía canutillos e corchetes de ouro nos refaixos, e adrezos en rechamantes pescozos.

¡Que encantador estaba Padrón!

Acabadas as cerimoniais relixiosas, soilo se sentían golpes de pratos e tenedores. Estaban nas casas preparando os abundantes cocidos i os vareados postres. Arrecendía a canela, a buñuelos...

O apetito tamén turraba por min, camiño de Lestrove. Pero na Fonte do Apóstol quixen darlle ós pulmóns aire bendito das entrañas do monte para que os pés, avivados, me levasen lixeiro.

O encontro. —

Unha moza, maja, de azulada chombra, e branco mandil con anchas cintas pranchadas, de ollos negros, altos peitos, e riso na boca, enchía no primeiro caño da fonte unha sella; sella do señorío, de limpa madeira con tres aros de ferro lustroso. No segundo bebía un mozo regordete, de feituca roupa. E no terceiro arrimeei eu os lábios pra encher as venas dos fresco líquido.

Nesto a rapaza pídeu o favor de que algún lle axudase a levantar o cántaro; e o mozo do caño segundo, i eu do caño terceiro, nun salto, a un tempo, cuase abrazamos a que nos chamaba.

Puxémoslle na cabeza a sella de auga; graceosa despídeuse de nós; e o gordo e mais eu sacudimos as mangas da camisa dunhas pingadas que nos caeran, e quedamos mirando un pra outro.

—¡Que linda criada! —lle dixen.

—Foi a miña parva de hoxe. —Quedei con tal remposta, mais río do que a fonte me puxera.

—Pois saben ocultar ante o mundo, o amor que se gardan —volvín a decirlle o gordo.

—Fai tempo que non porvei cousa tan pura e que tan ben me axeitase —me repuxo.

—¿E vosté de que punto é?

—Fálame máis alto, que non oio com preto.

—¡De que parte é vosté!!

—¡Ah!... Son de Santiago; do Carmen de Abaixo.

—¡Pois teña por seguro que si os moneciples lle oien roncar dese xeito... arréstano na Alfóndega trinta horas!

—¿E acaso por ser de Compostela, van a tomarme por mouro peligroso?

—Eu non sei. Repítalle a eles o que me dixo a min, respeito da moza, e verá si o poñen ou non fechado.

—¿E que falei desa moza?

—Que foi o seu desaiuno... Que fai tempo non comeu vosté cousa mellor...

—¡Santo Apóstol! ¿Por ventura ti oísteme decir semexantes palabras?

—O santo escoitou como eu... e non quedaría moi contento; mais el non pode mezcarse na costión.

—Eres ben malicioso, rapaz. Eu referínme á auga desta fonte. Con esta auga, livián, crariña, tomei a parva. Non a temos tan pura en Santiago. Cando se foi a moza, ¿non me preguntaste ti, si me gustaba esta auga?

—Non señor: díxenlle ¡que linda criada!

—Pois como son xordo entendín de destina maneira. Hai que desculpar. ¿E como te chamas?

—Cristóbal Colón. Agora contesta ti.

—Fernando el Católico.

—Amocásteme. Vamos a decir a verdad. Como te chamas.

—Vosté que minteu primeiro, volva a decir seu nome.

—Doce castañas, ¿e tu?

—Quince Pexegos.

—Gá... gá... gá...

—Ge... ge...ge...

—Eres miúdo, pero diablo.

—E vosté de gordo, Dios me aparte que me monte...

—Quita de aí, garabulleiro.

—Inda lle retrucaría, pero teño présa de ir a Lestrove. Outra vez cadrará...

—Adiós logo.

—Adiós, señor.

Camiño da aldea. —

Fun decindo pra os meus adentros, ¿quen será ese mozo gordo, e de que punto chegaría?

Desde o Piñón, onde a carreteira fai un pico de costa, mirei pró meu lugar. Tódolos tellados fumegaban. Eran as doce e medea. A maor cantidá de veciños xa terían na barriga as cuncas de leite ca bendiceón do Papa.

Un melro satisfeito, asubiaba redobante nas ramas do carballos do Palaceo.

No regato do Souto estaban os do silabareo lavando os pés pra entrar na escola.

Esperábame na casa o meu quiñón dunha troita que a meu pai lle regalara o Chicho, da redada que fixera en Barquiñas.

Eu andaba de medeo señorito.

Dempois do xantar, durmín uns minutos encima dunha pedra masadoiho, á sombra da figueira, na porta.

Despertei cun fresquiño delicioso que viña da marea desde Villagarcía.

Paseo ó monte. —

De seguida, funme á campía da Fonte do Ouro, onde había unha lagarta de medeo metro, que xa me iña conoscendo, e ieu quería ver de amaestrala. ¡Era tan bailadora! Tocándolle un cascabel salía do burato. Imponía respecto. Daba medo.

A primeira vez que a vira no monte de Penas, preto da Barca de Noé, mesmo se me arremuiñara o pelo co susto.

A condenada lagarta, aquela vez que nos encontramos, achégase a min con certo donaire de reina, orgullosa; e ieu non me atrevín a moverme. Chegoume a xunto dos pés, metíase do lado de adiante, salía polo lado de atrás; colgábase no meu pantalón.

De aquela, astra o alento se me cortaba. E quixera ver o mellor valente no meu siteo! Xa me consideraba perdido; fixen coraxe, e saquei unhas frangullas de checolate que tiña no peto da chaqueta. Dínllas á lagarta, lambeume a man, e despois collín a miña chelina e ateilla suaviño ó pescozo; fixenlle caricias, e por arte non sei de quen fun seguindo ca lagarta astra un montón de pedras na Fonte de Ouro.

Como salira ben de semexante trance, alá volvía tódalas tardes, pois calculaba enriquecerme si conseguía amaestrar á lagarta e irme de pueblo por Galicia enteira a facer comedeas eu a mais o bicho, co agregado dun fonógrafo e unhas menecras de palla.

Xa deprendera a lagarta a saltar pasando por un aro de mimbres. E ademais sostiña encima da punta do rabo o meu sombreiro. Eu asubiáballe a muiñeira, dando voltas pra que a lagarta fose practicando.

Un día atopeina moi rabeosa mordendo nas cascascas dos pinos. Tería febre. Quíxenlle poñer a monteira na punta da cola, e dou un pullo pra atrás. Entón eu ronquínlle ca navalla sevillana aberta. ¡Coidadiño conmigo! ¡Todo animal que queira andar entre xente, ten que ser dócil, e ser nobre!

E cando eu estaba máis esperanzado en que logo ganaría cartos de cómico ca lagarta, a lagarta desapareceu.

Esa tarde do día de San Xuan do Raio, chameina co cascabel, tumbei unha pedra xunta o burato onde ela vivía, metín a navalla aberta, canto poden; encendín un manoxo de carrouchas secas apricando dentro do burato o lume i o fume, pero

a lagarta non saleu. ¿Estaría morta ou enferma no intereor da vivenda? ¿Fuxiría medrosa dos xogos que eu lle enseñaba? ¡Quen sabe!

Volta a Padrón. —

Baxeí do monte atravesando o bosque de Hermida. Saludei alí con todo fervor, a maxistral figura do úneco habitante daquelas Torres de alcurnea: Don Pepito “el bondadoso y pacífico”, de peinada barba e vestimenta branca. Arrodiilleime na grorieta onde de máis pequerrecho, con outros eguales, recibira ousequios de noces e laranxas, das mans dunha santa poeta, Rosalía de Castro. De alí seguíñ cruzando Lestrove astra o río. Descalzeime e remangado o pantalón pasei o Sar, na Lapela, véndome xa no Espolón da Vila.

Moi animado, estaba o paseo ca banda de Balado.

Outra vez o gordo. —

Sentado na paredilla, vin ó mozo regordote con quen de mañán conversara na Fonte do Apóstol. Estaban tres ou catro falando con el. Arrimeime, invisibre, e decíalles o gordo:

— “Tuvo razón o Doutor Pintos. Xa me curei con vinte días de tranquilidá en Padrón. De todos modos, por si foi a bondá de San Roque a que me sacou o mal, hei de cumprir a oferta de regalarlle pró dezaseis de Agosto a mellor empanada que poida facerse en oito legoas á redonda. De maneira que alá vos espero si queredes acompañarme a Xantar en Conxo, porque eu mesmo “rematarei a empanada”.

Retireime do lugar, e pola noite cando me atopei con Pepe Bravo no café de Otero, pregunteille: ¿quen era ese mozo gordo que falaba con vosté na paredilla do Río?

— Éche o xastre máis afamado de Santiago. Chámase Avelino Veloso¹⁵⁴. Ganou un premeo na Esposiceón de Barcelona, pola feitura dunha levita, e ganou outro prémeo na Esposiceón de Artes e Oficios de Compostela pola presentaceón maestra dun frac. Tamén esquirbe versos; e na Sociedá de Zapateiros bota sermóns apraudindo o calzado de Galicia, máis saudable e duradeiro que o de Francea. Veu a descansar a Padrón, e a tomar augas da Burga de Barreño, porque andaba mal da cabeza de tanto ler de noite nas Bibriotecas. É moi alegre. Gústalle

¹⁵⁴ Galego emigrado á Arxentina que foi durante un tempo presidente do Orfeón Gallego de Bos Aires. Escribiu numerosas poesías, en galego e castelán, que viron a luz en diversas revistas da época, como o *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda*, *Aires da Miña Terra* ou *La Gaceta de Galicia*. Foi autor do relato bilingüe “Cuento”.

a troula. Pró San Roque quer que vaiamos a Conxo. Ramallo, Cortés, Batalla e mais eu. Fai unhas empanadas que manteñen cen almas; e pra ese día tamén invitou ó Cónsul Alemán, da Cruña, a Canabal de Rois, e a tres Directores de pródicos. Xa sabe el, que tu mandaste cartas moi entusiastas desde Buenos Aires, que púbricou a “Voz de Galicia” da Cruña...

Víspra do San Roque. —

Fuxiran os meses; e o quince de Agosto en vez de eu estar na función de Dodro, desaparecín como a lagarta, e tomei caladiño o tren pra Santiago.

Arregleime na pousada; e, nunha tarxeta imprimida adrede, que decía:

Fortunato Cruces Angueira

Marqués de Vetroles

Aguerguínlle: “saluda al enxebre don Avelino Veloso y lo invita a que en el día de mañana le acompañe a un almuerzo de empanada en “Puente Sionlla”, de Enfesta, donde con otros elementos se hará a la vez, un simulacro de la batalla de Clavijo, y aprovecharemos tan grato momento para establecer compañerismo y amistad galaica, como recuerdos de nuestras bromas en la Fuente del Apóstol el día de San Juan del Rayo. Al portador espero le dé usted su amable afirmativa.

S|c. Azabachería 38. Agosto 15-1890”.

Saleu correndo un mandadeiro a levar a carta o Carmen de Abaixo, con especeal encargo de que puxese atenceón ó que facían na casa de Veloso, i o que este falase despois de enterarse da tarxeta.

Veleiqué a remposta:

— Señor Marqués. Estaba ben lexos de min a idea de que aquel raparigo, imberbe e maliceoso, con quen conversei fai uns meses ó axudarlle a unha criada a poñerlle na cabeza a sella da auga, fose xa Marqués. Como nos papeles estámpase o que se quer, quedo dudando. Non se ofenda pola forma que teño en decir as cousas sin rodeos. Unha vez fixéronme certa andrómena na Ferradura, e outra non quero que me repitan. Será vosté Marqués, e tamén pode ser conteiro. Agradézcolle a invitación pero non podo aceptala; pois teño uns amigos comprometidos pra ir con eles, e a miña familia, a pasar o día de mañán o “Santuareo da Escravitu”. Si pró dezasete inda está vosté nesta Ciudá, pode con franqueza vir á miña

chouza; i esprincádonos sin astuceas, podemos entendernos. Deséalle boa camiñada a Ponte Sionlla.

A. Veloso.

—¿Que facía o xastre? —lle perguntei ó mandadeiro.

—Estaba cunhas mozas en amaños de cousas pra empanadas.

—¿E que dixo cando leeu a carta?

—Pirmeiro puxo a man encima do bigote e da boca, e quedou un instante, mirando pró chan. Logo, tirou ca carta e volveuna a coller. Enseguida díxolle a unha das mulleres, que aquilo era unha trampa. Despois preguntoume as señas de vosté; díxenllas, i el respondeu: —“É o pecado que me persigue”. Púxose enfadado; caéronlle uns ovos; meteulle unha labazada a un gato; i esquirben esa carta que lle traigo.

¡A Conxo! —

Desconocido, cunha boina negra, faixa verde; pantalón remontado; zocos con suela; chaqueta ó lombo, i o pelo cortado ó rape, salín pra Conxo na mañán do San Roque.

Ás dez vin chegar en pandilla ó xastre Veloso, mulleres, siñores, tres de Padrón. Da Carrilana baixaron entre todos unha roda de muíño. Formouse un baile xunto deles. Había gaitas, zanfoñas e cántegas.

A min sempre me fervía a sangre cando escoitaba unha muiñeira. Eu aprendera a bailala con Andrés o Costo, e co Señor Manoel o Rexón. Asumeime á orella do gaiteiro, e pedínlle pola súa vida, que tocase aquela ribeirana, de...

Veño de lonxe por verte
color de mazán de Noia,
síñal que podo quererte
meu luceiro, miña xoia.

Din comenzo. Calzei nas mans as miñas infaltables castañoas de pau de rosa... Chamei ó baile catro rechonchas de Amio... e... ¡Dios que nos criou!... ¡Que muiñeira!...

Nunha das voltas, ó tempo de pegar un salto no aire batendo un zoco no outro, botei un berro... ¡Viva a empanada da festa!!

Ó acabar veume a dar un aprauso o xastre Veloso, que nin el nin os de Padrón, me conocean.

Na Rifa. —

Entre aquela romaxe, persentouse o Señor Cura, e subíndose a un tabrado, chamou pola xente, e dixo:

—Señores: Nuevos milagros se han producido desde la festividad de San Roque del año último. Ello es un síntoma de que la fe subsiste y de que el Santo atiende los ruegos que le hacen los dolientes. Un agradecido a esos milagros de San Roque, ofrécele hoy el valor que produzca la rifa de esta empanada. Aquí os la descubro. Pesa veintinueve libras. La masa es de trigo de la Mahía, con óleo de maíz de la Estrada. En su interior hay cebollas de Padrón, rostidas con fino aceite de Andalucía, y pollos de Caldas; y sorza de curados chorizos de Monforte, con pimientos de Herbón. Despide olor de orégano y laurel. La persona del donante es una plena garantía de la riqueza de esta empanada. No puedo rematarla para mín, porque podría creer el público y el Santo que yo no fuese parcial en la venta. Mezclándose unos tragos de las cepas del Ulla, sin pasarse a borrachera, será hoy el mejor yantar en Conjo y dejará en quienes la saboreen un recuerdo latente del San Roque de 1890.

Bien, Señores. Al mejor postor... ¿Cuánto vale?

—Vinte réas —dixo o gordo.

—Veinte reales ofrece el mismo donante de la empanada; ratificando su agradecimiento a la salud que le devolvió San Roque; y reconociendo el mérito de esta rueda de veintinueve libras de comida.

—¡Corenta réas! —dixen eu.

Nesto miroume o xastre cuns ollos que parecía comerme.

—Cuarenta reales, señores, da otro pretendiente: ese mozo aldeano que está al lado de la mesa de Jacinta la dulceira.

—¡Cincoenta réas! —volveu a decir Veloso.

—El donante de la empanada ha mejorado la postura! ¡50 reales!... Es necesario, estimados oyentes, darse cuenta más exacta de lo que es este manjar.

—Escoite señor Abade —interrumpeu o gordo.

—¿Qué desea el buen católico?

—Eu entendo que xa basta de poxa: 50 réas que eu dou, non os gano ca agulla, tan lixeiramente como un crego nun enterro.

—No se altere, hijo mío. Estas cosas deben pregonarse. San Roque estimará el mayor producto en efectivo, del obsequio que usted le hizo en especie.

Continúo, pues; ¡50 reales ofrece el magnánimo Avelino Veloso, como tributo de admiración al milagro de San Roque!

—Conste Señor Abade, que tamén estuwen consultado e atendido na enfermedá, polo Doutor Pintos.

—Pero no me interrumpa, ¿quiere?... ¡50 reales ofrece por la empanada ese robusto hombre!

—Vinte pesetas!!! —adianteime a gritar eu.

Armouse un tole tole na xente. O xastre Veloso miroume cos ollos máis cheos de lume.

Aquelo parecía o prencipeo da batalla de Clavixo.

—Calma recomendando, respetables romero. Desde la antigüedad de esta fiesta, no hay manchas; y os suplico que reine la concordia y la legalidad. ¿No fue dada la empanada para pujarla? Pues estamos en la tarea y yo soy Juez. ¡Veinte pesetas ofrece el mozo de la boina negra! ¡80 reales!

Mandoume a decir o gordo que por favor me apartase do siteo. Que a empanada, viva ou morta; enteira ou desfeita, tiña que ser pra el.

Contesteille, que a empanada, costase o que costase había de rematarla eu pra quitarme unha debilidá adequerida na Amérecia, que me iba matando; a coal, unecamente me saliría do corpo enchéndome daquela empanada, según me aconsellara unha gitana que botaba as cartas da baraxa. E que o Marqués de Vetroles, era eu, e non tiña máis que decir.

Cando tal se lle dixo a Veloso, veu correndo, abrazoume, decíndolle ó Cura: ¡siga pra adelante!

—Terminemos. ¿Por quién queda la empanada? ¿Nadie más mejora la postura? ¡20 pesetas! ¡A la una, a la dos...! ¡que se va!... ¡A las tres!

Que buen provecho le haga a ese chico que el donante abraza como triunfo de la confraternidad y de la alegría.

—Un momento, señores— falei eu: Cantos queiran saber a hestórea que empezou o 6 de Maio e hoxe concruie, acudan a poñerse ó redor da empanada, que pra todos chegara; i así honraremos as virtudes da nosa Galicia, e honraremos ó campechano Veloso, loitador no traballo, e loitador polas grandezas desta terra.

As trafulcas que encontrades no relato, non tiveron malina intenceón.

O fogueteiro fixo estalar no aire unha ducia de palenques; e polo pueblo e veigas de Conxo levou o vento aquel delicioso aroma que salía do manxar de ricas cousas galicianas, co aceite de Andalucía.

Na Ponte Cesures

Conversa entre dúas

(A sentada no carro, di). —Tontiñas que somos, Anxela. Chorar debe chorarse pola morte dunha nai que nos quer entrañabremente; pero nunca pola perda dun rapaz que, non pode saberse si o peito lle salta do amor verdadeiro, ou si son finxidas as súas melosas conversas.

(E respóndelle a que está de pé apoiada no angazo). —Inda non é tanto a miña pena polo temor de que Brauleo me olvide a min: o sinto doutro xeito. Esta nosa terra, amiga Gomersinda, percisa dos homes; i ela, xardín de grorea, ten pra eles o que fóra non alcanzan.

—Témo-la culpa as mulleres, por non untarlle os pés con aceite cando o bigote lles asoma.

—Volvede pra Galicia, mozos: non percisades cartos nin xoias: traguede a salú, a mesma robustez que levastedes, e basta; que aquí hai canto se quer pra vivir felices astra os cen anos con dentadura e pelo compretos.

—Desbafa, Anxela, desbafa: solta esas bagullas que che firen na ialma; e deixa a Brauleo i ós demais, que aprendan o que non saben. O día que a fame lles aperte e das boticas estean cansos, xa volverán.

—Si, Gomersinda, si: retornarán sin prumas como vellas golondrinas, e daquela, mal poden dar calor cas súas alas desfeitas.

—¡Malos tronos nunca veñan!... ¿queres que lle escribamos unha carta a Cruces pra que os apurre prá acá?

—¡Si Dios i el che oirán!

—Pois á noite, pé do lar, mentras que o sobriño do Pataco lles le “Castañolas”, ós vellos, ti dítasme as palabras i ieu escribo... Levanta os ollos, anda; rite pra min...; mira que frores tan bunitas abren nos gomos do pereiro...; escoita como canta o xílgaro na horta...; eí vén Chiquiño asubiando... “Tápame, tápame, tápame... Tápame que teño frío”...

—Aí... como me latea o pulso...

—Recóstate nas pallas... ¿ques que che desate o ‘corsé’?...

Na Avenida de Maio

—¿Eufemio?... ¿sabes que te atopo gordo? ¡que peito tan avultado! ¡que orellas tan encarnadas! ¡tantos meses que non te vin!...

—Eu a ti, si.

—Poida ser... ¿onde?

—Déixame recordar... Dime, ¿ti axudaste a facer unha mudanza pola calle Montes de Oca abaixo?

—Home, non te eiquivocas. Preduto dela, éche este reló de esfera luminosa, e despertador ó mesmo tempo. Penso mandarllo a meu irmán pra que de noite vexa a que hora vén das ruadas e pra que tamén o desperte pra ir cedo ás feiras de lonxe.

—¿Estonces, ese reló veuche de arriba?

—Regaloume o Menistro da Mariña, despois da mudanza.

—E ti, ¿como conoces a ese Menistro?

—Fai xa cinco anos puxen o pé dereito dentro da Casa do Goberno: ofrecín os meus serviceos por aquelas Oficinas pra recados, limpeza nas salas de famileas, axudar nas cucinas, desentornillar camas, moer café, inxertar jazmíns, cortas uñas ‘encarnadas’ nos pés das señoras, e praucicar outras garabulladas. Garántoche, tanta clientela fun adequirindo, que hoxe en día teño traballo sobrante, ando cuasi trastornado. Esta mañán, ás oito, debía estar eu na casa das señoritas de Don Pifanio Rodríguez, que son dinas de atenceón polo gasalleiras que se mostran, e boas pagaderas, i o demo da miña cabeza levoume á esquina de Alsina e Salta pra levarlle o canastro da sirvienta do Doutor Mura, que tódolos Jueves merca un reste de cousas gallegas no Almacén “El Chiche”, conservas de pescados de Vigo, chocolate de Santiago, unto de Monforte, viño de Silleda, mentellas de Ribadeu, e noces de Betanzos. E resulta que a sirventa non chegaba, astra que me din conta de que hoxe non era Jueves.

—As saias téñenche alborotado o pensamento, Migueliño!

—Non creas. Cada tanto tempo queimo as pestañas dos ollos, pego unha patada no aire; pero aporveito o tempo con máis cariño nas gananceas do traballo. O aforro será o meu verdadeiro médeco cando a enfermédá me leve a cama. Por eso che digo que me faría falla catro compañeiros en sociedade. Poño por caso que estes días puden branquear, ó menos, dez e sete casas do meu coñecemento. E non branquei ningunha. Ti, Andrés, ¿queres xuntarte connigo? Os labores que nos acudan polo teu lado ou polo meu, imos as medeas.

—Eu xa teño outro negocio. Ti xa o sabes. E ando regular.

—¿Inda che viven os paxaros que tiñas o ano pasado?

—Agora teño un verdeirolo que vale mil duros. Nas romarías do Pergamino, en medea hora sacou trinta suertes. E lixeiro e dócil. Inda ben non lle digo: vamos Ruliño, sácalle a esta morochiña la adiviñanza de su vida, el pimpollo que

la tiene que abrazar... sale da xaula orondo, colle o papeliño i se lo solta a la chica.

—E bueno, cada coal con su trafego. ¿E que contas de novedá? ¿Disque anda en Buenos Aires o señor Antón Ferreiro da Cruña?

—Cala a boca.

—¿Por que?

—¡Cala a boca! ¿Non ves que alí vén xunto co Intendente Monicipal?

—Carafio: ¿cal é o Ferreiro?

—É o que cos dedos peneira nas patillas.

—Nai que o pareu ó Ferreiro. Parece un tronco de castaño.

—¡Cala a boca!

—Ali, entran no café. Dánme ganas de ir a saludalo.

—¿I os recados non se che atrasan?

—Tes razón. Espérote da de Reises a tomar mate.

Conversas de pillerías Entre Xulián e Paulos

Son dous solteiros, Xulián e Paulos, dos que aínda retorcen garbosas patillas xa medeo brancas, que nos recordan ós vellos de Dodro ou de San Martín de Caldelas, estilo daqueles tempos en que nas nosas aldeas non se conocía outra crás de reloxes máis que os coadranes postos encima dos hórreos, adorno das eiras mirando o solo cara ó Suroeste.

Xulián e Paulos viñeran pra Buenos Aires alá polo ano en que o señor López de Gomara tiña o “Correio Español” e a emprenta, na calle das Pedras fronte ó campanareo da Igresia de San Xuan. Vivían estonces nun altillo de cinco pesos no barreo galaico que empezaba na calle Alsina (antes Potosí) astra a calle de Comercio (hoxe Humberto) e dendes Balearcel a Lima. Traballaban. Paulos, de repartidor de roupa pranchada no taller das fillas da señora Delores a das Azoutas; e Xulián estaba de batidor de ovos na confiteiría de Ramos posta na Estación Central, que se puemoi, cuasi o pé da Casa de Goberno, onde se xuntan codo con codo, ou cú con cú, o Paseo de Julio i o Paseo Colón. Eran dous mozos de faixa verdosa que non perdían muiñeira no Prado Español da Recoleta. De noite xuntábanse no Café de Ramón González (o Chalón) xogando a belisca e falando da política de Sagasta. Tamén contaban hestoreas de Pepa a Loba e de Xan Quinto socedidas no camiño da Estrada e nas feiras de San Mamé de Cantoña. Os Domingos iban axudar a misa á Igresia de Santa Lucía pra tomar café co crego don Baltasar Redondo, compañeiro de escola en San Pedro de Riotorto. Cando veu a Infanta Isabel a Buenos Aires, Xulián e Paulos, foron a visitala con boina branca e co lenzo i a corda de changadores enroscada ó pescozo. Aquela Doña Isabel non tuvo reparos en bicar as patillas dos dous gallegos, “representantes del trabajo, de la honradez y del cariño español en la Argentina”.

E anque as carestías dos comestibres e das roupas poñen hoxe os pelos de punta os homes máis ricos, Xulián e Paulos rínse das resultas da guerra e viven nunha tranquilidá de santos, facendo recados ó preceo que cadra. E fuman bos cigarros da Habana que unhas veces lles regala don Benito Villanueva despois que lle arregran o xardín e lle sacuden as alfombras, e outras veces llos dá o Doutor Ramiro Pico Bordoy, Persidente do Club Español, ó concurir airosos algunha delixencia de confianza que lles encomenda. Tamén, de vez en cando sorben chocolate con churros na Armunía si por casoalidá tropezan co Director de “Nova Galicia”.

Quizais os leutores há de gustarlles a “filosofía” de Xulián e Paulos nas conversas que teñen cada semana. Por eso reproducimos exauto o que din eles. Sempre se sentan nun tallo na Praza do Congreso.

Xulián. —Ché, Paulos, vístelo, o día 12?

Paulos. —Vin, Xulián, vin. Aínda me doen as mans de tanto que apraudín a ese Don Hipóleto o vasco. Amigo, os apreceos por España nesta terra, valen tanto como podían cargar de ouro as tres carabelas de Colón.

X. —Lestes a novedá que trouxo a “Prensa”.

P. —Xa sei o que qués decir.

X. —¿A que non adeviñas?

P. —A que si.

X. —Bah, xógoche que non acertas.

P. —¿Non é o invento de volver mozos ós vellos?

X. —Condenado, tes razón! Quen nos vería a ti e mais eu con novas forzas como cando lle roldabamos as inaguas a Margarita a panadeira da calle Brasil, ¿non te acordas daquel víspra do Apóstole que nos escachou no lombo médea ducia de pratos?

P. —Mira, Xulián, déixate agora de cousas do noventa e sete; falemos do rexuvenecemento.

X. —E que che parece, ¿os corpos de sesenta anos darán un salto pra atrás ensinando mocedá co invento que lle apriquen de sangue dos monos?

P. —Eu non creio neso. Non hai cacharro que non se rompa, nin máquena que non se gaste.

X. —Si, craro, non se chegará a descurbir o remedeo contra a morte.

P. —Pois pra vivir cento cincoenta anos non é perciso o consello de meter sangue de mono nas venas dos racionales. Con sopremir os viceos que ten a xente deste sigro, xa bastaba.

X. —Mira quen vai alí.

P. —Éche o cruñés Don Luís Williman, si non me eiquivoco.

X. —O mesmo: e afeito o bigote; parece un capitán de corenta anos; refresco, lixeiro, colorado, alegre.

P. —Ei tes ti un espello; unha proba de que, quen ben se coida, mófase das invenceóns artificeales pra alargar a vida. Nosoutros mesmos, home, ¿que caraiñas! aínda subimos ó poleiro... ¿Vistes os partes de Madrí, de que os franceses queren roubarnos Tanxer?

X. —Eso chéirame. Non revolvás. Dáme un pitillo... ¿E ti non sabes que un Estrónomo de Montevideu xura que os sete pranetas máis grandes que rondan no aire, van a pegarlle ó Sol, e o Sol á Terra, unha patada o dez e sete de Decembre, que causará o escoñamiento do Mundo?

P. —Entereime deso. Si tan terrible desgracea chega, conto pode soceder, eu soilo a sentirei por aquilo de que o día de Navidá non pasaremos a noite enteira bebendo os admirados “viños gallegos”, esencia de salú e de grorea. Ti xa sabes que ese caldo das cepas de Ourense fan en min o milagre de infrarme forzas e turro pra adiante como un automóbel.

X. —Dime, Paulos, ¿tuvo algún premeo o quinto que mercamos nantronte?

P. —Non, así Dios me leve.

X. —Onde o tes.

P. —O que.

X. —O quinto.

P. —Rompino en anacos cando mirei o estrauto.

X. —¿E si che dixese eu agora que non me conformo?

P. —Non me parece que ó cabo de trescentos sesenta meses de amizade desconfies ti de min. Tuven dous mil pesos teus, gardados sin recibo, e non iba hoxe a luxarme.

X. —Si, home, si, tes razón. ¿Queres que esta noite vaíamos a un cinematro fago ver unha cinta de amores?

P. —Xulián, Xulián, o teu cerebro xa se trastorna como o de Wilson. Eses lugares infeuceosos e malos e outros de tumba que dálle, e beber porqueirías, son precisamente, as causas dunha vellez lixeira, como morren os tísicos en Francia... Fíxate quen dá volta alí na esquina. ¡E vai de brace! ¿Queres que axexemos pra onde van?

X. —Ti tamén pecas, Paulos, de floxedá dos tornillos, ¡gá, gá, gá!

P. —Ben de todo, non ando, certo. Pouco faltou pra pugar-me esta mañán. Onte levínlle un cochecito que mercou Don Costante o da mercería no bazar da calle Maipú, a unha casa da praza Libertá, e ó meterllo dentro a Señora no primeiro departamento, veume un desmaio e caín co cochecito.

X. —¿Que gardas aí no peto da chaqueta, que tanto che avulta?

P. —É o mellor recetario contra as penas. O libro “Castañolas”. Contos de Cruces. Xa lle faltan dúas follas que lle quitou un ispeutor de Impostos internos que o foi lendo unha noite en viaxe a Bahía Branca. Non llo presto a máis ninguén. ¿Vistes? Astra o tiña catalogado Don Vitorino na súa biblioteka?

X. —Bueno, Paulos, fai moito frío. ¿Onde nos atopamos ás oito da noite?

P. —Na “Casa de Galicia”.

Prencipeos do fin do mundo

(Alá van dous homes no chan).

—¡Mala víbora nunca che pique!

—¡Que un veneno nunca ti comas!

(¡Zas! ¡Pumba! ¡Trinca! ¡Arrea!)

¡Ei... chamade un vigilante, que se matan estes vellos, como cans adoeecidos!

—Pero... eres ti, Farrucho!! Jasús del rostro luxado de sangue!!...

—Amigo Niculás!! Virxen do xustillo, rachado!!...

—Eí tes ti o que fixemos por culpa dunha “esquina” sin “ovalar”. Trompezamos, nubráronse os nosos ollos de tantas pillerías que teñen vistas, e... fixemos machucóns un no outro.

—Carainas: o peor é o vidro do teu reló que che rompín.

—Máis perda son os ovos que ti deixas en tortilla no medeo da calle. ¿Pra quen os levabas?

—Bó... que como fariña con manteiga.

—Di, home, ¿pra quen eran?, que si é moito compromiso axúdoche a mercar outros.

—Pró Director de “Nova Galicia”, que pensaba facer unha rosca de Páscoa e convidar a Lence e a Cuesta.

—Tes razón, que comarans.

—Ou pementos picantes.

—Pra que rabente.

—¿I a min que me importa?

—Lévalle as cascas.

—Vai ti con elas, a ver si chas sopra nos morros.

¿Qué ha pasado entre ustedes?

—Nada, Don Autoridá... xa estamos compostos.

Pues limpien esa “postrimería”, para que las “gentes” que pasan no se resbalen.

—Ai... que veña o dono, si quer, a recoller estes “postres”. I eso outro, de que nosoutros non somos como a demais xente, pódeo meter no “gueco” da vaina do sabre... ¿Rise vosté? Mire que falamos unha palabra e vale por trece...

—E dime Farruco, ¿que hai de políteca?

—Que me caso.

—Eso non é políteca.

—Retireime de ler pródicos de certas andrómenas porque me dan asco. E arrimeime a unha paragoaia que traballa nunha crónica de menecras na calle Corrientes, e xa me prometeu manterme sentado nun xergón de seda cando eu ande algo cansado.

—Porra, que tes sorte. ¿Que é a crínica de menécras?
 —Eres un burro.
 —E ti, gorrón de medeas lunas: e non me toque nas rodillas, que sempre tuveste o irracional víceo de dar beliscos.
 —Pouco a pouco, si non queres ver as estrelas antes de que resocite Dios.
 —Medo non che teño.
 Tararí... ¡tán! ¡tán! ¡tán!
 —Eí veñen os bombeiros cegos de furea. Aquí van a resbalar nas “postrimerías” dos ovos, como lle chamou o vigilante. Metámonos dentro dese portal...
 —¡Requintos!! I o lume e nos altos desta mesma casa. Fuxamos e xuntémonos o día oito na fonte do Congreso, que temos que falar os dous, cousas de moito “calibre”.

Na Prazza do Congreso

—Ola, galupín: amólate ¿inda tes o ollo atado? ¿recramáronche o importe dos ovos?
 —Non empeces tomándome ‘o pelo’, porque che escacho a damoioana na cabeza.
 —¿Xa te afeitaste?
 —Fai meses que me rasco eu solo. ¿Onde nos sentamos?
 —Aquí, mirando prós cabalos da fonte: ¿cantos netos de viño mercaste?
 —Cinco. Imónos a poñer mozos... Éche do tinto de Pontevedra.
 —¿Non nos fará voltear o chan?
 —¿E ti trouxestes os chourizos i o pantrigo?
 —Olvídeime: pero imos bebendo, falamos catro contos, e despois, eu pago unha boa cea de almóndrigas de uvas pasas e arroz con leite.
 —Eso, comeralo ti, porque eu acostumbreime a unha tortillina queimada con ron, e vaime mellor.
 —¿Como che gustan as larpeiradas! Por tanto se queixa a túa muller, nas cartas, que non sabe onde metes o que ganas.
 —Aí, ti, mándaslle moito a túa... ¡non discutamos cousas privadas!... bebe...
 —Tes razón... ¡que sabroso!
 —Nen é malo. Saca o frío.
 —¿Fai moito tempo que non vistes a Vicenta? Non sei como lle irá no recramo do can que lle matou o tranvía.
 —¡Bebe!
 —¿Estás xordo?... ¿Sabes o que me dixo doña Engracea o luns pasado?

Que te vai a demandar pra que lle deixes o altillo, porque anduveste calado pra mandar o poder pola compra que fixeste das tres leiras en San Mamé de Piñeiro, i el veuche a carta de María Antonia onde di que xa chas puxeron ó teu nome no Rexistro da Propiedad, en Cuntes.

—Eí tes a proba de que algo aforro, e non consumo o xornal nas tortillas queimadas con ron; hai homes que teñen a lingua máis fera que a das mulleres.

—A túa, é quen descurbe os teus defeutos.

—¡Alábate! Bastante te alritaste, cando tamén a ti, che viña chamando “sinvergonza”, que en catro anos inda non compretastes ochenta mil reás nos xiros que botaste pra alá.

—Porque hai “esposas” que canto un máis se mortifica por elas, menos apreceo gardan, e nunca están contentas.

—Pois, bebe.

—E ti o mesmo. ¿Sabe que quedei pensando no que che dixo doña Engracea? Xa non vou a deixar alí colgada no cravo, a chave da porta: tomou tanta confianza connigo, que me entra na peza anque eu estea lavando os pés, i é capaz de remexerme os papeles mentras eu estou no traballo. Pero si me demanda, heina de volver tola, porque de alí, non me saca o Xués nin en sete meses.

—Bebe.

—Ti non quedas atrás.

—¿Queres que vaíamos tomar “mate” ó de Felisa?

—Bebe.

—¡Ola, ola!

—Inda me doi o trompazo que me destes o outro día na “esquina” sin “ovalar”.

—Pero, ¿que che pasou con Felisa?

—Botoume a min a culpa de que lle roubei a “maceta” ca pranta de loureiro; e ti eres testigo de que eu non fun; porque aquela noite salimos de alí xuntos, i a pranta quedaba no seu siteo.

—¿Queres armar camorra con doña Engracea?

—Quero: con moito gusto.

—Pois déixate pasar por delincoente, i ieu dígolle a Felisa que o loureiro na maceta regalástello ti a doña Engracea, e que doña Engracea non dá a pranta por cen pesos. E verás.

—Vaise a alborotar o Conventillo i a Comisaría.

—Bebe.

—Xa os ollos me arden.

—I eu non me teño de pé.

—¿E luxastes a camisa?

—Pero non o cuello.

—Andas con el máis goapo.

—Así son os “Tres V. V. V.”.

—Eí vén un vigilante.

—Envolve a damajoana na “Nova Galicia”.

—Carainas; saca a chaqueta.

—Que socede, home.

—Eí vén Cruces.

—¿E o que vén vestido de vigilante?

—Cala a boca, e tapa a damajoana ca chaqueta.

—¡Que tapa, nin que oito cartos! Vámonos, e deixa quedar aí o vulto, e que se entendan o vigilante ca “Nova”, i a damajoana con Cruces.

—Outro “lío”.

—Ché, imos torcidos.

—Sei que si.

—Vamos a turrar pró Departamento.

—Concho: mira canta xente se xuntou ó redor da mada... mama... joana... ou xastre que a fíxo.

—Agora son capaces de prender ó Director da “Nova”.

—Por túa culpa que envolveres a “joana” con aquel pródigo, e pode sospechase algo malo.

—Que se mordan.

—Non, home, non: vamos alí nosoutros e con decencia acraramos o asunto.

¡Oiga! Don Autoridá!: eso é vidro baldeiro!

—¿Y por qué lo dejan ahí? ¿No saben que todos los bultos son perseguidos? Llévense el “recipiente”.

—¿E gustaríalle a vosté morrer de repente?

—No admito conversas.

—(¿Que ché está dicendo?)

—(Que morramos de repente, e que non quer berzas).

—(Éche paisano noso o vigilante).

—Cálmense!! (falou o Director da “Nova”). Entre irmáns non deben producirse desgustos, nin chusmerias, nin inxurias. Eu convido vaiamos en paz a tomar café especial ó “Guajiro”, en Alsina 1237. Pra sesenta mil horas, máis ou menos, que viviremos mirando a Luna...

Alá xa... ¡que porra!

Abracémonos os catro.

—Cuidado... no aprieten ni rempujen...

¡¡Zumba!!

(Caeron na pileta da fonte do Congreso).

Sempre contigo morena Onde comenzou a hestorea

(Remposta ó Señor Williman¹⁵⁵)

Pouco a pouco vaise descurbindo que tamén teño algún valemto en costións de certo fandango; por soparado —eso si— do meu oficeo en Leises. Con razón paresce que de vez en cando o peito me incha, e fago donaire ó entrar no Palaceo de Xusticea. I esto non o digo en tono de garbo orgulloso, porque si o tivera, eu non o vexo, e creio que o xastre tampoco se enredaría en metermo mezcado cos allos entre o forro das mangas da chaqueta.

E digo o que vai dito ó prencipeo, porque un Señor ben conocido i estimado na nosa coledividá en Buenos Aires, que se chama Don Luís Williman, churrusqueiro herculino, que Dios o sosteña remozado moitos anos, espetoume unha consulta no número pasado de “Nova Galicia”, preguntándome si sei o orixen dunhas palabras de remposta a calquer interrogaceón; remposta que era esta: “Sempre contigo, morena”.

Máis de cincuenta veces vinme en apuros botando as mans á cabeza, garabullando nos pelos para poder estudar “puntos” deixados o fallo do meu caletre; porque sería unha vergonza que sendo Douto en Códegos, e Director desta folla, tuvese que andar pelegrinando de porta en porta pra atopar con quen supera darme leuceóns e saír airoso das consultas médeco-xudiciais, agrícola-polítecas, ou festivo-histórecas. Ó respeito, inda me acordo dunha noite fera, no inverno de 1905, cando moraba na calle das Pedras 766, que me chamou á reixa da ventan un soscritor de “Nova”, e díxome: “Si mañán non me contesta como teño que defenderme diante dos Xues, ten que suceder “unha de paus que Dios tirita”...

¡San Pedro mártir! Aquelo fixome dobrar as puntas do bigote e anque puxen na fechadura do coarto o despertador ca “funda de paus que Dios tirita”. ¿E que tiñan que ver os paus nin a consulta, con Dios? Quen podía “tiritar” sería o que me falaba, por frío e mais eu por medo. Pero nese “titiriteo” non cabía tercear a Dios, que soilo debe invocarse en rogos de salú i en súplicas de que nos alente nas soedades e loitos. Pois por non verme enredado nos “paus que Dios tirita”, amañei na mesma noite aquel ungüento que lle interesaba ó soscritor.

Agora, anque ocase é destino, estou metido nun fandango polo requerimento que me fai o señor de Williman. Chámolle “fandango” porque estas cousas que veñen de súpeto, chúpanlle a un a sangre i o tempo. Defecultá non a teño. Casalmente gardo o prencepal secreto donde naceu, e porque naceu a dita remposta: “Sempre contigo, morena”.

¹⁵⁵ Luis Williman participou con outros emigrantes galegos na tentativa de refundar o Centro Gallego de Buenos Aires, fundado en 1879 e disolto en 1892.

¡¡Saleu de Padrón!! ¿Acaso, solo há de ser Noia a terra dos zapateiros, ou Ourense, o pueblo único dos añaiores? Adolfo Cardama, Secretario, certifico”.

Hai que ter persente que Padrón, anque é vila de parrandas, alí xogaron os mellores santos do Cielo; alí hai caridá, amor, cristianismo, bonitura; entoseasmo, “de lo que yo Adolfo Cardama, Secretario, certifica”.

Entonces, non poder ser estraño que en Padrón viñese o mundo, “Sempre contigo, morena”.

Quizais haxa quen me achaque que esto sea unha “argallada” das miñas. ¿E que? Un conto ¡cantas veces sale verdá!

Basta, e voume ó lereo. Xa se sabe que unha persona nos seus momentos solitarios, ou de paseo, fala sola entre si: ela se pregunta i ela se responde. O coal quer decir que dentro do corpo hai dúas ideas. Do mesmo xeito eu converso con “Eu”, e vimos a saber como empezou en Padrón o estrebilllo de marras. Non respondendo da formalidá de “Eu”: el mo conta i eu o repito.

No medeo da Ponte que cruza o Río Sar, desde a Igresia parroqueal astra o lado das Trabancas, hai un recodo. Ese recodo foi testigo de centos de coloquios amorosos e trafucadas de consumos. É unha Ponte de continuo trique-traque de pernas e rodas pra atrás e pra adiante. Pepe Brabo, Castor Lorenzo del Río, e outros máis, esparaban no recodo o paso das leiteiras de Dodro, como goardeas gorruxos, pra ser os primeiros en meter os dedos na tona antes que os pucheiros entrasen na Vila. Alí foran descotidas as bases nunha alianza entre dous Deputados de distinto credo. Alí, no recodo, tembraban as mozas corpudas en días de vento e chuvia, cando da fonte do Apóstole levaban nas cabezas de relocentes “cubos” cheos de auga. E alí, tamén fixo parada, meses enteiros, un rapaz con antiparras negras, chegado dunha aldea de Herbón. Era no ano 1854. Pedía limosna da mañán a noite, cantando con cachaza este verso, sin cansarse nin nunca reformalo:

*Estou ceguíño... i en fror..
¿non hai remedio pra esta pena?
moito quixera palpar,
¡sempre contigo, morena!*

De luns a luns xuntaba na monteira, e da monteira pró peto, corenta reás, perra máis ou can de menos, e houbo criada, que se doieiu do mozo cego, e arri-mábaselle en tódalas postas de sol. Mais el descurbeulle na confianza que non tiña defeuto nos ollos, e si facía mentira, era pra librarse dun xornal pequeno en traballos pesados. A criada compadecérase da tristeza do cego en prena xuventú, e tomáralle cariño ó cego, por ser cego, e non polos cartos que xuntaba do amparo prúbico. A confeseón do rapaz fireuna... e marchouse da Vila. De igual maneira, repentinamente, non volveu o cego ó recodo da ponte de Padrón.

A ponte toda era pedra muda. Faltaba algo nos oídos e na vista das xentes acostumbradas a pasar por alí. O mistereo da fuxida do cego, i a criada duns Siñores da Praza de Baltar, daba que falar baixiño na barbeiría de Comparada, e na taberna do Italiano. A copra fixérase popular nos contornos do Partido padronés; cantábana as lavandeiras de Estramunde; os meniños das escolas; os ceviles do coarter de Iria Fravia; i o encargado de traer o “correio” desde Reanxo, facéndolle compás ó galopar do cabalo.

Pasara un tempo longo, en que xa se iba olvidando a lereo, pero os soldados que cumpridos do serviceo daban volta da Cruña, trouxeron pra as aldeas de Padrón a “moda nova”, que ó perguntárselle... ¿Como che foi Lucas?, contestaban a todo antes de entrar na conversación. “¡Sempre contigo, morena!”.

Entonces tratouse en sereo de “acrarar a incógnita”: xuntáronse os mellores farristas padroneses nunha dulcería que había fronte a tenda de Don Román Alonso, e acordaron mandar a Cruña o Pintacristos pra buscar e traer o “acraramento da incógnita”.

As averiguaceóns deran este resultado. Que o rapaz das antiparras, non había sido cego sinón finxido, no recodo da ponte de Padrón. Que lle tocara ir servir ó Goberno no Castillo de San Antón, i unha vez que andaba de paseo meteuse nunha roda de sirventas i entre elas estaba a criada que en Padrón se arrimaba ó cego en tódalas postas de sol, e que adoraba por ser cego, i o aburreu, por haragán. Que ó verse alí no paseo, o soldado lle dixerá moi teso: ¿Como está Vd.? ¿Non me conoce? E a moza irritada como unha María Pita, pero con soave sorna, lle reprimicara: “Sempre contigo, morena”.

Estalou unha das risas entre cabos e sirventas, e fíxolle tanta roncha ó ex-cego, que pouco faltou pra que se armase a “loita de paus que Dios tiritá”. Ó saberse entre as mozas e nos cafés os antecedentes daquel conto, quedou na boca de todos a “gracea” de responder en son de broma “¡Sempre contigo, morena!”.

O soldado da bulrra pideu traslado pra Logroño, onde os chourizos montan os do mundo enteiro; i o estrebillo foi voando de Provincea en comarca, e astra o famoso toureiro Sánchez, alias “Tato”, nunha corrida en Barcelona en 1869, sacando a relocir a bandeira de España, lle dixo: “¡Sempre contigo, morena!”.

Polo serviceo que o Pintacristos fixera, traendo estas novidades da Cruña, non se lle regalou un banquete, sinón un traxe que lle durou tres anos.

Nacemento de ‘Nova Galicia’

Aquel día foi un dos de dobre tola troula que fixemos na nosa vida (na Amérecá, se entende). No víspra do día 6, cando nas máquenas do santiagués Leopoldo Tenoreo se iba a empremer o primeiro número de ‘Nova Galicia’ empezou a farra deste xeito.

Andrés Candal, gaiteiro amable, atendendo un chamado meu, persentouse cos tres instrumentos de lei ás dez da noite. Gardabamos na empreita un barril de 50 cuartillos de viño do mesmo Valle de Monterrei, e catorce libras de chocolate feito a brazo na propea Cruña. Bastaba: eramos Pepe Vázquez Lapido, Eduardo Pajares Braña, o dito Tenoreo, o Gaiteiro, e mais “eu”, que dirixía os traballos i o “banquete” sin tallos nin mesa, e sin coitelos, pan, nin pratos. Non se percisaban para roer e beber as dúas cousas. Antes de començar a tiraxe puxémonos en roda os cinco con escudillas de viña na man: berramos un ¡viva Galicia! que fixo es-cachar os vidrios dunha porta, e, polas gorxas correu a sangre da nosa terra. Recuncamos dúas escudillas por perna (¡Era tan sabroso aquel caldo de cepa!) e de camiño desfaciámos entre os dentes panciños de chocolate (¡ai! ¡que arrecente era!).

Seguidamente principiou a eleutricidá, a mover as rodas, a prancha i os rodillos, metendo Tenoreo, por entre eles, as follas de oito resmas de papel; Candal infraba e desinfraba a gaita.

Inda non se acabara unha resma, apurrámoslle os fuciños a outras escudillas de tinto, mezcrado con pastillas do caneloso da Cruña: os cinco gallegos tiñamos unha chispa de sesenta e nove grados nos ollos e luxadas as camisolas na frenteira da corbata. ¡Era de vernos! Mais “Nova Galicia” fíxose. E salimos polas calles adiante repartindo números ó compás dunha Alborada.

Pasamos por debaixo das ventanas da casa do laureado poeta gallego Manoel Nóvoa Costoya, que garimoso nos botou un saludo alentador.

Camiño adiante e subimos caladiños polas retorcidas escaleiras onde habitaba Avelino Veloso, na calle Venezuela. Ó estarmos riba da azotea, mesmo encima das salas en que dormía aquel xeitoso maíestro xastre i entuseasta esquirtor rexional, mandei que o gaiteiro Candal tocase aquilo de “Fumega o palleiro ér-guete Antón lixeiro”.

¡Dios noso! debeu ser unha pancada forte no peito de Veloso que en menos tempos de decir: “Pónlle azucre nas filloas”, apareceu noso amigo en calzoncillos de raias verdes, facendo a sinal da cruz. Bicou no fol que xa nosoutros bicaramos quince veces por tan devinos aires carballeiros que espallaba, abrazámonos todos xuntos e apertados, chorando de gozo, fomos baixando pró sobrado: acudeu o Comisareo con dez bombeiros, crendo que se trataba dun envenenamento atroz. Efeutivamente, moitas mulleres pensaban que andaba o Santísimo por Buenos Aires e colgaban colchas de freque polos balcóns.

Concruímos o día cun empacho de castañas asadas no almacén de Gómez
Teixeiro, e cunha “siesta” aromática no Xerdín Botánico.

Vinte e un cañonazos

Saúdo

Dende que esta terra foi descuberta non ocorreu nela ningún suceso tan raro como o de hoxe.

Os soldados da Capitanía Xeneral, e os da guarnición do castillo, foron, alarmados ás catro e medea da mañán, co anuncio que lles dou o centinela, de que, polo catalexos vía entrar na rada unha fragata pequena navexando cunha bandeira branca e cruz encarnada no seu centro.

Foron avisadas sin máis tardanza as autoredades maiores da fortaleza; repasaron o libro das bandeiras e sinais rexistradas entre nacións, pro non poideron comprender de que calidá era a que viña no pau daquel barco.

Nesto un sarxento arrimouse ó xefe e díxolle:

—Manifiesto a mi superior, que aquela bandera del buque que se acerca a la muralla, es la regional gallega, la misma con que, un guerrillero combatió y triunfó sobre los moros; la misma que unida a la de la madre patria, dió aliento a los que lucharon en el Puente Sempayo; la misma que dió victorias a los estudiantes compostelanos, en cierta época que defendieron derechos galicianos, y, la misma que usan como insignia sagrada las sociedades gallegas de Buenos Aires.

¿Y, por qué lo sabe el sargento?

—Porque aunque me honro en ser argentino, me enorgullezco también en ser hijo de gallegos, y mi padre la venera con respeto.

—Bien por lo dicho, sargento, lo cual también se comprueba con el nombre de la nave, pues mis anteojos alcanzan a leer en un costado “Nueva Galicia”, ¡y pide entrada y saluda!

¡Guardia de batería!...

Contesten con 21 cañonazos, de la sección derecha, al saludo de esa fragata que entra al puerto.

.....
... Pum... pum... pum...
.....

I o gallardete do barco de “Nova Galicia”, vendo ese recibimiento, tres veces se baixou e se subeu en sinal de reverencia á irmán arxentina; en sinal dunha aperta ós fillos de Galicia que nesta terra traballan; i en sinal dun “Saúdo” de aprecio ós pródicos da república, españoles i arxentinos.

Buenos Aires, Octubre 6 de 1901.

Outros relatos

Medo

Nunha pequena casa, feita alá polo ano de mil setecentos vinteito, según rezan documentos que meus bisavós deixaron envoltos nun coiro de peneira, e atados con cordel de estopa, os que apareceron no fondo dunha antiga hucha de carballo, que foi dada por dote chea de millo polos pais de miña tatarabuela, cando se casou; alí nesa mesma chouza, onde se criaron e morreron ducias de personas das que eu levo sangue nas venas, vivín soliño nove meses, que me pareceron nove sigros, e as noites tan largas como os anos.

Eran catro paredes de mal cortadas pedras, negras da parroma, cheas de buratos, e as táboas carcomidas da poliña.

Fóra daquel vello casucho, todo era pracer; pro ao encerrarme nel de noite, ¡ai! ¡cantos amargos recordos! ¡cantos tristes pensamentos!

O dous de novembro, día dos difuntos, fun rezar ó cimiterio pola ialma dos que alí estaban enterrados, cando o badal da campana daba o toque a finado, aquel golpe pegaba tamén no meu corazón. Dun lado pra outro buscaban as cruces que señalaban o sitio onde estaban os ósos dos que foron neus parentes, e a cada paso que daba estremecíase a sangre, creendo que lastimaba os corpos que dormían pra sempre debaixo daqueles terróns.

Á porta da igreia, ó mesmo pé das sepulturas que estaban sombreadas por arciprestes e olivos, un crego cantaba responsos, e ó decir *pater noster*, caían dos meus ollos dous cocos de auga, dúas bágoas, e fun chorando pra casa.

Aquela noite non había lúa, nin estrelas: soilo nubes negras que corrían do vendabal pró norte: lostros, tronos, chuva e vento. De vez en cando sentía unha voz mui queixosa: eran ouveos dun can, que adiviñaba algún loito na aldea.

Non pechei ollo, e sentado estiven lendo á luz dun candil. Ás tres da mañán, dúas veces me petaron á porta. Preguntei quen era. Non me contestaron.

Matei a luz, mirei pola ventana: pro non acerto a decir o que era.

Desde entonces nunca quixen vivir soilo.

FORTUNATO CRUCES

Faladuría

Entre os moitos pasaxeiros de terceira crás que trouxo de Galicia o vapor alemán “Platz” viña un mozo que foi durante o viaxe o xefe das diversións únicas que non coñeceu mareo.

Despois do café, de xantar e da cea, o seu estrebillo era toca-la muiñeira con corno de boi, pois facía o mesmo nas ruadas da súa aldea.

Logo que o vapor chegou ó muelle desembarcou o noso Eulaleo tan arriscado como si pisara terra coñecida ou propea, e sin esperar por ningún compañeiro, chamou un rapaz que vendía caixas de mistos e pideulle que o levase á calle de España número tantos, pagándolle o seu serviceo.

Sin máis tardanza subiron asta a praza Vítorea, camiñaron por Buena Orden, dobraron na calle Brasil baixaron pola calle Progreso e chegaron a xunto o hospital Rauson.

—Aquí tiene, Señor, dixo o rapaz, el punto que Vd. busca: la Plaza España.

—¿Desa que tanto falaron os pródicos e que tantas festas houbo?

—Si, señor.

—¿E como lle chamaban antes a este xerdín, rapaz?

—Le decían plaza de los Inválidos.

—¡Ah!... porque están ó seu redor os hespitales e casas de tolos, ¿verdá, neno?

—Así parece señor, que de ahí nació el nombre.

—Verdadeiramente que a nosa España non merece hoxe outro nome máis apropiado, que o de enváleda, por culpa dos seus tolos gobernantes.

—¿Y Vd. cree, señor, que la Municipalidad de Buenos Aires, buscó intencionalmente esta plaza para darle el nombre de su patria?

—Ó contrareo; eu apreceo, como todos aprecearon ese movemento de confraternedá hespano-arxentina. Mais, que ques que che diga, rapaz; o barreo este, éche ben sospechoso parecido ás congostras da miña aldea, a xusgar pola pouca luz nestas calles sin veciños, e pola pouca xente que nelas transita.

—Pues vea Vd. que es una gran plaza y los españoles de acá están orgullosos y agradecidos del acto que se celebró con motivo del Bautismo del nombre que lleva.

—Eu non che digo menos; e ultimamente, non quero con rapaces terquear: lévame a onde che mandei, sin máis discusións.

—¿A dónde quiere que vayamos?

—Pois díxenche que ganarías, pero dos que se frabican nesta terra si me enseñaban a calle España.

—Vaya, por Dios, que mal comprendí.

Volveron á Estación do Sur, baixaron por Montes de Oca dobraron por Martín García, e chegaron ó lugar apetecido.

—Aquí, tiene, señor, la calle España, en Buenos Aires: es cortada y pequena, y dirá Vd. que tampoco le agrada.

—Certamente que non porque xa levo vistas hoxe moitas e boas calles; entre elas unha que tiña o letreiro do Rei de Italea que morreu, e creio que a nosa patrea, a non ser máis, merce, lugar tan preferido.

—Mal le va a ir a Vd. en esta América, si empieza criticando cosas que todos aplaudieron.

—Alarga menos a túa lingua, rapaciño; en non mormuro. Dime xa que tanto sabes espricarte... ¿Foi día de festa nesta Cibdade o día doce do presente mes de Outubro?

—No, señor...

—¿Ti non sabes que nesa fecha descubreu Colón estas rexións?

—Si, señor.

—¿Oíste falar algunha vez de que os reises católecicos de España, foron os que axudaron nesa empresa a Colón?

—Sí, es cierto.

—¿Que lingua falas ti, que relixión tes, e que costumes che aprenderon?

—Todo lo que es usual en España.

—Dime ademais, rapaz: ¿a quen queres ti mellor, a teus irmáns, ou aos alleos?

—A los míos.

—Contéstame tamén. ¿Ti na túa casa buscarías mellor sitio o retrato de teu pai, ou o dun amigo?

—El mejor lugar sería para adorar el de mi padre.

—Vouche a preguntar?

—Basta de preguntas, estoy convencido de que no habla Vd. mal.

—Estonces, xa ves que non son un gallego pretenceoso. Eu non digo máis que verdades: temos que agradecer o que España viva anque sea enváleda e nun curruncho. Vamos a esta bodega pra que me cambeen estas vintereás, e darche o que che ofrecín.

—Patrón, falou o rapaz ó alma ceneiro: ¿hace favor de cambiarle a este señor un duro español?

—Si me lo dá por un peso papel si.

—Moitas gracias; e logo un duro en prata non ten máis valemto.

—Vaia entonces a una agencia.

—Es cierto, repricou o rapaz.

—Non hai que apurarse tanto; mais présa eu tiña e anduveste conmigo dun quinteiro a outro; chamarei aquí por meu primo que vive nesta calle sin número e faremos o que el diga.

—Y Vd. cree que gritándole le oirá?

—Xa verás si vén; e sacando da cintura ó corpo púxose tocando forte cal

si fora unha bogina en porto de mar.

—Diga, señor, lle dixo o almaceneiro — aquí no venga con esa música, porque no está Vd. en su tierra.

—Estou na terra onde morreu meu tío e a herencea que lle correspondía a meus pais, aquí lla comeron entre papel sellado e outras porquerías. De maneira que teño dereito e tocar canto queira.

—Velo lí vén meu parente...

—¡Que tal primo!

—Aquí me tes máis relaxado que un lagarto: as cousas que me sucederon xa me teñen o sentido revolto. Conque onde tes a casa...

—Vamos tomar un aperital primeiro.

—Eu non tomo nada.

Aí no raio desa bodega pidín un viño tinto e déronme tinta de campeche. Sabes o que quero; falar hoxe contigo e mañán traballar; pois si dentro de seis meses non lle mando os cartos do viaxe a D. Rito Loureiro, queda dono da casa que lle hipotequei.

—Te garanto que la época es muy mala, escasean los trabajos y la gente obrera aumenta.

—I entonces porque non me mandaste un parte e suspendería o viaxe.

—Diga, señor, págume el peso que quiero, falou o rapaz.

—Si, home, toma o duro que ben o mereces. —Pero non me mormures pois o que dixer levouno o vento.

Obre 26 1901.

F. CRUCES
ANGUEIRA

Conto amañado

Alá polos tempos en que F. chegou a ter cinco mil veciños dentro do seu Auntamento, ideou o Sacretareo que F. tiña que chamarse outra cousa máis, e convocou a seseón extraordinareo ó Alcalde e concexales pra espricarlles o seu pensamento de certa urxencia.

Cando xa estaban todos xuntos, díxolles o Sacretareo. Señores: o outro día vindo eu pola congostra de Caizal, subín arriba dun pino pra mirar desde o alto que bonito era o noso pueblo: e veume o caletre de propoñerlles a vostedes que se pida ó goberno de Madrí nos conceda o título de Vila pra Santiago de F.

—Home, contestaron os concexales: e si o goberno non quer dar ese nome que tan pouco lle costa, arrimámosllo nosoutros, e si alguén sofre con elo perxucio, que faga os recramos de lei.

—Escoiten compañeiros, repuxo o Alcalde: este Auntamento non pode, por súa vontade, alterar as monografías dos pueblos, sinón imos pra calle.

—¿Pra calle...? ¡Porras! (dixo un dos concexales) fai un frío que esfola: agora no tocante a monos, sómolo de certo.

—Deixémonos de andrómenas, respondeu o Sacretareo: ¿acórdase ou non, pedir o título de Vila pra F.?

—Aporbado: que se recreame por conduto do Deputado do destrito.

Ó cabo de tres colleitas de millo, esparramouse a noticia de que salira de Madrí o título supricado.

Sin perda de horas celebraron seseón no Auntamento e acordouse gastar oito mil reás en festas pra recibir o documento ca firma de Alfonso, lacrada.

Señalouse o día fixo en que chegaría a caixa de cartón co envoltorio dentro: anduveron dez rapaces dando aviso con cascabeles polas parroqueas e aldeas. Contratouse un cego gaiteiro por 3 pesetas: un salmista por 5 pesetas pra cantar o Tedeum; mercáronse vinte cuartillos de viño branco e cinco ducias de rusquillas pra un “lunch” na Alcaldía, empreándose nestas lambetadas 6 pesetas; o fogueteiro armou doce das de palenque por 3 pesetas; adornouse cas sábenas dos concexales o faiado e as paredes da Sala Consistoreal; e deste xeito foi recibido o título de Vila de F.

Compoñían a comitiva todas as autoridades maiores e menores do partido, e os veciños que puideron deixar ese día os seus trafegos do mar, da veiga, do monte, e das feiras.

O Sacretareo díxerlle ó gaiteiro que cando lle metese unha palla na orella, que era a sinal de que entraba nas mans do Alcalde o sagrado título, e que tocase a marcha real española: que cando fosen camiñando pra igrexa tocase unha carballeirada; e que cando lle arrimasen a boca unha cunca de viño na porta do Auntamento, que tocase aquilo de “¡ai...ai... ai... cáscalle allí!!”.

E resultou que o probe cego, cobrou primeiro as tres pesetas; non entendía de marchas reais, e cando o Sacretareo lle meteu a palla no oído tocou as de Villadiego.

Siquera demostrou vergonza que fuxeu por non saber cumprir, e así deberían de facer os Directores da Sociedad Española de Socorros; estes galupíns non entenden anque lles metan pallas nos ollos.

E graceas que quedou na porcesión o neno do tambor que facía redobres de cando en vez.

A misa e o convite foron solenes. Os veciños na calle decían ¡Viva a nosa Vila!! mais a eles non chegaron as rusquillas. E fóronse mermurando de que os oito mil réas era imposible que se consumisen naquela troula, pois nin sequera se veu alí escoba nova pra barrer frangullas; astra a carpeta da mesa era de Gacetas de Madrí.

A xente traballadora dun pueblo e os soceos dunha Sociedad... somos o que nos chaman... nin máis, nin menos.

FORTUNATO CRUCES

Eu... ¿serei eu?

¿Conoces o paseo da Ferradura en Santiago? Pois ben: tódalas mañáns de sol, alí tiña elexido un curruncho Don Canicasio Xercogallán, home duns corenta e nove anos e medeo, pouco máis ou menos, sin un pelo branco siquera, graceas ás moitas xemas de ovo que gastaba lavando a cabeza.

Zapateiro de oficio, outro mellor lugar decía el que non alcontraba, onde con máis gusto reméndase as ducias de borceguíns dos seminaristas que tanto o protexían, pero que vendo aumentárselle os pares de pés de coiro, en vez de alegro se asustaba i en lugar de martillar e coser coa subela, pasaba o tempo cantando. Mais, ¡que cantos! Nin os órganos da Catedral de Iria Flavia redobran como a garganta do zapateiro.

Mentiroso, quizais non se alcontrase en oito legoas redondas, un que lle ganase a Don Canicasio. Asta engañaba a súa muller, que dempois de cear tortilla de corriola, dáballe palabra de estar na casa ás dez da noite e chegáballe ó amanecer, frío das rodillas e quente dos ollos.

Dito esto, xa comprenderedes que os méritos que tiña, eran de cantar e beber, pero poucos de cumprir e coser. Houvo estudantes que tiveron que empeñar cinturóns de razo de tigre pra comprar zapatos novos, porque os vellos nunca os daba por compostos Don Canicasio.

A probe da muller, cansada de levarlle os chismes desde a rúa de San Pedro astra o xardín da Ferradura, un día se arrodiou diante da estatua de Méndez Núñez pra rogarlle unha bendición pró seu home. “É tan marañeiro, meu santo, (lle decía) que as composturas que empeza no Martes tenas quince días entre as mans: i o traballo acude, meu santo de bronce, mais si o meu home non se baiza a el... ¡adiós nosa fortuna!”.

Cansados uns cantos mozos dos enganados do zapateiro, convidárono unha noite (hai pouco que foi) a xogar ó dominó no café da Perla: alí, déronlle detrás do anís, caña; detrás a caña, viño; tal champurreado fixeron esas augas no corpo de Don Canicasio que o deixaron manso e chocho como unha galiña cega.

Nesto, vestírono de frade, desde os pés á cabeza, afeitáronlle o bigote, fixéronlle coroa; metérono nun coche i alá se foron co zapateiro a porta do convento de San Francisco. Tocaron a campañina, veu un lego, e lle presentan “este pobre fraile que acaba de llegar de Cuntis enfermito”. Pasa noticea a preor, i ordena se leva a unha celta con tódolos coidados posibles. Dempois dunhas fregas quedouse durmindo astra as once do día seguinte que despertou chamando por Maripepa, e decindo outras oraceones nada propeas do lugar que ocupaba.

—Dios mío—(decían os frades que acudían lixeiros). ¿De dónde procederá este hermano? ¿Qué clase de mal tendrá?... ¡Padre!... Sosiéguese, padre...!

—¡Que pai, nin que sobriño!... ¿Quen me trouxo aquí...? ¿Quen me puxo deste xeito?... ¿Con que dereito me apreseonan vostedes e me convirten no que non quero ser?... ¡Auga que ardo de rabea!...

—Pero hermano... acuérdesese en este triste momento de su agonía, de nuestro padre San Francisco!... Recupere serenidad y valor!.... Junte sus sentidos por un instante y bese este crucifijo!...

—¡Pro vostedes pensan que morro!...Lles pido de favor non me volvan tolo; aquí ha un misterio; eu non estudiei; eu non profesei: eu non son frade: eu son casado: eu son zapteiro na Rúa de San Pedro: eu quero salir de aquí. Vaian á miña casa a convencerse, pregunten a miña muller si está na casa o seu home Canicasio Xercogallán, que así eu me chamo e... (¡Pobre padre... que agonía tan delirante!...). Volvo a decirlles... que vaian a miña casa, se alíalcontran a Canicasio Xercogallán traballando na banquilla, ou cantando no paseo da Ferradura, entonces... ¡eu non son eu!... mais si a miña muller está sola sin min, daquela, eu serei eu...

—Acoged, Señor en vuestro reinado esta alma que huye del valle de...

—E logo, ¿fan o que eu digo ou non? Bótome de cabeza pola ventana... Díos mío... e eu ¿serei eu?

—Virgen santa... i el... ¿será el?

F. CRUCES.

(Nota: 8 de octubre de 1901. Feito este conto no intre mesmo en que Serafín Cortés llo decía a Cruces, nun chiste de oito palabras)

Publicacións do Centro Ramón Piñeiro
para a Investigación en Humanidades



9 Recursos en liña e 204 Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2013 Santiago de Compostela

RECURSOS EN LIÑA

Lingüística

ARRECAD: Servizo de Terminoloxía Galega (<http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html>).
BILEGA: Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (<http://www.cirp.es/bdo/bil/>).
CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (<http://balteira.cirp.es/codolga>).
CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual (<http://corpus.cirp.es/corgaxml>).
COTOVÍA: Conversor texto-voz (<http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html>).
ES>GL: Tradutor automático español-galego (<http://www.xunta.es/tradutor/>).

Literatura

BIRMED: Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED>).
MEDDB: Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=meddb2>).
DITERLI: Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D) (<http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=DITERLI>).

OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)

Medio(s)	Título	Nº publ.
Lingüística		
I	<i>Repertorio bibliográfico da lingüística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et alii.	11
I	<i>Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE</i> . Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	<i>Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación</i> .	115
I, W	<i>Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)</i> . Elvira Fidalgo et alii.	132
I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2004)</i> . Francisco García Gondar (dir.) et alii.	144

I, W	<i>Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004).</i> Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157
LINGÜÍSTICA: FRASEOLOXÍA		
I, W	<i>Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía .</i>	30
I, W	<i>As imaxes da lingua rusa. Ensaíos históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.</i> Valerii Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	<i>Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.</i> Valerii Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I, W	<i>Aspectos teóricos da fraseoloxía.</i> Anatolij Baránov; Dmitrij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172
I, W	<i>Refraneiro galego da vaca.</i> Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa.</i> Paco Rivas.	54
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego.</i> Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego.</i> M ^a do Rosario Soto Arias.	84
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadádivas.</i> VV. AA.	85
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.</i> Francisco Vázquez Saco.	86
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 6, 2004.</i>	107
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 7, 2005.</i>	118
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 8, 2006.</i>	129
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 9, 2007.</i>	146
I, W	<i>Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral.</i> <i>Anexo 1, 2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.</i> José Augusto Ventín Durán.	147
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 10, 2008.</i>	156
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía galega 11, 2009.</i>	174
I	<i>Cadernos de fraseoloxía 12, 2010.</i>	187
I, W	<i>Cadernos de fraseoloxía 13, 2011</i>	196
I	<i>Cadernos de fraseoloxía 14, 2012</i>	202
LINGÜÍSTICA: TERMINOLOXÍA		
I+D	<i>Formulario notarial.</i> Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	<i>Regulamentos municipais I.</i> Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	<i>Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.</i> Fernando Lahuerta Mouriño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	<i>Vocabulario multilingüe de acuicultura.</i> Fernando Lahuerta Mouriño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	<i>Dicionario galego da televisión.</i> Edith Pazó Fernández.	117

I, W	<i>O nome e o símbolo dos elementos químicos.</i> M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I, W	<i>Glosario de termos para a avaliación de linguas.</i> Alte.	154
I, W	<i>Dicionario galego de recursos humanos.</i> Lucía Dans Álvarez de Sotomayor, Yolanda Maneiro Vázquez e Inés Veiga Mateos.	181
I, W	<i>Dicionario galego de Bioloxía galego-castelán-inglés.</i> J. Gómez Márquez, A. M ^a Viñas Díaz e Manuel González González (coords.).	188
I, W	<i>Dicionario de alimentación e restauración.</i> J. Gómez Márquez, Manuel González González (coord.).	199
LINGÜÍSTICA: LEXICOGRAFÍA		
I, W	<i>Diccionario Italiano-Galego.</i> Isabel González (dir.) et alii.	64
I, W	<i>O libro das palabras (obra xornalística completa).</i> Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I, W	<i>Diccionario Galego-Latino clásico e moderno.</i> Xosé López Díaz.	178
LINGÜÍSTICA: ETNOLINGÜÍSTICA		
I, W	<i>O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.</i> Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180
LITERATURA E FONTES MEDIEVAIS		
I, W	<i>As Cantigas de Loor de Santa María.</i> Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e M ^a Xesús Botana Villar.	106
I, W	<i>Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas.</i> Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155
I, W	<i>Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.</i> Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	<i>Cantigas do mar de Vigo.</i> Antonio Fernández Guiadanes et alii.	35
I, W	<i>Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe.</i> Mercedes Brea (coord.).	113
I	<i>Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.</i> Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4
I	<i>Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudo, edición, notas e glosario.</i> Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	<i>Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica.</i> Mercedes Brea (coord.) et alii.	19
I, W	<i>O cancionero de Pero Meendiz de Fonseca.</i> Laura Tato Fontaiña.	148
I, W	<i>Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII).</i> Santiago Gutiérrez García.	75
I	<i>Tratado de Albeitaria.</i> José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
I, W	<i>Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani.</i> Mercedes Brea (coord.).	165
I	<i>Guía para o estudo da lírica profana galego-portuguesa.</i> Marina Meléndez Cabo, Isabel Vega Vázquez e Esther Corral Díaz (coord.).	182

I, W	<i>Aproximacións ao estudo do vocabulario trobadoresco</i> . Mercedes Brea (coord.).	185
I	<i>Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa</i> . Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	<i>Antoloxía do conto neozelandés</i> . María Fe González Fernández (ed.).	58
I, R	<i>Diccionario de termos literarios. A-D</i> . Equipo Glifo.	38
I, R	<i>Diccionario de termos literarios. E-H</i> . Equipo Glifo.	81
I	<i>Informe de literatura 1995</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	14
I	<i>Informe de literatura 1996</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	25
I, CD	<i>Informe de literatura 1997</i> (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	37
I, CD	<i>Informe de literatura 1998</i> (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	48
I, CD	<i>Informe de literatura 1999</i> (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	62
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2000</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	73
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2001</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	79
I, CD	<i>Informe de literatura 1995-2002</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	93
CD	<i>Informe de literatura 2003</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	109
CD	<i>Informe de literatura 2004</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	119
CD	<i>Informe de literatura 2005</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	135
CD	<i>Informe de literatura 2006</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	145
CD	<i>Informe de literatura 2007</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	159
CD	<i>Informe de literatura 2008</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	173
CD	<i>Informe de literatura 2009</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	179
CD	<i>Informe de literatura 2010</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	194
CD	<i>Informe de literatura 2011</i> . Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et alii.	203
I	<i>Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico</i> . M ^a de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	<i>Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia</i> . Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I, W	<i>Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV</i> . Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164

LITERATURA: FACSIMILES

I, W	<i>A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.) / 2 ^a ed.: 2006.	51, 122
I	<i>A saudade nos poetas gallegos</i> . Ramón Cabanillas Enriquez e Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
I+CD, W	<i>Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)</i> . Carmen Fariña Miranda (ed.).	97

I	<i>Airños d'a miña terra (A Habana, 1909).</i> María Cuquejo Enríquez (ed.).	112
I	<i>Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	8
I+CD, W	<i>Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967).</i> Luís Alonso Girgado e María Vilarinho Suárez (eds.).	126
I, W	<i>Arazua (Montevideo, 1929-1930) / Raza Celta (Montevideo, 1934-1935).</i> Luís Alonso Girgado e María Vilarinho Suárez (eds.).	125
I	<i>Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	2
I	<i>Aturuxos.</i> Ramón Armada Teixeira. [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I, W	<i>Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915).</i> Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.).	152
I, W	<i>Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13).</i> Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	<i>Cristal (Pontevedra, 1932-1933).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	29
I, W	<i>Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940)</i> [Facsímile dos anos 1936-1937]. Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	45
I	<i>Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal.</i> Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	<i>Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936)</i> [Facsímile dos anos 1917-1918]. María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD	<i>El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre.</i> Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	<i>Eufonía (Buenos Aires 1958-1959).</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111
I, W	<i>Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151).</i> María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	<i>Galicia. Revista del Centro Gallego.</i> Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	130
I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930)</i> [Facsímile dos anos 1904-1905]. María Vilarinho Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	<i>Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930)</i> [Facsímile dos anos 1902-1903]. Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	<i>Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	76
CD, W	<i>Galicia Nueva (Montevideo, 1918).</i> Luís Alonso Girgado (ed.).	124
I	<i>Galiza. (Mondoñedo 1930-1933).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	42
I	<i>Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	12
I	<i>La Alborada (A Habana, 1912).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	43
I	<i>La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950).</i> Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	20

I, W	<i>La Primera Luz</i> . Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896)</i> . Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	<i>La Tierra Gallega (A Habana, 1915)</i> . Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	<i>La Unión Gallega</i> . Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	<i>Mundo gallego</i> . <i>Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952)</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	142
I	<i>Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919)</i> . Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69
CD, W	<i>O Irmandino. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai</i> . Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	<i>Plumas e Letras en 'La Noche' (1946-1949)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	13
I	<i>Posío (Ourense, 1945-1946)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	9
I	<i>Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	17
CD, W	<i>Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	139
I	<i>Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990)</i> . Luís Alonso Girgado et alii. (eds.).	28
I, W	<i>Saudade (Verba galega nas américas (México, D.F., 1942-1953)</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	149
I, W	<i>Suevia. (Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega)</i> . Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	140
I+CD, W	<i>Tapal</i> . Carmen Fariña Miranda (ed.).	88
I+CD, W	<i>Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado</i> (Montevideo, 1917-1918). Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	<i>Universitarios. Revista de la F.U.E.</i> (Santiago de Compostela 1932-1933). María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123
I, W	<i>Yunque. Periódico de vanguardia política</i> . Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilarinho Suárez (eds.).	137
CD, W	<i>Escolma de almanques galegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana - Galicia]</i> . Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158
I, W	<i>1985. Almanaque gallego</i> . F. Lage e G. Díaz (dirs.) [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élica Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	<i>Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962)</i> . Luís Alonso Girgado (ed.).	161

CD, W	<i>Prensa galega da Arxentina (1935-1964)</i> . Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I, W	<i>Céltiga. Bos Aires (1924-1932)</i> . <i>Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades</i> . Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163
I, W	<i>Soma de craridades por Álvaro Cunqueiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz</i> . Luís Cochón e Luís Alonso Girgado (eds.).	189

LITERATURA: NARRATIVA E POESÍA RECUPERADA

I	<i>A cruz de salgueiro</i> . Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
I, W	<i>A obra narrativa en galego</i> . Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	<i>Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos</i> . Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	<i>As noites no fogar e outros textos</i> . Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	<i>Baixo do alpendre e outros relatos</i> . M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I, W	<i>Contos do Turreiro</i> . Avelino Rodríguez Villar. [Anxo X. Rajó Pazó (ed.)]	183
I	<i>Escolma</i> . Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	<i>Escolma</i> . Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	<i>Folla Bricia. Poesía galega Completa</i> . Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	<i>Gallegada e outros textos en prosa</i> de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
I, W	<i>Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)</i> . [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	<i>O vento segrel</i> . Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	<i>Obra galega</i> . Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enriquez (ed.)].	128
I	<i>Obra galega</i> . Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
I, W	<i>Obra narrativa en galego</i> . Amador Montenegro Saavedra. [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141
I	<i>Obra narrativa en galego</i> . Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	<i>Obra narrativa en galego</i> . Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
I	<i>Obra narrativa en galego</i> . Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66

I	<i>Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras.</i> José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	<i>Relatos e outras prosas.</i> Roque Pesqueira Crespo. [M ^a Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	<i>Salayos e outros poemas.</i> Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	<i>Sulco e vento.</i> Álvaro de las Casas. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95
I	<i>A obra narrativa en galego de Fortunato Cruces.</i> [M ^a Vanesa Solís Cortizas (ed.)].	204

FILOSOFÍA E ENSAIO

I	<i>A filosofía krausista en Galicia.</i> Ramón López Vázquez.	3
I	<i>Castelao humorista.</i> Siro López.	16
I, W	<i>Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo.</i> Ramón López Vázquez.	143
I	<i>Ética xeral.</i> Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	<i>Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao.</i> Anxo González Fernández.	46
I	<i>Hamlet e a realidade cunqueirana.</i> Anxo González Fernández.	10
I	<i>Historia do pensamento antropolóxico en Galicia.</i> Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	<i>O Padre Feixoo, escolástico.</i> Ramón López Vázquez.	7
I	<i>O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo).</i> Ramón López Vázquez.	21
I	<i>Suma da lóxica.</i> Guillermo De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	<i>Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas.</i> Luís Rey Núñez.	94
I	<i>Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica).</i> Ramón López Vázquez.	99

CINE

I	<i>Filmografía galega. Longametraxes de ficción.</i> Ángel Luís Hueso Montón e José M ^a Folgar de la Calle (coords.).	33
I	<i>Filmografía galega. Curtametraxes.</i> Ángel Luís Hueso Montón e José M ^a Folgar de la Calle (coords.).	74

RAMÓN PIÑEIRO E CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO

I	<i>Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos.</i> VV. AA.	1
I	<i>Ramón Piñeiro</i> (video-libro). Carlos Casares Mouríño.	24
I	<i>Conversa con Ramón Piñeiro.</i> Manuel Rico Vereá.	87
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas.</i> Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas.</i> Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución.</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91

I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía.</i> José Ángel García López.	98
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero.</i> Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469).</i> Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue.</i> Emilio Xosé Ínsua López.	104
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra.</i> Manuel Forcadela.	120
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote.</i> Siro López.	127
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalgia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'O porco de pé de Vicente Risco).</i> Alba Martínez Teixeira.	136
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros.</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	166
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado.</i> Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	167
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971).</i> Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I, W	<i>Homenaxe a Ramón Piñeiro.</i> Alexandra Cilleiro Prieto e Élica Abal Santorum (eds.).	169
I, W	<i>Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo).</i> Siro López.	170
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Xúio Novoneyra (1930 –1999)</i>	175
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XV). Ramón Piñeiro: epistolario lugués.</i>	176
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro (XVI). I-en todo silencio preguntado. Celebración de Xúio Novoneyra II.</i> Luís Cochón, Luís Alonso Girgado, Alexandra Cillero Prieto e Élica Abal Santorum (eds.).	186
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVII. Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro.</i> Luís Alonso Girgado e outros.	190
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XVIII. Cartas de Ramón Cabanillas a Isidoro Millán en modo de antífona.</i> Luís Cochón.	191
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XIX. Homenaxe a Fernández Pérez-Barreiro Nolla.</i> Luís Alonso Girgado, Nicolás Vidal e Alexandra Cillero Prieto.	192
I, W	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XX. Álvaro Cunqueiro. Remuíño de prosas.</i> Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Lorena Domínguez Mallo.	195

I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXI. Correspondencia habida entre Xosé M^a Álvarez Blázquez e Isidoro Millán González Pardo. X. L. Cochón, Alejandra Cillero Prieto e Lorena Domínguez Mallo.</i>	197
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXII. Correspondencia de Xosé Neira Vilas con Valentín Paz Andrade e Celso Emilio Ferreiro. XXII. Xosé Neira Vilas (ed.)</i>	198
	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XIII. Saiban cantos estas cartas viven... Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961). Luis Cochón (introdución e edición).</i>	200
I	<i>Cadernos Ramón Piñeiro XXIV. A luminosa mirada dos ollos Isaac. Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa. Edición e prólogo de Xosé Ramón Fandiño Veiga.</i>	201
	Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.	
OUTROS		
I	<i>Epistolario galego de Miguel de Unamuno. Alexandre Rodríguez Guerra.</i>	67
I	<i>Guía de alimentación. Pedro Benavente Jareño.</i>	5
I	<i>Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro. Xavier Rodríguez Vergara.</i>	153
I, W	<i>Escritos sobre Federalismo e Galeguismo. Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].</i>	131
I, W	<i>Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional. Alain Gagnon.</i>	171
I, W	<i>A nacionalización do pasado irlandés (1845 – 1937). Xavier R. Madriñán</i>	184
I, W	<i>A prensa galega de Cuba. (1845 – 1937). Xosé Neira Vilas</i>	193

Índice

Índice

INTRODUCCIÓN

I. Achega biobibliográfica	7
II. Producción literaria	17
III. Análise da prosa narrativa	29
IV. Corpus narrativo de Fortunato Cruces	39
V. Criterios de Edición	41
VI. Bibliografía	46

TEXTOS

CASTAÑOLAS	49
Recordando a miña terra e a Rosalía Castro	61
Primeiro amor, e último medo	63
Os folgos dun vello	66
O Rei do Araño	67
Barullo con festa	69
Volta prá aldea	71
En Santa Eulalia	74
Un delito descuberto	76
Xogadas con sorte	77
Un cristo entre dous coches	80
¿E, non é moito, Señor?	83
Nunha Casa Consistoreal	86
Un milagre das bombas	89
O estreno	93
Ca Forcada	95
Quen mal anda	98
Unha picardía	100
Cumprir o testamento	102
Meiga de alcume	104
¡Que monada!	108
De criado a Señor	110

O orixen dos apodos	112
O pote da Vila	115
Sermón a San Xuan	117
Soño de namorados	120
Por estas †††	122
¡Xesús, que fillo!	124
¡Que vale a perda!	126
Parola	128
Lindo rapaz	130
Medos que pasaron	132
Centella que os coma	133
Pirmeiro saca-lo demo!	134
Arrepentemento	136
Unha desfeita	139
Desengaños	141
A misa do día dous	143
Dáme o dedal	146
Os quinientos do loro	148
Miguel Medroso	152
Probes, pero patriotas	153
Dios e San Pedro	155
¿Quen ganaría máis?	157
Raíces e papas	159
Pintores e Poetas	165
Os labradores	163
Unha diabrura	164
María Pita	166
Pau de ameneiro	167
Por dúas galiñas e un galo	168
COUSAS GALLEGAS	173
Un casamento de sona	179
Cousas da aldea	188
Verdades e mentiras	191
Na Ponte Cesures	200

Na Avenida de Maio	201
Conversas de pillerías	203
Prencípios do fin do mundo	206
Sempre contigo morena	210
Nacemento de “Nova Galicia”	213
Vinte e un cañonazos	215
OUTROS TEXTOS	217
Medo	219
Faladuría	220
Conto amañado	223
Eu... ¿serei eu?	225
Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	227

